

INFORME DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

**Maite Cancelo Márquez
Manuel Botana Agra
(Directores)**

**CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP)
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2025**

XUNTA DE GALICIA

INFORME DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA 2024

Maite Cancelo Márquez y Manuel Botana Agra
(Directores)

CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP)
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2025

Xunta de Galicia

DIRECTORES

Maite Cancelo. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Botana. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

EQUIPO INVESTIGADOR

Dolores Álvarez. Universidade de Santiago de Compostela

María Bastida. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Botana. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Maite Cancelo. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

M. Rosario Díaz-Vázquez. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Pilar Expósito. Universidade de Santiago de Compostela

Loreto Fernández Fernández. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Lucía Franco Cancelo. Universidade de Santiago de Compostela

José Antonio Montero CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Ana Olveira. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Alberto Vaquero. CECOOP. Universidade de Vigo. ECOBAS-GEN

Emilia Vázquez Rozas. CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Ángel Vázquez Taín. CECOOP Universidade de Santiago de Compostela

Alicia Villalba Sánchez. CECOOP Universidade de Santiago de Compostela

Informe sobre a Economía Social en Galicia 2024

Directores: Maite Cancelo y Manuel Botana

Edita: CECOOP (Centro de Estudios Cooperativos de la USC)

Imprime: Fundación USC

ISBN: 978-84-09-77059-5

DLG: C 1442-2025

Financia: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Xunta de Galicia

Índice

PRÓLOGO	9
1. INTRODUCCIÓN	11
2. A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: MARCO XURÍDICO E NOVIDADES LEXISLATIVAS	13
2.1. Marco xurídico.....	13
2.2. Novidades lexislativas	23
2.2.1. <i>Normativa estatal</i>	23
2.2.2. <i>Normativa de ámbito autonómico</i>	24
2.3. Convenios colectivos.....	30
2.4. Sentenzas sobre cooperativas máis relevantes	30
2.5. Conclusións e recomendacións.....	32
3. AS SOCIEDADES COOPERATIVAS GALEGAS	35
3.1. Introducción.....	35
3.2. Evolución recente do emprendemento cooperativo en Galicia.....	39
3.3. Distribución das persoas socias nas novas cooperativas galegas.....	44
3.4. Situación do cooperativismo galego	51
3.5. O emprego cooperativo	55
3.6. Conclusións	58
3.7. Bibliografía	59

4.	AS SOCIEDADES LABORAIS	61
4.1.	Introdución	61
4.2.	Concepto	61
4.3.	Análise das Sociedades Laborais en España	62
4.4.	Análise das Sociedades Laborais nas provincias galegas	73
4.5.	Conclusións	76
5.	EMPRESAS DE INSERCIÓN	79
5.1.	Introdución	79
5.2.	As empresas de inserción en Galicia	80
5.3.	Conclusións	86
6.	OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	87
6.1.	Introdución	87
6.2.	6.2 Tipoloxía dos centros especiais de emprego	89
6.3.	Forma Xurídica	91
6.4.	Distribución provincial e sectores de actividade	91
6.5.	Mercado de traballo nos CEE	94
	6.5.1. O emprego das persoas con discapacidade. 2023	94
	6.5.2. O emprego nos CEE galegos. 2024	97
	6.5.3. Os contratos nos CEE. 2024	100
	6.5.4. Os salarios das PCD e nos CEE	103
6.6.	Políticas de creación de emprego. 2023	104
6.7.	Estrutura financeira e estrutura de ingresos	105
6.8.	Conclusións	108
6.9.	Bibliografía	110
7.	AS CONFRARÍAS DE PESCADORES	111
7.1.	Introdución	111
7.2.	Principais datos das confrarías galegas	111
7.3.	A flota pesqueira en Galicia	119
7.4.	Permisos de marisqueo	122
7.5.	Venda nas lonxas galegas	128
7.6.	Conclusións	133

8.	AS SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN.....	135
8.1.	Introdución.....	135
8.2.	Concepto e características	136
8.3.	Conclusións.....	149
8.4.	Bibliografía.....	150
9.	AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.....	155
9.1.	Introdución.....	155
9.2.	Os montes veciñais en man común	156
9.3.	Comunidades de montes veciñais en man común.....	161
9.4.	Mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC).....	167
9.5.	Recomendacións	170
9.6.	Conclusións.....	172
9.7.	Bibliografía	173
10.	AS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL	177
10.1.	Introdución.....	177
10.2.	Identificación do sector en Galicia.....	178
10.3.	Datos sociais e económicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social de Galicia	181
10.3.1.	<i>Persoas empregadas nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social.....</i>	181
10.3.2.	<i>Ingresos por primas das mutuas e mutualidades de previsión social con sede en Galicia.....</i>	182
10.4.	Conclusións	183
10.5.	Referencias bibliográficas.....	184
11.	APROXIMACIÓN AO IMPACTO SOCIOECONÓMICO DAS COOPERATIVAS E DAS SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA	185
11.1.	Introdución.....	185
11.2.	Cooperativas.....	186
11.3.	Número de cooperativas con actividade económica en Galicia, peso relativo e distribución sectorial.....	186
11.4.	Principais magnitudes económicas e financeiras das cooperativas galegas..	188
11.5.	Sociedades Laborais.....	193
11.6.	Ámbito analizado	193

11.7. Principais magnitudes económicas e financeiras das sociedades laborais galegas.....	195
11.8. Evolución da actividade económica das sociedades laborais nos últimos anos	198
11.9. Conclusións	202
 12. POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL E ASOCIACIONISMO	203
12.1. Introducción	203
12.2. Marco Europeo.....	204
12.3. Marco estatal	207
12.4. Marco autonómico	212
12.5. Medidas complementarias de apoio á economía social en Galicia no marco da EGAES H27 (2024).....	220
12.6. Recomendacións	226
12.7. Avaliación funcional das liñas tradicionais de apoio á economía social en Galicia.....	228
12.8. Conclusións	229
12.9. Bibliografía.	230
 13. RESUMO EXECUTIVO	233
13.1. Cooperativas.....	235
13.2. Sociedades Laborais.....	236
13.3. Empresas de Inserción	237
13.4. Centros Especiais de Emprego.....	237
13.5. Confrarías de pescadores	239
13.6. As Sociedades Agrarias de transformación	240
13.7. As Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común....	241
13.8. As Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social.....	242
13.9. Aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia	242
13.10. Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo	243
13.11. Recomendacións xurídicas.....	244
 14. ÍNDICE DE CADROS, GRÁFICOS E TÁBOAS	247

PRÓLOGO

A economía social galega demostrou ao longo de 2024 a súa fortaleza, a súa capacidade para adaptarse aos cambios e, sobre todo, a súa vocación para seguir creando riqueza colectiva. O sector reúne xa preto de 5.800 entidades activas, que xeran máis de 22.400 empregos directos e superan os 3.600 millóns de euros en ingresos. Estas cifras avalan a súa relevancia económica, pero tamén reflicten un modelo de desenvolvemento baseado na cooperación, no compromiso co territorio e na contribución á cohesión social de Galicia.

O presente informe, elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos de Galicia (CECOOP) da Universidade de Santiago de Compostela co apoio da Xunta, ofrece unha análise rigorosa e detallada das distintas fórmulas que conforman este ecosistema plural: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción, confrarías de pescadores, comunidades de montes, sociedades agrarias de transformación, mutuas e mutualidades de previsión social. É, en definitiva, unha ferramenta que permite comprender a dimensión da economía social e a importancia de seguir coidando e potenciando este legado colectivo.

En 2025 seguimos dando pasos decisivos para reforzar este ecosistema e consolidar o bo momento que atravesa a economía social en Galicia. A presentación de GALESTAT, o novo portal estatístico desenvolvido tamén da man do CECOOP, constitúe un fito pioneiro que permitirá dispoñer de información permanente e actualizada, útil tanto para a investigación como para a toma de decisións públicas e para a visibilización do sector, situando a Galicia á vangarda das liñas marcadas pola Comisión Europea no Plan de Acción da Economía Social.

Ao mesmo tempo, este ano adquire especial relevancia coa declaración da ONU de 2025 como Ano Internacional das Cooperativas e coa elaboración da nova Lei de Cooperativas de Galicia, que nos permitirá adaptarnos ás novas realidades, facilitar a creación de novos proxectos, consolidar o tecido existente e reforzar a proxección global deste modelo na nosa Comunidade.

Este avance enmárcase, ademais, na Estratexia Galega de Economía Social Horizonte 2027, na que seguimos traballando e coa que se aspira a crear 4.000 novos empregos e 400 entidades, fortalecendo a presenza da economía social en sectores estratéxicos como

o tecnolóxico, o verde e o industrial. Ao mesmo tempo, representa unha aposta pola innovación e pola sustentabilidade, consolidando a economía social como un aliado fundamental na transformación produtiva que Galicia precisa para afrontar os desafíos do futuro.

Cómpre salientar que este desenvolvemento non se entende sen a súa fonda pegada no territorio. A economía social actúa como motor de dinamización local, garante a continuidade de servizos e actividades esenciais e xera cohesión comunitaria. Este potencial vese reforzado pola resiliencia e o dinamismo que caracteriza a esta gran familia, que continúa a medrar, a modernizar os sectores produtivos e a fomentar emprego de calidade e a fixación de poboación, especialmente no rural.

En definitiva, a economía social galega é hoxe moito máis que unha realidade económica: é un modelo inspirador, capaz de combinar eficiencia empresarial e valores sociais, que contribúe a construír día a día unha Galicia máis próspera, cohesionada e chea de oportunidades compartidas.

1. INTRODUCCIÓN

No ano 2019 publicouse o Libro Branco da Economía Social (ES) en Galicia, analizando a información das entidades da Economía Social galega do ano 2018, partindo do elaborado polo CIRIEC para a Comunidade Autónoma de Valencia e seguindo a mesma metodoloxía de traballo, introducindo dúas diferenzas: a inclusión das Comunidades de Montes e Mancomunidades de Montes en Man Común, como fórmula asociativa singular do Código Civil galego, e a análise circunscrita ás entidades produtoras de mercado da ES en Galicia.

Como xa adiantamos na presentación do Libro Branco, o maior obxectivo da elaboración do mesmo foi cuantificar, para visibilizar e determinar a súa importante contribución ao desenvolvemento económico galego, as distintas familias que compoñen a ES en Galicia.

Dende a administración galega e o CECOOP entendemos que ese traballo non podía fencer senón ser un punto de partida para ter unha fotografía continuamente actualizada da evolución do sector no tempo.

Isto nos levou á realización dos Informe sobre a Economía Social en Galicia coa información dos anos 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e o actual, do 2024 no que actualizamos a principal información para a que se dispoñe de datos estatísticos. O esquema básico, e o mesmo que o que se estableceu para o Libro Branco no ano 2019. No seguinte informe, se engadiron dous capítulos para analizar a fiscalidade nas entidades da ES e para recoller unha experiencia de innovación docente en aprendizaxe-servizo no ámbito universitario no que a Economía Social foi a protagonista do mesmo. No informe 2020 esas dúas seccións foron substituídas por unha dedicada a análise da Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, e a oportunidade que supón para as entidades da Economía Social. No informe do ano 2021 incorporouse como novidades máis salientables a depuración dos datos dos Rexistros da Xunta de Galicia das Cooperativas e Sociedades Laborais, grazas a incorporación dun técnico de investigación do Programa Investigo no CECOOP. Esta depuración danos unha cuantificación máis próxima ás sociedades realmente activas, aínda que as cifras seguen sen coincidir coas proporcionadas polo *Ministerio de Trabajo y Economía Social*. As outras novidades son a incorporación de un capítulo sobre o sector financeiro cooperativo en Galicia e outro onde se analiza a información de Cooperativas e Laborais de SABI. No do 2023 incorporamos un capítulo

onde se analizan os resultados obtidos polo equipo GEM Galicia a partir da súa enquisa realizada no ano 2022 na que se incluíron preguntas específicas sobre a ES ás persoas involucradas en actividades emprendedoras co obxectivo de estudar a percepción das persoas emprendedoras acerca dos modelos de emprendemento en Economía Social.

Neste informe, actualizamos os datos que volve a publicar o Ministerio de Traballo e Economía Social das cooperativas e sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e que nos permiten facilitar un dato de emprego oficial ademais dunha comparativa con España e outras CC.AA.

O noso agradecemento e recoñecemento do traballo de todas as persoas que colaboraron na realización deste Informe, profesoras e profesores das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo, moitos membros do CECOOP, que pertencen a distintas áreas de coñecemento (dereito, economía aplicada, economía cuantitativa e organización de empresas) así como ao apoio de distintas Consellerías da Xunta de Galicia, en particular, á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O traballo estrutúrase en trece capítulos:

No segundo capítulo, abórdase o marco xurídico, recollendo as casuísticas destas empresas ás que as unen uns principios e valores pero que, xuridicamente, vense afectadas por normativas distintas. No segundo apartado do mesmo recóllense as principais novidades lexislativas sobre a ES en España e, no terceiro, preséntanse algunhas recomendacións sobre necesidades de reformas lexislativas na nosa Comunidade Autónoma.

As sociedades cooperativas galegas, como primeira gran familia da ES, analízase no capítulo 3: a súa evolución, a distribución territorial, clases de cooperativas ou distribución sectorial.

O capítulo 4 dedícase ás Sociedades Laborais, onde se recollen os principais datos destas entidades, a súa distribución sectorial ou as características dos socios, analizando as diferenzas no só por tipo de socio (capitalista/traballador) senón polo xénero dos mesmos.

O capítulo 5 recolle as características das Empresas de Inserción Laborais e os principais datos destas empresas en Galicia.

No capítulo 6 analízanse os Centros Especiais de Emprego, segundo as súas tipoloxías, por provincias, sectores de actividade, emprego e a súa estrutura financeira.

O capítulo 7 recolle a principal información estatística sobre as Confrarías de pescadores pero tamén analízanse algúns datos do sector pesqueiro, os permisos de marisqueo e as vendas nas lonxas pesqueiras.

As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia ocupan o capítulo 8. O seu concepto, características e os principais datos estatísticos son abordados nel.

O capítulo 9 dedícase as Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común.

O 10 recolle os principais datos sociais e económicos das Mutuas de seguros e Mutualidades de Previsión Social en Galicia.

O capítulo 11 dedícase a facer unha aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia a través da análise dos datos da AEAT que proveñen da liquidación do imposto de sociedades.

A revisión das políticas públicas, partindo da análise do marco europeo, se analiza o estatal para rematar coa análise das políticas galegas, recóllese no capítulo 12.

E, para finalizar, no capítulo 13, preséntase un resumo executivo da principal información das entidades analizadas ao longo do traballo, así como algunhas recomendacións que se fan ao longo do texto.

2. A ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA: MARCO XURÍDICO E NOVIDADES LEXISLATIVAS

2.1. Marco xurídico

A Economía Social (ES) engloba un conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que o integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual. As empresas da Economía Social son moi variadas, e teñen diferentes estatutos xurídicos: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción laboral, sociedades agrarias de transformación, confrarías de pescadores, outras empresas de base asociativa e, mesmo, sociedades mercantís, a condición de que respecten e réxanse polos principios da economía social.

Como dicíamos, a Economía Social xorde para atender as necesidades do colectivo que integra as diferentes entidades ou as necesidades colectivas, é dicir, o interese xeral. As empresas da economía social fundaméntase en dous eixos: por unha banda, o seu obxectivo último é a consecución dos seus fins, sendo estes a atención das mencionadas necesidades sociais, por encima da procura do capital; e, doutra banda, a primacía das persoas que ten como consecuencia a toma de decisións de forma democrática. Ambos os eixos de funcionamento levan a que os resultados do exercicio teñan como destinatario tanto o fin social como as persoas integrantes en función do traballo achegado.

A Economía Social, como se relacionou anteriormente, está constituída por unha pluralidade de entidades que actúan no mercado ou fóra do mercado. Con todo, todas elas comparten principios e fundamentos que permiten outorgarlles a singularidade que as diferencia do resto de actores do mercado. Estes principios están recollidos na Carta de Principios da Economía Social, inspirada nos coñecidos Principios Cooperativos da Alianza Cooperativa Internacional (ACI) e promovida pola organización europea *Social Economy Europe* (SEE), que representa ás cooperativas, mutualidades, asociacións e fundacións, e que son os seguintes:

- Primacía da persoa e do obxecto social sobre o capital.
- Adhesión voluntaria e aberta.
- Control democrático polos seus membros (excepto para as fundacións, que non teñen socios).
- Conxunción dos intereses dos membros usuarios e do interese xeral.
- Defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade.
- Autonomía de xestión e independencia respecto dos poderes públicos.
- Destino da maioría dos excedentes á consecución de obxectivos, a favor do desenvolvemento sostible, da mellora dos servizos aos membros e do interese xeral.

Asemade, a Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT) aprobou, na súa 110ª reunión, celebrada o 10 de xuño de 2022, a Resolución relativa ao traballo decente e á economía social e solidaria. Nela procedeu a definila, aclarando que aglutina empresas, organizacións e outras entidades que realizan actividades económicas, sociais e medioambientais de interese colectivo ou xeral, baseándose nos principios de:

- Cooperación voluntaria e axuda mutua.
- Gobernanza democrática ou participativa.
- Autonomía e independencia.
- Primacía das persoas e da fin social sobre o capital.
- Distribución e uso dos excedentes e dos beneficios, así como dos activos.

Aclara que as devanditas entidades, susceptibles de operar en tódolos sectores da economía, aspiran á viabilidade e á sustentabilidade a longo prazo, así como á transición da economía informal á economía formal. De acordo con este propósito, poñen en práctica un conxunto de valores intrínsecos ao seu funcionamento e acordos co coidado das persoas e do planeta, a igualdade e a equidade, a interdependencia, a auto gobernanza, a transparencia, a rendición de contas, o traballo decente e os medios de vida dignos.

Pola súa banda, no contexto do Plan de acción para a economía social enunciado na Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións Construír unha economía que funcione para as persoas: un plan de acción para a economía social, do 9 de novembro de 2021, a economía social abarca entidades que presentan os seguintes principios e características comúns principais: a primacía das persoas e da finalidade social ou ambiental sobre o beneficio, a reinversión da maioría das ganancias e os excedentes para realizar actividades en favor dos membros/usuarios ("interese colectivo") ou da sociedade en xeral ("interese xeral") e unha gobernanza democrática ou participativa.

A pesar de que todas se rexen polos principios anteriormente referenciados, que inspiraron a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social, así como a Lei 6/2016, do 4 de maio, de Economía Social de Galicia, a Lei 3/2022, de 13 de xuño, de Economía Social de Canarias e a Lei 9/2022, de 20 de xullo, sobre economía social e solidaria de A Ríoxa, a cada unha das entidades da economía social conta coa súa propia normativa. Procederemos a analizar a que resulta de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia:

Cooperativas

Galicia regula as cooperativas que desenvolvan a súa actividade cooperativizada con carácter principal dentro do territorio da Comunidade. Aquelas cooperativas cuxa actividade cooperativizada non se desenvolva principalmente neste territorio, rexeranse pola lei autonómica que corresponda ou na súa falta, pola Lei estatal 27/1999, do 16 de xullo, de Cooperativas. As cooperativas galegas, deberán indicar esta circunstancia na súa denominación ("Sociedade Cooperativa Galega" ou "S. Coop. Galega") e rexeranse pola **Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia**.

Esta Lei define a cooperativa como unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa dos mesmos, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A Lei contén o réxime xurídico xeral da cooperativa e normas específicas para as distintas clases de cooperativas; tamén regula a cooperación entre cooperativas, o fomento destas e a relación entre a Administración pública e o cooperativismo. Outras disposicións que completan o réxime xurídico galego das cooperativas son, o **Decreto 430/2001 que aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia**, o **Decreto 25/2001 que regula a organización e o funcionamento do Consello Galego de Cooperativas** ou e o **Decreto 248/2004 de 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativo**.

Sociedades Laborais

As sociedades laborais son sociedades mercantís que se rexen pola Lei 44/2015, do 14 de outubro, de Sociedades Laborais e Participadas. Caracterízanse porque, polo menos, a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos retribuídos na sociedade, sen que ningún dos socios sexa propietario de accións ou participacións que representen máis da terceira parte do capital social, salvo algunhas excepcións contempladas na Lei.

Ao ser as sociedades laborais sociedades mercantís, sometidas á lexislación mercantil, a súa regulación é competencia exclusiva do Estado, carecendo de competencia a Comunidade Autónoma Galega para a súa regulación, malia que si a ostenta para a súa cualificación e rexistro administrativo (RD. 1456/1989), correspondendo estas competencias actualmente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

As sociedades laborais réxense pola **Lei estatal 44/2015, do 14 de outubro de Sociedades Laborais e Participadas** e o seu Rexistro Administrativo polo **Real Decreto 2114/1998, do 2 de outubro**, aínda que, segundo a citada Lei, o Goberno debería aprobar un novo Real Decreto de regulación deste Rexistro antes de outubro de 2016 (Disposición final cuarta Lei 44/2015).

Sociedades agrarias de transformación

As Sociedades Agrarias de Transformación, en diante SAT, son sociedades civís de finalidade económico-social encamiñada á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, á realización de melloras no medio rural, promoción e

desenvolvemento agrarios e á prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade. As SAT gozarán de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento da súa finalidade desde a súa inscrición no Rexistro Xeral de SAT.

Ao ser unha sociedade civil, a competencia para a súa regulación é exclusiva do Estado (lexislación civil) e contense no **Real Decreto 1776/1981, do 3 de agosto que aproba o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación** e na **Orde do 14 de setembro de 1982** que desenvolve o anterior.

Con todo, a Comunidade Autónoma Galega que ten competencias exclusivas en materia de agricultura e gandería (art. 30.1.3º EA), asumiu tamén competencias en materia de cualificación e rexistro das Sociedades Agrarias de Transformación por Real Decreto 795/1985. O Rexistro Galego destas sociedades creouse pola **Orde do 29 de abril de 1988** e depende da Consellería do Medio Rural.

Procede tamén facer mención á **Orde 23 de outubro de 1985, pola que se aproba o regulamento do Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación**.

Confrarías de pescadores

As confrarías de pescadores regúlanse na **Lei 3/2001 do 26 de marzo de Pesca Marítima do Estado** (arts. 45 a 51), que se considera lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro (Disposición adicional segunda, 2 da devandita Lei) e, por tanto, aplicable en todo o Estado. Tamén, respectando a anterior, na **Lei 11/2008 do 3 de decembro de pesca de Galicia** (art. 78 a 95), na **Lei 9/1993, de 8 de xullo de confrarías de pescadores de Galicia** e, por último, polo **Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións**. As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos, que actúan como órganos de consulta e colaboración das administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro. Pero as confrarías de pesca tamén poden prestar servizos aos seus membros e administrar os recursos propios do seu patrimonio. Así mesmo, o Decreto 8/2014 permite ás confrarías a realización de actividades de organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura. As confrarías, para o cumprimento dos seus fins, integranse voluntaria e libremente polas persoas armadoras e propietarias das embarcacións de pesca, os traballadores e traballadoras do sector pesqueiro extractivo e as persoas posuidoras dun título administrativo habilitante para o exercicio do marisqueo. As confrarías da Comunidade Autónoma Galega rexeranse pola lexislación básica estatal contida na citada Lei 3/2001, polo disposto na Lei galega 11/2008, no Decreto 8/2014 naquelas que no seu desenvolvemento dite a Xunta de Galicia, e polos seus respectivos estatutos.

Mutuas de seguros

As mutuas de seguros son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro, constituídas baixo os principios de solidariedade e de axuda mutua cuxo obxecto consiste na cobertura aos seus socios, persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados. Tradicionalmente, as mutuas distinguíronse segundo fosen de prima fixa ou variable. Nas primeiras, os mutualistas abonan a prima fixa ao comezo do período de risco, e, nas segundas, fundadas no principio de axuda recíproca, a derrama abónase con posterioridade aos sinistros, sendo a responsabilidade dos mutualistas mancomunada e proporcional ao importe dos respectivos capitais asegurados, pero limitada ao devandito importe. Como entidades aseguradoras, a

lexislación básica que regula as mutuas de seguros é competencia exclusiva do Estado e réxense pola **Lei 20/2015, do 14 de xullo de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras**, e o **R.D. 1060/2015, do 20 de novembro**, que a desenvolve. Con todo esta Lei mantén en vigor determinados preceptos da anterior lei de ordenación e supervisión do sector (R. D. Legislativo 6/2004) que afectan ás mutuas de seguros, mutualidades de previsión social e cooperativas de seguros, en particular os artigos: 9 (Mutuas e cooperativas a prima fixa), 10 (Mutuas e cooperativas a prima variable) e 24 (Transformación, fusión, escisión e agrupación); ata que, segundo a exposición de motivos, “acométase unha regulación específica para as mutuas e, en particular, do seu réxime xurídico de disolución, transformación, fusión, escisión e cesión global de activo e pasivo”.

Mutualidades de previsión

As mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario, complementaria ao sistema de Seguridade Social obrigatorio, mediante achegas dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras.

Do mesmo xeito que coas mutuas e cooperativas de seguros, o Estado é o competente para regular a normativa básica nesta materia, a cal se contén na **Lei 20/2015** e o **R.D. 1060/2015** anteriormente citados, que regulan a ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras, e no **Real Decreto 1430/2002, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social**, cuxo contido se cualifica no seu maior parte como normativa básica (Disposición final primeira).

O Real Decreto 1642/1996, transferiu funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social.

Para ese efecto, Galicia desenvolveu normativa sobre mutualidades de previsión social aplicable neste territorio, concretamente, a **Orde do 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social** e o **Decreto 277/1999, do 14 de outubro, polo que se regula a cualificación de xubilación mutual protexida**.

Asociacións

Unha asociación é unha persoa xurídica que se constitúe mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e que se dotan dos estatutos que rexen o seu funcionamento. A asociación pode ser unha entidade de Economía Social só cando leve a cabo unha actividade económica.

Proclamado como dereito fundamental polo artigo 22 da Constitución Española de 1978, o dereito de asociación desenvólvese na **Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación**, onde se establece que o dereito de asociación inclúe o dereito á inscrición no Rexistro de Asociacións competente, aos solos efectos de publicidade, que só poderán ser denegado cando non se reúnan os requisitos esixidos na referida lei orgánica. O Estado ten competencia exclusiva para desenvolver o dereito de asociación, tarefa que acomete mediante a referenciada lei orgánica, ao tratarse dun dereito fundamental; non habendo normativa autonómica en Galicia.

Fundacións

Son fundacións as organizacións constituídas sen ánimo de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, tal e como dispón o artigo 2 da **Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións**. Estas organizacións rexeranse pola vontade dos seus creadores, os estatutos e, en todo caso, a referenciada Lei. A fundación pode ser unha entidade de Economía Social só cando desenvolve unha actividade económica.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre facer mención tamén ao **Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro se aproba o regulamento das fundacións de interese galego**.

As fundacións deberán perseguir fins de interese xeral, como poden ser, entre outros: a defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, a asistencia social e inclusión social, a consecución doutros propósitos cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, de defensa do medio ambiente, de fomento da economía social, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de desenvolvemento da sociedade da información, ou de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (art. 3.1. Lei 50/2002).

A finalidade fundacional debe beneficiar a colectividades xenéricas de persoas. En ningún caso poden constituírse fundacións coa finalidade principal de destinar as súas prestacións ao fundador ou aos patróns, aos seus cónxuxes ou a persoas ligadas a eles con análoga relación de afectividade, ou aos seus parentes ata o cuarto grao inclusive, así como a persoas xurídicas singularizadas que non persigan fins de interese xeral.

Para o cumprimento dos seus fins, a fundación pode desenvolver actividades económicas, pero neste caso, os ingresos obtidos destinaranse nun 70% polo menos aos seus fins fundacionais; e en todo caso de disolución, ao haber líquido, destinarase a outras fundacións e entidades non lucrativas que persigan fins de interese xeral, atendendo á vontade do fundador.

A Constitución reconece o dereito de fundación de todos os cidadáns para fins de interese xeral (art. 34.1). O Estado regula as fundacións na **Lei 50/2002, do 26 de decembro**. No **RD. 1337/2005, do 11 de novembro, establece o seu Regulamento de desenvolvemento**, e no **RD. 1611/2007, do 7 de decembro, o Regulamento do Rexistro central de Fundacións**. Este Rexistro quedou adscrito á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado por RD. 453/2012, pero non entrou en funcionamento ata a Orde PRE/2537/2015, do 26 de novembro.

A Comunidade Autónoma Galega asumiu competencias exclusivas para regular o réxime das fundacións de interese galego (art. 27.26 EA). Estas competencias desenvolvéronse na **Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego**. Nesta lei queda regulado o réxime daquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolvan principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma galega.

Empresas de inserción

As empresas de inserción son sociedades mercantís ou cooperativas, sen ánimo de lucro, consideradas estruturas produtivas porque producen bens e servizos co obxectivo de integrar a persoas en risco de exclusión social. Supoñen un instrumento de intervención sociolaboral para facilitar a incorporación ao mercado ordinario de traballo. Teñen un marcado carácter temporal posto que a súa finalidade é, unicamente, inserir ás persoas que teñen dificultades para acceder ao mercado de traballo.

As empresas de inserción regúlanse polo lexislador estatal na **Lei 44/2007, do 13 de decembro**, amparado na súa competencia exclusiva en materia de lexislación laboral (art. 149.1.7ª CE). A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social (art. 27.23 EA) e a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral (art. 29.1 EA). Con fundamento nas mesmas, aprobou o **Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral**, creándose o seu rexistro administrativo e establécense as medidas para o fomento da inserción socio-laboral.

Ademais do Rexistro administrativo de empresas de inserción, instaurado polo **Decreto 156/2007**, existe outro **Rexistro de empresas de inserción no Ministerio de Traballo e Economía Social**, regulado polo Real Decreto 49/2010 e que ten por obxectivo coordinar e intercambiar información cos rexistros de empresas de inserción das comunidades autónomas.

Posteriormente foi aprobada a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, onde, tras reflexar o concepto de empresa de inserción contemplado na norma estatal, abórdase a súa promoción, cualificación e rexistro.

Centros especiais de emprego

Os centros especiais de emprego teñen como obxectivo realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, asegurando un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal. O cadro de persoal dos centros especiais de emprego estará constituído polo maior número de persoas traballadoras con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo, integrando, en todo caso, o 70 por 100 de aquela. Na devandita porcentaxe non se incluírá ao persoal sen discapacidade dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

O seu marco normativo vén configurado pola **Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (arts. 43 ao 45 RD. Lexislativo 1/2013)**; o Real Decreto 2273/85 do 4 de decembro de 1985 polo que se aproba o Regulamento dos Centros especiais de emprego, e o Real Decreto do 17 de xullo de 1985 que regula a relación laboral de carácter especial dos discapacitados que traballan nas devanditas entidades.

A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o **Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia**, e a súa organización e funcionamento, polo que se regula a organización, funcionamento e as autorizacións para a inscrición no rexistro.

Comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común

Trátase de comunidades e mancomunidades de montes que pertencen a grupos veciñais e que se veñen aproveitando consuetudinariamente, en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, polos membros deses grupos, sendo a propiedade dos montes de natureza privada e colectiva.

O réxime xurídico aplicable a estas comunidades e mancomunidades contense basicamente na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución desa Lei.

Outras entidades da Economía Social

Tamén poderán forma parte da economía social outras entidades que realicen unha actividade económica conforme aos principios reitores das entidades de economía social e, ademais, estean incluídas no Catálogo de Entidades de Economía social nos termos legalmente previstos.

Cadro 2.1. Escenarios xurídicos das empresas e entidades da Economía Social.

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Economía Social no seu conxunto	- Constitución Española de 1978	- Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril.
	- Lei nº 5 de 29 de marzo de 2011 da Economía Social	- Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia.
Cooperativas, mutuas e mutualidades de previsión social	- Lei 27/1999, de 16 de xullo, de cooperativas	- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia
	- Real Decreto 136/2002, de 1 de febreiro, polo que aprobase o Regulamento do Rexistro de Cooperativas	- Decreto 430/2001, de 18 de decembro, polo que aprobase o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
	- Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Réxime Fiscal das Cooperativas	
	- Real Decreto 1345/1992, de 6 de novembro, polo que dítase normas para a adaptación das disposicións que regulan a tributación sobre o beneficio consolidado aos grupos de sociedades cooperativas	
	- Lei 13/1989, de 26 de maio, de Cooperativas de Crédito	
	- Real Decreto 84/1993, de 22 de xaneiro, polo que aprobase o Regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989 de 26 de maio, de Cooperativas de Crédito	
	- Real Decreto Lei 11/2017 que modifica a Lei 13/1989 de Cooperativas de Crédito	

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Cooperativas, mutuas e mutualidades de previsión social	Normas que afectan as cooperativas de vivendas:	
	-Decreto 3114/1968, de 12 de decembro; Decreto 2028/1995, de 22 de decembro e Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación	
	Normas que afectan as cooperativas de transportistas:	
	- Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres;	
	- Decretos de 1211/1990, de 28 de setembro,; 927/1998, de 14 de maio e 1830/1999, de 3 de decembro	
	- Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.	
	- Real Decreto 1060/2015, de 20 de novembro, que desenvolve a Lei 20/2015 - Decreto 248/2004 de 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativo	
Sociedades laborais, sociedades agrarias de transformación e confrarías de pescadores	- Lei 44/2015, de 14 de outubro, de Sociedades Laborais e participadas	- Orde de 29 de abril de 1988, sobre tramitación de Sociedades Agrarias de Transformación.
	- Real Decreto 2114/1998, de 2 de outubro, que regula o Rexistro Administrativo das Sociedades Laborais	- Lei 11/2008 de 3 de decembro de pesca de Galicia.
	- Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, polo que aprobase o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación - Orde 23 de outubro de 1985 aproba o regulamento do Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación	- Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro, polo que regulase as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
	- Orde de 14 de setembro de 1982, que desenvolve o RD 1776/1981, de 3 de agosto	
	- Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado - Lei 9/1993, de 8 de xullo de confrarías de pescadores de Galicia	
Comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común		- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común Decreto 260/1992, do 4 de setembro, que aproba o Regulamento de execución da Lei 13/1989

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Centros espe- ciais de emprego e empresas de inserción	- Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (Real Decreto Lexislativo 1/2013) - Ley 6/2022, de 31 de marzo, de modificación del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, para establecer y regular la accesibilidad cognitiva y sus condiciones de exigencia y aplicación.	- Decreto 156/2007, de 19 de xullo, polo que regulase o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, crease o seu rexistro administrativo e establécense as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
	- Real Decreto de 17 de xullo de 1985 que regula a relación laboral de carácter especial das persoas con discapacidade que traballan nos Centros Especiais de Emprego	- Decreto 200/2005, de 7 de xullo, polo que regulase a autorización administrativa e a súa inscrición no rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.
	- Lei 9/2017, Disp. Adicional 4ª:	
	Reserva de mercado para CEE da iniciativa social, empresas de inserción ou programas de emprego protexido	
	- Lei 9/2017, Disposición Adicional decimocuarta:	
	Regulación dos CEE de Iniciativa Social: sen ánimo de lucro e controlados en máis dun 50% por asociacións, fundacións, corporacións de dereito público, cooperativas de iniciativa social o as súas empresas dependentes	
	- Lei 44/2007, de 13 de decembro, de empresas de inserción	
	- Real Decreto 49/2010 regulador do Rexistro de Empresas de Inserción - Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia	

Entidades	España	Comunidade Autónoma de Galicia
Asociacións e fundacións	- Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación	- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego.
	- Real Decreto 1497/2003, de 28 de novembro, que desenvolve a Lei 1/2002	
	- Real Decreto 949/2015, regulador do Rexistro Nacional de Asociacións	
	- Lei 49/2002, de 23 de decembro, sobre réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos	
	- Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que aprobábase normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fines lucrativos	
	- Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións	
	- Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, que establece el Regulamento de desenvolvemento da Lei 50/2002, de 26 de decembro	
	- Real Decreto 1611/2007, de 7 de decembro, que regula o Rexistro Central de Fundacións	
	- Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro se aproba o regulamento das fundacións de interese galego	

2.2. Novidades legislativas

2.2.1. Normativa estatal

Circular 1/2024, do 26 de xaneiro, do Banco de España, a bancos, cooperativas de crédito e outras entidades supervisadas, relativa á información sobre a estrutura de capital e pola que se modifica a Circular 1/2009, do 18 de decembro, a entidades de crédito e outras supervisadas, en relación coa información sobre a estrutura de capital e cotas participativas das entidades de crédito, e sobre as súas oficinas

A presente circular actualiza e harmoniza a normativa en relación coa información que teñen que comunicar ao Banco de España os bancos e as cooperativas de crédito, dadas as funcións que lle corresponden na supervisión do cumprimento das normas de ordenación e disciplina das devanditas entidades. Consonte ao afirmado, o obxecto desta circular é establecer requirimentos de información sobre as adquisicións, os incrementos e as reducións de participacións nas entidades e sobre a súa estrutura de capital. O ámbito de aplicación comprende os bancos, as cooperativas de crédito, os establecementos financeiros de crédito, as entidades de pago e as entidades de diñeiro electrónico. Mediante estas normas, as entidades indicadas quedan obrigadas a reportar ao Banco de España certas adquisicións, incrementos e reducións de participacións nelas, tan pronto como sexan coñecedoras

das mesmas; así mesmo, deberán remitir periodicamente ao Banco de España información sobre os titulares de accións, participacións sociais ou achegas no seu capital social.

2.2.2. Normativa de ámbito autonómico

Andalucía

Acordo do 21 de febreiro de 2024, do Consello de Goberno, polo que se aproba a formulación do II Plan de Emprego de Persoas con Discapacidade na Comunidade Autónoma de Andalucía 2024-2028

Recolle unha serie de medidas orientadas a promover a inserción das persoas con discapacidade no mercado de traballo, aumentando a súa participación e presenza. A tal fin, erixe ao Servizo Andaluz de Emprego no seu centro de referencia básico e fundamental para a empregabilidade das persoas con discapacidade.

Os obxectivos estratéxicos deste Plan son:

1. Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade coa posta en marcha de medidas encamiñadas a responder as súas necesidades específicas nos ámbitos da formación para o emprego, a formación profesional, a orientación, a intermediación e o acompañamento á inserción.

2. Promover políticas activas de emprego que potencien a presenza das persoas con discapacidade no mercado laboral ordinario e no ámbito do emprego protexido. No emprego público, avógase por fomentar medidas de discriminación positiva e participación, con obxecto de potenciar a súa autonomía e independencia individual a través do emprego de calidade.

3. Diminuír as desigualdades asociadas ao sexo e a discapacidade no ámbito do emprego, introducindo a perspectiva de xénero como principio fundamental no desenvolvemento deste Plan.

4. Atender especificamente as situacións de discapacidade que impliquen maiores dificultades de inserción laboral.

O devandito plan incluírá unha descrición dos antecedentes e un diagnóstico actualizado da realidade laboral das persoas con discapacidade en Andalucía, un sistema de gobernanza, a definición dos principios, estrutura, obxectivos e medidas, a dotación orzamentaria asignada, o deseño de indicadores, así coma o sistema de seguimento e avaliación do Plan.

Aragón

Orde PIC/206/2024, do 27 de febreiro, pola que se dispón a publicación do Acordo entre o Goberno de Aragón e as plataformas representativas das persoas con discapacidade para a optimización e a sustentabilidade das entidades sociais e das súas actividades a través dos centros asistenciais e dos centros especiais de emprego.

Acórdase a optimización e a sustentabilidade das entidades sociais e das súas actividades a través dos centros asistenciais e dos centros especiais de emprego de iniciativa social e articular instrumentos de colaboración e traballo que favorezan de maneira áxil e dinámica as relacións entre o Goberno de Aragón e CERMI Aragón para o desenvolvemento de accións en materia de asuntos que afectan á discapacidade, de forma transversal e multidisciplinar.

En concreto, co fin de contribuír ao mantemento dos postos de traballo nos Centros Especiais de Emprego (CEE, en diante), as partes comprométese ao outorgamento das subvencións previstas do custo salarial conforme ao establecido na Orde EPEI23I2023, do 16 de xaneiro pola que se establecen as bases reguladoras do programa de inclusión laboral de persoas con discapacidade no mercado de traballo protexido mediante a concesión de subvencións dirixidas a fomentar a creación e mantemento de postos de traballo nos centros especiais de emprego mentres dure este acordo.

Asemade, as partes comprométese a fomentar a reserva de contratos a centros especiais de emprego de iniciativa social, tal e como se establece na Lei 9I2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e na Lei 11I2023, do 30 de marzo, de uso estratéxico da contratación pública da Comunidade Autónoma de Aragón

Castela e León

Lei 1/2024, do 8 de febreiro, de apoio ao proxecto de vida das persoas con discapacidade en Castela e León.

Superando o antigo modelo médico-asistencial, esta norma pretende garantir o dereito a poder decidir sobre a propia existencia e a participar activamente na comunidade das persoas con discapacidade. A tal fin, reconece o dereito á prestación de apoios profesionais por parte da Administración autonómica. Tales apoios integranse nas prestacións:

- a) De apoio para a activación do proxecto de vida.
- b) De asistencia persoal.
- c) De apoio familiar para a promoción da autonomía persoal en situacións de dependencia e/ou discapacidade.
- d) De apoio á capacidade xurídica das persoas con discapacidade.
- e) De apoio á capacidade xurídica das persoas maiores de idade emancipadas con discapacidade.

En particular, o sistema de servizos sociais de responsabilidade pública garantirá a continuidade da atención recibida desde o sistema educativo, unha vez culminadas os ensinamentos que a persoa con discapacidade poida acceder, mediante un itinerario personalizado de inclusión sociolaboral ou ben mediante un centro de día onde se desenvolvan programas para facilitar o tránsito ao emprego, que formará parte do correspondente plan de apoios do seu proxecto de vida.

A consellería competente en materia de emprego orientará as políticas activas de emprego co fin de promover a inserción laboral das persoas con discapacidade para que poidan desenvolver unha actividade laboral en situación de igualdade de oportunidades. Para iso, levarán a cabo as actuacións precisas a través dun modelo de itinerarios para o emprego, que aseguren unha formación adecuada e adaptada, en cada caso, ás súas necesidades específicas de apoio. Igualmente, estableceranse os programas e medidas necesarias para a súa inserción e integración laboral, tanto no mercado ordinario de traballo como no emprego protexido, apoiando a creación e o mantemento do emprego das persoas con discapacidade e o seu acompañamento no posto de traballo, con especial atención a aquelas que presenten especiais dificultades de inclusión laboral. Así mesmo, promoverá que as

persoas con discapacidade teñan acceso aos servizos de información e orientación profesional, dentro das intervencións de axuda á empregabilidade do sistema público de emprego, a través dunha intervención personalizada e específica, conforme ás súas necesidades de apoio.

Cataluña

Decreto 52/2024, do 5 de marzo, do Consello do Asociacionismo e o Voluntariado de Cataluña.

Esta norma regula a composición e estrutura do Consello do Asociacionismo e o Voluntariado de Cataluña, órgano consultivo e de asesoramento do Goberno en materia asociativa e de voluntariado cuxas. Este órgano está composto polo Pleno, a Comisión Permanente e, eventualmente, por grupos de traballo de constitución potestativa. O Pleno asume, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elaborar e propoñer informes, estudos e ditames con respecto ás políticas, as actuacións e os programas do Goberno en materia de asociacionismo e voluntariado.
- b) Propoñer programas de interese especial para o tecido asociativo e o voluntariado.
- c) Elaborar os plans, as liñas estratéxicas, os obxectivos e as medidas con relación ás materias asociativas e de voluntariado, e realizar o seu seguimento e avaliación.
- d) Participar no proceso de elaboración do Plan nacional do asociacionismo e o voluntariado e realizar o seu seguimento e avaliación.
- e) Prestar apoio ás entidades para que melloren a súa xestión interna e coordinar a súa actuación coas administracións.
- f) Desenvolver procesos de participación abertos a toda a sociedade civil cando o seu obxecto teña relación co asociacionismo e o voluntariado, e estar presente nos procesos de participación que promovan outros órganos da Administración da Generalitat, dunha maneira coordinada co departamento que impulsa a participación.
- g) Comunicar posibles prácticas abusivas que supoñan unha intromisión no mercado laboral.
- h) Velar pola representación equitativa e o equilibrio territorial dentro do Consello e establecer mecanismos de participación das entidades máis pequenas ou das que non están adscritas a ningunha federación.
- i) Velar pola correcta implementación do modelo catalán de voluntariado e, especificamente, polo correcto cumprimento da normativa respecto da adaptación dos programas de voluntariado vinculados a unha administración pública e ao mantemento ou impulso de novos programas de voluntariado promovidos polas administracións públicas.

Á Comisión Permanente atribúenselle as seguintes competencias:

- a) Desenvolver os acordos adoptados polo Pleno e facer o seu seguimento.
- b) Propoñer asuntos para debater no Pleno.
- c) Impulsar a elaboración do Plan nacional do asociacionismo e o voluntariado e realizar a proposta de avaliación para presentala ao Pleno.
- d) Impulsar a elaboración do informe do asociacionismo e o voluntariado en Cataluña e elevalo ao Pleno para que o aprobe.
- e) Recibir e revisar as comunicacións das administracións públicas que queiran manter ou impulsar novos programas de voluntariado, pola inexistencia de entidades sectoriais ou de calquera tipo, e elaborar o informe correspondente, a través dun grupo de traballo creado *ad hoc*, para que o Pleno faga a valoración final.
- f) Propoñer ao Pleno a creación dos grupos de traballo que considere necesarios para desenvolver as funcións asignadas.

Consonte ao afirmado, o Pleno do Consello do Asociacionismo e o Voluntariado de Cataluña pode acordar, a proposta da Comisión Permanente ou por iniciativa de calquera dos seus vogais, a creación de grupos de traballo para debater temas concretos ou sectoriais relacionados coas políticas públicas da Administración da Generalitat de Catalunya en materia de asociacionismo e de voluntariado.

Comunidade de Madrid

Lei 1/2024, do 17 de abril, de Economía Circular da Comunidade de Madrid.

Norma en virtude da cal se impulsa unha transición intelixente e paulatina cara a un modelo de desenvolvemento de ciclo pechado, máis sostible, eficiente, competitivo, racional e respectuoso coa capacidade para innovar e actualizar os sectores produtivos tradicionais. Un modelo transversal e multidisciplinar en consonancia coa regulación da Unión Europea e aliñado co I Plan de Acción de Economía Circular 2021-2023 aprobado polo Goberno de España e coa Lei de Residuos e Chans Contaminados para unha Economía Circular, aprobada a nivel nacional.

En canto atinxe ao obxecto do presente informe, preceptúase que, en aplicación da normativa básica estatal e coa fin de alcanzar os obxectivos marcados pola Unión Europea referidos á redución de residuos, a Administración da Comunidade de Madrid promoverá cos principais actores de cada sector produtivo, acordos voluntarios sectoriais que permitan a celebración de convenios entre empresas, administracións e entidades de economía social, que sirvan de instrumento de identificación e superación de cargas non financeiras que limiten o uso de materiais e produtos crave non vendidos.

Extremadura

Decreto 34/2024, do 16 de abril, polo que se modifica o Decreto 8/2017, do 7 de febreiro, polo que se crea e regula a Mesa do Diálogo Civil do Terceiro Sector de Extremadura.

A reestruturación dos diferentes departamentos da Junta de Extremadura levada a cabo polo Decreto 16/2023, do 20 de xullo, polo que se modifican a denominación e as competencias das Consellerías que conforman a Administración da Comunidade Autónoma de Extremadura e polos Decretos de estrutura orgánica das distintas Consellerías, fai necesaria a aprobación do presente decreto polo que se modifica o Decreto 8/2017, do 7 de febreiro, en orde á inclusión na representación da Junta de Extremadura na Mesa de Diálogo Civil das persoas titulares das novas Consellerías garantindo o equilibrio da representación das partes.

Así mesmo, por razóns de organización administrativa, adscribíse o referido órgano á Consellería con competencias en materia de diálogo social.

Murcia

Resolución da Dirección Xeral de Autónomos e Economía Social pola que se ditan instrucións sobre a tramitación de contas anuais e libros sociais presentados ao Rexistro de Sociedades Cooperativas e Sociedades Laborais da Rexión de Murcia.

A Lei 8/2006, do 16 de novembro, de Sociedades Cooperativas da Rexión de Murcia recolle a obriga das sociedades cooperativas de levar dunha contabilidade ordenada e de presentar os libros e contas anuais no Rexistro de Sociedades Cooperativas para o seu depósito, dilixenciado e legalización, conforme aos requisitos e prazos establecidos na devandita norma.

Razóns de técnica de organización administrativa, eficacia e eficiencia na asignación de recursos públicos e transparencia e publicidade, aconsellan establecer os períodos do ano durante os que se procederá á tramitación e rexistro da documentación social e contable das sociedades cooperativas, sen prexuízo das anotacións que deban producirse con motivo de cambios susceptibles de inscrición. Para ese efecto, regúlase o procedemento de dilixenciado e legalización de libros sociais e depósito de contas anuais de sociedades cooperativas, condensado en tres instrucións.

En virtude da primeira, os libros sociais e as contas anuais deben presentarse mediante solicitude electrónica no Rexistro Electrónico Xeneral da Comunidade Autónoma. Os libros sociais presentados antes do 31 de agosto de cada ano serán dilixenciados e legalizados antes de que finalice o ano natural. Os presentados con posterioridade tramitaranse no exercicio seguinte. As contas anuais presentadas con anterioridade ao 30 de novembro do cada ano inscribíranse antes de que finalice o ano natural. As presentadas con posterioridade tramitaranse no exercicio seguinte.

A segunda require que, con carácter previo á legalización e dilixenciado de libros ou depósito de contas, sexa emitido un informe por persoal da unidade administrativa competente do servizo de economía social sobre adecuación da documentación presentada conforme ao disposto na Lei 8/2006, do 16 de novembro de Cooperativas da Rexión de Murcia e, para o caso de que se detecten deficiencias, serán requiridos para que no prazo de dez días hábiles presenten a corrección das respectivas contas ou libros. A Resolución estimatoria de rexistro de contas e libros será obxecto de anotación no Rexistro de Sociedades Cooperativas e Sociedades Laborais da Rexión de Murcia e de publicación na páxina web da Dirección Xeral de Autónomos e Economía Social para xeral coñecemento. Pola súa banda, a resolución desestimatoria de rexistro poderá ser obxecto de recurso ante o Titular da Consellería competente en materia de economía social, no prazo dun mes desde a súa publicación na páxina web da Dirección Xeral de Autónomos e Economía Social. En caso de non emendar no prazo presentado ditarase unha resolución de desistencia, sen prexuízo da posibilidade de presentar a documentación social ou contable nun momento posterior para o seu dilixenciado e legalización ou depósito no exercicio seguinte. Dispónse, asemade, que as publicacións na páxina web da Dirección Xeral competente en economía social poderán ser comunicadas mediante avisos por mensaxería *sms* ou correo electrónico.

En terceiro lugar, dispónse que cando se presente algún acto susceptible de inscrición que esixa a legalización ou dilixenciado de libros ou o depósito de contas, realizarase unha anotación de libros ou contas independente, que serán incluídas na primeira relación que se leve a cabo conforme ao establecido no apartado anterior

País Vasco

Decreto 12/2024, de 13 de febreiro, sobre a inspección e o procedemento sancionador en materia de cooperativas.

Saliéntase a atribución do inicio do procedemento á acta de infracción estendida pola Inspección de Traballo, a causa da súa necesaria e previa participación na averiguación e determinación dos feitos e do valor probatorio do actuado nela. Aténdese, ademais, á cualificación profesional, especialización e imparcialidade. Destaca tamén a posible intervención do Consello Superior de Cooperativas de Euskadi na actuación comprobatoria, a proposta da persoa inspectora.

A Rioxa

Decreto 48/2024, do 17 de decembro, polo que se crea e regula a organización e funcionamento do Consello da Economía Social e Solidaria da Rioxa.

Esta norma crea o Consello da economía social e solidaria da Rioxa como máximo órgano de coordinación e participación en materia da economía social e solidaria no ámbito da Comunidade Autónoma da Rioxa. Trátase dun órgano colexiado consultivo e asesor da Administración rioxana para as actividades relacionadas coa economía social e solidaria, especialmente no ámbito da promoción e a difusión da economía social e solidaria. Ademais de cantas pódanlle ser atribuídas, as súas funcións consisten en:

- a) Fomentar e difundir os valores e principios propios da economía social e solidaria.
- b) Defender os intereses lexítimos das entidades rioxanas do devandito sector.
- c) Informar, con carácter preceptivo, o Plan Rioxano de impulso da economía social e solidaria e o seu seguimento.
- d) Realizar propostas, estudos e informes facultativos e non vinculantes sobre cuestións concernentes ao ámbito da economía social e solidaria na Rioxa.
- e) Asesorar, cando sexa requirido, nas actuacións de fomento, promoción e difusión da economía social e solidaria, así como na súa integración e coordinación coas demais políticas públicas autonómicas, especialmente coas dirixidas á creación de emprego de calidade, o fomento do emprendemento e o desenvolvemento local e rural.
- f) Informar as propostas de incorporación ou exclusión no Catálogo de Entidades da economía social e solidaria da Rioxa de tipos de entidades da economía social e solidaria.
- g) Favorecer a creación de redes e a cooperación entre as entidades que forman parte da economía social e solidaria e destas con aquelas entidades públicas e privadas que faciliten a transferencia de coñecemento ás entidades de economía social e solidaria no ámbito da Comunidade Autónoma da Rioxa.

2.3. Convenios colectivos

XXIII Convenio colectivo das sociedades cooperativas de crédito.

Convenio colectivo de ámbito estatal que inclúe, alén da regulación da clasificación profesional, retribución e tempo de traballo, un código deontolóxico da profesión, a regulación de cláusulas tipo como a o período de proba e presta especial atención a materias coma o rexistro horario, que terá lugar preferentemente mediante recursos dixitais. Sobre este aspecto, mostra especial preocupación polo cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal. Asemade, destacan os dereitos de información atribuídos á representación legal dos traballadores, así como a regulación dos denominados “dereitos dixitais”.

2.4. Sentenzas sobre cooperativas máis relevantes

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 06-11-2024, nº 1467/2024, rec. 4654/2020.

Un cooperativista adquiriu unha unidade habitacional nun conxunto residencial para persoas maiores, realizando pagos anticipados por un total de 142.979,98 euros. A promotora subscribiu cunha aseguradora unha póliza colectiva de afianzamento para garantir a devolución das devanditas cantidades, pero esta póliza foi anulada antes do seu perfeccionamento definitivo debido á falta de documentación por parte da promotora, e emitíuse posteriormente un aval bancario individual en favor do adquirente e a súa esposa. A promoción foi declarada en concurso e liquidada e, tras o falecemento do cooperativista, os seus herdeiros reclamaron á aseguradora o reembolso das cantidades anticipadas máis intereses. En primeira instancia, desestimouse a demanda por entender que a Lei 57/1968 non era aplicable debido á finalidade investidora da compra e á inexistencia dun seguro vixente. A Audiencia Provincial revogou esta decisión, estimando a demanda e condenando á aseguradora ao pago das cantidades reclamadas, considerando que a vivenda tiña un destino residencial e que a aseguradora debía responder a pesar da anulación da póliza. As partes interpuxeron recursos de casación e a aseguradora un recurso extraordinario por infracción procesual que foron admitidos para a súa resolución polo Tribunal Supremo. O Tribunal Supremo estima o recurso de casación interposto pola aseguradora, anulando a sentenza da Audiencia Provincial que estimara a demanda. Conclúese que a Lei 57/1968 só protexe aos adquirentes cando a vivenda ten un destino residencial, e neste caso, aínda que o adquirente posuía outras vivendas, non se descartou a finalidade residencial dada a súa idade avanzada e as características da promoción. Con todo, a póliza colectiva de seguro de caución foi anulada antes do seu perfeccionamento definitivo por falta de documentación, e a aseguradora devolveu a prima provisional, polo que non existiu unha relación de aseguramento vixente. A existencia posterior dun aval bancario non vincula á aseguradora. Por tanto, a aseguradora non é responsable do pago reclamado. En consecuencia, confírmase a sentenza de primeira instancia que desestimou a demanda e impónense as costas aos demandantes polos seus recursos. O fallo, polo tanto, consiste na destimación parcial do recurso de casación da aseguradora, desestimación dos recursos dos demandantes e confirmación da sentenza de primeira instancia.

Sentenza do Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 21-10-2024, nº 1354/2024, rec. 4505/2020

A demandante, cooperativista dunha sociedade de vivendas, iniciou un primeiro litixio en 2011 contra varias entidades financeiras para que se declarase a responsabilidade solidaria destas polas cantidades achegadas anticipadamente á cooperativa. No devandito proceso, a Sala absolveu a unha das entidades financeiras en cuestión ao considerar que non foi receptora directa das achegas, aplicando a doutrina da sentenza de pleno 781/2014. Posteriormente, a demandante promoveu un segundo litixio en 2018, solicitando a condena ao pago dunha cantidade concreta ingresada na devandita entidade, alegando que esta si recibiu directamente parte das achegas e non esixiu a apertura de conta especial garantida. Liberbank opúxose alegando a excepción de cousa xulgada baseada na sentenza firme anterior que lle absolveu por non ser receptora directa. A primeira instancia estimou a demanda, pero a Audiencia Provincial revogou esta decisión, desestimando a demanda por apreciar a cousa xulgada e a preclusión de alegacións. A demandante interpuxo recursos extraordinario por infracción procesal e de casación, que foron admitidos para a súa resolución. A Sala desestima os recursos extraordinario por infracción procesal e de casación interpostos pola demandante. Fundaméntase en que a sentenza firme anterior que absolveu á entidade financeira por non ser receptora directa das achegas ten efecto prexudicial ou positivo vinculante neste proceso conexo, impedindo unha condena baseada en feitos xa decididos. Rexéitase a argumentación da demandante sobre a inexistencia de cousa xulgada e preclusión, pois a pretensión actual non pode sustentar unha condena se se contradi o resolvido na sentenza firme. Por tanto, confírmase a sentenza da Audiencia Provincial que desestimou a demanda e impóñense as costas á parte recorrente. Fallo: desestimación dos recursos e confirmación da sentenza recorrida por aplicación do efecto prexudicial da cousa xulgada.

Sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, sec. 4ª, S 12-09-2024, nº 449/2024, rec. 179/2024

A sociedade demandante interpón demanda contra unha cooperativa de transportes solicitando que se declare a nulidade dun acordo cooperativo que considera nulo de pleno dereito por ser contrario á orde pública societario. A sentenza de instancia ditada polo Xulgado do Mercantil desestimou a demanda por entender que o acordo adoptado polo Consello Reitor da cooperativa non é contrario á orde pública, e, así mesmo, porque a acción para impugnalo xa caducara. A demandante interpón recurso de apelación fronte a dita sentenza, argumentando unha errónea valoración da proba e que considera infrinxido o concepto de orde pública societario. O acordo do Consello Reitor cuxa nulidade se pretendía establece que a todo vehículo que non encha traballando penalizaráselle cun pago de x cantidade por cada litro non consumido. Segundo a Audiencia, debe considerarse norma que o Consello Reitor dunha cooperativa de transportistas imparta aos seus socios as instrucións sobre o uso dos servizos cooperativizados, así como as consecuencias que o non uso de tales servizos terá na liquidación e facturación periódica de cada un. É dicir, non se impón aos socios unha nova achega periódica nin unha sanción disciplinaria, senón que, simplemente, pónense seu coñecemento os termos nos que deberán trasladadas ás súas facturas as consecuencias económicas das súas propias decisións empresariais que, senón repercutíselles, tería que soportar a propia cooperativa. Por tanto, considera a Audiencia que o Consello Reitor non invadiu competencias exclusivas da Asemblea para a adopción do devandito acordo e, así mesmo, considera tamén que devandito acordo non é contrario á orde pública, conforme á definición que lle atribúe a xurisprudencia, ao non poder afirmarse neste caso

que o acordo infrinja unha norma que defina un dereito fundamental que sexa contrario ás normas legais de aplicación, nin que sexa lesivo para un socio ou grupo de socios.

2.5. Conclusións e recomendacións

- I. A actividade lexislativa do pasado ano constitúe unha paréntese no proceso de reforma das entidades pertencentes á economía social que media entre a intensa actividade lexislativa autonómica precedente e a *non nata* Lei Integral da Economía Social. Ata a publicación do texto definitivo da mesma, xunto coa previsible actualización dalgunha normativa autonómica en materia de cooperativas, conséntase unha tendencia á introdución de órganos consultivos susceptibles de outorgar soporte técnico ás políticas públicas autonómicas en materia de economía social e, por outra parte, á promoción das entidades vencelladas á inserción laboral das persoas discapacitadas.
- II. A regulación do Consello da Economía Social e solidaria da Ríoxa e, en materia de asociacionismo, a regulación da composición do Consello do Asociacionismo e o Voluntariado de Cataluña, dan fe da firme aposta pola creación de órganos consultivos de asesoramento técnico susceptibles de guiar aos gobernos autonómicos no deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas públicas destinadas ao fomento da economía social. Destacan, en concreto, as súas atribucións en materia de fomento e difusión dos principios e valores da economía social, na elaboración de estudos informes e ditames e, en especial, a súa competencia para prestar apoio á administración para mellorar a súa eficiencia na tramitación dos procedementos e, eventualmente, canalizar procesos participativos e mesmo identificar prácticas abusivas.
- III. Outra das prioridades dos lexisladores autonómicos durante o ano 2022 foi potenciar a autonomía e a independencia individual das persoas con discapacidade. Posto que a devandita autonomía persoal depende, en boa medida, da obtención dos medios económicos preciosos para subsistir e de formación para desenvolve-la na súa plenitude, non debe sorprender que se tentase acadar mediante a introdución de reformas orientadas a propiciar a inserción laboral das persoas con discapacidade apoiando o acceso, promoción e conservación dun emprego de calidade. Nesa senda se encamiña o Acordo do 21 de febreiro de 2024, do Consello de Goberno, polo que se aproba a formulación do II Plan de Emprego de Persoas con Discapacidade na Comunidade Autónoma de Andalucía 2024-2028, do cal merece a pena salientar a súa atención á discriminación interseccional padecida polas mulleres con discapacidade, susceptible de xerar un prexuízo específico. Idéntico propósito guiou ao lexislador castelán leonés que, en virtude da Lei 1/2024, do 8 de febreiro, de apoio ao proxecto de vida das persoas con discapacidade en Castela e León, avoga pola superación definitiva do modelo médico-asistencial de atención ás persoas con discapacidade, dispensándolles un tratamento integral de apoio para a activación do seu proxecto de vida que abrangue asistencia persoal, familiar, o apoio á capacidade xurídica e, en particular, atende á necesidade de garantir un axeitado tránsito entre a etapa educativa e a etapa profesional, subliñando, de novo, a relevancia da súa inserción socio-laboral, aspecto no cal desempeñan un papel esencial as entidades pertencentes á economía social. Afondando no papel desempeñado polas entidades pertencentes á economía social nesta materia,

en Aragón acórdase a optimización e a sustentabilidade das entidades sociais e das súas actividades a través dos centros asistenciais e dos centros especiais de emprego para o desenvolvemento de accións en materia de asuntos que afectan á discapacidade, de forma transversal e multidisciplinar.

- IV. Cómpre engadir a defensa das entidades pertencentes á economía social como actores clave da transición ecolóxica en curso. Do seu papel como motores dunha transición a un modelo de economía circular máis sostible da testemuña a Lei 1/2024, do 17 de abril, de Economía Circular da Comunidade de Madrid, pola cal se se impulsa unha transición intelixente e paulatina cara a un modelo de desenvolvemento de ciclo pechado, máis sostible, eficiente, competitivo, racional e respectuoso coa capacidade para innovar e actualizar os sectores produtivos tradicionais, proceso no cal se involucra ás entidades da economía social.

3. AS SOCIEDADES COOPERATIVAS GALEGAS

3.1. Introducción

Galicia asumiu competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, que ampliou a competencia recollida no art.28.7 do Estatuto de Autonomía. A regulación destas sociedades atópase na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia¹. A dita lei, xunto co se desenvolvemento normativo, proporcionou o marco legal para o desenvolvemento económico e empresarial das cooperativas galegas, contribuíndo á súa implantación nesta comunidade autónoma.

Entre as diferentes normas que se promulgaron ao abeiro da Lei está o Decreto de creación do Consello Galego de Cooperativas (Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro), a do Rexistro de Cooperativas (Decreto 430/2001, do 18 de decembro) e unha norma específica para os procedementos de conciliación e arbitraxe cooperativa (Decreto 248/2004, do 14 de outubro) que tamén constitúe unha novidade en relación co desenvolto polo resto de Comunidades. Ademais a comunidade, conta co Decreto 225/2012, do 15 de novembro, de creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e a regulación do seu funcionamento. O programa recolle axudas específicas para o desenvolvemento de proxectos no ámbito da economía social, cun catálogo específico dirixido ao ámbito rural. Esta rede, impulsada pola Consellería con competencias en Emprego, Comercio e emigración, tenta difundir o espírito emprendedor no ámbito local, comarcal e transfronteirizo e contribuír á consolidación de emprego relacionado coa economía social. Tal e como figura na declaración de principios da Rede, tenta promover este modelo empresarial en todo o territorio e especialmente en ámbito local. A formación, a divulgación e o asesoramento son estratexias prioritarias para contribuír a este obxectivo.

¹ O texto legal foi obxecto de varias modificacións, sendo as máis importantes as producidas pola Lei 14/2011, do 16 de decembro –de modificación da Lei de Cooperativas– ; pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia e as relacionadas coa Lei 5/2017, do 19 de outubro, de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia.

As cooperativas clasifícanse en distintos tipos, que se recollen no cadro 3.1. De forma conxunta a dita clasificación, na determinación do tipo de cooperativa debe considerarse que a Lei de cooperativas introduce determinadas asimilacións. Así por exemplo, cando as persoas asociadas achegan o seu traballo persoal, a cooperativa queda baixo a regulación específica das cooperativas de traballo asociado de forma complementaria á regulación específica da clase de cooperativa de que se trate.

Cadro 3.1. Tipos de Cooperativas en Galicia.

TIPO	INTEGRANTES	OBJECTO/FIN
Agraria	Titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.	Mellora do aproveitamento das explotacións das súas persoas socias, os seus elementos ou compoñentes e a cooperativa. Mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural. Atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con elas.
Consumidores/as e usuarios/as	Persoas físicas e xurídicas e entidades ou organizacións de consumidores ou consumidoras que tivesen o carácter de destinatarios finais.	Procurar bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e das persoas que convivan coas mesmas, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras persoas. Defensa e promoción dos dereitos dos consumidores e consumidoras, e persoas usuarias.
Ensino	Depende da modalidade: De consumidores: asocian pais e nais do alumnado ou alumnos/as. De traballo asociado: asocian profesorado e demais profesionais do ensino, así como o persoal de administración e servizos.	Actividades docentes nos seus distintos niveis e modalidades. Actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal (con carácter complementario).
Explotación comunitaria da terra	Titulares de dereitos de usos e aproveitamento de bens susceptibles de explotación agrícola, que os ceden á cooperativa con independencia de traballar nela. Todos quen, sen ceder ningún dereito de goce, van prestar o seu traballo na cooperativa.	Xestionar unha única empresa ou explotación agrícola, na que tamén poderán integrarse os bens que, por calquera título, posúa a cooperativa.
Do mar	Titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras, de industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo, acuicultura e derivadas, nas súas diferentes modalidades de mar, rías, ríos, lagos e lagoas, e a profesionais das devanditas actividades.	Prestación de subministracións e servizos. Realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
De servizos	Persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como a profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia.	Prestación de subministracións e servizos e/ou realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios e socias.
De servizos sociais	Persoas físicas que prestan o seu traballo na cooperativa. Tamén poden participar en calidade de socio as administracións ou entidades públicas ou os axentes sociais colaboradores na prestación de servizos.	Prestación de todo tipo de actividades e servizos sociais, públicos ou privados.
De traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada.	Proporciona ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.
De transportistas	Titulares de empresas do transporte ou profesionais que poidan exercer en calquera ámbito a actividade do transporte.	Organizar e/ou prestar servizos de transporte ou ben a realización de actividades que o fagan posible.
De transportistas de traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física.	Prestarlle á cooperativa o traballo persoal das persoas socias, realizando a actividade do transporte e/ou complementarias.
De vivenda	Persoas físicas que precisan aloxamento e/ou locais para si e as persoas que convivan con elas. Tamén os entes públicos, sen ánimo de lucro mercantil e as cooperativas que precisen aloxamento para aquelas persoas dependentes dos mesmos que teñan que residir, por razón do seu traballo ou función, nos arredores dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para o desenvolvemento das súas actividades.	Procurar vivendas, locais ou instalacións complementarias para as persoas socias.
De explotación dos recursos acuícolas	Titulares de dereitos de uso e aproveitamento de bens, relacionados co exercicio de actividades de explotación dos recursos acuícolas, presten ou non o seu traballo, así como a quen, sen ceder dereito ningún de uso, vai prestar o seu traballo nela.	Explotación de recursos acuícolas en común por parte das persoas asociadas.
De integración social	Persoas naturais de colectivos excluídos, as súas persoas titoras e máis o persoal de atención. Tamén poden participar como socias as administracións ou entidades públicas.	Prestación de servizos educativos, asistenciais, laborais e sanitarios ou calquera outra actividade económica coa que poidan integrarse persoas que sufran calquera tipo de exclusión social para o seu desenvolvemento laboral.
De crédito		Servir ás necesidades financeiras activas e pasivas das persoas socias e de terceiros, mediante o exercicio das actividades e dos servizos propios das entidades de crédito.

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
De seguros		Exercen a actividade aseguradora en calquera das súas ramas con- sonte a normativa ordenadora do seguro privado.
Sanitarias		Teñen por obxecto desenvolver actividades sanitarias nas súas distintas modalidades de seguros a prima fixa, de traballo asociado ou de persoas consumidoras e usuarias, e poderán realizar con carácter complementario activida- des conexas ou que faciliten o seu obxecto principal.

Fonte: Ledo BOE-A- 1999-6940

- Ademais desta clasificación xenérica, pódese destacar a existencia dalgunhas espe-
cíficas. En primeiro lugar, destacan tres especialidades das cooperativas de traballo
asociado e asimiladas:
- *Cooperativas xuvenís.* As ditas cooperativas son constituídas maioritariamente por
persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos². Pretenden
proporcionar emprego e un marco estable de desenvolvemento profesional á xu-
ventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e
servizos para terceiros³.

Cooperativa mixta de traballo asociado. Estas sociedades confórmanse para facilitar a cap-
tación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos. Nestas cooperativas permítese
o voto plural ponderado, debendo incluír nos seus estatutos o regulamento do exercicio de
voto. A disposición adicional quinta da Lei reforza o papel das persoas socias de traballo
fronte ás socias de capital⁴.

Finalmente, as cooperativas poden unirse para o desempeño de fins comúns de índole
económica. A resultante será unha cooperativas de segundo grao, integrada por dúas ou
máis cooperativas da mesma ou distinta clase. Ademais, as cooperativas poden asociarse
para a defensa e promoción dos seus intereses en unións, federacións e confederacións de
cooperativas.

Nos seguintes apartados analizaranse tres situacións do panorama cooperativo en
Galicia no ano 2024. Na primeira describirase a situación do emprendemento cooperativo
dese ano atendendo ás novas cooperativas, as súas tipoloxías, distribución no territorio e
persoas socias. A información deste apartado elabórase cos datos recollidos no Rexistro
Galego de Cooperativas⁵, que inscribe e certifica os actos e negocios xurídicos das socie-

2 Cando as persoas socias teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, a idade máxima será de 35 anos.

3 As cooperativas xuvenís contan con vantaxes para a súa constitución, coma a redución do capital mínimo de cons-
titución ou a non necesidade de outorgamento de escritura pública. Transcorrido o prazo marcado nos estatutos
-non superior a cinco anos- deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

4 a) As persoas socias de capital, as cooperativas e as sociedades controladas por estas ou as entidades públicas
non poderán superar un terzo dos votos sociais, e as persoas socias traballadoras non poderán ter unha por-
centaxe inferior a un terzo dos votos sociais


5 Se combinan os datos procedentes do Rexistro Central de Cooperativas, os catro rexistros provinciais, e tamén de
Rexistros externos.

dades cooperativas na comunidade autónoma de Galicia. Esta análise complétase cunha comparativa estatal da evolución do emprendemento cooperativo para o que se analizan os datos do Ministerio de Trabajo e Economía social⁶. A continuación, analizaranse o comportamento das cooperativa activas en Galicia a partir da evolución dos datos depurados no Informe da Economía Social en Galicia no ano 2021 (Cancelo e Botana, 2021) revisados acorde coas altas e baixas realizadas nos diferentes rexistros de cooperativas galegos co fin de determinar a situación real do cooperativismo e as súas características. Por último, estudarase o emprego cooperativo en Galicia analizando, os datos que emanan da seguridade social atendendo tanto ao réxime xeral como ao de persoas autónomas.

3.2. Evolución recente do emprendemento cooperativo en Galicia

Segundo os datos dispoñibles nos diferentes Rexistros de Cooperativas, ao longo de todo o ano 2024 créanse en Galicia un total de 192 cooperativas novas. Este dato representa un incremento notable respecto ao ano 2023, no que se rexistraran 138 novas cooperativas, o que supón unha variación relativa do 39,13 %. A dimensión deste crecemento permite falar dunha recuperación clara da tendencia positiva iniciada no ano 2017, tras a lixeira desaceleración rexistrada no exercicio anterior. Esta evolución contribúe a consolidar a percepción do cooperativismo como un modelo empresarial resiliente, especialmente eficaz en contextos marcados pola incerteza económica e social. Con todo, será necesario observar a evolución nos próximos anos para determinar se se trata dunha consolidación sostida ou dunha repunta conxuntural (ver gráfico 3.1). En calquera caso, os datos avalan o cooperativismo como unha fórmula sólida e atractiva para o emprendemento colectivo en Galicia. Resulta especialmente salientable esta dinámica expansiva nun contexto de boas cifras de empregabilidade rexional, o que reforza o valor diferencial do modelo cooperativo mesmo en escenarios laborais favorables.

Gráfico 3.1. Cooperativas constituídas en Galicia (1990-2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas


No que respecta á variación relativa na constitución de sociedades, o cooperativismo galego amosa un comportamento máis volátil e diferencial ca o das sociedades mercantís, tanto a nivel autonómico como estatal. Tal como se observa no gráfico 3.2, a evolución das cooperativas presenta picos e vales máis pronunciados que as sociedades mercantís, con

⁶ O MITES volveu a publicar no pasado ano os datos de evolución do cooperativismo e de seguridade social <https://expinterweb.mites.gob.es/series/>

anos de forte expansión como 2017, 2018 ou 2024, que contrastan con caídas acusadas noutros exercicios. Pola contra, as sociedades mercantís, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, amosan unha evolución moito máis homoxénea e contida ao longo do tempo.


Cómpre destacar que, tras a caída xeralizada de 2023, o ano 2024 rexistra unha recuperación na constitución de novas sociedades, aínda que o repunte é máis acusado no caso das cooperativas. Esta tendencia reforza a idea de que o cooperativismo responde de maneira máis sensible aos ciclos económicos, actuando como fórmula de emprendemento especialmente activa en momentos de transformación ou incerteza. Polo tanto, fronte ao que se intuía en 2022, semella que o cooperativismo galego retoma unha senda diferenciada con respecto ao resto do tecido empresarial, destacando pola súa capacidade de adaptación e dinamismo.

Gráfico 3.2. Variación no número de sociedades constituídas Galicia-España (2008-2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o DIRCE (INE)

Con respecto á distribución territorial das cooperativas constituídas, Pontevedra consolídase en 2024 como a provincia con maior dinamismo cooperativo, acaparando o algo máis de seis de cada dez de novas entidades creadas en Galicia (ver gráfico 3.3). Este dato supón un incremento substancial fronte ao ano 2023, no que representaba aproximadamente o 53 %, reforzando a tendencia de concentración da actividade cooperativa nesta provincia xa apuntada en exercicios anteriores. A Coruña mantén o segundo posto empeorando levemente a súa representación respecto a 2023, cando aglutinaba o 33 % das novas entidades. Pola contra, Lugo e Ourense continúan cunha presenza moi minoritaria na creación de cooperativas, agravándose así o desequilibrio territorial entre as provincias atlánticas e as do interior.

Gráfico 3.3. Distribución das novas cooperativas por provincias (2024)


Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A tendencia reflicte con claridade unha polarización crecente da actividade cooperativa, na que case nove de cada dez novas sociedades teñen a súa orixe nos territorios de maior densidade económica e demográfica, reforzando a idea de que o cooperativismo galego, malia a súa vocación de reequilibrio territorial, continúa condicionado pola estrutura socioeconómica do país.

A distribución territorial do emprendemento cooperativo en Galicia segundo o ámbito de asentamento (urbano/rural) confirma, no ano 2024, a prevalencia do cooperativismo no medio rural, que concentra o 61,46 % das novas cooperativas constituídas, fronte ao 38,54 % localizadas en contornos urbanos (Gráfica 3.4). Esta orientación reforza a lectura do cooperativismo como instrumento especialmente adaptado ás dinámicas e necesidades socioeconómicas do rural galego, en termos de creación de emprego, resposta a servizos escasos e fixación de poboación.

Por provincias, a tendencia rural acentúase especialmente na provincia da Coruña, onde o 69 % das cooperativas creadas teñen orixe en municipios rurais, fronte ao 31 % en áreas urbanas. En Ourense, o patrón é similar, cun 64 % de novas cooperativas en zonas rurais, o que resulta especialmente relevante nun contexto de elevada dispersión e declive demográfico. En Pontevedra, aínda que se rexistra o maior número absoluto de cooperativas creadas, a proporción rural tamén é maioritaria (59 %), mantendo o equilibrio con respecto ao urbano. A única excepción relativa obsérvase en Lugo, onde a distribución é máis equilibrada: 56 % rurais fronte a 44 % urbanas.

Gráfico 3.4. Distribución territorial das novas cooperativas galegas. Medio urbano e rural (2024)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Estes datos suxiren que, lonxe de estar circunscrito a espazos urbanos densamente poboados, o cooperativismo galego mantén unha funcionalidade estrutural no rural, actuando como vector de desenvolvemento local. Esta realidade cobra especial relevancia no marco das políticas públicas de loita contra o despoboamento, pois as cooperativas ofrecen un modelo de empresa de proximidade, con enraizamento territorial e capacidade de adaptación a contextos de baixa densidade. A capacidade do cooperativismo para activar recursos locais, xerar emprego estable e fomentar a innovación social no medio rural constitúe, á luz destes datos, un factor estratéxico para o reequilibrio territorial e a transición cara a un modelo de desenvolvemento máis inclusivo e sostible.

En canto á tipoloxía das cooperativas constituídas en Galicia no ano 2024 (gráfico 3.4), mantense con claridade a tendencia xa apuntada en exercicios anteriores: o predominio das cooperativas de traballo asociado fronte ao resto de modalidades. En concreto, arredor do 84 % do total son desta tipoloxía. Se engadimos as 11 cooperativas xuvenís de traballo asociado e a cooperativa de explotación comunitaria da terra, a porcentaxe ascende ao 90 %, confirmando que a práctica totalidade das novas creacións procuran dar resposta ás necesidades laborais das persoas promotoras mediante fórmulas de autoemprego colectivo.

Gráfico 3.5. Distribución das novas cooperativas por tipo de cooperativa (2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Cómpre salientar, un ano máis, o papel das cooperativas xuvenís, que se consolidan como unha opción real e atractiva de emprendemento para a mocidade galega, malia unha lixeira diminución respecto ao máximo acadado en 2023 (21 entidades). Esta continuidade na súa creación reflicte o interese deste segmento da poboación por modelos empresariais baseados na participación democrática e na economía social.

Pola contra, outras tipoloxías manteñen unha presenza moi minoritaria. A creación dunha única cooperativa nas categorías de servizos, transporte e explotación comunitaria da terra confirma esta tendencia. Neste contexto, destaca a aparición dunha cooperativa de integración social, unha tipoloxía habitualmente inusual no rexistro de novas entidades, o que constitúe un feito salientable. A constitución dunha entidade destas características pode interpretarse como indicio dun maior interese -ou, cando menos, dunha oportunidade puntual- por promover modelos cooperativos orientados á inserción sociolaboral de colectivos en risco de exclusión, o que encaixa plenamente co enfoque transformador da economía social.

No caso das cooperativas de consumidores e usuarios, destaca que tres delas están vinculadas ao sector da enerxía, amosando o potencial emerxente deste ámbito no marco da transición ecolóxica e da soberanía enerxética. A escolla da fórmula cooperativa para estas iniciativas revela unha orientación crecente cara modelos de produción e consumo máis sostibles, democráticos e vinculados ao territorio.

Os datos de 2024 amosan evolución moi positiva no número de cooperativas creadas en Galicia (táboa 3.1). Así, ao longo dos últimos 17 anos constituíronse 1.418 novas entidades na comunidade. Destas, máis do 73% fixérono baixo a modalidade de traballo asociado, confirmando a súa posición hexemónica como fórmula predominante de emprendemento colectivo no territorio galego.

No exercicio 2024 todas as cooperativas creadas son de primeiro grao, das cales 8 foron creadas sen ánimo de lucro, mantendo o mesmo número que no ano anterior. En canto ao sector de actividade, continúa a elevada dispersión das referencias ao CNAE principal, sen que se identifique un sector claramente maioritario. Porén, tal como xa acontecera en anos anteriores, as actividades vencelladas ao comercio, os servizos profesionais, a construción seguen a concentrar unha parte relevante das novas creacións. En particular, dentro das cooperativas de consumo, tres das catro novas entidades están orientadas á produción ou subministración de enerxía, evidenciando o crecemento do interese por modelos cooperativos no marco da transición ecolóxica e da soberanía enerxética.

Táboa 3.1. Cooperativas creadas por tipo de cooperativa (2008-2024)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	Total	
																		Número	%
Crédito	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Integración social	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	1	2	0,14%
Traballo asociado	13	18	20	28	42	45	58	54	39	31	62	75	81	102	108	104	162	1.042	73,48%
Consumidores e Usuarios	1	2	1	-	-	4	2	1	-	1			1	1	2	3	4	23	1,62%

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	Total	
																		Número	%
Vivendas	17	4	12	9	5	-	1	3	5	3	5	16	4	14	9	6	9	122	8,60%
Agrarias	8	9	5	10	6	9	6	4	3	5	2	7	4	3	3	1	2	87	6,14%
Explotación comun. da terra	1	2	-	-	1	1	1	1	2	-	-	2	1	2	-	1	1	16	1,13%
Servicios	2	1	1	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	1	1	1	1	9	0,63%
Mar	2	2	1	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	7	0,49%
Transportistas	1	5	1	-	2	1	-	2	1	1	2	2	-	-	-	1	1	20	1,41%
Transportistas-T. A	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	1	1	-	-	-	-	3	0,21%
Seguros	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Sanitarias	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	0,07%
Servicios Sociais-T A	1	-	1	-	1	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4	0,28%
Ensino	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Ensino-T A	2	-	-	-	-	1	-	-	-	-	1	1	-	-	-	-	-	5	0,35%
Educacionais	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	-
Segundo Grao	1	-	-	1	-	1	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	5	0,35%
Xuvenil de traballo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5	6	12	17	21	11	72	5,08%
TOTAIS	49	43	42	48	58	64	69	67	51	41	72	109	98	135	142	138	192	1.418	100%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

3.3. Distribución das persoas socias nas novas cooperativas galegas.

Segundo os datos do Rexistro Galego de Cooperativas, os datos actualizados a 31 de decembro de 2024 recollen un total de 591 persoas socias fundadoras (táboa 3.2), o que supón un incremento de 157 persoas respecto ao ano anterior en 54 sociedades máis. O incremento observado no número total de persoas socias fundadoras no ano 2024 responde, en boa medida, a fenómenos estatísticos asociados á estrutura interna dalgúñas tipoloxías cooperativas concretas. Destaca, neste sentido, o caso das cooperativas de consumidores e usuarios, que cunha media de 32,8 persoas por entidade, superan amplamente a do resto de modalidades e que só resulta homologable á rexistrada no exercicio 2022 (34,5). Nunha liña semellante sitúanse as cooperativas de vivenda, cunha media de 6 persoas por entidade, reflectindo tamén estruturas organizativas de maior dimensión inicial respecto das restantes modalidades.

Pola contra, as cooperativas de traballo asociado manteñen a tendencia consolidada ao microcooperativismo. Cunha media de 2,2 por entidade, obsérvase unha redución respecto ao ano 2023 (3,5), coherente coa evolución descendente da última década e indicativa de proxectos pequenos e de baixa escala inicial. Este patrón repítese nas cooperativas xuvenís

de traballo asociado, que acadaron en 2024 unha media de 2,5 persoas promotoras por entidade.

En termos agregados, a media global de persoas socias fundadoras por cooperativa no ano 2024 sitúase en 3,1, por debaixo do valor rexistrado en 2023, o que continúa a tendencia descendente en termos de dimensión inicial dos proxectos. Este dato consolida o perfil predominante das novas cooperativas galegas como entidades de pequeno tamaño, cunha clara orientación ao autoemprego e unha implantación territorial localizada.


Táboa 3.2. Número de persoas socias fundadoras por tipo de cooperativa (2024)

	Número de persoas socias fundadoras	Media 2008- 2019	Media 2020	Media 2021	Media 2022	Media 2023	Media 2024
Consumidores	131	46,3	10,0	8,0	34,5	7,0	32,8
Agrarias	8	34,4	5,3	2,7	4,0	30,0	4,0
Explotación comun. da terra	2	14,7	4,0	3,0	-	3,0	2,0
Traballo asociado	359	5,6	2,3	2,2	2,3	3,5	2,2
Servizos	5	-	-	4,0	8,0	3,0	5,0
Vivendas	54	35,4	4,5	11,5	13,0	9,0	6,0
Xuvenil TA	28	3,0	2,3	2,6	2,5	1,3	2,5
Integración Social	2	-	-	-	51,0	-	2,0
Sanitaria de traballo asociado	-	-	-	-	2,0	-	-
Transporte	2	15,1	-	-	-	2,0	2,0
TOTAL	591		2,6	3,3	3,8	4,3	3,1

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

O cooperativismo de traballo asociado mantense como a principal vía de incorporación de persoas promotoras, concentrando o seis de cada dez persoas que se achegan a este modelo empresarial. Malia que a porcentaxe des ano supón unha redución respecto ao ano anterior -no que se achegaba ao 80 %-, a modalidade segue a exercer unha clara hexemonía dentro do tecido cooperativo galego. A análise da distribución das persoas promotoras por tipoloxía amosa, porén, unha tendencia cara a unha maior diversificación, destacando o peso crecente das cooperativas de consumidores e usuarios, así como das cooperativas de vivenda, ambas caracterizadas por unha media elevada de persoas socias por entidade. Esta dinámica pode suxerir unha apertura progresiva do cooperativismo cara a modelos con maior capacidade de agregación social e dimensión organizativa no ámbito do consumo.

Gráfico 3.6. Participación de persoas socias das novas cooperativas galegas por tipo de cooperativa (2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

No referente á distribución por sexo nas cooperativas de nova creación (táboa 3.3), obsérvase unha lixeira recuperación da participación feminina, que acada en 2024 o 45% do total de persoas socias fundadoras, fronte ao 44% de 2023. Este incremento reverte parcialmente a tendencia descendente iniciada no exercicio 2022. Con todo, a evolución continúa a reflectir unha certa volatilidade interanual, que evidencia a necesidade dun seguimento detallado e sistemático deste indicador no marco das políticas públicas de impulso ao cooperativismo con perspectiva de xénero.

A análise por tipoloxía revela importantes diferenzas. Mentres as cooperativas de traballo asociado acadan un equilibrio paritario, outras modalidades presentan unha presenza feminina moito menor. É o caso das cooperativas agrarias ou de vivenda, que mostran un retroceso significativo respecto a anos anteriores. Pola contra, as cooperativas xuvenís de traballo asociado manteñen certa estabilidade respecto de 2023 e confirman que, mesmo entre a mocidade, persisten diferenzas estruturais na incorporación por sexo. Destaca tamén o feito de que tipoloxías como transportistas e integración social non incorporaron ningunha muller entre as súas persoas socias promotoras.

Táboa 3.3. Número de persoas socias fundadoras por tipo de cooperativa e sexo (2024)

	Nº cooperativas	Total Socios	Homes	Mulleres			
				N	%	2023%	2022%
Consumidores	4	131	77	50	38%	43%	41%
Agraria	2	8	1	1	13%	30%	8%
Explotación comunitaria da terra	1	2	1	1	50%	67%	-
Traballo asociado	162	359	179	180	50%	48%	57%
Servizos	1	5	4	1	20%	-	-
Vivendas	9	54	34	20	37%	52%	42%
Xuvenil de traballo asociado	11	28	17	11	39%	38%	40%
Transportistas	1	2	2	0	0%	-	-
Integración social	1	2	2	0	0%	-	-
Total	192	591	317	264	45%	44%	48%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

En relación co capital social de constitución, a táboa 3.4 recolle os valores medios achegados polas novas cooperativas nos anos 2020 a 2024. No exercicio 2024, o capital social medio situouse en 7.184,44 €, o que supón unha diminución significativa fronte ao ano anterior e unha volta a niveis máis próximos á media histórica. Esta caída explícase principalmente pola ausencia de valores extremos, como os rexistrados en 2023 nas cooperativas de explotación comunitaria da terra e transporte, que distorsionaban a media xeral de forma acusada.

Táboa 3.4. Capital social medio por tipo de cooperativa (2020-2024)

	CM 2024	CM 2024	CM 2022	CM 2021
Agraria	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	2.200,00 €
Consumidores e usuarios	9.856,00 €	9.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
Explotación comunitaria da terra	16.500,00 €	63.909,00 €	-	163.062,50 €
Traballo asociado	7.601,00 €	7.630,00 €	8.272,93 €	7.857,14 €
Servizos	3.000,00 €	3.000,00 €	8.000,00 €	4.000,00 €
Vivendas	7.667,00 €	5.500,00 €	5.666,67 €	7.857,14 €
Xuvenil de traballo asociado	5.036,00 €	7.690,00 €	6.087,50 €	6.616,67 €
Integración Social	3.000,00 €	-	4.500,00 €	-
Transporte	9.000,00 €	16.829,00 €	-	-
Total	7.184,44 €	14.569,75 €	7.619,74 €	9.535,45 €

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas


No que refire aos sectores de actividade, a Táboa 3.5 e o Gráfico 3.7 recollen a participación relativa das sociedades cooperativas en función destes. Como nos exercicios anteriores, a meirande parte destas sociedades se crean no sector servizos, en concordancia co seu peso relativo na economía galega. En concreto, no exercicio 2024, o sector servizos mantense como o principal ámbito de actividade do novo cooperativismo galego, concentrando o groso das novas creacións. En concreto, máis do 85% das cooperativas constituídas neste ano operan neste sector de actividade o que consolida a tendencia dos últimos exercicios. Esta distribución evidencia a progresiva especialización do cooperativismo galego en actividades intensivas en servizos, moitas delas orientadas á atención directa á cidadanía, á cultura ou ao consumo, reflectindo unha aposta pola economía de proximidade, os modelos empresariais flexibles e a resposta a demandas sociais emerxentes.

Táboa 3.5. Cooperativas por sector de actividade (2022 – 2024)

	2024		2023		Ate 2022	
	Total	% respecto ao total	Total	% respecto ao total	Total	% respecto ao total
A - AGRICULTURA, GANADERÍA, SILVICULTURA E PESCA	6	3%	5	3%	343	27%
B - INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	-	-	-	-	1	0%
C - INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	21	11%	9	5%	117	9%
D - SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	3	2%	2	1%	1	0%
E - SUMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	-	-	-	-	2	0%
F - CONSTRUCCIÓN	17	9%	12	6%	104	8%
G - COMERCIO AO POR MAIOR E AO POR MENOR; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	37	19%	21	11%	167	13%
H - TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	4	2%	4	2%	55	4%
I - HOSTELERÍA	23	12%	20	10%	56	4%
J - INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	9	5%	10	5%	43	3%
K - ACTIVIDADES FINANCIERAS E DE SEGUROS	-	-	-	-	2	0%
L - ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	2	1%	1	1%	11	1%
M - ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	17	9%	15	8%	99	8%
N - ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	11	6%	4	2%	31	2%
P - EDUCACIÓN	4	2%	8	4%	99	8%
Q - ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	12	6%	6	3%	48	4%
R - ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMIENTO	13	7%	13	7%	43	3%
S - OUTROS SERVIZOS	13	7%	8	4%	39	3%
T - ACTIVIDADES DOS FOGARES COMA EMPLEADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMA PRODUCTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	-	-	-	-	1	0%
TOTAL	192		138		1262	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas


Gráfico 3.7. Cooperativas por sector de actividade (2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A ampliación do marco temporal de análise (gráfico 3.7) amosa como as tendencias de creación de sociedades cooperativas por sector de actividade son estables, cun sector servizos claramente á alza, recuperando a tendencia do último decenio e mantendo un protagonismo claro sobre o resto de cooperativas inscritas noutros eidos de actividade.

Gráfico 3.8. Creación de cooperativas por sector de actividade (2009-2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Por último, e para completar este apartado, analízase o comportamento do emprendemento cooperativo en Galicia en relación co conxunto do Estado. Para este fin, utilízase como fonte a base de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social⁷, que recompila as inscricións realizadas nos distintos rexistros autonómicos e no rexistro estatal de cooperativas. Esta información permite contextualizar a evolución do cooperativismo galego no

⁷ https://www.mites.gob.es/es/estadisticas/mercado_trabajo/COO/welcome.htm

marco estatal, identificando converxencias, diverxencias e posibles singularidades territoriais no ritmo e perfil das novas creacións.

A análise comparativa a nivel estatal amosa que Galicia se sitúa, no ano 2024, como a segunda comunidade autónoma con maior número de cooperativas constituídas (táboa 3.6). Este resultado sitúa a Galicia só por detrás de Andalucía, que lidera a clasificación superando a comunidades historicamente activas no cooperativismo como Cataluña, a Comunidade Valenciana ou o País Vasco. A distribución territorial evidencia unha forte concentración das novas creacións en determinadas comunidades, xa que cinco territorios concentran máis do 65% das cooperativas constituídas en todo o Estado. Esta configuración reforza a idea de que o cooperativismo se desenvolve de forma desigual, en función de factores como a tradición institucional, o apoio público, o dinamismo socioeconómico ou o tecido empresarial preexistente.

Porén, Galicia mantén unha posición destacada en termos relativos, especialmente se se ten en conta o seu peso poboacional, demográfico e económico dentro do Estado. Este dato contribúe a reafirmar o papel do cooperativismo galego como un instrumento estrutural de emprendemento, cunha capacidade de atracción e consolidación que supera a media estatal.


Táboa 3.6 Cooperativas creadas en España en 2024

CCAA	NUEVAS COOPERATIVAS DE TODO TIPO DE CLASES	% DE NUEVAS COOPERATIVAS DE TODO TIPO DE CLASES
ANDALUCÍA	346	22,11%
GALICIA	192	12,27%
CATALUÑA	172	10,99%
COMUNIDAD VALENCIANA	169	10,80%
PAÍS VASCO	144	9,20%
MURCIA	111	7,09%
NAVARRA	110	7,03%
MADRID	80	5,11%
CASTILLA LA MANCHA	64	4,09%
CASTILLA Y LEÓN	63	4,03%
REGISTRO CENTRAL	33	2,11%
ARAGÓN	27	1,73%
EXTREMADURA	18	1,15%
CANARIAS	12	0,77%
CANTABRIA	9	0,58%
ISLAS BALEARES	9	0,58%
ASTURIAS	5	0,32%
LA RIOJA	1	0,06%
CEUTA	0	0,00%
MELILLA	0	0,00%
TOTAL	1.565	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do MITE

A evolución interanual da creación de cooperativas entre 2014 e 2024 revela dinámicas claramente diferenciadas entre as cinco comunidades autónomas con maior número de novas entidades (gráfico 3.8). No caso de Galicia, obsérvase unha tendencia claramente ascendente, cun crecemento sostido e continuado desde 2016. A serie amosa unha progresión desde cifras próximas ás 80 cooperativas en 2014 ata acadar as 192 en 2024, o que significa un incremento acumulado superior ao 140 % nestes dez anos.

Gráfico 3.9. Evolución de cooperativas constituídas en CCAA (2014 - 2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do MITES

Este comportamento contrasta coa evolución doutras comunidades como Cataluña, Comunidade Valenciana ou País Vasco, onde os rexistros anuais se manteñen máis estables e cunha menor pendente de crecemento. Pola súa parte, Andalucía presenta unha evolución máis volátil. O caso galego destaca, ademais, por ese incremento continuado, sen rupturas bruscas nin flutuacións severas, o que suxire un ecosistema cooperativo en expansión sostida e unha certa madurez no desenvolvemento territorial da fórmula. Este crecemento tamén pode explicarse polo impulso institucional ao cooperativismo, o aumento da visibilidade do modelo como vía de autoemprego e a progresiva incorporación da mocidade.

3.4. Situación do cooperativismo galego

Como se adiantou no Informe da economía social de Galicia 2021 (Cancelo & Botana, 2022) existe numerosa bibliografía que incide na necesidade de levar a cabo unha depuración dos datos existentes nos diferentes rexistros de cooperativas de Galicia (Babío Arcay e Jordán Rodríguez, 2008, 2010; Cancelo e Botana, 2019; Jordán Rodríguez e Babío Arcay, 2016; Jordán Rodríguez et al., 2004). En termos xerais, todos estes estudos inciden na problemática común de falta de baixa das entidades que non están en funcionamento. Así, no informe publicado da ES en Galicia no ano 2022 levouse a cabo unha depuración das entidades cooperativas que non contaban con actividade a finais de 2021. A metodoloxía empregada para abordar este reto empregou distintas fontes, entre elas o contacto directo coas sociedades. En todo momento aplicouse un principio de prudencia, adoitando decisións conservadoras nas decisións (sobre todo, en caso de imposibilidade de contacto coas sociedades).

A primeira das labores realizadas foi determinar as fontes ás que se acudirían para configurar a base de datos sobre a que se levaría a cabo a análise. Despois de analizar as características dos datos existentes nas diferentes fontes que cuantifican ao cooperativismo galego en diferentes ámbitos -rexistros de cooperativas, Estatísticas de ES del Ministerio de Trabajo y Economía Social, Instituto Nacional de Estadística (INE), Instituto Galego de Estadística (IGE) e Axencia tributaria- acórdase que todas elas aportan información, pero esta non é comparable entre si ao non seguir os mesmos criterios á hora de incluír ou rexeitar parámetros, ademais de non contar todas coa mesma actualización.

Diante desta situación é polo que se decide partir dos datos dos rexistros autonómicos actualizada co Inventario do Cooperativismo Galego⁸ realizado en 2016 pola unión de cooperativas Espazocoop e actualizado posteriormente en 2019. Esta escolla susténtase principalmente na metodoloxía empregada na súa elaboración que complementa técnicas cuantitativas e cualitativas. Unha vez determinado o punto de partida, procédese coa súa depuración atendendo a diferentes criterios. Entendeuse como *activas* todas as cooperativas que tiñan depositadas as contas no rexistro de cooperativas ou no rexistro mercantil a partires do ano 2019, tivesen os cargos dos órganos de xestión actualizados ou se inscribisen nos dous últimos anos (2020 e 2021). Tamén se incluíron como activas aquelas que contiñan con algunha actividade pública neste período, entendendo como tal a existencia de páxina web, redes sociais ou a aparición en algún medio de comunicación. Pola contra, indicáranse como *non activas* aquelas entidades que figurasen nun proceso de liquidación publicado no Diario Oficial de Galicia, non teñan presentado as contas anuais dende con posterioridade a 2019 e/ou a Axencia Tributaria lle teña retirado o número de identificación Fiscal por inactividade.

Con esta combinación de fontes primarias configúrase unha base de datos da que se desprende que Galicia contaba a 31 d decembro de 2020 con un total de 1.145 cooperativas activas. Sobre este resultado no ano 2021, 2022 e 2023 procedeuse a actualizalo incorporando ás altas e baixas destes exercicios. Así, o 31 de decembro de 2024 existirían en Galicia un total de 1.542 cooperativas activas o que significa un total de 163 máis que o ano pasado. En calquera caso, e seguindo a situación da existencia de fontes igual que no ano 2020, cumpriría volver levar a cabo unha depuración e que esta se realizase con periodicidade.

A evolución interanual das cooperativas activas en Galicia entre 2023 e 2024 mostra un comportamento expansivo, cun incremento do 11 % no número total de entidades rexistradas, (táboa 3.7). Este crecemento global reflicte tanto a consolidación das tipoloxías tradicionais como a progresiva incorporación de modalidades cooperativas emerxentes.

Táboa 3.7. Variación das cooperativas activas atendendo a base depurada (2022 – 2024)

	2022	2023	2024	Variación
Crédito	1	1	1	0%
Ensinanza de traballo asociado	8	8	8	0%
Mixta de traballo asociado	1	1	1	0%
Servizos sociais	3	3	2	-50%
Transportistas de servizos	5	5	5	0%

8 Base de datos configurada no ano 2016 e financiada pola convocatoria de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da ES convocada pola orde do 11 de febreiro de 2016.

	2022	2023	2024	Variación
Xuvenil de explotación comunitaria da terra	1	1	1	0%
Ensinanza	9	9	9	0%
Explotación comunitaria da terra	44	44	44	0%
Consumidores e usuarios	22	25	48	48%
Transportistas	32	31	34	9%
Servizos	21	22	22	0%
Agraria	255	254	250	-2%
Xuvenil de traballo asociado	40	60	69	13%
Mar	15	15	15	0%
Traballo asociado	731	826	963	14%
Segundo grado	6	6	6	0%
Vivendas	67	65	59	-10%
Integración social	2	2	3	33%
Transportistas de traballo asociado	1	1	1	0%
Sanitaria de traballo asociado	1	1	1	0%
TOTAIS	1.265	1.379	1.542	11%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas


O incremento máis relevante en termos absolutos obsérvase nas cooperativas de traballo asociado que representa un crecemento do 14%, reforzando a súa posición como tipoloxía hexemónica no sistema cooperativo galego. Pola súa banda, as cooperativas xuvenís de traballo asociado continúan medrando de maneira sostida, cunha variación positiva do 13%, o que confirma a súa progresiva consolidación como fórmula de emprendemento entre a mocidade galega.

En termos relativos, destaca de maneira especial o comportamento das cooperativas de consumidores e usuarios. Esta evolución podería interpretarse como un indicio dunha maior receptividade social a modelos de consumo cooperativo, así como dunha maior orientación do cooperativismo cara a actividades relacionadas coa distribución, a enerxía ou os servizos de proximidade. Pola contra, algunhas modalidades amosan signos de reaxuste ou contracción. Así, as cooperativas de vivenda reducen o seu número, mentres que as cooperativas agrarias, aínda mantendo un volume moi significativo, experimentan unha lixeira diminución en continuidade coa tendencia descendente observada na última década. No conxunto das restantes tipoloxías, a estabilidade prevalece, sen variacións interanuais significativas, o que suxire unha estrutura cooperativa relativamente consolidada.

A distribución das cooperativas activas por provincias en 2024 mantén as principais tendencias observadas en anos anteriores, aínda que introduce unha variación significativa no liderado territorial (gráfico 3.10). A provincia de Pontevedra acada por primeira vez a maior concentración de cooperativas activas superando á Coruña, un cambio no liderado provincial que reflicte a consolidación dunha dinámica de crecemento sostida no cooperativismo pontevedrés xa sinalada en edicións anteriores. En conxunto, estas dúas provincias concentran máis do 70 % do total das cooperativas activas en Galicia, confirmando a súa condición de núcleos estruturais do cooperativismo galego.

As provincias do interior, Ourense e Lugo, continúan a rexistrar o menor número de cooperativas activas, con 176 e 194 entidades, respectivamente. A diferenza entre ambas vênse estreitando lixeiramente, o que podería reflectir dinámicas de converxencia a baixa escala, aínda que sen alterar o patrón estrutural de menor densidade cooperativa no interior galego.

Gráfico 3.10. Distribución das cooperativas activas por provincias (2024)



Fonte: elaboración propia a partir das cooperativas activas

Esta concentración territorial segue un patrón semellante ao observado na poboación activa, o número de empresas e o PIB, con predominio das provincias atlánticas. Porén, cómpre destacar que a participación da Coruña no cooperativismo resulta inferior ao seu peso relativo nas principais variables económicas, mentres que Pontevedra presenta unha sobrerrepresentación cooperativa, superando a súa proporción no tecido produtivo e no valor económico xerado. Este contraste evidencia unha implantación máis intensa do modelo cooperativo en Pontevedra, posiblemente vinculada a dinámicas, territoriais e sociais diferenciadas.

Táboa 3.8. Sociedades Cooperativas activas en Galicia (Distribución territorial, 31.12.2024)

	COOPERATIVAS		Poboación Activa		Empresas		PIB (1)	
	Total	%	TOTAL	%	TOTAL	%	TOTAL	%
A Coruña	542	35,1	525	41,6	76.843	41,4	30.969.518	43,4
Lugo	194	12,6	150	11,9	22.510	12,1	8.636.366	12,1
Ourense	176	11,4	131	10,4	20.855	11,2	7.946.086	11,1
Pontevedra	630	40,9	455	36,1	65.346	35,2	23.813.936	33,4
TOTAL	1.542	100,0	1.261	100,0	185.554	100,0	71.365.906	100,0

(1) Datos provisionais de 2022

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o IGE

3.5. O emprego cooperativo

Tal e como se avanzaba na introdución deste informe, nesta edición abórdase a análise do emprego cooperativo en Galicia, unha dimensión fundamental para comprender o impacto socioeconómico deste modelo empresarial. Esta aproximación non puido ser realizada en edicións anteriores debido á ausencia de datos estatísticos actualizados, oficiais e metodoloxicamente consolidados. A partir de 2020, o Ministerio de Traballo e Economía Social, a través da Subdirección Xeral de Estatística e Análise Sociolaboral, puxo en marcha a Estatística de Entidades de Economía Social inscritas na Seguridade Social, que permite dispoñer de información trimestral e desagregada sobre o número de entidades e, sobre todo, sobre o volume de persoas traballadoras afiliadas.

A estatística constitúe unha fonte primaria de gran valor, xa que integra datos procedentes dos ficheiros de Códigos de Conta de Cotización (CCC) da Seguridade Social e dos rexistros de afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA). Isto supón unha novidade relevante respecto das series históricas anteriores, nas que a información sobre emprego cooperativo era incompleta ou parcial. Cómpre sinalar, con todo, que os datos actuais aínda non incorporan os empregos vinculados a outros réximes especiais (agrario, do mar, etc.), polo que deben ser interpretados con cautela, especialmente en sectores produtivos onde a presenza cooperativa se vincula a esas modalidades de cotización.

Ademais de recoller o número total de persoas afiliadas, a nova estatística ofrece información desagregada por variables como tipo de entidade, provincia, sexo, tamaño da cooperativa e actividade económica (CNAE), o que posibilita unha análise máis fina e axustada ao contexto galego. A clasificación das entidades inclúe tanto as cooperativas formadas exclusivamente por persoas autónomas como aquelas que cotizan no RETA, o que permite representar con maior fidelidade a diversidade organizativa do cooperativismo actual.

Segundo estes datos, Galicia conta cun total de 1.124 cooperativas con persoas traballadoras afiliadas, xa sexa a través dunha conta de cotización ou ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), tal e como recolle a táboa 3.9. Esta cifra representa o 6,07% do total estatal, situado en 18.506 cooperativas con emprego rexistrado, segundo a mesma fonte. Esta proporción sitúa Galicia lixeiramente por debaixo do seu peso demográfico (5,7%) e económico (7,4% do PIB estatal en 2022), pero dentro dun rango coherente e representativo, tendo en conta as especificidades estruturais do cooperativismo galego.

Táboa 3.9. Sociedades Cooperativas segundo réxime de cotización

	Total salvo autónomos	Solo autónomos	TOTAL
Coruña, A	233	148	381
Lugo	77	55	132
Ourense	70	57	127
Pontevedra	237	247	484
TOTAL	617	507	1124


Fonte: elaboración propia a partir dos datos de seguridade social

Desde unha perspectiva interna, obsérvase unha distribución desigual por provincias, cun claro liderado de Pontevedra, que concentra o 43% das cooperativas galegas con emprego, seguida pola Coruña (34%), mentres que Lugo e Ourense rexistran porcentaxes moi

inferiores (11,7% e 11,3%, respectivamente). Esta realidade territorial reforza os patróns de concentración do cooperativismo xa sinalados en apartados anteriores. Por outro lado, o feito de que case a metade das cooperativas galegas con emprego se sitúen solo con persoas no RETA evidencia a importancia do cooperativismo de traballo na xeración de emprego cooperativo.

A evolución do número de cooperativas con persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social en Galicia mostra unha tendencia de crecemento sostido no período 2020–2024 (Gráfico 3.11). En concreto, o número total de cooperativas con actividade laboral rexistrada pasa de 833 en 2020 a 1.124 en 2024, o que representa un incremento acumulado do 35% en cinco anos, confirmando a resiliencia e capacidade de expansión do modelo cooperativo galego mesmo en contextos de incerteza social e económica. Este crecemento prodúcese tanto nas cooperativas con persoas afiliadas ao Réxime Xeral como, especialmente, nas cooperativas formadas exclusivamente por persoas autónomas afiliadas ao RETA, que se incrementan nun 85%. Esta evolución reforza a hipótese da expansión do cooperativismo como fórmula de autoemprego colectivo, sendo o RETA o segmento con maior dinamismo relativo no ecosistema cooperativo galego recente.


Gráfico 3.11. Centros de cotización de Sociedades cooperativas por provincia e sector (2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de seguridade social

A análise da distribución dos centros de cotización das sociedades cooperativas en Galicia permite observar tanto a implantación territorial como a súa especialización sectorial (Gráfico 3.12). En termos agregados, o sector servizos destaca de forma clara como o principal ámbito de actividade do cooperativismo galego, sumando 515 centros de cotización, o que representa unha porcentaxe moi maioritaria sobre o total. Este dato é consistente coa tendencia de terciarización do modelo cooperativo observada en anos recentes, en consonancia coa evolución do conxunto do tecido económico galego. A nivel territorial, Pontevedra lidera en número de centros (especialmente en servizos, con 215 centros, e na industria, con 32), o que reforza o seu papel como principal núcleo cooperativo da comunidade. Séguelle A Coruña, cunha importante presenza tanto no sector agrario (65 centros) como en servizos (184), mostrando unha estrutura máis diversificada. Pola súa parte, Ourense e Lugo presentan unha presenza máis reducida pero equilibrada entre agrario e servizos, con menor implantación industrial ou na construción.

Gráfico 3.12. Centros de cotización de Sociedades cooperativas por provincia e sector (2024)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de seguridade social

No que refire ás persoas traballadoras, o ano 2024 pechouse con un total de 9.128 persoas traballadoras en cooperativas en Galicia segundo a seguridade social. Das cales o 51,2 % son homes e o 48,8 % son mulleres, revelando unha distribución por sexo relativamente equilibrada. Esta cifra sitúa a Galicia nunha posición modesta no conxunto estatal, representando apenas o 2,72 % das persoas traballadoras en cooperativas en España, que suman un total de 335.057 persoas. Este peso relativo resulta inferior ao que representa segundo o número de cooperativas (un 6%) o que pode dar conta do tamaño máis reducido que pode ter o cooperativismo galego fronte a outros territorios.

Táboa 3.10. Persoas traballadoras de sociedades cooperativas por réxime de cotización e provincia (2024)

	Totais		R. Xeral		RETA	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Coruña, A	1.323	1.239	1.025	950	298	289
Lugo	528	515	468	409	60	106
Ourense	1.460	1.198	1.392	1.025	68	173
Pontevedra	1.359	1.506	954	1.056	405	450
TOTAIS	4.670	4.458	3.839	3.440	831	1.018

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de seguridade social

A desagregación por réxime amosa que o 42% do emprego cooperativo galego está adscrito ao RETA, unha proporción significativamente superior á media estatal, onde a afiliación ao Réxime Xeral é máis predominante. Ademais, no ámbito galego, as mulleres superan os homes no RETA, representando o 55,1 % das persoas afiliadas como socias traballadoras. Esta estrutura suxire que o cooperativismo en Galicia opera como unha vía relevante de inclusión laboral para as mulleres, especialmente en contextos de autoemprego colectivo, e constitúe unha canle significativa de activación laboral en réximes non asalariados.

Esta realidade debe ser considerada estratexicamente nas políticas de fomento do cooperativismo e da igualdade no emprego dentro da economía social. De igual forma, estes datos permiten afirmar que, malia contar cunha presenza estable de cooperativas activas, Galicia presenta marxe de mellora significativos en termos de emprego xerado, cuestión clave de cara á consolidación do cooperativismo como actor relevante no mercado laboral da economía social.

3.6. Conclusións

- A 31 de decembro de 2024 hai inscritas en Galicia 1.542 cooperativas en Galicia que conta con actividade.
- En 2024 constitúense 192 novas cooperativas en Galicia, o que supón un incremento do 39,13 % respecto ao ano anterior e marca un novo máximo da serie histórica recente. Este crecemento rompe coa ralentización detectada en 2023, e parece reactivar a tendencia expansiva iniciada a partir de 2017, malia que será necesario observar a súa consolidación nos próximos exercicios.
- A distribución territorial das novas cooperativas en 2024 mantén o patrón de concentración nas provincias atlánticas, onde se localizan máis do 76 % das novas entidades. Esta realidade confirma a persistencia dunha asimetría territorial no emprendemento cooperativo, que reproduce os eixos de polarización económica da comunidade galega.
- O cooperativismo de traballo asociado segue a ser a fórmula predominante, representando o 84 % das novas cooperativas constituídas. Se se agregan outras modalidades vinculadas ao autoemprego (xovenís e explotación comunitaria da terra), a porcentaxe supera o 91 %, o que consolida o traballo asociado como principal vía de acceso ao cooperativismo en Galicia, reforzando a súa función como instrumento de emprendemento colectivo e inserción laboral na economía social. Manténse a necesidade de mellora na constitución e consolidación de cooperativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega, como as cooperativas do mar, agrarias e de explotación en común da terra. Igualmente, detéctase unha baixa incidencia dos procesos de consolidación de cooperativas, en concreto, de creación de cooperativas de segundo grao.
- En 2024, as novas cooperativas galegas incrementan lixeiramente o número total de persoas socias fundadoras respecto a 2023, mais non se reverte plenamente a tendencia de perda de dimensión organizativa observada desde 2022.
- Desde o punto de vista sectorial, as novas cooperativas en 2024 concentráronse de novo maioritariamente no sector servizos, mais rexístrase tamén incremento en practicamente todos os sectores produtivos, incluídos o primario, a construción e as actividades artísticas. A única excepción corresponde ao sector secundario (industria), que non experimentou crecemento, confirmando a súa posición marxinal no ecosistema cooperativo galego recente.
- En canto ás cooperativas activas, Coruña e Pontevedra seguen a ser as provincias con maior densidade, sendo Pontevedra a que concentra, por primeira vez, o maior número de cooperativas activas en Galicia, o que consolida unha dinámica de liderado territorial observada xa nos datos de constitución de novas entidades.
- A distribución espacial amosa un peso crecente do cooperativismo en contornos rurais, onde se localiza a maioría das entidades, aínda que as diferenzas entre zonas urbanas e rurais tenden a diminuír.
- Sería de interese establecer mecanismos que faciliten e/ou fomenten os procesos de liquidación de cooperativas, co fin de instar a aquelas entidades que non teñan actividade a cursar a súa baixa no Rexistro.
- Cómpre establecer unha periodicidade de depuración da base de datos (por exemplo cada 2 anos) ao tempo que sería de interese poder comparar os datos existentes con outras bases de datos como as das empresas que levan a cabo as obrigas tributarias para así ser capaces de establecer cunha maior exactitude o número de entidades existentes en Galicia.

- Segundo os datos de seguridade social, o cooperativismo galego ocupa 9.128 persoas traballadoras, representando un 2,72 % do emprego cooperativo estatal, unha proporción inferior ao peso económico e demográfico da comunidade. Esta diferenza parece explicarse pola menor dimensión media das cooperativas galegas, altamente centradas no autoemprego colectivo e en sectores de baixa escala produtiva.
- Galicia presenta unha elevada participación do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) no emprego cooperativo (20,5 %), destacando o protagonismo das mulleres neste réxime, que supoñen o 55,1 % dos afiliados. Esta configuración revela o papel do cooperativismo como vía de inserción laboral non asalariada para colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo formal.
- Por último, a estrutura do emprego por sexo presenta unha distribución relativamente equilibrada, mais esta paridade contrasta coa media estatal (57,4 % mulleres), o que suxire márxenes de mellora na incorporación de mulleres ao cooperativismo en Galicia.

3.7. Bibliografía

- Babío Arcay, M. R., & Jordán Rodríguez, M. (2010). *Cooperativas de Galicia, informe de síntese*. 2010. Ed. Xunta de Galicia.
- Babío Arcay, M. R., & Jordán Rodríguez, M. (2008). *Cooperativas de Galicia, informe de síntese*. 2007 (Vol. 1). Ed. Xunta de Galicia.
- BABÍO ARCAI, M. R. & JORDÁN RODRÍGUEZ, M. (2006). *Cooperativas de Galicia, informe de síntese*. 2005. Ed. Xunta de Galicia.
- Cancelo Márquez, M. & Botana Agra, M. (Dir). (2019). *Libro branco de la economía social en Galicia*. Ed. Centro de Estudios Cooperativos da USC, CECOOP.
- Cancelo Márquez, M. & Botana Agra, M. (Dir). (2022). *Informe da economía social en Galicia 2021*. Ed. Centro de Estudios Cooperativos da USC, CECOOP
- Cancelo Márquez, M. & Botana Agra, M. (Dir). (2021). *Informe da economía social en Galicia 2020*. Ed. Centro de Estudios Cooperativos da USC, CECOOP
- Jordán Rodríguez, M. & Babío Arcay, M. R. (2016). *Cooperativas de Galicia, informe de síntese*. 2014. Ed. Xunta de Galicia.
- Jordán Rodríguez, M., Coutinho Villnueva, M., & Mougán Bouzón, H. (2004). *Libro Branco do cooperativismo en Galicia*. Ed. Xunta de Galicia

4. AS SOCIEDADES LABORAIS

4.1. Introducción

Neste capítulo abordarase a análise das Sociedades Laborais galegas no ano 2024, aínda que se incorporará, nalgún dato, un maior espazo temporal para estudar a evolución deste tipo de entidades da Economía Social en Galicia.

Logo de definir ás Sociedades Laborais, analízase a principal información publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social (MITES), que permite facer unha comparativa coa media española e con outras Comunidades Autónomas. Os datos refírense ás sociedades inscritas na Seguridade Social. Ademais, a partir dos datos do Rexistro da Xunta de Galicia e das publicacións do MITES analizaranse os datos de constitución de novas sociedades cunha comparativa estatal, autonómica e provincial.

4.2. Concepto

Segundo a Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (AESGAL) “unha Sociedade Laboral é aquela sociedade mercantil na que a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan nela servizos de forma retribuída, persoal e directa e cunha relación laboral por tempo indefinido.

Estas sociedades están rexidas pola Lei 44/2015 de 14 de outubro de sociedades laborais e participadas, a Lei de Sociedades de Capital e demais leis e regulamentos de aplicación.

Segundo recolle o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, as Sociedades Laborais poden ser Sociedades Anónimas ou de Responsabilidade Limitada, que se caracterizan polos seguintes requisitos:

- 1 “Polo menos a maioría do capital social é propiedade de traballadores que prestan nelas servizos retribuídos de forma persoal e directa, en virtude dunha relación laboral por tempo indefinido.
- 2 Ningún dos socios é titular de accións ou participacións sociais que representen máis da terceira parte do capital social, salvo que:
 - A sociedade laboral constitúese inicialmente por dous socios traballadores con contrato por tempo indefinido, na que tanto o capital social como os dereitos de voto estarán distribuídos ao cincuenta por cento, coa obriga de que nun prazo máximo de 36 meses cumpran os límites legais establecidos.
 - Se trate de socios que sexan entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou da economía social, nese caso a participación poderá superar o devandito límite, sen alcanzar o 50% do capital social.
- 3 O número de horas/ano traballadas polos traballadores contratados por tempo indefinido, que non sexan socios, non é superior ao 49% do cómputo global de horas-ano traballadas na sociedade laboral polo conxunto dos socios traballadores. Non computará para o cálculo deste límite o traballo realizado polos traballadores con discapacidade de calquera clase en grao igual ou superior ao 33%.”

Así, forman parte dunha Sociedade Laboral:

- Os socios de clase laboral, que prestan os seus servizos retribuídos de forma directa e persoal, son propietarios de participacións sociais, que no seu conxunto, suporán algo máis do 50% do capital social (que poden ser accións nominativas ou participacións sociais, neste caso nomeadas de igual maneira, “clase laboral”). A súa relación laboral é por tempo indefinido.
- Os socios non traballadores que poden ser persoas físicas ou xurídicas propietarios de accións ou participacións sociais e sen relación laboral coa sociedade (as accións ou participacións destes socios noméanse “clase general”).

Para a constitución dunha Sociedade Anónima Laboral o capital mínimo é de 60.000 euros, cunha subscrición (e desembolso) de, polo menos, o 25% de cada acción. Nas limitadas o capital mínimo é de 3.000 pero debe estar totalmente subscrito e desembolsado.

4.3. Análise das Sociedades Laborais en España


Nesta sección abórdase a análise das Sociedades Laborais en Galicia e España, utilizando os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, os do Rexistro da Xunta de Galicia e CIRIECSTAT, seguindo a metodoloxía utilizada na elaboración do Libro Branco da Economía Social en Galicia, coordinado polos profesores Cancelo e Botana no ano 2019.

Deste xeito, analízanse os datos do número de sociedades inscritas na Seguridade e os empregos nas mesmas, diferenciando entre as Sociedades Anónimas Laborais (SAL) e as Sociedades de Responsabilidade Limitada Laborais (SLL) para Galicia e España, incluíndo

unha comparativa entre CC.AA. para o ano 2024, sendo o dato de peche o número de entidades a data 31/12/2024.

Así mesmo, analízase a evolución das sociedades constituídas anualmente (número de entidades e de socios iniciais), facendo una comparativa coa media española. Tamén se inclúe a evolución das constituídas anualmente e da creación neta de sociedades.

Gráfico 4.1. Evolución do número de Sociedades Laborais. Galicia y España 2009-2024




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A evolución das sociedades laborais en Galicia, continua a senda decrecente que xa se puxo de manifesto no Libro Branco da Economía Social de Galicia no ano 2019 e nos seguintes informes. Así, no ano 2024 había 344 sociedades inscritas na Seguridade Social (S.S.), sendo 512 menos das que había no ano 2009, cunha taxa de variación media anual do -5,5%, moi similar á media española (-5,6%), tal e como se pode apreciar no gráfico anterior. No último ano, a variación foi do -1,4% no caso galego, sendo moi inferior á caída da media estatal (-4,3%).


No número de traballadores a situación é dunha maior caída no caso galego, que perde 2.339 empregos no conxunto do período, cunha variación media anual do -5,2% fronte ao -3,3% da media estatal. Con todo, no último ano en Galicia perdéronse 77 empregos, o que supón unha caída do -4,2%.

Gráfico 4.2. Evolución número de traballadores nas Sociedades Laborais en Galicia e España 2009-2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Gráfico 4.3. Número de Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social por CC.AA. 2024




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A Comunidade Autónoma que ten o maior número de sociedades laborais é Andalucía que con 1.318 representa o 21% do total das 6.284 españolas (sen incluír a Ceuta e Melilla) e que supón máis de dos puntos que o seu peso no PIB de España (19,3%). Madrid é a seguinte polo seu peso nestas sociedades, 779 (12,4%), seguida por Castela-A Mancha (8,5%) e Cataluña e Comunitat Valenciana (en torno ao 7,5%). Galicia é a novena CC.AA. segundo o seu peso nas Sociedades Laborais en España, representando o 5,5% do total, o que supón unha porcentaxe lixeiramente superior ao seu peso no PIB (5,2%).

Con relación ao número de empregos, Andalucía, con 10.437 segue a ser a CC.AA. con maior presenza (o 20% do total, 51.168, que suman as comunidades analizadas). En cambio, se analizamos o cociente empregos/sociedades, a CC.AA. con maior valor do mesmo é País Vasco con 13,8, seguida de Navarra e Cantabria, co 10,9 e o 9,1, respectivamente. Galicia, con 1.743 empregos, representa o 3,4% do total (polo que a súa representación é claramente inferior á que víamos co número de sociedades) e o emprego medio por sociedade é de 5,1, moi afastada da media que se sitúa en 8, e só supera as comunidades de A Ríoxa Aragón.

Gráfico 4.4. Número empregos nas Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social por CC.AA. 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Táboa 4.1. Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social en 2024 por CC.AA.: porcentaxe sobre o total de España no número de sociedades e empregos e media do emprego

	Sociedades % s/total	Emprego s/ total	Media emprego
ANDALUCIA	21,0	20,4	7,9
ARAGON	3,4	2,0	4,8
ASTURIAS	3,5	4,9	11,4
BALEARES	1,0	0,7	6,1
CANARIAS	2,8	2,3	6,9
CANTABRIA	1,5	1,7	9,1
CASTILLA-LA MANCHA	6,3	4,2	5,4
CASTILLA Y LEON	8,5	5,9	5,6
CATALUÑA	7,6	10,1	10,9
COM. VALENCIANA	7,5	6,4	6,9

	Sociedades % s/total	Emprego s/ total	Media emprego
EXTREMADURA	2,9	3,1	8,6
GALICIA	5,5	3,4	5,1
MADRID	12,4	12,5	8,2
MURCIA	6,4	7,2	9,2
NAVARRA	2,7	3,7	10,9
PAIS VASCO	6,7	11,3	13,8
RIOJA (LA)	0,3	0,1	3,8
TOTAL	100,0	100,0	8,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Se atendemos á forma xurídica, no ano 2024 había 17 Sociedades Anónimas Laborais (SAL) que daban emprego a 259 persoas, manténdose o número de sociedades con relación ao ano anterior, aínda que con 5 empregos menos. En España a tendencia é a mesma que en Galicia, pero cunha maior caída das SAL e do emprego (-6% e -5,9%, respectivamente).

A evolución das Sociedades Limitadas Laborais (SLL) é similar. En Galicia no ano 2024 había 327 entidades que daban emprego a 1.484 persoas o que supoñen 5 menos que no ano anterior (-1,5%) e unha perda de 72 empregos (-4,6%). A caída do número de sociedades é lixeiramente menor que en España (-4,1%) e a perda de empregos é sensiblemente superior (-2%).

Táboa 4.2. Sociedades Laborais rexistradas na Seguridade Social nos anos 2023 e 2024 segundo forma xurídica: Galicia e España

Número		S.A. Laborais		S.L. Laborais		Total	
		Sociedades	Empregos	Sociedades	Empregos	Sociedades	Empregos
2023	GALICIA	17	264	332	1.556	349	1.820
	ESPAÑA	596	11.309	5.971	41.379	6.567	52.688
2024	GALICIA	17	259	327	1.484	344	1.743
	ESPAÑA	560	10.647	5.726	40.561	6.286	51.208
Variación absoluta		S.A. Laborais		S.L. Laborais		Total	
		Sociedades	Empregos	Sociedades	Empregos	Sociedades	Empregos
2024 s/2023	GALICIA	0	-5	-5	-72	-5	-77
	ESPAÑA	-36	-662	-245	-818	-281	-1.480
TCA (%)		S.A. Laborais		S.L. Laborais		Total	
		Sociedades	Empregos	Sociedades	Empregos	Sociedades	Empregos
2024 s/2023	GALICIA	0,0	-1,9	-1,5	-4,6	-1,4	-4,2
	ESPAÑA	-6,0	-5,9	-4,1	-2,0	-4,3	-2,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Táboa 4.3. Emprego por sexo nas sociedades laborais en Galicia e España 2023 e 2024

		SAL		SLL		Total	
		Número	%	Número	%	Número	%
2023	GALICIA	94	35,6	556	35,7	650	35,7
	ESPAÑA	3.746	33,1	15.705	38,0	19.451	36,9
2024	GALICIA	94	36,3	551	37,1	645	37,0
	ESPAÑA	3.473	32,6	15.719	38,8	19.192	37,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

As sociedades laborais galegas empregan a un total de 645 traballadoras no ano 2024 (5 menos que no ano anterior) e representan o 37% do conxunto de persoas empregadas, aumentando lixeiramente o seu peso con relación ao ano anterior, ao perderse menos emprego feminino entre estes dous anos. Non hai gran diferenza con relación ao dato do conxunto do Estado nin en función da fórmula societaria, SAL ou SLL.

Para analizar a distribución por grandes sectores das sociedades temos que acudir aos datos por Centros de Cotización.

No ano 2024 o 3,8% das sociedades laborais españolas do sector agrario están en Galicia (4), que representan o 1% do total destas entidades na rexión. O sector no que atopamos máis empresas é no de Servizos, 266 en Galicia que representan o 71% do total, porcentaxe lixeiramente superior que o peso deste sector na media española (65,5%). Na industria galega hai 54 entidades deste grupo da ES que supoñen o 14% do total, porcentaxe inferior do que presentan no conxunto do Estado (19%). Por último, na construción atopámonos con 50 sociedades laborais en Galicia (o 5,4% do total español e o 13,4% do galego).

Táboa 4.4. Distribución sectorial por Centros de Cotización en Galicia e España. 2024

	CENTROS			TRABALLADORES			Media traballadores	
	GALICIA	ESPAÑA	% GA/ES	GALICIA	ESPAÑA	%GA/ES	GALICIA	ESPAÑA
Agricultura	4	105	3,8	11	599	1,8	2,8	5,7
Industria	54	1.272	4,2	433	12.490	3,5	8,0	9,8
Construción	50	924	5,4	304	6.526	4,7	6,1	7,1
Servizos	266	4.364	6,1	1.054	31.593	3,3	4,0	7,2
TOTAL	374	6.665	5,6	1.802	51.208	3,5	4,8	7,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Con respecto ao número de traballadores, o maior cociente con relación ao número de centros de cotización atópase no sector industrial, con 8 en Galicia, lixeiramente inferior que a media española (9,8). No lado oposto atopamos ao sector da agricultura, con 2,8 traballadores por centro de cotización en Galicia e case o dobre (5,7) en España. Nos sectores de construción e servizos, este cociente está en 6,1 e 4 en Galicia e, algo superior (en torno a 7) en España.

Táboa 4.5. Sociedades Laborais constituídas anualmente e socios iniciais en Galicia e España. 2009-2024

Ano	Galicia			España			% Galicia/España	
	Sociedades	Socios	Media socios	Sociedades	Socios	Media socios	Sociedades	Socios
2009	31	122	3,9	1.225	4.793	3,9	2,5	2,5
2010	47	166	3,5	1.252	4.590	3,7	3,8	3,6
2011	48	157	3,3	1.145	4.336	3,8	4,2	3,6
2012	60	263	4,4	1.006	3.895	3,9	6,0	6,8
2013	45	222	4,9	892	3.444	3,9	5,0	6,4
2014	42	146	3,5	770	2.860	3,7	5,5	5,1
2015	35	134	3,8	515	1.917	3,7	6,8	7,0
2016	29	106	3,7	417	1.398	3,4	7,0	7,6
2017	29	96	3,3	331	1.079	3,3	8,8	8,9
2018	45	138	3,1	347	1.144	3,3	13,0	12,1
2019	33	91	2,8	255	833	3,3	12,9	10,9
2020	23	54	2,3	211	621	2,9	10,9	8,7
2021	28	78	2,8	254	720	2,8	11,0	10,8
2022	24	58	2,4	211	593	2,8	11,4	9,8
2023	56	135	2,4	232	623	2,7	24,1	21,7
2024	77	177	2,3	278	717	2,6	27,7	24,7
VAR 2024/2009	46,0	55,0	-1,6	-947	-4.076	-1,3	25,2	22,1
TVA 2024/2009	5,9	2,4		-8,9	-11,2			
VAR 2024/2023	21	42	-0,1	46	94	-0,1	3,6	3,0
TVA 2024/2023	37,5	31,1		19,8	15,1			

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.


Como xa se sinalou nos informes dos anos anteriores sobre a ES en Galicia, a constitución de sociedades laborais en Galicia non segue exactamente o mesmo patrón que en España. Así, no período analizado, a taxa de variación media anual de creación destas empresas é do 5,9%, fronte ao -8,9% estatal. Galicia pasa así de representar o 2,5% das novas sociedades laborais en España no ano 2009 ao 25% no ano 2024, presentando a maior porcentaxe no ano 2023 (27,7%).

No ano 2024 constituíronse 77 novas sociedades laborais en Galicia, fronte as 278 no conxunto do Estado, 21 máis que no ano anterior, un 37,5% de variación fronte ao 19,8% de España. O número dos socios iniciais no caso galego pasou dos 135 do ano 2023 a 177 no 2024, 42 máis.

En relación cos socios iniciais, no conxunto do período analizado, 2009-2024, o aumento medio anual foi do 2,4% no caso galego fronte a caída do -11% no conxunto español. No ano 2024, o aumento do número de socios iniciais nas sociedades laborais galegas tamén foi case o dobre ca do estado (31% fronte ao 15%), e a media de socios iniciais nas empresas galegas segue a ser, lixeiramente, inferior á española, 2,3 fronte a 2,6.


No ano 2024 dúas comunidades autónomas representan máis do 60% da constitución de sociedades laborais en España: Madrid (91 sociedades, o 32,7% do total) e Galicia (77, o 27,7%). En Baleares e A Rioxa non se constituíu ningunha nova e Cataluña e Navarra non chegan ao 1%.

Gráfico 4.5. Sociedades Laborais constituídas no ano 2024 nas CC.AA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Gráfico 4.6. Socios iniciais nas Sociedades Laborais constituídas no ano 2024 por CC.AA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Se analizamos os datos de socios iniciais, atopámonos coa mesma situación, en Madrid as novas empresas contaron con 206 socios e Galicia, 177. A media de socios é a mesma nestas comunidades autónomas, 2,3 e sitúase lixeiramente por debaixo da española, 2,6.

No ano 2024 o sector onde se seguen a crear máis sociedades laborais é no sector servizos, tanto en Galicia (65 novas sociedades, o 84% do total) e en España (234 empresas, o 84%). A construción volve a ser o segundo máis dinámico en Galicia, 7 novas sociedades, o 9% do total, e no conxunto do estado creáronse 24 (8,6% do total). Na industria en Galicia creáronse 3 novas e 2 na agricultura.

Táboa 4.6. Sociedades laborais rexistradas e socios iniciais en Galicia e España por sector de actividade. 2009-2024.

GALICIA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construcción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2009	31	122	0	0,0	0	6	19,4	24	5	16,1	17	20	64,5	81
2010	47	166	0	0,0	0	15	31,9	57	7	14,9	20	25	53,2	89
2011	48	157	0	0,0	0	8	16,7	30	5	10,4	15	35	72,9	112
2012	60	263	1	1,7	3	19	31,7	115	3	5,0	11	37	61,7	134
2013	45	222	2	4,4	6	12	26,7	71	3	6,7	10	28	62,2	135
2014	42	146	1	2,4	3	12	28,6	47	4	9,5	15	25	59,5	81
2015	35	134	1	2,9	3	3	8,6	12	5	14,3	22	26	74,3	97
2016	29	106	0	0,0	0	4	13,8	16	1	3,4	4	24	82,8	86
2017	29	96	0	0,0	0	3	10,3	10	2	6,9	8	24	82,8	78
2018	45	138	2	4,4	6	4	8,9	12	4	8,9	16	35	77,8	104
2019	33	91	0	0,0	0	3	9,1	9	1	3,0	3	29	87,9	79
2020	22	54	2	9,1	4	3	13,6	8	2	9,1	4	15	68,2	38
2021	28	78	1	3,6	2	2	7,1	5	2	7,1	4	23	82,1	67
2022	24	58	1	4,2	2	6	25,0	16	3	12,5	6	14	58,3	34
2023	56	135	1	1,8	3	3	5,4	7	6	10,7	18	46	82,1	107
2024	77	177	2	2,6	6	3	3,9	7	7	9,1	16	65	84,4	148
ESPAÑA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construcción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2009	1.225	4.793	19	1,6	68	174	14,2	821	165	13,5	606	867	70,8	3.298
2010	1.252	4.590	21	1,7	72	178	14,2	674	159	12,7	549	894	71,4	3.295
2011	1.145	4.336	20	1,7	67	173	15,1	856	126	11,0	479	826	72,1	2.934
2012	1.006	3.895	18	1,8	68	153	15,2	735	95	9,4	357	740	73,6	2.735
2013	892	3.444	10	1,1	62	463	51,9	682	85	9,5	317	634	71,1	2.383
2014	770	2.860	12	1,6	41	128	16,6	522	78	10,1	299	552	71,7	1.998
2015	515	1.917	5	1,0	20	61	11,8	298	50	9,7	174	399	77,5	1.425
2016	417	1.398	5	1,2	23	51	12,2	222	40	9,6	127	321	77,0	1.026
2017	331	1.079	5	1,5	18	47	14,2	210	33	10,0	102	246	74,3	749
2018	347	1.144	6	1,7	19	49	14,1	229	36	10,4	117	256	73,8	779

2019	255	833	1	0,4	3	37	14,5	204	19	7,5	48	198	77,6	578
2020	211	621	7	3,3	32	30	14,2	94	17	8,1	47	157	74,4	448
2021	254	720	3	1,2	8	17	6,7	66	32	12,6	88	202	79,5	558
2022	211	593	5	2,4	14	30	14,2	105	25	11,8	65	151	71,6	409
2023	232	623	1	0,4	2	18	7,8	61	17	7,3	47	196	84,5	513
2024	278	717	2	0,7	6	18	6,5	39	24	8,6	68	234	84,2	604

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades acada, no ano 2024, o 37% das persoas socias traballadoras en Galicia e o 77% na media española. Nos socios capitalistas en Galicia o 30% son mulleres, fronte ao 35% estatal. No conxunto dos socios iniciais, en Galicia o 36,7% son mulleres, mellorando o dato do ano anterior e en España a porcentaxe elévase ata case o 43%.

Táboa 4.7. Tipoloxía dos socios e socias iniciais en Galicia e España 2023 e 2024

SOCIOS	ANO		Galicia	España
Total	2023	Total	132	623
		% Mulleres	34,1	38,8
	2024	Total	177	717
		% Mulleres	36,7	42,8
Socios traballadores	2023	Total	127	585
		% Mulleres	33,1	37,9
	2024	Total	167	371
		% Mulleres	37,1	77,1
Socios capitalistas	2023	Total	5	38
		% Mulleres	60,0	52,6
	2024	Total	10	60
		% Mulleres	30,0	35,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Para terminar esta sección, analízase a creación neta de sociedades laborais en Galicia e España no período 2009-24.

En xaneiro de 2024 en Galicia había 369 sociedades laborais inscritas na Seguridade Social. Ao longo do ano rexistráronse 77 novas e déronse de baixa 82 o que deixa un saldo neto de -5 sociedades, dato inicialmente mellor que o do ano anterior. A porcentaxe de creación neta de sociedades en Galicia neste ano foi de -1,4% o que nos sitúa por debaixo da media española neste indicador (-4,3%). A evolución ao longo do período da creación neta no conxunto do estado e en Galicia é moi similar, con diferenzas nalgúns dos anos da serie.

Táboa 4.8. Creación neta de Sociedades Laborais en Galicia e España. 2009-2024

GALICIA						
Ano	Sociedades activas 01/01	Novas sociedades rexistradas	Sociedades activas 31/12	Sociedades dadas de baixa	Creación neta de sociedades	% Creación neta de sociedades
2009	971	31	856	146	-115	-11,8
2010	856	47	791	112	-65	-7,6
2011	791	48	709	130	-82	-10,4
2012	709	60	669	100	-40	-5,6
2013	669	45	618	96	-51	-7,6
2014	618	42	582	78	-36	-5,8
2015	582	35	539	78	-43	-7,4
2016	539	29	519	49	-20	-3,7
2017	519	29	481	67	-38	-7,3
2018	481	45	473	53	-8	-1,7
2019	473	33	442	64	-31	-6,6
2020	442	23	401	64	-41	-9,3
2021	401	28	384	45	-17	-4,2
2022	384	24	369	39	-15	-3,9
2023	369	56	349	76	-20	-5,4
2024	349	77	344	82	-5	-1,4
ESPAÑA						
Ano	Sociedades activas 01/01	Novas sociedades rexistradas	Sociedades activas 31/12	Sociedades dadas de baixa	Creación neta de sociedades	% Creación neta de sociedades
2009	17.651	1.225	15.679	3.197	-1.972	-11,2
2010	15.679	1252	14.574	2.357	-1.105	-7,0
2011	14.574	1.145	13.465	2.254	-1.109	-7,6
2012	13.465	1006	12.294	2.177	-1.171	-8,7
2013	12.294	892	11.322	1.864	-972	-7,9
2014	11.322	770	10.828	1.264	-494	-4,4
2015	10.828	515	10.313	1.030	-515	-4,8
2016	10.313	417	9.787	943	-526	-5,1
2017	9.787	331	9.234	884	-553	-5,7
2018	9.234	347	8.725	856	-509	-5,5
2019	8.725	255	8.160	820	-565	-6,5
2020	8.160	211	7.620	751	-540	-6,6
2021	7.620	254	7.332	542	-288	-3,8
2022	7.332	211	6.978	565	-354	-4,8
2023	6.978	232	6.567	643	-411	-5,9
2024	6.567	278	6.286	559	-281	-4,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

4.4. Análise das Sociedades Laborais nas provincias galegas

Nesta sección preséntanse a información elaborada para as provincias galegas a partir dos datos do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Migración da Xunta de Galicia e do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Táboa 4.9. Número de Sociedades Laborais en Galicia e provincias inscritas na Seguridade Social segundo a súa forma xurídica. 2024

	SAL	% s/total	% s/ Galicia	SLL	% s/total	% s/ Galicia	TOTAL
A Coruña	6	5,2	35,3	109	94,8	33,3	115
Lugo	1	3,1	5,9	31	96,9	9,5	32
Ourense	2	4,0	11,8	48	96,0	14,7	50
Pontevedra	8	5,4	47,1	139	94,6	42,5	147
GALICIA	17	4,9	100,0	327	95,1	100,0	344

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Traballo e Economía Social

Pontevedra, como nos últimos anos, concentra a maior parte das sociedades laborais galegas, o 42,5% (147), seguida de A Coruña, co 33% (115). En Ourense atópanse 50 destas sociedades (14,7%) e 32 en Lugo (9,5%).

As sociedades laborais limitadas representan o 95% do conxunto galego, tendo unha representación moi similar nas catro provincias galegas. As anónimas, que son as que mais peso perderon nos últimos anos, foron 17 e non chegan ao 5% do total.

Táboa 4.10. Centros de Cotización das Sociedades Laborais en Galicia e provincias por grandes sectores. 2024.

GRANDES SECTORES	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Agricultura	1	2	0	1	4
Industria	24	5	6	19	54
Construcción	12	6	6	26	50
Servizos	88	22	43	113	266
TOTAL	125	35	55	159	374
Porcentaxe sobre o total por provincia					
Agricultura	0,8	5,7	0,0	0,6	1,1
Industria	19,2	14,3	10,9	11,9	14,4
Construcción	9,6	17,1	10,9	16,4	13,4
Servizos	70,4	62,9	78,2	71,1	71,1
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Porcentaxe sobre o total galego					
Agricultura	25,0	50,0	0,0	25,0	100,0

GRANDES SECTORES	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Industria	44,4	9,3	11,1	35,2	100,0
Construcción	24,0	12,0	12,0	52,0	100,0
Servizos	33,1	8,3	16,2	42,5	100,0
TOTAL	33,4	9,4	14,7	42,5	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social

A maior parte das sociedades laborais galegas desenvolven a súa actividade no sector servizos (71,1%), seguido pola industria (14,4%), construción (13,4%) e na agricultura (1,1%).

O sector agrario acada o seu maior peso na provincia de Lugo (5,7%) o que fai que esta provincia represente o 50% das sociedades laborais agrarias en Galicia, incrementando o seu peso con relación aos anos anteriores. A provincia que presenta o maior peso no sector industrial é A Coruña (19,2%) representando o 44% das galegas. Pontevedra é a que achega o maior número relativo de sociedades nos sectores da construción e dos servizos (52% e 42,5%).

Táboa 14.11. Emprego nos centros de cotización das Sociedades Laborais en Galicia e as súas provincias por grandes sectores. 2024

GRANDES SECTORES	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Agricultura	1	9	-	1	11
Industria	132	89	47	165	433
Construcción	69	24	12	199	304
Servizos	364	108	158	424	1.054
TOTAL	566	230	217	789	1.802
Porcentaxe sobre o total por provincia					
Agricultura	0,2	3,9	0,0	0,1	0,6
Industria	23,3	38,7	21,7	20,9	24,0
Construcción	12,2	10,4	5,5	25,2	16,9
Servizos	64,3	47,0	72,8	53,7	58,5
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Porcentaxe sobre o total galego					
Agricultura	9,1	81,8	0,0	9,1	100,0
Industria	30,5	20,6	10,9	38,1	100,0
Construcción	22,7	7,9	3,9	65,5	100,0
Servizos	34,5	10,2	15,0	40,2	100,0
TOTAL	31,4	12,8	12,0	43,8	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social

Táboa 4.12. Sociedades Laborais constituídas en Galicia e as súas provincias no período 2016-2024


	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
A Coruña	7	6	15	9	8	8	1	6	13
Lugo	1	0	3	2	0	1	2	11	5
Ourense	3	4	3	2	2	2	2	2	5
Pontevedra	18	19	24	20	13	17	19	37	54
GALICIA	29	29	45	33	23	28	24	56	77
Porcentaxe sobre o total galego									
A Coruña	24,1	20,7	33,3	27,3	34,8	28,6	4,2	10,7	16,9
Lugo	3,4	0,0	6,7	6,1	0,0	3,6	8,3	19,6	6,5
Ourense	10,3	13,8	6,7	6,1	8,7	7,1	8,3	3,6	6,5
Pontevedra	62,1	65,5	53,3	60,6	56,5	60,7	79,2	66,1	70,1
GALICIA	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Emprego, Comercio e Migración. Xunta de Galicia

Das 77 sociedades laborais constituídas en Galicia no ano 2024 o 70% (54) están domiciliadas na provincia de Pontevedra. A segunda provincia en dinamismo é A Coruña, que con 13 novas sociedades representa o 16,9% da creación. En Ourense e Lugo rexistráronse 5 novas sociedades en cada provincia, sumando o 13% da comunidade.

Para o dato acumulado do período 2016-24, das 344 sociedades constituídas en Galicia, 221 están na provincia de Pontevedra, 73 na Coruña e 25 en Ourense e en Lugo.

Gráfico 4.7. Sociedades laborais constituídas nas provincias galegas: acumulado 2016-24



Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Emprego, Comercio e Migración. Xunta de Galicia

Táboa 4.13. Sociedades Laborais constituídas en Galicia no período 2016-2024, segundo forma xurídica, media de socios e de capital social

o	Total	Media socios e socias	Socias	Media K-Social persoas físicas (euros e porcentaxe)		
	Número	Número	Porcentaxe	clase laboral	clase xeral	% clase laboral
2016	29	3,7	21,6	31.221	6.993	81,7
2017	29	3,4	26,5	19.725	2.541	88,6
2018	45	3	33,3	18.773	2.857	86,8
2019	33	3	33,3	53.598	21.699	71,2
2020	23	2,5	33,3	15.061	1.043	93,5
2021	28	3	38,2	21.427	1.385	93,9
2022	24	2,5	41,4	22.692	7.500	75,2
2023	56	2,4	34,1	12.502	7.500	62,5
2024	77	2,3	30,0	19.411	907	95,5

Fonte: Elaboración propia a partir do Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais. Consellería de Emprego, Comercio e Migración. Xunta de Galicia

Todas as sociedades laborais constituídas no período 2016-2024 presentan a forma xurídica de SLL, cunha media de 2,3 persoas socias iniciais, sendo a porcentaxe media de socias na constitución das mesmas do 30%. Con relación ao capital medio, sitúase en 19.411 euros nas de clase laboral e 907 euros nas de clase xeral.

4.5. Conclusións

As Sociedades Laborais son unha fórmula de auto emprego que xurdiron para dar saída a empresas que estaban en situación e crise, aínda que se constata que moitas das constituídas son de nova creación. Son sociedades mercantís nas que a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos de forma retribuída, persoal e directa cunha relación laboral por tempo indefinido.

A evolución destas sociedades, en Galicia e España, segundo os datos publicados polo ministerio, é decrecente no tempo. No último ano, 2024, había 344 sociedades galegas inscritas na Seguridade Social, sendo 512 menos que as que había no ano 2009, cunha caída media anual do -5,5% moi similar á media española. Con relación ao ano 2023 a variación foi do -1,4% no caso galego, sendo moi inferior á caída da media estatal (-4,3%).

Por CC.AA. Galicia é a novena segundo o seu peso nas Sociedades Laborais en España, representando o 5,5% do total, o que supón unha porcentaxe lixeiramente superior ao seu peso no PIB (5,2%). En cambio, se analizamos os datos de emprego, Galicia representa o 3,4% do total, o que indica que as nosas empresas están menos dimensionadas.

No número de traballadores a situación é dunha maior caída no caso galego, que perde 2.339 empregos no conxunto do período, cunha variación media anual do -5,2% fronte ao -3,3% da media estatal. Con todo, no último ano en Galicia perdéronse 77 empregos, o que supón unha caída do -4,2%.

A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades en Galicia acadou o 37% do conxunto do emprego, aumentando lixeiramente o seu peso con relación ao ano anterior. Non hai diferenzas significativas con relación ao dato do conxunto do Estado nin en función da fórmula societaria, SAL ou SLL.

No ano 2024 constituíronse 77 novas sociedades laborais (21 máis que no ano anterior), 65 no sector servizos, 7 na construción, 3 na industria e 2 na agricultura. No conxunto do Estado foron 278 polo que Galicia representou o 27,7% das novas sociedades, sendo a segunda CC.AA. que liderou a creación destas empresas, despois de Madrid.

Por provincias, e Pontevedra a que lidera a creación destas sociedades (54), seguida de A Coruña (13). En Lugo e Ourense constituíronse 10 novas empresas.

5. EMPRESAS DE INSERCIÓN

5.1. Introducción

A regulación das empresas de inserción a nivel estatal réxese pola *Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime de empresas de inserción*, modificada pola *Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección de persoas desempregadas*. No seu Artigo 4, defínese a empresa de inserción como “aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída que, debidamente cualificada polos organismos autonómicos competentes na materia, realice calquera actividade económica de produción de bens e servizos, cuxo obxecto social teña como fin a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social como tránsito ao emprego ordinario”. Ademais de proporcionar un traballo remunerado e formación específica, as empresas de inserción deberán ter servizos de intervención o acompañamento para facilitar a posterior incorporación ao mercado de traballo ordinario.

Segundo a Lei 44/2007, as empresas de inserción deben cumprir, ademais dos relativos ao rexistro e ás entidades promotoras, os seguintes requisitos:

- Estar promovidas e participadas por entidades sen ánimo de lucro. Esta participación será, como mínimo, o 51% en sociedades mercantís.
- Manter, en cómputo anual, a lo menos un 30% de traballadores en proceso de inserción durante os primeiros tres anos de actividade e de a lo menos o 50% a partir do cuarto.
- Non realizar actividades económicas diferentes ás do seu obxecto social
- Dedicar a lo menos un 80% dos resultados ou excedentes do exercicio á mellora das estruturas produtivas e de inserción
- Presentar anualmente un Balance Social da actividade da empresa
- Dispoñer dos medios necesarios para cumprir cos compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral

Atendendo ao disposto na *Lei 31/2015, de 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo*

autónomo e da economía social, as empresas de inserción adquiren a consideración de **entidades prestadoras de servizos de interese económico xeral**.

A esta medida engádese a *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público*, que entrou en vigor en marzo do 2018, que incorpora novas oportunidades de contratación para as empresas de inserción. Entre outras, que as administracións públicas deberán reservar a participación en determinadas licitacións a empresas de inserción; que dividiranse os contratos en lotes, podendo reservarse tamén lotes a empresas de inserción; e que se dará prioridade ás ofertas con mellor calidade/prezo, fronte ás máis baratas, debendo terse en consideración criterios sociais ou ambientais para avaliar a calidade.

Á *Lei 9/2017 súmase a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, na que se establece, na disposición adicional décimo novena, que a lo menos o 50% do importe de adxudicación deberá ser obxecto de contratación reservada a Empresas de Inserción e Centros Especiais de Emprego de iniciativa social autorizados para o tratamento de residuos.

No que respecta ás disposicións normativas sobre as empresas de inserción en Galicia compre sinalar dúas.

Por unha banda, a *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*, dispón no seu artigo 62 que a Xunta de Galicia promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social, cualificación esta que será acreditada polo Sistema galego de servizos sociais.

Por outra banda, aprobouse o *Decreto 178/2022, do 15 de setembro, no que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción de Galicia e o seu rexistro administrativo*. Este Decreto ven a substituír ao Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e trata de superar algunhas das dificultades prácticas que se observaron na súa aplicación, relativas tanto á cualificación e inscrición das empresas de inserción para que poidan empezar a operar como tales, como ao proceso de incorporación das persoas destinatarias finais dos seus servizos.

As empresas de inserción teñen como trazo característico o requisito de aplicación dun itinerario de inserción, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada. As accións de intervención consistirán nun conxunto de servizos, prestacións, acción de orientación, tutoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo ou habituación laboral e social, encamiñados a satisfacer ou resolver problemáticas específicas derivadas da situación de exclusión.


5.2. As empresas de inserción en Galicia

Descubrimos a continuación os trazos característicos das Empresas de Inserción (EI) en Galicia. Empregaremos a información que nos proporciona a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, os datos dispoñibles na base de datos SABI e *tamén datos proporcionados pola Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA)*. Presentaremos os datos básicos como son o número de EI en Galicia, a actividade que desenvolven, algúns datos financeiros e outros datos relativos ao emprego que xeran.

En decembro de 2024, hai activas e rexistradas na Xunta de Galicia 16 empresas de inserción. O número de EI amosa desde 2019 unha tendencia crecente (gráfico 5.1). As

dezaseis teñen forma xurídica de sociedade limitada. As máis novas rexistráronse no 2024 e a que leva máis tempo o fixo no 2008 (cadro 5.1).

Gráfico 5.1. Evolución do número de EI en Galicia (2019-2024)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Xunta de Galicia.

Cadro 5.1. EI en Galicia 2024. Ano de cualificación e forma xurídica


Nome da empresa	Ano de cualificación	Forma xurídica
ACTIVA EMPREGA, SL	2024	Sociedade limitada
EL ROPERO DEL PADRE RUBINOS S.L.	2024	Sociedade limitada
BIOMANS EIL, SLU	2024	Sociedade limitada
ACOLLE EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL SLU	2023	Sociedade limitada
PRIMICIAS RAIÑA, SLU	2021	Sociedade limitada
VIVIR DO TRABALLO EIL, SLU	2020	Sociedade limitada
SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL EIL, SLU	2019	Sociedade limitada
TROCO SOLIDARIO SLU	2017	Sociedade limitada
ARROUPA SANTIAGO EIL, SLU	2015	Sociedade limitada
FEITO PONTEVEDRA EIL, SLU	2014	Sociedade limitada
COROCEIRO EIL, SLU	2012	Sociedade limitada
PROPERDIS EIL, SLU	2011	Sociedade limitada
COMPOSTELA INSERTA EIL, SLU	2010	Sociedade limitada
EIL GRUPO DILL, SLU	2010	Sociedade limitada
EIL INSERGAL, SLU	2009	Sociedade limitada
EIL CORMO INTEGRAL, SLU	2008	Sociedade limitada

Fonte: Datos proporcionados pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Por provincias, a maioría, 8, teñen a sede na provincia de A Coruña, 6 na de Pontevedra e 2 na de Lugo (gráfico 5.2). En canto ás actividades desenvolvidas por estas empresas, 12 delas clasifícanse no sector servizos, 3 no sector primario e outra na construción (gráfico


5.3). No cadro 5.2, incluímos o detalle da actividade principal que desenrola cada unha delas e o código CNAE-2009 de catro díxitos.

Gráfico 5.2. El en Galicia 2024. Número de El por provincias.



Fonte: Datos proporcionados pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Gráfico 5.3. El en Galicia 2024. Distribución por sectores



Fonte: Datos proporcionados pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Cadro 5.2. El en Galicia 2024. Actividade e código CNAE-2009

EMPRESA	CNAE	Actividade	Sector
ACTIVA EMPREGA, SL	8110	Conservación de parques e áreas industriais.	Servizos
EL ROPERO DEL PADRE RUBINOS S.L.	4677	Recollida, valorización e comercialización de roupa de segunda máñ.	Servizos
BIOMANS EIL, SLU	5520	Servizos de hostelería, restauración e ocio.	Servizos
ACOLLE EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL SLU	150	Producción agrícola combinada con produción gandeira.	Agricultura
PRIMICIA RAÍÑA, SLU	161	Agricultura ecolóxica (producción e comercialización).	Agricultura

EMPRESA	CNAE	Actividade	Sector
VIVIR DO TRABALLO EIL, SLU	3831	Clasificación e reutilización de produtos posconsumo.	Servizos
SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL EIL, SLU	4779	Comercio polo miúdo de artigos de segunda man.	Servizos
TROCO SOLIDARIO, SLU	4719	Restauración de antigüidades de mobles e outros produtos, para posterior venda.	Servizos
ARROUPA SANTIAGO EIL, SLU	4690	Recollida, valorización e comercialización de roupa de segunda man.	Servizos
FEITO PONTEVEDRA EIL, SLU	8130	Coidadores de barrio, multiservizos, servizos forestais e de xardinería.	Servizos
COROCEIRO EIL, SLU	142	Explotación gandeira.	Agricultura
PROPERDIS EIL, SLU	4121	Albañilería e pequenos traballos de construción en xeral.	Construción
EIL GRUPO DILL, SLU	8110	Actividades de limpeza, reparacións, mantemento de edificios, proxectos e obras.	Servizos
COMPOSTELA INSERTA EIL, SLU	8121	Servizos de limpeza, recollida de aceite vexetal usado, transporte de mercancías.	Servizos
EIL INSERGAL, SLU	5621	Servizo de catering.	Servizos
EIL CORMO INTEGRAL, SLU	8130	Traballos xardinería, mantemento e decoración de zonas verdes e espazos naturais.	Servizos

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Co obxecto de reflexar a actividade das empresas, recollemos na táboa 5.1 o Importe neto da cifra de vendas das EI galegas desde 2019. Tomamos os datos da base SABI¹. Ao peche deste traballo, o último dato dispoñible é o do 2023. Obsérvase un incremento moi importante en dito importe entre o 2019 e o 2023, ata chegar aos 4.451.723 euros nese último ano.

Táboa 5.1. Importe neto cifra de vendas das EI* en Galicia, 2019-2023

	2019	2020	2021	2022	2023
Nº empresas*	12	11	11	12	11
Importe neto cifra de vendas (euros)	2.256.915	2.239.613	2.983.376	3.630.617	4.451.723

() Só se consideran aquelas que teñen datos na base SABI.*

Fonte: Elaboración propia con datos de SABI

Agora ben, dado que o número de empresas non é o mesmo todos os anos, resulta máis ilustrativo, para seguir a serie, o dato do importe neto da cifra de vendas por traballador (táboa 5.2), resultante de distribuír o total do importe neto da cifra de vendas entre o total de empregados medios (isto é, calculados a tempo completo). Pode comprobarse na táboa

¹ No 2019, empregouse nunha empresa o dato dos Ingresos de explotación ao non estar dispoñible o Importe neto da cifra de vendas.

que a cifra máis baixa son os 26.348 euros que se obteñen no 2020, ano marcado polo confinamento, producíndose posteriormente unha recuperación ata chegar aos 33.725 euros por traballador no 2023. Dita recuperación é máis relevante se temos en conta o importante incremento que se produce no número de traballadores no período, desde os 74 de 2019 ata os 132 en 2023.

As cifras da facturación por traballador nas EI galegas garanten que estas empresas compren coa combinación de obxectivos deste tipo de iniciativas empresariais: a viabilidade empresarial e o desenvolvemento de metodoloxías que fagan posible a inserción laboral das persoas en, ou en risco de, exclusión.

Táboa 5.2. Número de empregados (medios) e importe neto cifra de vendas por traballador (euros) nas EI* en Galicia, 2019-2023

	2019	2020	2021	2022	2023
Nº empresas*	12	11	11	12	11
Nº Empregados (medios)	74	85	108	128	132
Importe neto cifra de vendas por empregado (euros)	30.499	26.348	27.624	28.364	33.725

() Só se consideran aquelas que teñen datos na base SABI.*

Fonte: Elaboración propia con datos de SABI

Co obxecto de obter algunha información adicional sobre a actividade das EI en Galicia, empregamos agora os datos ofrecidos pola Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA).


No 2024, AEIGA conta con 9 empresas asociadas. Nelas había empregadas 183 persoas (táboa 5.3) das que o 55% eran mulleres. Do total de persoas empregadas, 102 estaban na modalidade de inserción (gráfico 5.4), das cales o 53% eran mulleres. As cifras recollidas no gráfico 5.4 amosan que, desde o 2021, son maioría as mulleres contratadas en inserción. Obsérvase una diminución importante no número de persoas contratadas en inserción no 2024 con respecto ao ano anterior.

Táboa 5.3. Persoas empregadas nas EI de AEIGA total e por sexo, 2019-2024

	Nº de empresas (*)	TOTAL persoas empregadas	Total Homes	Total Mulleres
2019	8	87	61	26
2020	8	140	74	66
2021	8	182	72	110
2022	9	211	88	123
2023	9	208	71	137
2024	9	183	82	101

() As cifras desta columna poden non coincidir exactamente co número total de empresas socias de AEIGA cada ano. Recollen o número das que se dispón de dato no exercicio.*

Fonte: Información proporcionada por AEIGA

Gráfico 5.4. Persoas contratadas en inserción nas EI de AEIGA por sexo, 2019-2024.


Fonte: Información proporcionada por AEIGA

Con respecto ás subvencións, ademais das axudas públicas ás que pode optar calquera outra empresa, hai unhas específicas para as EI. En Galicia, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia convoca anualmente axudas para fomentar tanto a súa creación como o seu mantemento. Ditas axudas permiten cubrir unha parte do custo salarial das persoas vulnerables e tamén do custo adicional que se deriva do emprego deste tipo de traballadores. En concreto, na *Orde de 13 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras, e procédese a súa convocatoria para o ano 2024*, especifícanse dous programas de axudas:

a) Programa I: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social.

b) Programa II: axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social.

No gráfico 5.5, obsérvase o importante incremento que se foi producindo nestas axudas nos últimos anos: o orzamento executado elevouse desde os 518.796 euros do ano 2019 ata o 1.615.696 do 2024.

Gráfico 5.5. Contía das subvencións da Xunta de Galicia específicas para as EI, 2019-2024 (orzamento executado, euros)

Fonte: Información proporcionada por AEIGA e portal da Xunta de Galicia

Por outra banda, aínda que non son específicas das empresas de inserción, compre tamén lembrar as axudas do Bono consolida economía social, dirixidas a apoiar a consolidación das entidades da economía social de Galicia².

Ademais da importante aportación que a integración no mercado laboral de persoas en exclusión supón para a cohesión social, a actividade das EI proporciona tamén un retorno económico directo para as Administracións públicas, fundamentalmente vía impostos. Segundo datos proporcionados por AEIGA, as empresas da asociación recibiron 1.435.669,27 euros en axudas públicas, e o retorno económico vía impostos foi de 671.948 euros, o 65% a través do IVA. O retorno social por posto de inserción foi de 11.261 euros.

5.3. Conclusións

As empresas de inserción teñen como obxecto a mellora da empregabilidade e a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social. Con tal fin, deséñase un itinerario de inserción individualizado, dun máximo de tres anos de duración, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada.

En decembro de 2024, había 16 empresas de inserción rexistradas en Galicia. Delas, 12 clasifícanse no sector servizos, 3 no sector primario e 1 na construción. Por provincias, a maioría, 8, teñen a sede na provincia de A Coruña, 6 na de Pontevedra e 2 en Lugo. Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada.

Polo que se refire ao número de persoas empregadas e ao importe neto da cifra de vendas por traballador, os datos dispoñibles na base SABI no momento de pechar este traballo só chegan ao ano 2023. Neles se observa o crecemento continuado do número de persoas empregadas en empresas de inserción en Galicia (empregados medios), que chegan a 132 no 2023. En canto á facturación por traballador, no 2022 acada os 33.725, o que supón continuar o crecemento tras a baixada experimentada no 2020, ano este marcado polo confinamento derivado da pandemia da COVID-19.

Por outra banda, se atendemos ás cifras proporcionadas por AEIGA, nas 9 empresas da asociación no 2024 había empregadas 183 persoas das que o 102 (56%) estaban na modalidade de inserción. Desde o 2021 son maioría as mulleres contratadas en inserción (53% en 2024). Diminúe o número de persoas contratadas en inserción no 2024 con respecto a o ano anterior.

En canto ás subvencións dirixidas en Galicia especificamente ás EI, a Xunta de Galicia incrementounas considerablemente nos últimos anos. Tendo en conta o orzamento executado, as axudas creceron desde os 518.796 euros do ano 2019 ata o 1.615.696 do 2024.

En síntese, a actividade económica das EI galegas experimentou un forte crecemento nos últimos anos que levou asociado un incremento tamén notable na contratación de persoal, especialmente mulleres en inserción. Toda esta evolución veu acompañada dun aumento das axudas outorgadas desde a Xunta de Galicia.

Compre subliñar que as axudas que reciben as EI vense compensadas polo retorno económico que estas empresas xeran para as Administracións públicas, especialmente via impostos, e pola súa importante contribución á cohesión social.

² Orden de 29 de decembro de 2023 por a que se establecen las bases reguladoras de las subvenciones para el apoyo a la consolidación de las entidades de la economía social de Galicia Bono consolida economía social y se convoca para la anualidad 2024 (DOG nº 17 del 24 de enero de 2024).

6. OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

6.1. Introducción

A día de hoxe, as persoas con discapacidade sofren limitacións no uso e desfrute dos dereitos sociais e económicos, especialmente en canto á participación no mercado de traballo. Os dereitos laborais das persoas con discapacidade, ao igual que os de todos os cidadáns, están recoñecidos en España polo artigo 35.1 da Constitución. E a protección e promoción dos dereitos deste colectivo veñen de ser reforzados coa recente modificación do artigo 49 da Carta Magna, onde se garante a súa autonomía e a plena inclusión (febreiro, 2024).

Coa definición establecida pola OMS (Organización Mundial da Saúde) no ano 2001, a discapacidade pasa a ser un fenómeno complexo que non contempla ao individuo de forma illada, senón na súa interacción coa sociedade na que vive. Esta definición recoñece, por primeira vez, o contexto social como factor determinante na discapacidade dunha persoa. Estamos a falar de que en torno ao 16% da poboación mundial ten algún tipo de discapacidade (OMS, 2024).

Por outra banda os Dereitos Fundamentais das persoas con discapacidade experimentaron un renovado impulso tras a aprobación da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (ONU, 2006).

Este colectivo tamén está no punto de mira da “Estrategia de las Naciones Unidas para la Inclusión de la Discapacidad (UNDIS), 2019”, e na Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible.

A Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos discapacitados estableceu as bases das políticas públicas de discapacidade e supuxo un innegable avance no recoñecemento de dereitos e na inclusión social das persoas con discapacidade. Segundo o artigo 43 os Centros Especiais de Empleo (CEE):

- i) son aqueles cuxo obxectivo principal é o de realizar unha actividade produtiva de bens ou de servizos, participando regularmente nas operacións do mercado, e teñen como finalidade o asegurar un emprego remunerado para as persoas

con discapacidade; á vez que son un medio de inclusión do maior número destas persoas no réxime de emprego ordinario. Debendo prestar os servizos de axuste persoal e social que requiran as persoas traballadoras con discapacidade, segundo as súas circunstancias e conforme ao que se determine regulamentariamente.

- ii) o persoal dos CEE estará constituído polo maior número de persoas traballadoras con discapacidade que permita a natureza do proceso produtivo e, en todo caso, polo 70 por 100 daquela.
- iii) a relación laboral dos traballadores con discapacidade que presten os seus servizos nos centros especiais de emprego é de carácter especial, conforme ao artigo 2.1. g) de Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e réxese pola súa normativa específica.

Os CEE son unha das entidades que configuran a Economía Social, e queda reflexado tanto na Lei estatal de Economía Social (Lei 5/2011, do 29 de marzo), como máis tarde no ordenamento xurídico galego na Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia.

Os Centros Especiais de Emprego, partícipes da Economía Social, son xeradores de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade; constituíndo así unha saída para que este colectivo poida exercer o seu dereito ao traballo.

Na actualidade hai dúas posibilidades de integración laboral das persoas con discapacidade. Dun lado, a integración directa no mercado aberto ordinario de traballo e doutro a integración no mercado protexido a través de Centros Especiais de Emprego.

Normativa

Na lei estatal 13/1982, do 7 de abril prodúcese un punto de inflexión coa aprobación da (Ley de Integración Social del Minusválido), hoxe chamada Ley General de la Discapacidad («BOE» núm. 289, de 03/12/2013), que reconece os dereitos das persoas con discapacidade e establece, por primeira vez, a obrigatoriedade de incorporar unha porcentaxe non inferior ao 2% de traballadores con discapacidade nas empresas de máis de 50 traballadores (artigo 42). E ademais configurou os centros especiais de emprego como unidades produtivas que, participando regularmente no mercado, teñen como finalidade primordial a integración laboral das persoas con discapacidade, así como a prestación dos servizos de axuste persoal e social que estes traballadores requiran. Establece que as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo, en condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación (artigo 35). E sinala os tipos de emprego das persoas con discapacidade (artigo 37.2): a) Emprego ordinario, nas empresas e nas administracións públicas, incluído os servizos de emprego con apoio. b) Emprego protexido, en centros especiais de emprego e en enclaves laborais. c) Emprego autónomo. No artigo 43 da citada lei, defínense os centros especiais de emprego para a inclusión laboral das persoas con discapacidade (obxectivo, persoal, relación laboral e engádense os CEE de iniciativa social -apartado 4, con efectos de 9 de marzo de 2018, pola disposición final 14 da Lei 9/2017, de 8 de novembro. Ref. BOE-A-2017-12902-).

O artigo 27 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (CDPD), (13/12/2006, ONU) reconece o dereito das persoas con discapacidade a traballar. En España, ratifícase o 23/11/2007 e publícase no BOE de 21/4/2008.

No ano 2011 apróbase a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social, (complementada coa Lei 31/2015, do 9 de setembro) e no artigo 5 cita de maneira explícita aos

Centros Especiais de Emprego (CEE) como unha das entidades que forman parte da Economía Social.

En virtude das competencias que con carácter exclusivo ten asumidas a Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.2 3º do seu Estatuto de autonomía en materia de asistencia social, aprobouse a Lei autonómica 4/1993, do 14 de abril, que veu ordenar e estruturar o sistema integrado de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, englobando os Centros Especiais de Emprego como equipamentos propios dos servizos de atención especializada dirixidos a persoas con discapacidade. Doutra banda, a Ley 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social do Minusválido (desenvolvida por medio do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro) establece, entre outros aspectos, que a creación destes centros esixe a súa inscrición nun rexistro administrativo dependente da Administración xeral do Estado ou da correspondente comunidade autónoma, segundo o ámbito competencial, e o artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, tamén prescribe de que todas as entidades prestatarias de servizos sociais terán que estar rexistradas, con carácter previo ao comezo das súas actividades nun rexistro administrativo creado para o efecto.

Por medio do Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, transferíronse á nosa comunidade autónoma as funcións e servizos inherentes ás competencias estatutariamente asumidas en materia de centros especiais de emprego, atribuíndoselle o seu exercicio á consellería competente en materia de traballo polo Decreto 168/1984, do 15 de novembro. Posteriormente xurdiu a necesidade de complementar mediante unha norma a regulación e funcionamento do Rexistro Administrativo dos CEE de Galicia, e nace así o Decreto 200/2005 do 7 de xullo.

A Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia («DOG» núm. 93, de 18/05/2016, «BOE» núm. 147, de 18/06/2016), no artigo 6 constata aos Centros Especiais de Emprego como unha das 10 entidades que forman parte da economía social de Galicia.

6.2. 6.2 Tipoloxía dos centros especiais de emprego

Os CEE poden ser de carácter público ou privado, con ou sen ánimo de lucro. Isto significa que poden ser creados polas Administracións Públicas directamente ou en colaboración con outros organismos, por entidades, por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens coa única esixencia de que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios.

Na disposición final décimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público engádesse un apartado 4 ao artigo 43 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, no que define aos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS) como:

- Aqueles promovidos e participados en máis dun 50%, directa ou indirectamente, por unha ou varias entidades, xa sexan públicas ou privadas, que non teñan ánimo de lucro ou que teñan recoñecido o seu carácter social nos seus Estatutos, xa sexan asociacións, fundacións, corporacións de dereito público, cooperativas de iniciativa social ou outras entidades da economía social.
- Aqueles cuxa titularidade corresponda a sociedades mercantís nas que a maioría do seu capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas anteriormente,

xa sexa de forma directa ou ben indirecta a través do concepto de sociedade dominante regulado no art. 42 do Código de Comercio.

- En todos os casos, os estatutos ou acordo social deben obrigaren ao reinvestimento íntegro dos beneficios para a creación de oportunidades de emprego para persoas con discapacidade e a mellora continua da súa competitividade e da súa actividade de economía social, tendo en todo caso a facultade de optar por reinvestilos no propio centro especial de emprego ou noutros centros especiais de emprego de iniciativa social.

Nesta liña, o “Proxecto da Lei Integral de Impulso da Economía Social” aprobado en Consello de Ministros en outubro do 2024 (e na actualidade en tramitación parlamentaria, maio 2025), modifica o artigo 5, (Ley 5/2011, de 29 de marzo de Economía social) sobre entidades de economía social, aclarando o seu ámbito de aplicación: incluíndo aos centros especiais de emprego de *iniciativa social*, introducindo o concepto de empresa social (salientando que son empresas que comparten os principios da Economía Social e que teñen que revestir na empresa o 95% dos beneficios) e facendo fincapé na declaración das entidades prestadoras de servizos de Interese Económico Xeral.

E, son tamén os Centros Especiais de Emprego de *Iniciativa Social* os beneficiarios da reserva de contratos amparados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.))

En definitiva, os CEE, son unha realidade que favorece a xeración de emprego para as persoas con discapacidade, á vez que contribúen a xerar unha sociedade mellor, onde as persoas sitúanse no centro das decisións.

Un estudo realizado por CIRIEC- España (Monzón et al. 2014) clasifica os CEE da economía española en CEE da Economía Social (CEE ES) e CEE da Economía Capitalista (CEE EC) centrándose na análise do seu comportamento, prescindindo de criterios xurídicos e administrativos. Devandita análise derívase dos seus obxectivos principais (ben ter un impacto social ou ben ter un beneficio para os seus propietarios e accionistas) e da diferente titularidade da empresa pública ou privada. O seguinte cadro recolle a clasificación dos CEE realizada neste estudo.

Cadro 6.1. Tipoloxía dos CEE en función das súas características socioeconómicas

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (CEE)	Obxectivo principal	Titularidade
CEE da Economía Social	Obtención dun impacto social	Privada
CEE da Economía Pública	Obtención dun impacto social	Pública
CEE da Economía Capitalista	Obtención de beneficios para os seus propietarios ou accionistas	Privada
a) con personalidade xurídica		
b) sin personalidade xurídica (persoas físicas)		

Fonte: Monzón, J.L., Antuñano, I. & Murgui, S. (2014)

Segundo os datos do Rexistro de CEE da Xunta de Galicia correspondentes ao ano 2024 existían un total de 132 CEE, dos cales 59 Centros teñen como obxectivo a obtención dun impacto social. Na táboa 6.1 observamos unha traxectoria ascendente que se estancou no ano 2020 por mor da crise da Covid-19, pero que se recuperou e se veu incrementada no último ano cun rexistro de 8 novos Centros fronte a 4 baixas.

Táboa 6.1. CEE por tipoloxía de Centro

CEE			
	Total	Sin ánimo de lucro	Con ánimo de lucro
2017	106	56	50
2018	109	56	53
2019	111	57	54
2020	111	57	54
2021	117	58	59
2022	124	53	71
2023	128	56	72
2024	132	59	73

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

6.3. Forma Xurídica

Os CEE adoptan na súa maioría a forma xurídica de Sociedade Limitada. Segundo os datos proporcionados por CIRIEC-España, en 2017 o 67.74% dos CEE ES e o 76.79% dos CEE EC eran Sociedades Limitadas. Esta tendencia non só é a predominante no ano 2024 senón que se ve incrementada, acadando un 82% de media. En menor medida temos Asociacións e Sociedades Anónimas (S.A.) nos CEE ES, mentres que nos CEE EC adoptan a forma de S.A. ou de persoa física (táboa 6.2).

Táboa 6.2. Número e Porcentaxes de CEE (ES, EC) segundo a súa forma xurídica. Galicia, 2024.

	Economía Social		Economía Capitalista		Total CEE	
	Número	%	Número	%	Número	%
Asociación	8	13,6	2	2,7	10	7,6
Sociedade Anónima	5	8,5	5	6,8	10	7,6
Sociedade Limitada	46	78,0	62	84,9	108	81,8
Persoa Física	0	0,0	4	5,5	4	3,0

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

6.4. Distribución provincial e sectores de actividade

Nesta sección preséntase a distribución provincial e os sectores de actividade nos que están presentes os CEE de Galicia seguindo a tipoloxía de centros de CIRIEC-España e a información proporcionada polo Rexistro de CEE da Xunta de Galicia.

Na táboa 6.3 mostramos o número e a porcentaxe de CEE a nivel provincial tendo en conta o seu obxectivo principal. Podemos observar que na provincia de Coruña radican máis da metade do total de CEE (62.9%) con igual presenza tanto da Economía Social como da Economía Capitalista. En segundo lugar está a provincia de Pontevedra, cun 27,3% dos Centros, onde a maioría (25) perseguen a obtención de beneficios para os seus propietarios ou accionistas. A provincia de Ourense, que conta co menor número de CEE rexistra 4 Centros onde o obxectivo principal é a obtención dun impacto social, fronte a 1 de iniciativa privada.

Táboa 6.3. Número e distribución de CEE a nivel provincial. Ano 2024

	Economía Social		Economía Capitalista		Total	
	número	%	número	%	número	%
Coruña	41	69,5	42	57,5	83	62,9
Lugo	3	5,1	5	6,8	8	6,1
Ourense	4	6,8	1	1,4	5	3,8
Pontevedra	11	18,6	25	34,2	36	27,3
Galicia	59	100	73	100	132	100,0

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

En relación aos sectores de actividade nos que están presentes os CEE da Comunidade Galega no ano 2024, podemos afirmar que máis do 74% corresponden ao sector de actividade terciaria que inclúe comercio, transporte e hostalaría, ademais de servizos clasificados nas ramas J a S (en adiante servizos) nos que operan o 46,2% dos CEE, e que son os que se detallan máis especificamente neste capítulo (ver táboa 6.5). A presenza dos CEE de iniciativa social no sector servizos é superior a dos de iniciativa empresarial. Detrás dos servizos, destacan a industria, o transporte e o comercio; tendencia que se ven mantendo desde o ano 2017 (táboa 6.4).

Táboa 6.4. CEE por tipoloxía e sector de actividade. Galicia, ano 2023-24

	Economía Social		Economía Capitalista		Total CEE	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Agricultura	7	8	1	0	8	8
Industria	9	9	16	16	25	25
Construción	1	1	0	0	1	1
Comercio	7	8	12	9	19	17
Transporte	3	3	12	15	15	18
Hostalaría	0	0	2	2	2	2
Servizos	29	30	29	31	58	61
Porcentaxe sobre o total						
Agricultura	12,5	13,6	1,4	0,0	6,3	6,1
Industria	16,1	15,3	22,2	21,9	19,5	18,9

	Economía Social		Economía Capitalista		Total CEE	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Construción	1,8	1,7	0,0	0,0	0,8	0,8
Comercio	12,5	13,6	16,7	12,3	14,8	12,9
Transporte	5,4	5,1	16,7	20,5	11,7	13,6
Hostalaría	0,0	0,0	2,8	2,7	1,6	1,5
Servizos	51,8	50,8	40,3	42,5	45,3	46,2

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Se nos centramos nas actividades dos CEE do sector servizos, (táboa 6.5) podemos afirmar que se concentran maioritariamente medida no grupo N, de actividades administrativas e servizos auxiliares, seguido dos grupos Q e M da clasificación CNAE (2009). As actividades administrativas e de servizos auxiliares representan as tres cuartas partes do total do sector servizos (o 73,8%), e as actividades sanitarias e de servizos sociais ocupan o segundo lugar coas actividades profesionais co 13,1%. Os CEE tanto de Economía Social como de Economía Capitalista protagonizan as actividades administrativas e servizos auxiliares (N). Afondando na clasificación, as persoas empregadas dedícanse principalmente á limpeza xeral de edificios e as actividades de xardinería, con relación ao total do grupo N. Os CEE de iniciativa capitalista dedícanse maiormente á limpeza xeral de edificios, mentres que os de ES destacan as actividades de xardinería. Podemos constatar que esta tendencia é similar nos últimos anos.

Táboa 6.5. Actividades dos CEE no sector servizos, Galicia, 2023-24

	Economía Social		Economía Capitalista		Total	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024
J-Información e Comunicacions	0	0	1	1	1	1
M-Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	1	3	2	5	3
N-Actividades administrativas e servizos auxiliares	19	19	23	26	42	45
O-Administración pública e defensa	1	1	0	0	1	1
P-Educación	0	0	1	1	1	1
Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais	5	5	0	0	5	5
R- Actividades artísticas, recreativas, e de entretemento	1	2	0	0	1	2
S-Outros servizos	1	2	1	1	2	3
Total	29	30	29	31	58	61

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

6.5. Mercado de traballo nos CEE

Este apartado céntrase na análise dos últimos datos referidos ao emprego das persoas con discapacidade en Galicia e a súa comparativa co total nacional, e dos datos de emprego nos CEE da nosa comunidade.

6.5.1. O emprego das persoas con discapacidade. 2023

As persoas con discapacidade enfróntanse a maiores dificultades e barreiras que o resto da poboación no ámbito da inserción laboral, o cal as conduce a maiores taxas de pobreza e de exclusión social. Por esta razón, a integración laboral das persoas con discapacidade (PCD) é unha condición necesaria para garantir os seus dereitos.

A táboa 6.6 recolle os datos do emprego das persoas con discapacidade en Galicia. En 2023 rexistráronse 135.000 persoas con certificado de discapacidade en idade de traballar, para unha taxa de prevalencia do 8,2% (o 8% da forza de traballo de 16 a 64 anos está representada polo colectivo de persoas con discapacidade).

Táboa 6.6. O emprego (miles) das persoas con e sen discapacidade, Galicia e España. 2023

	PCD (con discapacidade)		PSD (sen discapacidade)	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
Total	135,0	1946,8	1521,3	29405,0
Activos	42,1	690,6	1186,0	23074,7
Inactivos	93,0	1256,2	335,4	6330,3


Fonte: INE. *El empleo de las personas con discapacidad*

Unha característica moi significativa deste colectivo con respecto á súa situación laboral é a menor presenza no mercado laboral, as cifras reflexan un 31,2 % de activos no caso de Galicia; de maneira que a maioría son inactivos, aspecto que aumenta notablemente coa idade e co grao de discapacidade recoñecido.

No conxunto do Estado Español no ano 2023 había 1.946.800 persoas con discapacidade en idade de traballar (de 16 a 64 anos), o que supuxo o 6,2% da poboación total en idade laboral, sendo a porcentaxe de activos do 35,5%.

En Galicia no ano 2023, como se representa no gráfico 6.1, dentro do colectivo das Persoas Con Discapacidade os homes representan o 57,3% fronte as mulleres (42,7%). Superan ás mulleres en 17,4 puntos en canto a poboación inactiva. Hai máis homes traballando (53,9%), e menos mulleres paradas (46,2%).

Gráfico 6.1. Persoas Con Discapacidade segundo actividade e sexo. Galicia. 2023 (%)



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade; INE. El empleo de las personas con discapacidad

Ao comparar as taxas de actividade da poboación con e sen discapacidade, destaca a baixa taxa de actividade das persoas con discapacidade no mercado laboral galego (táboa 6.7).

A *taxa de actividade* para as Persoas Con Discapacidade é do 31,2%, 46,8 puntos por debaixo da do colectivo de PSD. Ademais é lixeiramente maior no caso das mulleres 33,6% fronte a 29,3% dos homes, situación que muda se falamos das persoas sen discapacidade (81,9% homes e 74,2% mulleres). A evolución da taxa de actividade da poboación con discapacidade de Galicia en 2023 foi positiva xa que creceu 0,8 puntos respecto á do ano 2022.

A *taxa de emprego* das Persoas Con Discapacidade foi do 26,4%, distanciándose 44 puntos por debaixo da taxa correspondente ás PSD. Isto supón que tan so unha de cada 4 persoas con discapacidade en Galicia ten emprego. O colectivo feminino das PCD supera ao masculino en canto a ocupación (3,6 puntos), mudando a tendencia no grupo das persoas sen discapacidade cunha diferenza de 8,3 puntos. A súa evolución foi positiva, aumentando en 2,3 puntos en relación ao ano anterior.

E a *taxa de paro* é considerablemente superior para as PCD, 15,4% fronte a 9,6% no caso da poboación sen discapacidade. A comparativa é similar en ambos sexos. A taxa diminuíu considerablemente entre 2022 e 2023 (5,3 puntos).

Táboa 6.7. Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo. Galicia e España. Ano 2023 (%)

	Persoas sen discapacidade						Persoas con discapacidade					
	Galicia			España			Galicia			España		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Taxa de actividade	81,90	74,2	78	83,1	73,9	78,5	29,3	33,6	31,2	35,8	35,1	35,5
Taxa de emprego	74,7	66,4	70,4	74,5	63,7	69	24,8	28,4	26,4	28,6	28,3	28,5
Taxa de paro	8,8	10,5	9,6	10,5	13,8	12	15,3	15,5	15,4	19,9	19,4	19,7

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade; INE. El empleo de las personas con discapacidad

No contexto español, o máis destacable do colectivo de persoas con discapacidade é a súa baixa participación no mercado laboral ao igual que sucede no caso galego.

En 2023 a súa *taxa de actividade* foi do 35,5% (0,2 puntos máis que en 2022), é dicir, 43 puntos inferior á da poboación sen discapacidade. Do mesmo xeito que sucede para a poboación xeral, as mulleres con discapacidade tiñan menos presenza activa no mercado laboral. As mulleres mostran unha taxa de actividade menor á dos homes con discapacidade (0,7 puntos) no caso das mulleres sen discapacidade a súa taxa é 9,2 puntos menor que a dos homes.

En 2023, a *taxa de emprego* das PCD en España foi do 28,5%, case 41 puntos inferior á das persoas sen discapacidade (69,0%). As mulleres mostran unha taxa de emprego lixeiramente inferior (28,3% fronte a 28,6% dos homes), aínda que este é un fenómeno que difire entre as persoas sen discapacidade acadando maiores diferenzas (10,8 puntos menos para a taxa feminina). Dita taxa aumentou en 0,7 puntos respecto ao ano 2022.

Pola súa banda, o 19,7% da poboación activa con discapacidade atopábase en situación de *desemprego*. A diferenza coa poboación sen discapacidade é de 7,7 puntos (19,7% fronte a 12,0%). A taxa de paro das mulleres é inferior a dos homes no colectivo con discapacidade (19,4% fronte a 19,9%), sen embargo non ocorre o mesmo nas PSD (10,5% homes fronte a 13,8% mulleres). Respecto ao ano 2022, a taxa de paro reduciuse en 1,9 puntos.

No caso de Galicia, a evolución entre os anos 2014 e 2023 foi positiva, cun aumento da taxa de emprego de 12 puntos, pasando do 14,3% ao 26,4%, e cun descenso na taxa de paro importante, ao pasar do 35,1% a 15,4%.

A participación no mercado laboral da poboación con discapacidade ven determinada polo grao e o tipo de discapacidade que padeza a persoa. Así, das 42.100 persoas con discapacidade que formaban parte da poboación activa en 2023, a meirande parte (o 54,6%) tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%.

Outras características desta poboación son que as discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego. Pola contra as taxas de actividade cando as limitacións son intelectuais e mentais non se traducen en emprego.

A taxa de emprego das PCD dende o ano 2014 incrementouse en 12 puntos, este aumento prodúcese en todos os tipos de discapacidade, sendo de 14 puntos na física (19,9% a 33,9%).

O nivel educativo das persoas con discapacidade en idade activa, é notablemente inferior ao das persoas sen discapacidade. As PCD teñen estudos na súa maioría secundarios (66,5%), destacando a porcentaxe de mulleres con estudos superiores (22,4%), 7 puntos por encima dos homes (táboa 6.8).

Táboa 6.8. Porcentaxe de poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo

	Total	Homes	Mulleres
Poboación analfabeta e estudos primarios	15,1	13,7	17
Secundaria e programas de formación e inserción laboral	66,5	70,8	60,8
Superiores	18,4	15,4	22,4

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade


A evolución nestes últimos anos corrobora como ambos colectivos experimentaron ganancias na formación tanto na educación secundaria como na superior, descendendo a porcentaxe que tan só ten estudos de primaria e salientando nos homes un incremento nos estudos de secundaria e programas de formación e inserción laboral.

6.5.2. O emprego nos CEE galegos. 2024

Neste epígrafe facemos unha análise da situación do emprego nos CEE galegos durante o ano 2024.

Máis da metade das persoas empregadas nos CEE (56,9%) realizan o seu traballo en Centros cuxo obxectivo é obter un impacto social. Case o 90% do persoal presenta algún tipo de discapacidade (tanto na ES, como na EC), cunha maior presenza do colectivo masculino (62% na ES, e 57,6% na EC).

Gráfico 6.2 Distribución do número de traballadores nos CEE, Galicia, 2024




Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Do total de persoas con discapacidade que traballan nos CEE (2070), o 57,1% faíno en Centros da Economía Social. A discapacidade física é a que ten unha maior presenza no mercado laboral, máis do 65% tanto na ES, como na EC; seguida da psíquica e da sensorial. O número de traballadores homes é maior en todos os tipos de discapacidade na ES, alcanzando o 67,9% na psíquica. O emprego no caso dos homes está por encima en todos os tipos de discapacidade na EC salvo na psíquica que están igualados.

O gráfico 6.3 presenta os pesos que os CEE de economía social e capitalista teñen na contratación de persoas con discapacidade, por tipo e por sexo no último ano.


Gráfico 6.3. Porcentaxe de traballadores nos CEE por tipos de discapacidade, Galicia, 2024



Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A Economía Social lidera a contratación nos CEE galegos cun 57% do total, predominando os de carácter indefinido (59,4% ES; 59% EC) fronte aos temporais (40,6% ES; 41% EC). Seguindo a filosofía dos CEE as persoas beneficiadas son na súa inmensa maioría con discapacidade, porcentaxes que alcanzan incluso o 90,5% (indefinidos na ES). Ademais, como se mostra no gráfico 6.4, son os Centros cun impacto social os que lideran a contratación indefinida ao colectivo con discapacidade (90.5%) fronte ao 89,1% da EC. En canto ao xénero, a contratación ten un marcado carácter masculino.

Gráfico 6.4 Distribución do número de traballadores nos CEE
asegundo natureza do contrato, Galicia, 2024



Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A nivel provincial (táboa 6.9), máis da metade do total de traballadores dos CEE están na provincia da Coruña (58,1% na ES e 61,2% na EC). En segundo lugar destaca Ourense na Economía Social, e Pontevedra na Economía Capitalista. Hai unha maior presenza de traballadores homes, tan so as mulleres son as protagonistas en Pontevedra e Lugo na EC.

Táboa 6.9. Porcentaxe de traballadores nos CEE a nivel provincial, Galicia, 2024

	ECONOMÍA SOCIAL			ECONOMÍA CAPITALISTA		
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES
Coruña	58,1	61,6	38,4	61,2	65,5	34,5
Lugo	3,1	80,5	19,5	9,1	48,3	51,7
Ourense	23,4	65,3	34,7	0,1	100,0	0,0
Pontevedra	15,4	54,7	45,3	32,2	45,0	55,0
Galicia	100,0	62,0	38,0	102,6	57,6	42,4

Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Do total de empregados con discapacidade, a maioría faio no sector servizos (48,6%), seguido da industria (28,5%), e xa en menor medida no transporte (8,7%) e no comercio (7,0%). Este patrón é semellante nos traballadores sen discapacidade.

Na táboa 6.10 preséntanse os resultados por sector de actividade. O sector servizos (como se sinalou, considérase aquí o sector servizos sen comercio, transporte nin hostalaría) nun 39,2% e a industria nun 33,9% son os que aglutinan aos traballadores dos CEE da Economía Social. Por outra banda, os Centros da Economía Capitalista están moi presentes nos servizos (61,0%) seguido da industria (21,3%). Tanto a construción como a hostalaría apenas son significativos a nivel de emprego nos CEE galegos.

Táboa 6.10. Número de traballadores e porcentaxe nos CEE por sectores de actividade, Galicia, 2024

	ECONOMÍA SOCIAL		ECONOMÍA CAPITALISTA		TOTAL	
	DISCAPACIDADE	SEN DISCAPACIDADE	DISCAPACIDADE	SEN DISCAPACIDADE	DISCAPACIDADE	SEN DISCAPACIDADE
Agricultura	124	13	0	0	124	13
Industria	401	38	189	26	590	64
Construcción	12	4	0	0	12	4
Comercio	97	14	48	8	145	22
Transporte	85	9	96	6	181	15
Hostalaría	0	0	13	0	13	0
Servizos	463	58	542	70	1005	128
Total	1182	136	888	110	2070	246

	ECONOMÍA SOCIAL		ECONOMÍA CAPITALISTA		TOTAL	
	DISCAPACIDADE	SEN DISCAPACIDADE	DISCAPACIDADE	SEN DISCAPACIDADE	DISCAPACIDADE	SEN DISCAPACIDADE
PORCENTAXE						
Agricultura	10,5	9,6	0,0	0,0	6,0	5,3
Industria	33,9	27,9	21,3	23,6	28,5	26,0
Construcción	1,0	2,9	0,0	0,0	0,6	1,6
Comercio	8,2	10,3	5,4	7,3	7,0	8,9
Transporte	7,2	6,6	10,8	5,5	8,7	6,1
Hostalaría	0,0	0,0	1,5	0,0	0,6	0,0
Servizos	39,2	42,6	61,0	63,6	48,6	52,0


Fonte: Rexistro CEE Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

6.5.3. Os contratos nos CEE. 2024

Analizamos o volume total de contratos específicos a persoas con discapacidade realizados tanto en empresa ordinaria como en centros especiais de emprego. Por contratos específicos enténdese aqueles que están dirixidos de forma exclusiva a persoas con discapacidade, de acordo coa estatística recollida polo Servizo Público de Emprego, SEPE; é dicir, os contratos a persoas cuxa discapacidade foi declarada no mesmo.

O gráfico 6.5 presenta a evolución dos contratos nos CEE. En Galicia no ano 2024 leváronse a cabo 5.880 contratos específicos a PCD, dos cales 3.901 foron en CEE (este supón o 66,34%). Isto supón unha lixeira diminución 0,5% no primeiro caso, mentres que no segundo foi en ascenso case nun 5%, en relación ao ano anterior, recuperando a senda crecente que se viña producindo dende o ano 2013 (exceptuando a caída producida por mor da Covid-19).

Gráfico 6.5 . Contratos Específicos a PCD, Galicia, 2006-2024 (Miles).




Fonte: *Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos*

En España, en 2024 realizáronse un total de 100.614 contratos específicos para persoas con discapacidade en España. Dos cales 73.525 leváronse a cabo en CEE, de maneira que do total de contratos realizados no exercicio a persoas con discapacidade, os CEE agrupan o 73,1%, poñendo de manifesto a relevancia do emprego protexido para a inclusión laboral de persoas con discapacidade. Trala recuperación en 2021 do emprego específico a persoas con discapacidade con aínda máis intensidade (logrando un crecemento anual do 31,8%), no 2024 prodúcese un descenso na contratación en torno ao 4,4%.

Segundo os datos do SEPE, dende o ano 2013 para Galicia e o 2008 para España, máis da metade dos contratos específicos a PCD realizáronse en CEE. A evolución é máis positiva no caso español acadando o 75,5% no ano 2020, onde 6 de cada 8 contratos leváronse a cabo en CEE; mentres que nos CEE galegos a cifra máxima alcanzouse no ano 2024 co 66,3%, o que representa a 6 de cada 9 contratos. O gráfico 6.6 presenta a evolución dos contratos para Galicia e España en porcentaxe sobre o total.

Gráfico 6.6. Contratos Específicos a PCD en CEE, Galicia e España (% do total), 2006-2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Con relación ao tipo de contrato, os contratos temporais superan case o 60% do total de contratos específicos realizados a PCD en Galicia en todos os anos analizados, chegando a alcanzar o 81,4% no ano 2014. Pola contra a nivel nacional, a temporalidade é máis acentuada xa que supera case o 65% no período de estudo, acadando a cifra do 84,3% no ano 2015. No ano 2024, mellora esta tendencia de xeito que as cifras sitúanse no 65,2% para Galicia, e no 66,7% para o conxunto nacional.

Esta situación empeora de xeito considerable si falamos dos CEE, porque tan só 1 de cada 5 contratos son de carácter indefinido tanto en Galicia como en España no ano 2024. Polo tanto consolídase a temporalidade no emprego deste colectivo (táboa 6.11).

Táboa 6.11. Contratos específicos realizados a PCD en Galicia e España en función do tipo de contrato (%), 2006-2024

	Totais (Inclúe CEE)				En CEE			
	Indefinidos(%)		Temporais (%)		Indefinidos(%)		Temporais (%)	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2006	42,5	36,8	57,5	63,2	19,9	10,0	80,2	90,0
2007	40,6	36,0	59,4	64,0	21,1	11,2	78,9	88,8
2008	37,7	33,3	62,3	66,7	16,6	11,3	83,4	88,8
2009	37,3	28,3	62,7	71,7	12,9	9,0	87,1	91,0
2010	30,7	26,5	69,3	73,5	10,9	7,0	89,1	93,0
2011	27,9	23,9	72,1	76,1	4,4	5,6	95,6	94,4
2012	26,7	19,6	73,4	80,4	6,3	3,6	93,7	96,4
2013	20,9	16,7	79,1	83,3	7,3	7,2	92,7	92,8
2014	18,6	16,3	81,4	83,7	6,5	7,1	93,5	92,9

	Totais (Inclúe CEE)				En CEE			
	Indefinidos(%)		Temporais (%)		Indefinidos(%)		Temporais (%)	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2015	18,9	15,7	81,1	84,3	6,4	6,1	93,6	93,9
2016	19,9	19,0	80,1	81,0	6,8	8,2	93,2	91,8
2017	20,7	19,1	79,3	81,0	6,4	8,8	93,6	91,2
2018	22,4	20,2	77,6	79,8	9,1	10,2	90,9	89,8
2019	22,0	19,0	78,0	81,0	11,1	8,7	88,9	91,3
2020	22,3	18,7	77,7	81,3	10,2	9,9	89,8	90,1
2021	20,9	20,1	79,1	79,9	10,2	12,2	89,8	87,8
2022	40,7	36,5	59,3	63,5	25,0	24,8	75,0	75,2
2023	37,6	34,7	62,5	65,3	18,0	21,8	82,0	78,2
2024	34,8	33,3	65,2	66,7	18,0	21,1	82,0	78,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

6.5.4. Os salarios das PCD e nos CEE

O feito de ter unha discapacidade inflúe no salario medio da persoa traballadora. Os datos máis recentes dispoñibles proceden da *Encuesta del salario de las personas con discapacidad* do *Instituto Nacional de Estadística* (INE), de setembro de 2024, e refírense ao ano 2022. Así, o salario medio anual bruto dos traballadores por conta allea con discapacidade foi de 22.040,7 euros, un 2,3% máis que no ano anterior (2021). A pesar deste incremento, o salario medio das persoas con discapacidade foi un 18,7% inferior ao do resto de traballadores (27.107,8 euros). En termos absolutos, as persoas con discapacidade cobraron de media 5.067,10 euros menos que o resto de traballadores. Esta brecha salarial incrementouse en 1,5 puntos respecto ao ano 2021.

Ao observar as cifras entre homes e mulleres con discapacidade, os datos indican que o salario das mulleres con discapacidade foi de 20.898,9 euros de media por traballadora e ano, mentres que para os homes foi de 22.938,4 euros. Isto supón que a brecha salarial entre homes e mulleres con discapacidade é do 8,9%, que en termos absolutos supón 2.039,5 euros anuais menos. Si comparamos o salario medio das mulleres con discapacidade respecto ao das persoas sen discapacidade, a diferenza elévase ata os 6.208,9 euros anuais.

Na táboa 6.12 mostramos os datos máis actualizados das táboas salariais en base aos Convenios Colectivos dos CEE. Por unha banda dispoñemos do Acordo Parcial do XVI Convenio Colectivo dos CEE a nivel estatal, anos 2022-23-24 publicado (no BOE, 16 febreiro 2023); e o Convenio colectivo autonómico galego para o ano 2023.

Táboa 6.12. Salario base, en euros, en función dos Convenios Colectivos dos CEE.

GRUPO PROFESIONAL	Convenio Colectivo Estatal (2022-23-24)	Convenio Colectivo CEE GALICIA (2023)	
	B.O.E.	CEE INICIATIVA SOCIAL	CEE NON INICIATIVA SOCIAL
Grupo I. Personal directivo		1849	2255
Grupo II. Personal titulado nivel 3	1816	1733	2114
Grupo II. Personal titulado nivel 2	1380	1502	1832
Grupo III. Personal técnico superior	1271	1386	1691
Grupo III. Personal técnico	1027	1143	1416
Grupo III. Personal técnico auxiliar	965	1080	1318
Grupo IV. Personal operario auxiliar	830	1080	1318

Fonte: BOE, DOG

No Convenio galego distinguen entre Centros atendendo á iniciativa dos mesmos, e os datos reflexan unhas táboas salariais de partida inferiores nos CEE de iniciativa social. No Convenio estatal está reflexado o salario base para os anos 2022, 2023 e 2024.

6.6. Políticas de creación de emprego. 2023

As axudas para “Integración Laboral de persoas con discapacidade” teñen como destinatarios os Centros Especiais de Emprego, e os centros ordinarios de traballo. No primeiro caso, teñen por obxecto promover proxectos xeradores de emprego de carácter innovador para traballadores con discapacidade desempregados, axudar ao mantemento de postos de traballo mediante a concesión de subvencións e axudas para estes fins, e financiar os custos derivados da contratación de unidades de apoio.

Do total das axudas de apoio á creación de emprego no ano 2023 en España o 78,46% foron destinadas á integración laboral de persoas con discapacidade, e os CEE son os principais beneficiarios co 98,24%, dirixidas na súa gran maioría ao mantemento de postos de traballo.

En Galicia no mesmo ano, o 78,5% do total das axudas de apoio á creación de emprego foron destinadas á integración laboral das persoas con discapacidade. As provincias máis beneficiadas foron A Coruña con máis da metade (52,03%), seguida de Pontevedra (36,7%). Os CEE recibiron o 77,4% das axudas, destinadas principalmente ao mantemento de postos de traballo (89,9%). Con estas axudas, creáronse 35 postos de traballo (a maioría en Coruña e Pontevedra), mantívose o persoal de 5.685 persoas con discapacidade e as unidades de apoio axudaron a 800 persoas (a gran maioría na Coruña seguida de Pontevedra).

As axudas totais víronse reducidas considerablemente en relación ao ano anterior (2022) para o caso galego (> 40%, de 23.792.936 a 13.190.340), sen embargo aumentaron nun 5,5% para o conxunto do Estado español.

Táboa 6.13 Axudas para a integración laboral de persoas con discapacidade. Galicia e España. 2023. Euros

AXUDAS TOTAIS		CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO						
		AXUDAS TOTAIS EN CEE	Proxectos xeneradores de emprego		Mantemento de postos de traballo		Unidades de apoio	
			Postos creados	Importe	Persoas con discapacidade	Importe	Persoas que reciben apoio	Importe
Coruña	6.310.266	5.309.266	18	224.220	3.242	4.769.956	384	315.090
Lugo	1.016.209	532.209	1	15.000	277	511.796	7	5.412
Ourense	1.122.942	621.442	0	0	258	597.569	24	23.873
Pontevedra	4.740.924	3.741.799	16	187.640	1.908	3.295.095	385	259.064
GALICIA	13.190.341	10.204.716	35	426.860	5.685	9.174.415	800	603.440
ESPAÑA	558.813.922	548.971.454	1.977	18.701.085	109.486	487.097.784	23.621	43.165.914


Fonte: Ministerio de Trabajo e Seguridade Social. Estatísticas. <https://www.mites.gob.es/es/estadisticas/anuarios/2023/index.htm>

6.7. Estrutura financeira e estrutura de ingresos

A partir dos datos dispoñibles na base de datos SABI para os CEE que operan en Galicia analízanse neste apartado a estrutura financeira e a estrutura de ingresos a 31 de decembro de 2023.

Segundo os datos do rexistro de CEE da Xunta de Galicia, en 2023 había 132 CEE activos 59 CEE de economía social (tres máis que o ano anterior) e 73 de economía capitalista (un máis que en 2022), pero a dispoñibilidade dos datos económico-financeiros non é total, senón que se dispón de datos para o 73% dos CEE que operan en Galicia, ben porque se trata de asociacións ou persoas físicas, ou ben porque aínda non depositaron as contas do ano 2023. A figura 1 resume a dispoñibilidade de datos para o ano 2023 na base de datos SABI (*Sistema de Análisis de Balances Ibéricos*). Así, dispónse de datos lo 78% dos 59 CEE de economía social (46) dos que o 82.6% (38) teñen a súa sé en Galicia, mentres que 8 teñen a sé fora de Galicia. Polo que respecta aos CEE de base capitalista, están dispoñibles os datos de 51 CEE (o 70%), dos que 36 teñen sé en Galicia (70,6%), mentres que 15 teñen a súa sé principal fóra da nosa Comunidade.

Figura 1. Número de CEE de Galicia con dispoñibilidade de datos en SABI. 2023



Fonte: elaboración propia a partir de Xunta e SABI.

Os datos dispoñibles na base de datos SABI corresponden ás contas anuais das empresas independentemente da comunidade autónoma na que operen, así, para o caso das empresas con sé fóra de Galicia, as cantidades non están desagregadas por rexións, polo que é preciso facer unha estimación das cifras que corresponden a Galicia. O procedemento levado a cabo foi estimar os datos que corresponden a Galicia dos CEE con sé noutras rexións ponderando as cifras segundo o peso do emprego deses CEE en Galicia (segundo os datos do Rexistro da Xunta de Galicia) en relación co seu emprego total (publicado na propia base SABI).

Así, para cada unha das partidas, os datos serán as sumas das cifras dos CEE con sé en Galicia máis os valores estimados para os CEE con sé fóra de Galicia. Do total de ingresos dos CEE, os que corresponden aos CEE con sé en Galicia representan o 88%, un 80% no caso dos CEE de iniciativa social e un 92% dos de iniciativa capitalista. Destaca o pouco peso dos ingresos financeiros dos CEE social con sé en Galicia sobre o total (24,4%).

Preséntase na táboa 14 a estrutura financeira dos 97 CEE dos que se dispón de datos a 31 de decembro de 2023. Os ingresos totais dos CEE de iniciativa social, con 64.476 miles de euros, supoñen o 35% do total de ingresos dos CEE (184.161 miles de euros), por un 65% dos de iniciativa capitalista. É de destacar que o peso doutros ingresos de explotación dos CEE ES no total dos CEE é do 61% fronte o 39 % dos CEE EC, mentres que os pesos do importe neto da cifra de negocios e dos ingresos financeiros son do 32% e 37% respectivamente. Destaca o peso que os CEE ES teñen na cifra total de Capital (75%) e no apartado de subvencións e legados (62.4%).

Táboa 6.14. Estrutura financeira dos CEE 2023 (miles de euros)

	Social	Capitalista	Total
Patrimonio neto	37.585	37.179	74.764
Fondos propios	33.934	35.333	69.266
Capital	16.700	5.515	22.216
Reservas	19.393	23.626	43.019
Subv+legados	3.108	1.876	4.984
Pasivo non corrente	7.417	9.822	17.240
Pasivo Corrente	15.476	26.528	42.005
Total patrimonio neto e pasivo	60.479	73.530	134.009

	Social	Capitalista	Total
Importe neto da cifra de negocios	52.610	111.860	164.470
Outros ingresos de explotación	11.904	7.579	19.483
Ingresos financeiros	146	246	392
Total ingresos	64.476	119.685	184.161

Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI (datos estimados). Nota: datos a 31 de decembro de 2023.

Os recursos financeiros dos CEE, do mesmo xeito que os do resto de empresas sociais, están formados por unha mestura de recursos propios e alleos, entre os cales os ingresos obtidos da actividade comercial representan unha parte significativa. Estes recursos financeiros poden proceder de: (i) o desenvolvemento da súa actividade, a través da reinvestimento de beneficios; (ii) das achegas dos titulares dos CEE en forma de accións, participacións ou calquera outra achega conforme ao tipo de sociedade na que se constituíu o centro, e (iii) de recursos alleos como créditos bancarios, doazóns, axudas da administración pública, etc.

Na táboa 15 preséntanse os datos en termos porcentuais relativos ao patrimonio neto e pasivo nos CEE de Galicia.

Táboa 6.15. Estrutura financeira CEE de Galicia por tipoloxía de centro (%) 2023

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
Capital	27,6	7,5	16,6
Reservas	32,1	32,1	32,1
Total fondos propios	56,1	48,1	51,7
Subv. doazóns e legados	5,1	2,6	3,7
Total patrimonio neto	62,1	50,6	55,8
Pasivo non corrente	12,3	13,4	12,9
Pasivo corrente	25,6	36,1	31,3
Total pasivo	37,9	49,4	44,2


Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI (datos estimados). Nota: datos a 31 de decembro de 2023.

A estrutura porcentual dos recursos financeiros sinala un peso importante dos fondos propios nos CEE da economía social, que está ao redor do 56%, mentres que nos CEE da economía capitalista o peso dos fondos propios é do 48%. Destaca a diferenza na participación do Capital entre os CEE social e capitalista, sendo superior no primeiro. Un elevado nivel de fondos propios supón unha maior garantía fronte a terceiros, a non existencia de restricións nin obrigacións de amortización sobre eses recursos de forma que os investidores externos á organización non exercen ningún control sobre eses recursos.

Pola súa parte, o pasivo ten un peso inferior nos CEE de economía social respecto aos de economía capitalista, cun 37,9% fronte ao 49,4% do total do patrimonio, sendo inferior tanto no pasivo corrente como no pasivo non corrente. As subvencións, doazóns e legados representan unha maior porcentaxe nos CEE da economía social, sendo no último ano do 5,1% fronte ao 2,6% dos CEE da economía capitalista.

Con relación aos ingresos, no seguinte gráfico pódese ver a estrutura de ingresos dos CEE da comunidade galega no ano 2023. No ano 2023 o 89,3% dos ingresos dos CEE procedía das súas vendas, sendo esa porcentaxe maior no caso dos centros da economía capitalista (93,5%) que nos de iniciativa social (81,6%). Destaca a diferenza no peso doutros ingresos de explotación, fundamentalmente debido as subvencións de explotación incluídas nesta partida, que acada o 18,5% do total de ingresos dos CEE social polo 6,3% dos CEE capitalistas.

Gráfico 6.7. Estrutura de ingresos dos CEE de Galicia por tipoloxía de Centro 2023(%)



Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e SABI (datos estimados). Nota: datos a 31 de decembro de 2023.

6.8. Conclusións

Os Centros Especiais de Emprego, partícipes da Economía Social, son xeradores de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade. En función da súa finalidade, temos CEE da Economía Social que buscan ter un impacto social, e os CEE da Economía Capitalista que perseguen un beneficio para os seus propietarios e accionistas.

Segundo os datos do Rexistro de CEE da Xunta de Galicia correspondentes ao ano 2024 existían un total de 132 CEE, dos cales 59 Centros teñen como obxectivo a obtención dun impacto social. Retómase a traxectoria ascendente que estaba estancada por mor da crise da Covid-19, crescendo un 3,1% con relación ao ano anterior.

O 82% dos CEE adoptan a forma xurídica e Sociedade Limitada (78,0% ES; 84,9% EC).

Case a metade dos CEE centran as súas actividades no sector servizos (46,2%), levando a cabo na súa maioría actividades administrativas e servizos auxiliares e concretamente de limpeza xeral de edificios e de xardinería.

Mercado de traballo das persoas con discapacidade

O 8% da forza de traballo de 16 a 64 anos está representada polo colectivo de persoas con discapacidade en Galicia no ano 2023.

A menor presenza no mercado laboral reflicta unha taxa de actividade tan só dun 31,2 %, o que supón 46,8 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. A taxa de emprego foi do 26,4%, a 44 puntos de distancia do grupo de persoas sen discapacidade.

Por outra banda, o 15,4% da poboación activa con discapacidade atopábase en situación de *desemprego*, fronte a 9,6% para poboación sen discapacidade. En relación ao ano 2022 a evolución foi positiva posto que todas as taxas experimentaron un crecemento, sumado ao descenso da do paro.

Mais da metade da poboación activa das PCD tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%. As discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego.

As PCD teñen estudos, na súa maioría secundarios (66,5%), aínda que o 18,4% alcanzaron estudos de nivel superior (cifra que ascende ao 22,4% no caso das mulleres).

Mercado de traballo nos CEE galegos

No ano 2024 máis da metade das persoas empregadas (56,9%) realizan o seu traballo en Centros cuxo obxectivo é obter un impacto social. Case o 90% do persoal presenta algún tipo de discapacidade, cunha maior presenza do colectivo masculino.

Do total de persoas con discapacidade, o 57,1% faino en Centros da Economía Social. A discapacidade física é a que ten unha maior presenza no mercado laboral, seguida da psíquica e da sensorial.

A Economía Social lidera a contratación nos CEE galegos cun 57% do total, predominando os de carácter indefinido (59,4% ES; 59,0% EC). Seguindo a filosofía dos CEE as persoas beneficiadas son na súa inmensa maioría con discapacidade, porcentaxes que alcanzan case o 91%. Ademais son os Centros cun impacto social os que lideran a contratación indefinida ao colectivo con discapacidade 90,5% fronte ao 89,7% da EC.

A nivel provincial, máis da metade do total de traballadores dos CEE están na provincia da Coruña.

O sector servizos nun 39,2% e a industria nun 33,9% son os que aglutinan aos traballadores con discapacidade dos CEE da Economía Social.

Segundo os datos do SEPE, dende o ano 2013 para Galicia e o 2008 para España, máis da metade dos contratos específicos a Persoas Con Discapacidade realizáronse en CEE. No caso galego de cada 9 contratos a PCD, 6 realizáronse nun CEE no ano 2024. Tan só 1 de cada 5 contratos nos CEE son de carácter indefinido tanto en Galicia como en España no ano 2024.

En Galicia no ano 2023, o 78,5% do total das axudas de apoio á creación de emprego foron destinadas á integración laboral das persoas con discapacidade. As provincias máis beneficiadas foron A Coruña con máis da metade (52,03%), seguida de Pontevedra (36,7%). Os CEE recibiron o 77,4% das axudas, destinadas principalmente ao mantemento de postos de traballo (89,9%). As axudas totais víronse reducidas considerablemente en relación ao ano anterior (2022).

Estrutura financeira e de ingresos

A partir dos datos contables dispoñibles para 2023 dos CEE (46 CEE de economía social e 51 de economía capitalista), obsérvase un peso importante dos fondos propios na estrutura financeira dos CEE, que no caso dos CEE de economía social sitúase no 56,1%, e nos de economía capitalista no 48,1%. Pola súa parte, o peso do pasivo é similar entre as dúas tipoloxías, mentres que as subvencións, doazóns e legados representan unha maior porcentaxe nos CEE da economía social.

A orixe dos ingresos, no ano 2023, foi derivada nun 81,6% das vendas no caso dos CEE de economía social e nun 93,5% no caso dos centros da economía capitalista. O peso doutros ingresos de explotación é claramente superior nos CEE da economía social (18,5% no último ano) que nos CEE da economía capitalista (6,3%).

6.9. Bibliografía

- CANCELO, M & BOTANA, M. (Dirs.) (2024). *Informe sobre a economía social en Galicia 2023*. Universidade de Santiago de Compostela. Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP).
- CHAVES ÁVILA, R. JULIÁ IGUAL, J.F. & MONZÓN CAMPOS, J.L. (Dirs.) (2019). *Libro Blanco del cooperativismo y la economía social valenciana*. CIRIEC-España, Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa. ISBN-13: 978-8494948381.
- MONZÓN, J.L., ANTUÑANO, I. & MURGUI, S. (2014): Informe sobre el impacto económico y social de los Centros Especiales de Empleo en España, Resumen ejecutivo, Fundación ONCE.
- MONZÓN, J.L.; CUÑAT, R.J. & HERRERO, M. (2019). *Las empresas sociales en la Comunitat Valenciana: tipología, perfiles e impacto*. CIRIEC España.
- MONZÓN-CAMPOS, J. L. & HERRERO-MONTAGUD, M. (2016) Identificación y análisis de las características identitarias de la empresa social europea: aplicación a la realidad de los Centros Especiales de Empleo de la economía española. CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa, Nº 87, pp. 295-326.
- TORRES MARTÍNEZ, J. (2018). "La contribución de la economía social a la inserción". En: Fajardo García, G. (coord.): *La promoción del emprendimiento y la inserción social desde la economía social*. Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC-España. ISBN: 9788494948312
- LEXISLACIÓN:**
- ESPAÑA. Ley 13/1982, de 7 de abril, de integración social de los minusválidos. <https://www.boe.es/boe/dias/1982/04/30/>
- ESPAÑA. Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-12632>
- ESPAÑA Ley 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2011-5708
- GALICIA. Ley 6/2016, de 4 de mayo, de la economía social de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2016-5943>
- GALICIA. Decreto 200/2005, de 7 de julio, por el que se regula la autorización administrativa y la inscripción en el Registro administrativo de Centros Especiales de Empleo de Galicia, y su organización y funcionamiento. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050719/Anuncio18086_es.html
- Fuentes de datos:
- INE. Estadística del salario de las personas con discapacidad.
- INE. El empleo de las personas con discapacidad
- IGE. Enquisa de poboación activa. Emprego das persoas con discapacidade
- SABI.
- SEPE. Estadísticas de contratos.

7. AS CONFRARÍAS DE PESCADORES

7.1. Introducción

As confrarías de pescadores en Galicia están reguladas pola Lei 11/2008 de 3 de decembro de pesca de Galicia (art. 78 ao 95) e polo Decreto 8/2014 de 2014 de 16 de xaneiro¹, que as definen como corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, representativas de intereses económicos dos seus asociados (armadores de buques de pesca e traballadores do sector extractivo) e que actúan como órganos de consulta e colaboración coas administracións competentes en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro.

Son entidades asociativas que levan adiante proxectos para desenvolver programas de mellora para o sector, co obxecto de satisfacer as necesidades e intereses dos seus socios contribuíndo ao desenvolvemento local, a cohesión social e a sustentabilidade no ámbito da pesca e da extracción.

Recoñécense como entidades de Economía Social na Lei 5/2011 de Economía Social de España e na Lei 6/2016 de Economía Social de Galicia, ao cumprir os requisitos fixados pola Lei (Botana e Millán, 2017): a realización de actividades económicas, a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, a promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a aplicación dos resultados en función do traballo ou servizo aportado e independencia respecto aos poderes públicos.

7.2. Principais datos das confrarías galegas

A exposición e primeira venda dos produtos pesqueiros frescos comercialízanse nas lonxas, maioritariamente xestionadas polas confrarías de pescadores. Segundo o último dato publicado pola confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES)² en España,

¹ Aínda que a lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro corresponde á Lei estatal 3/2001 de 26 de marzo de Pesca Marítima del Estado, que regulan as confrarías nos art. 45 a 51.


² https://www.cepes.es/social/entidades_cofradias_pescadores

no ano 2019, había 133 lonxas xestionadas por confrarías que facturaron 4.646,8 millóns de euros³.

Con relación as confrarías por CC.AA., a distribución das mesmas, recóllese no seguinte gráfico, no que se pode observar que Galicia é a comunidade con maior número (63) representando o 31,8 % do total español. A seguinte rexión con maior peso é Cataluña, que con 30 confrarías representa o 15,2 % do Estado. As seguen Canarias e a Comunidade Valenciana, con 25 e 22 confrarías.

As confrarías en España organízanse en 22 federacións das cales 18 son provinciais e 4 interprovinciais. En Galicia, hai 3 federacións, que se corresponden con as 3 provincias costeiras e conforman a "Federación galega de confrarías de pescadores". A nivel estatal, a gran agrupación a constitúe a "Federación Nacional de Cofradías de Pescadores".

Gráfico 7.1. Número de confrarías por CC.AA.



Fonte: Federación Nacional de Confrarías de Pescadores (<https://www.fnpc.eu/relacion-de-cofradias>). Data de consulta 15/05/2024

Das confrarías galegas 6 se atopan na provincia de Lugo, 35 na provincia de A Coruña e 22 na de Pontevedra.

No ano 2023 as afiliacións medias á Seguridade Social no Réxime Especial do Mar ascenderon a 18.509 segundo os datos do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, e publicados polo Instituto Galego de Estatística, e representan o 29,8% das afiliacións no conxunto do Estado, descendendo en 1,7 puntos o seu peso con relación ao ano anterior. As afiliacións ás confrarías galegas supoñen, así, o 55% dos traballadores e empresarios que cotizan á Seguridade Social neste réxime.

No ano 2024⁴ en Galicia había 10.191 afiliados as Confrarías de pescadores (585 menos que no ano anterior, continuando coa perda que se está a producir dende fai dous anos). Por provincias, en A Coruña atopamos o maior número de afiliacións, 4.850 e unha caída de 358 (-6,9%, a maior das tres). Pontevedra é a segunda federación en importancia con 4.838 afiliacións e que presenta unha caída de -219 con relación ao ano anterior (-4,3%). En Lugo temos 503 afiliacións, sendo a perda de -8 (-1,6%). Con relación ao informe anterior, destacar que en todas as federacións redúcese o número de afiliacións.

³ Este dato no ha sido actualizado por CEPES

⁴ Os datos de afiliacións nas confrarías do ano 2024 correspóndense ao mes de abril do 2025.


Táboa 7.1. Afiliados nas confrarías de Galicia por provincia.

		A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Empresas	2023	1.887	115	2.007	4.009
	2024	1.830	112	1.970	3.912
Traballadores/as	2023	3.321	396	3.050	6.767
	2024	3.020	391	2.868	6.279
Afiliados/as	2023	5.208	511	5.057	10.776
	2024	4.850	503	4.838	10.191
Comparativa 2024/2023					
Empresas	Número	-57	-3	-37	-97
	TVA %	-3,02	-2,61	-1,84	-2,42
Traballadores/as	Número	-301	-5	-182	-488
	TVA %	-9,06	-1,26	-5,97	-7,21
Afiliados/as	Número	-358	-8	-219	-585
	TVA %	-6,87	-1,57	-4,33	-5,43

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

No ano 2024 as afiliacións caen, tanto no que respecta as empresas como aos traballadores e traballadoras nas tres provincias galegas. Na da Coruña -57 empresas menos, cunha caída do -3% e -301 traballadores menos, cunha caída do -9%). En Pontevedra houbo 37 empresas menos e una caída de 182 traballadores sendo a baixada de empresas en Lugo de 3 y de 5 o número de traballadores.


Gráfico 7.2. Distribución provincial do total de afiliados/as nas confrarías galegas. 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Como xa se adiantou, é como reflicte o gráfico anterior o 47,6% das afiliacións nas confrarías galegas atópanse na federación de A Coruña, o 47,5 % na pontevedresa (que se vai achegando ao porcentaxe da coruñesa) e, por último, preto do 5% das afiliacións están na federación lucense. Con relación ao informe anterior, perde lixeiramente peso a federación da Coruña e gaña lixeiramente a pontevedresa.

Gráfico 7.3. Peso dos traballadores/as afiliados nas confrarías galegas. 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

A maioría das afiliacións corresponden as persoas traballadoras (61,6%), que seguen a perder peso con relación aos informes anteriores, pero con diferenzas entre as distintas federacións, xa que en Lugo a porcentaxe, aínda que a mais elevada de todas (77,7%), gaña 0,2 puntos con relación ao ano anterior. Na Coruña, os traballadores representan o 62,3% do total, perdendo 1,5 puntos o seu peso e en Pontevedra representan o 69,3% do total, perdendo 1 punto.

Táboa 7.2. Distribución das empresas afiliadas nas confrarías galegas segundo a súa forma xurídica.


		A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Persoas Físicas	2023	1.780	59	1.923	3.762
	2024	1.714	59	888	3.661
Persoas Xurídicas	2023	107	56	84	247
	2024	116,0	53,0	82	251
Total	2023	1.887	115	2.007	4.009
	2024	1.830	112	970	3.912

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Segundo a súa fórmula xurídica, a maioría das empresas afiliadas nas confrarías galegas son persoas físicas, 3.661, que representan o 93,6% do total, sendo 101 menos que no ano 2023. Por provincias, Lugo presenta a menor representación nestas afiliacións, o 52,7% do total. A Coruña e a federación que máis afiliacións de persoas físicas aporta ao conxunto galego, o 46,8% do total. No ano 2024 non aumentan en ningunha das federacións.


As persoas xurídicas do sector empresarial afiliadas en Galicia acadan un valor de 251 no ano 2024, polo que hai 4 máis que no ano anterior. A maior afiliación atópase na federación de A Coruña, que con 116, aumenta en 9 con relación ao ano anterior, e representa o 46,2% do total galego. En Lugo diminúen en 3 as afiliacións de persoas xurídicas, e representan o 21% do conxunto galego mentres que en Pontevedra diminúen en 2 e representan o 32,7% das galegas.

Gráfico 7.4. Peso das empresas afiliadas nas confrarías galegas segundo as súa forma xurídica. 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia


Gráfico 7.5. Peso das persoas físicas e xurídicas afiliadas nas confrarías galegas por provincias no ano 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

No conxunto galego, a maior representatividade da muller dentro dos afiliados nas confrarías de pescadores prodúcese no colectivo de persoas traballadoras, acadando un total de 2.676 diminuindo en 163 con relación ao informe anterior, pero menos que no caso dos homes polo que aumentan lixeiramente o seu peso, pasando a representar o 42,6% deste colectivo. No caso das empresarias, temos un total de 475, non variando o dato con relación ao informe anterior. Desta forma, as empresarias melloran lixeiramente a súa representación, ata case o 13% das afiliacións das persoas empresarias.

Gráfico 7.6. Afiliacións por sexo en Galicia no ano 2024



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Táboa 7.3. Distribución por sexo dos empresarios/as e dos traballadores/as.

			A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Empresarios/as	Home	2023	1.617	53	1.617	3.287
		2024	1.543	50	1.593	3.186
	Muller	2023	163	6	306	475
		2024	171	9	295	475
Traballadores/as	Home	2023	2.190	382	1.356	3.928
		2024	1.966	379	1.258	3.603
	Muller	2023	1.131	14	1.694	2.839
		2024	1.054	12	1.610	2.676
TOTAL	Home	2023	3.807	435	2.973	7.215
		2024	3.509	429	2.851	6.789
	Muller	2023	1.294	20	2.000	3.314
		2024	1.225	21	1.905	3.151
Comparativa 2024/2023						
Empresarios/as	Home	Absoluto	-74	-3	-24	-101
		TV (%)	-4,6	-5,7	-1,5	-3,1
	Muller	Absoluto	8	3	-11	0
		TV (%)	4,9	50,0	-3,6	0,0
Traballadores/as	Home	Absoluto	-224	-3	-98	-325
		TV (%)	-10,2	-0,8	-7,2	-8,3
	Muller	Absoluto	-77	-2	-84	-163
		TV (%)	-6,8	-14,3	-5,0	-5,7

			A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Comparativa 2024/2023						
TOTAL	Home	Absoluto	-298	-6	-122	-426
		TV (%)	-7,8	-1,4	-4,1	-5,9
	Muller	Absoluto	-69	1	-95	-163
		TV (%)	-5,3	5,0	-4,8	-4,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia


Por provincias hai grandes variacións na representatividade feminina nas confrarías. Dentro das persoas traballadoras temos a maior representación feminina en Pontevedra onde 1.610 das afiliacións son mulleres, o que supón o 56% do total destas afiliacións, mellorando a súa presenza con relación ao informe anterior e achegando o 60% das galegas. En Lugo, pola contra, temos 12 afiliadas traballadoras, o 3,1% do total.

No caso da representatividade empresarial, a maior presenza feminina a atopamos novamente na provincia de Pontevedra, que con 295 afiliacións (11 menos que no ano anterior) supoñen o 15,6% do total deste grupo. A provincia onde atopamos a menor presenza feminina neste grupo é A Coruña onde as 171 de empresarias representan o 10% do total da destas afiliacións na federación, pero o 36% das galegas. As empresarias lucenses só representan o 1,6% das afiliacións galegas de mulleres.

Con relación ao total de afiliacións, a maior presenza feminina a atopamos, como era previsible, na provincia de Pontevedra onde as 1.905 afiliacións de mulleres, representan o 40% do total, seguida de A Coruña, cun 25,9% e, por último, Lugo, cun escaso 4,7%. De esta forma, temos 3.151 mulleres afiliadas nas confrarías galegas, que representan o 31,7% do total.

Con relación ao ano anterior, as afiliacións femininas descenden en 163: -95 en Pontevedra, -69 en A Coruña, mentres que Lugo gaña 1. No caso das afiliación de traballadoras, a caída de 163 afiliacións son debidas as 84 baixas en Pontevedra, 77 en A Coruña e 2 en Lugo. As empresarias afiliadas non sofren modificación no conxunto galego aínda que baixan 11 en Pontevedra, aumentan 8 na Coruña e 3 en Lugo.

Gráfico 7.7. Peso das confrarías galegas por sectores de produción no ano 2024.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

No ano 2024 das 10.191 afiliacións nas confrarías o 28,6% (2.915) atópanse no sector de marisqueo a pé, sendo a segunda actividade en importancia o marisqueo dende embarcación, 2.552 (o 25%) e a pesca de baixura, 2.259 (22%).

Táboa 7.4. Datos de afiliación nas confrarías galegas por federacións segundo sector de produción no ano 2024 e peso na provincia

Sector de produción		A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Pesca de baixura: frota de artes menores	Número	1.243	126	890	2.259
	%	25,6	25,0	18,4	22,2
Recursos específicos	Número	320	22	337	679
	%	6,6	4,4	7,0	6,7
Pesca de baixura: frota do cerco	Número	401	49	134	584
	%	8,3	9,7	2,8	5,7
Pesca de arrastre do litoral	Número	14	47	6	67
	%	0,3	9,3	0,1	0,7
Pesca de altura e grande altura	Número	64	252	36	352
	%	1,3	50,1	0,7	3,5
Marisqueo desde embarcación	Número	1.409	0	1.143	2.552
	%	29,1	0,0	23,6	25,0
Outros (bateas..)	Número	253	2	528	783
	%	5,2	0,4	10,9	7,7
Marisqueo a pé	Número	1.146	5	1.764	2.915
	%	23,6	1,0	36,5	28,6
TOTAL	Número	4.850	503	4.838	10.191
	%	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: *Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia*

En Galicia, o maior sector onde exercen a súa actividade a maior porcentaxe de afiliados nas confrarías é o de marisqueo a pé (o 28,6%) seguido de marisqueo desde embarcación (25%) e o de pesca de baixura, frota de artes menores (22%).

Na provincia de A Coruña, o marisqueo desde embarcación representa o 29% das afiliacións, seguido da frota de artes menores (25,6%) e o de marisqueo a pé (23,6%).

Na de Pontevedra e o marisqueo a pé o que acada a maior representación, co 36,5%) das afiliacións, seguido marisqueo desde embarcación (23,6%) e o de pesca de baixura, frota de artes menores con 18,4%.

En Lugo a pesca de altura e grande altura supón o 50% das afiliacións nesta federación, seguida de pesca de baixura, frota de artes menores co 25%.

Táboa 7.5. Peso das afiliacións provinciais por sector de produción no conxunto galego. 2024

Sector de produción	A CORUÑA	LUGO	PONTEVEDRA	GALICIA
Marisqueo a pé	39,3	0,2	60,5	100,0
Marisqueo dende a embarcación	55,2	0,0	44,8	100,0
Outros	32,3	0,3	67,4	100,0
Altura e grande altura	18,2	71,6	10,2	100,0
Arrastre	20,9	70,1	9,0	100,0
Baixura - Artes Menores	55,0	5,6	39,4	100,0
Baixura - Cerco	68,7	8,4	22,9	100,0
Recursos específicos	47,1	3,2	49,6	100,0
Total	47,6	4,9	47,5	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Confrarías proporcionados pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Analizando o peso das federacións no conxunto galego, na provincia de Pontevedra atopamos as maiores contribucións nas afiliacións galegas nos sectores de marisqueo a pé (60,5%) e noutros (bateas..) co 67,4% do total.

No sector de marisqueo desde embarcación é A Coruña a líder nas afiliacións co 55% do total, seguida por Pontevedra co 44,8%.

En pesca de baixura, frota de artes menores, A Coruña volve a liderar as afiliacións, co 55%, seguida de Pontevedra, co 39,4%, aumentando o seu peso con relación ao informe anterior mentres que A Coruña baixa lixeiramente a súa representación.

Por último, Lugo representa as maiores porcentaxes de afiliacións en pesca de altura e grande altura (71,6%) e na pesca de arrastre do litoral (70%).

7.3. A flota pesqueira en Galicia

Galicia é a maior rexión pesqueira de Europa, tal como se sinala no *Anuario de pesca 2024* publicado pola Xunta de Galicia, e representa o 10% do emprego marítimo-pesqueiro do continente. Para a nosa comunidade o sector pesqueiro é dunha grande relevancia pois supón ao redor do 5% do PIB, e ocupa a máis de 50 mil persoas⁵ contribuíndo á fixación de poboación e ao desenvolvemento económico do litoral. A actividade pesqueira inclúe toda a actividade económica procedente da extracción, acuicultura, piscicultura e marisqueo, así como do sector transformador dos produtos do mar. Neste apartado analízanse varios indicadores do sector pesqueiro, aportando unha cuantificación tanto dende o punto de vista dos recursos (buques, permisos de marisqueo) como dos resultados (capturas de peixes e vendas nas lonxas). Ademais, preséntase datos das confrarías de pescadores, dado que son as principais organizacións asociativas do sector da pesca.

Con relación á flota galega, a nosa comunidade no ano 2024 representa o 49,4% do número de buques de España e o 43% do arqueo total, son 4.162 buques (36 menos que en 2023). Na táboa 7.6 móstranse os datos do ano 2024 en relación ao número de buques pesqueiros, antigüidade, arqueo e eslora media da flota. A pesar do peso da flota galega, os buques teñen unha antigüidade

5 Según datos da Xunta de Galicia, Consellería do Mar El sector | Portal da Consellería do Mar (xunta.gal), data de consulta 08-07-2025

media de 38 anos, só superada pola de Murcia (39), Canarias, e Ceuta, e dous anos máis que a media española. Por outro lado a eslora media en Galicia é inferior a media estatal, e a menor de todas as rexións, sendo de 8,9 metros, fronte ao total nacional de 10,9 metros. As características da flota galega son parecidas as de Baleares pola antigüidade e eslora media dos seus buques, e oposta ás do País Vasco, que conta cos buques de menor antigüidade e maior tamaño, de modo que co 2,2% do total de buques de España, ocupa o segundo lugar en arqueo co 25,7%.

Táboa 7.6. Número de buques pesqueiros, arqueo (GT), antigüidade e eslora media da flota por C. A. do porto base. 2024

CCAA PUERTO BASE	Total buques	Antigüedad Media	Arqueo (GT)	Eslora total promedio
GALICIA	4.162	38	131.284	8,9
PRINCIPADO DE ASTURIAS	254	25	4.653	10,8
CANTABRIA	126	26	6.524	16,8
PAIS VASCO	190	23	78.812	29,6
CATALUÑA	593	34	15.664	13,8
C. VALENCIANA	481	29	17.176	15,6
BALEARES	305	38	2.677	9,5
ANDALUCIA	1.406	32	28.281	12,1
MURCIA	189	39	3.570	11,2
CEUTA	9	47	60	10,3
MELILLA	0	0	0	0,0
CANARIAS	717	44	18.134	9,8
Total buques	8.432	36	306.836	10,9

Fonte: Datos do Censo de Flota Pesquera operativa a 31 de decembro de 2024. Estadísticas Pesqueras: Estadística de la Flota Pesquera. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

Na táboa 7.7 preséntanse os datos do *Rexistro de buques pesqueiros* (2025) dispoñibles na páxina web da Consellería do Mar da Xunta de Galicia. As federacións provinciais de confrarías galegas publican tamén datos das flotas, aínda que están pendentes actualización (o último dato dispoñible é de 2022). Segundo os datos do citado rexistro, o 48,7% dos buques da flota galega son de A Coruña, o 48,3% de Pontevedra e o 3,1% de Lugo. A provincia de Pontevedra representa o 57% do arqueo total galego e o 54% da potencia. O arqueo medio por buque en Galicia é de 28,7 GT, destacando a provincia de Lugo cunha capacidade media de case 150 GT, mentres que Pontevedra está en 33,8 GT e A Coruña en 15,9 GT por buque.

Táboa 7.7. Rexistro de flota pesqueira galega, 2025.

	Buques		Arqueo		Potencia	
	(Número)	%	(GT)	%	(CV)	%
A CORUÑA	2.640	48,65	42.038	26,99	187.909	35,49
LUGO	167	3,08	25.046	16,08	55.180	10,42
PONTEVEDRA	2.619	48,27	88.662	56,93	286.310	54,08
TOTAL	5.426	100,00	155.746	100,00	529.399	100,00

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do *Rexistro de buques pesqueiros*, Consellería do Mar, Xunta de Galicia (pescadegalicia.gal) Fecha consulta 02/07/2025

A evolución da flota pesqueira galega, en canto a número de buques, arqueo e potencia, recóllese na táboa 7.8 que presenta os datos de 2015, 2023 e 2024, desagregada en función do tipo de pesca: internacional (gran altura), comunitaria (altura) e nacional (Cantábrico- Noroeste). A maior parte da nosa flota pesqueira opera nos caladoiros nacionais (Cantábrico/Noroeste) 3.990 buques no ano 2024 (23 menos que o ano anterior), que supoñen o 96% do total, unha porcentaxe similar ao longo dos anos de estudo.

O número de buques pesqueiros está a descender en Galicia entre os anos 2015 e 2024, pasando de 4.438 a 4.156 cunha taxa de variación anual media negativa do 0,7%, o que supón 282 buques menos. No ano 2024 en Galicia había 27 buques menos que en 2023, debido á perda de 23 buques no caladoiro nacional e 4 na pesquería comunitaria de altura.

Polo que respecta ao arqueo da flota, descende en 1.713 GT no último ano, continuando co descenso que se viña detectando dende 2015 (a excepción do ano 2022). O descenso débese principalmente á pesquería comunitaria cunha caída de 1.315 GT, pois na Gran altura, que representa o 54,5% da potencia instalada, aumenta en 138 GT. Os resultados para os datos de potencia dos buques son similares, pois teñen taxas anuais negativas entre 2015 e 2024 do 0,6% cunha perda total no último ano de 3.850 C.V.

Táboa 7.8. Buques pesqueiros de Galicia: 2015-2024

	2015	2023	2024	Diferencia 2024-23	Diferencia 2024-15	T.V.A. (%) 2024/15
Total	4.438	4.183	4.156	-27	-282	-0,73
Pesquería internacional. Gran altura	105	102	102	0	-3	-0,32
Pesquería comunitaria. Altura	72	68	64	-4	-8	-1,30
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	4.261	4.013	3.990	-23	-271	-0,73
Arqueo GT						
Total	142.155	127.586	125.873	-1.713	-16.282	-1,34
Pesquería internacional. Gran altura	75.851	68.407	68.545	138	-7.306	-1,12
Pesquería comunitaria. Altura	20.902	19.194	17.879	-1.315	-3.023	-1,72
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	45.402	39.985	39.450	-535	-5.952	-1,55
Potencia C.V.						
Total	366.356	351.886	348.036	-3.850	-18.320	-0,57
Pesquería internacional. Gran altura	121.029	110.328	110.488	160	-10.541	-1,01
Pesquería comunitaria. Altura	40.262	41.991	38.906	-3.085	-1.356	-0,38
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	205.064	199.566	198.641	-925	-6.423	-0,35

Fonte: IGE a partir dos datos do Rexistro de Buques pesqueiros, Consellería do Mar. Datos a 31 de decembro de cada ano.

7.4. Permisos de marisqueo

A actividade marisqueira consiste no exercicio da cría, captura e recollida, a pé ou dende embarcación, de varias especies de moluscos, crustáceos e outras especies mariñas. A regulación do marisqueo recóllese na Lei 11/2008 de 3 de decembro de Pesca de Galicia, que clasifica as zonas de explotación marisqueira e regula a forma de outorgar as autorizacións ou concesións, que corresponde na actualidade á Consellería do Mar da Xunta de Galicia

No ano 2024 en Galicia había un total de 3.307 permisos de marisqueo a pé, 837 de homes e 2.470 de mulleres, segundo pódese ver na táboa 7.9. En total hai 222 menos que o ano anterior, dos que 59 corresponden aos homes e 163 ás mulleres. En termos porcentuais a caída do último ano é do 6,3% (6,6% para os homes e 6,2% para as mulleres) sendo este descenso o máis elevado dende 2015.

Estes datos indican a continuidade da tendencia decrecente de número de permisos dende o ano 2015, de forma que no ano 2024 hai 519 permisos menos que en 2015, correspondendo 510 ás mulleres e 9 aos permisos dos homes. Ao longo destes dez anos, o número de permisos das mulleres foron decrecendo, excepto no ano 2020 houbo 130 máis que en 2019. No caso dos homes os permisos aumentaron entre 2015 e 2019, para caer todos os anos dende entón.

Táboa 7.9. Permisos de marisqueo a pé en Galicia 2015-2024

	Número			Tasas de variación (%)	
	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2015	3.826	846	2.980		
2016	3.799	961	2838	13,59	-4,77
2017	3797	990	2807	3,02	-1,09
2018	3.792	1.070	2.722	8,08	-3,03
2019	3.777	1.144	2.633	6,92	-3,27
2020	3.724	961	2.763	-16,00	4,94
2021	3.676	945	2.731	-1,66	-1,16
2022	3.614	912	2.702	-3,49	-1,06
2023	3.529	896	2.633	-1,75	-2,55
2024	3.307	837	2.470	-6,58	-6,19

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

Resulta de interese analizar a evolución dos datos dos permisos de marisqueo segundo idade e sexo, así, na táboa 7.10, preséntanse os datos para 2015 e 2024.

Nos últimos anos vese como aumenta o peso dos permisos nas maiores idades ao tempo que diminúe o número de permisos entre os tramos de idade menores. A idade media das mulleres mariscadoras é superior a dos homes, aínda que para eles tamén va crescendo.

En 2024 o 56% dos permisos das mulleres corresponden as idades comprendidas entre 51 e 60 anos, mentres que o ano anterior a maior porcentaxe de permisos das mulleres (40,5%) estaban entre os 41 e os 50 anos. As mulleres de entre 41 e 50 anos son o 24% do total , e un 13% as de máis de 60 anos, habendo só un 8% de mulleres con 40 a nos ou menos.

No caso dos homes, tamén é o tramo de entre 51 e 60 anos o máis numeroso, pero cun peso menor que no caso das mulleres, pois supoñen o 36%, seguido dos de entre 41 e 50 anos (35%). Os homes de máis de 60 anos son o 8%, mentres que os de 40 ou menos son o 22%.

As taxas de variación entre 2023 e 2024 non son iguais para os distintos tramos de idade, destacando as caídas ao redor do 30% para as persoas de ata 30 anos (28,6% nos homes e 31% nas mulleres). Caen tamén un 20,3% e un 16,4% o número de permisos dos homes e mulleres de 31 a 40 anos. Para as mulleres de 41 a 50 anos cae o número nun 45% (484 permisos menos) aumentando nun 43,6% para as de 51 a 60 anos (422 permisos máis). Para os homes, só aumenta o número de permisos entre 2023 e 2024 para o tramo de máis de 60 anos.

Táboa 7.10. Permisos de marisqueo segundo idade e sexo, 2015 e 2024

	2015				2023				2024			
	Número de permisos		% sobre o total		Número de permisos		% sobre o total		Número de permisos		% sobre o total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	846	2.980	100	100	896	2.633	100	100	837	2.470	100	100
Ata 30 anos	110	84	13,0	2,8	35	26	3,9	1,0	25	18	3	1
De 31 a 40 anos	271	352	32,0	11,8	197	201	22,0	7,6	157	168	19	7
De 41 a 50 anos	284	841	33,6	28,2	306	1.065	34,2	40,4	291	581	35	24
De 51 a 60 anos	156	1.210	18,4	40,6	301	968	33,6	36,8	298	1.390	36	56
Máis de 60 anos	25	493	3,0	16,5	57	373	6,4	14,2	66	313	8	13

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

Para ver a evolución dos permisos de marisqueo por idade, preséntase na táboa 7.11 a variación dos permisos por tramos de idade para mulleres e homes entre 2015 e 2024. A taxa media anual de variación para os homes é practicamente nula (-0,1%) tendo sido positiva ata o ano 2023. Para as mulleres a taxa media anual é claramente negativa, acadando un 2%.

Destaca o aumento dos homes os tramos de idades de 41 anos e maiores, que supoñen 190 permisos máis, cun dato de crecemento de máis do 11% para os de máis de 60 anos. No caso das mulleres tan só aparece unha taxa positiva para as de entre 51 e 60 anos ao longo dos anos analizados, o que supón 180 permisos máis, para o resto de tramos de idade os valores son negativos.

Son moi notables as elevadas taxas negativas para os tramos de idade menores, así, a taxa media de variación negativas tanto de homes como de mulleres de ata 30 anos están por riba do 15%.

Táboa 7.11. Variación dos permisos de marisqueo 2015-2024 por tramos de idade e sexo

	Absoluta (número)		T.V.A. media (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	-9	-510	-0,12	-2,06
Ata 30 anos	-85	-66	-15,18	-15,73
De 31 a 40 anos	-114	-184	-5,88	-7,89
De 41 a 50 anos	7	-260	0,27	-4,03
De 51 a 60 anos	142	180	7,46	1,55
Máis de 60 anos	41	-180	11,39	-4,92

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

A distribución de permisos entre homes e mulleres, por idades, nos anos 2015 e 2024 móstrase na táboa 12. Os permisos das mulleres no ano 2024 supoñen o 74,7% do total, un peso tres puntos inferior ao do ano 2015, mentres que os homes representan o 25,3%, un pouco por riba do peso no ano 2015. As mulleres teñen máis peso en todas as idades agás no primeiro tramo, de ata 30 anos, no que os homes representan o 58,1% dos permisos de marisqueo.

Táboa 7.12. Distribución dos permisos de marisqueo entre homes e mulleres, 2015 e 2024 (%)

	2015		2023	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	22,1	77,9	25,3	74,7
Ata 30 anos	56,7	43,3	58,1	41,9
De 31 a 40 anos	43,5	56,5	48,3	51,7
De 41 a 50 anos	25,2	74,8	33,4	66,6
De 51 a 60 anos	11,4	88,6	17,7	82,3
Máis de 60 anos	4,8	95,2	17,4	82,6

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, datos da Consellería do Mar.

Nas táboas 7.13 e 7.14 recóllense o reparto dos permisos de marisqueo a pé, segundo sexo e confrarías (ou agrupación de mariscadores), así como as variacións entre os anos 2015 e 2024.

As confrarías que teñen un número de permisos inferior ou igual a 15 (en 2024) agrúpanse por provincia, así, en A Coruña suman 15, das que 13 son confrarías, 1 é unha cooperativa do mar e 1 é unha agrupación. En Lugo agregáronse 6, das que 5 son confrarías e 1 é unha asociación de mariscadoras. Por último, na provincia de Pontevedra agregáronse os datos de 5 confrarías.

Táboa 7.13. Permisos de marisqueo a pé por confrarías ou agrupacións de mariscadores (número) 2015 e 2024

	Total		Homes		Mulleres	
	2015	2024	2015	2024	2015	2024
Total	3826	3307	846	837	2980	2470
A Coruña	1614	1442	468	493	1146	949
Agrupación mariscadores Río Anllóns	30	29	4	4	26	25
Confraría de A Coruña	92	50	50	27	42	23
Confraría de A Pobra do Caramiñal	113	83	29	35	84	48
Confraría de Barallobre (Fene)	56	37	23	10	33	27
Confraría de Cabo de Cruz (Boiro)	173	188	43	68	130	120
Confraría de Camariñas	65	48	6	5	59	43
Confraría de Cedeira	30	17	10	4	20	13
Confraría de Corcubión	12	25	1	3	11	22
Confraría de Corme (Ponteceso)	32	20	14	13	18	7
Confraría de Ferrol	44	26	41	25	3	1
Confraría de Lira (Carnota)	16	26	1	7	15	19
Confraría de Malpica	29	44	17	28	12	16
Confraría de Miño	16	35	1	22	15	13
Confraría de Mugardos	62	61	26	28	36	33
Confraría de Muros	81	76	21	17	60	59
Confraría de Muxía	52	47	40	30	12	17
Confraría de Noia	390	376	44	72	346	304
Confraría de O Pindo (Carnota)	28	33	10	23	18	10
Confraría de Pontedeume	20	17	6	4	14	13
Confraría de Rianxo	142	130	16	40	126	90
de <15 permisos total en 2024 (suma)	131	74	65	28	66	46
Lugo	42	30	19	12	23	18
Confraría de Ribadeo	19	17	12	7	7	10
de menos de 15 permisos en 2022(suma)	23	13	7	5	16	8
Pontevedra	2170	1835	359	332	1811	1503
Confraría de A Guarda	52	44	19	14	33	30
Confraría de Arcade (Soutomaior)	101	70	17	9	84	61
Confraría de Baiona	70	34	14	14	56	20
Confraría de Cambados	202	209	10	15	192	194
Confraría de Carril (Vilagarcía)	83	69	10	15	73	54
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	151	173	60	53	91	120
Confraría de Moaña	72	50	0	2	72	48

	Total		Homes		Mulleres	
	2015	2024	2015	2024	2015	2024
Confraría de O Grove	411	293	61	72	350	221
Confraría de Pontevedra	227	235	69	70	158	165
Confraría de Raxó (Poio)	43	51	22	15	21	36
Confraría de Redondela	130	79	34	6	96	73
Confraría de Vilaboa	65	52	4	3	61	49
Confraría de Vilanova	228	213	18	25	210	188
Confraría de Vilaxoán (Vilagarcía)	59	66	7	9	52	57
O.P.P. 20 - A Illa de Arousa	253	179	2	2	251	177
de menos de 15 permisos en 2022 (suma)	23	18	12	8	11	10

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

Táboa 7.14. Variación nos permisos de marisqueo 2015-24, peso das confrarías e outras organizacións, e peso da muller.

	T.V.A. 2024/15			% S/ total	% Mulleres 2024
	Total	Homes	Mulleres		
Total	-1,6	-0,1	-2,1	100,0	74,7
A Coruña	-1,2	0,6	-2,1	43,6	65,8
Agrupación mariscadores Río Anllóns	-0,4	0,0	-0,4	0,9	86,2
Confraría de A Coruña	-6,6	-6,6	-6,5	1,5	46,0
Confraría de A Pobra do Caramiñal	-3,4	2,1	-6,0	2,5	57,8
Confraría de Barallobre (Fene)	-4,5	-8,8	-2,2	1,1	73,0
Confraría de Cabo de Cruz (Boiro)	0,9	5,2	-0,9	5,7	63,8
Confraría de Camariñas	-3,3	-2,0	-3,5	1,5	89,6
Confraría de Cedeira	-6,1	-9,7	-4,7	0,5	76,5
Confraría de Corcubión	8,5	13,0	8,0	0,8	88,0
Confraría de Corme (Ponteceso)	-5,1	-0,8	-10,0	0,6	35,0
Confraría de Ferrol	-5,7	-5,3	-11,5	0,8	3,8
Confraría de Lira (Carnota)	5,5	24,1	2,7	0,8	73,1
Confraría de Malpica	4,7	5,7	3,2	1,3	36,4
Confraría de Miño	9,1	41,0	-1,6	1,1	37,1
Confraría de Mugardos	-0,2	0,8	-1,0	1,8	54,1
Confraría de Muros	-0,7	-2,3	-0,2	2,3	77,6
Confraría de Muxía	-1,1	-3,1	3,9	1,4	36,2
Confraría de Noia	-0,4	5,6	-1,4	11,4	80,9
Confraría de O Pindo (Carnota)	1,8	9,7	-6,3	1,0	30,3
Confraría de Pontedeume	-1,8	-4,4	-0,8	0,5	76,5

	T.V.A. 2024/15			% S/ total	% Mulleres 2024
	Total	Homes	Mulleres		
Confraría de Rianxo	-1,0	10,7	-3,7	3,9	69,2
de menos de 15 permisos en 2024	-6,1	-8,9	-3,9	2,2	62,2
Lugo	-3,7	-5,0	-2,7	0,9	60,0
Confraría de Ribadeo	-1,2	-5,8	4,0	0,5	58,8
de menos de 15 permisos en 2024	-6,1	-3,7	-7,4	0,4	61,5
Pontevedra	-1,8	-0,9	-2,0	55,5	81,9
Confraría de A Guarda	-1,8	-3,3	-1,1	1,3	68,2
Confraría de Arcade (Soutomaior)	-4,0	-6,8	-3,5	2,1	87,1
Confraría de Baiona	-7,7	0,0	-10,8	1,0	58,8
Confraría de Cambados	0,4	4,6	0,1	6,3	92,8
Confraría de Carril (Vilagarcía)	-2,0	4,6	-3,3	2,1	78,3
Confraría de Lourizán (Pontevedra)	1,5	-1,4	3,1	5,2	69,4
Confraría de Moaña	-4,0		-4,4	1,5	96,0
Confraría de O Grove	-3,7	1,9	-5,0	8,9	75,4
Confraría de Pontevedra	0,4	0,2	0,5	7,1	70,2
Confraría de Raxó (Poio)	1,9	-4,2	6,2	1,5	70,6
Confraría de Redondela	-5,4	-17,5	-3,0	2,4	92,4
Confraría de Vilaboa	-2,4	-3,1	-2,4	1,6	94,2
Confraría de Vilanova	-0,8	3,7	-1,2	6,4	88,3
Confraría de Vilaxoán (Vilagarcía)	1,3	2,8	1,0	2,0	86,4
O.P.P. 20 - A Illa de Arousa	-3,8	0,0	-3,8	5,4	98,9
de menos de 15 permisos en 2024	-2,7	-4,4	-1,1	0,4	0,5

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE obtidos da Consellería do Mar.

En Galicia, no ano 2024 concedéronse 3.307 permisos de marisqueo a pé, dos que 1.442 corresponden a provincia de A Coruña, 33 a Lugo e 1.835 a Pontevedra.

A provincia de Pontevedra concentra o 55,6 % do total de permisos de marisqueo en Galicia no ano 2024 (1.835 permisos) que son xestionados por un total de 18 confrarías e unha O.P.P. (Organizacións de Produtores de Pesca). Nesta provincia os permisos están concentrados en poucas de asociacións ou confrarías, pois en cinco delas están o 65% dos permisos, son a Confraría de O Grove con 293 permisos que representan o 16% da provincia, Pontevedra (235, 12,8%), Vilanova (213, 11,6%), e Cambados (209, 11,4%), e a O.P.P. A Illa de Arousa (179, 9,8%).

Na provincia de A Coruña, conta con 1.442 permisos, que representan o 43,6% do total, e son xestionados por case que o dobre de confrarías ou agrupacións que en Pontevedra, ao contar con 32 confrarías, 2 agrupacións e 1 cooperativa. Destaca a confraría de Noia con 376 permisos que representa o 26% do total provincial, seguida de as confrarías de Cabo de Cruz (Boiro) que con 188 representa o 13%, e Rianxo (130, 9%), así, estas tres confrarías representan case o 50% do total provincial.

A actividade marisqueira na provincia de Lugo é menor, que con 30 permisos representa o 0,9% do total. A confraría con maior número de permisos é a de Ribadeo (16), e as outras 4 confrarías e 1 asociación de mariscadores repártense os 17 permisos restantes.

No último ano o descenso do número de permisos de marisqueo foi de 222, reducíndose en 97 na provincia de A Coruña, 3 en Lugo e 122 en Pontevedra. Non se observan aumentos de permisos en ningunha confraría entre 2023 e 2024. A evolución é dispar segundo confrarías, así, na provincia de A Coruña entre 2023 e 2024 destacan as caídas nas confrarías de Noia (13), Rianxo (12) e Lira (11). En Pontevedra as maiores caídas no número de permisos corresponden a O Grove (38), a O.P.P. A Illa de Arousa (15) e Cambados (12).

Desde 2015 o número de permisos de marisqueo a pé en Galicia diminuíu a unha taxa anual do 1,6% que supón 519 permisos menos. A provincia de Pontevedra é onde o número de permisos diminuíu máis en termos absolutos, con 335 permisos menos o que representa un valor negativo do 1,9% na taxa media anual de variación. Na provincia de A Coruña hai en 2024 172 permisos menos (taxa do -1,2%) e en Lugo son 12 permisos menos que en 2015 (taxa do -3,7%).

Por sexo, en Galicia dos 3.307 permisos existentes en 2024, 2.470 corresponden a mulleres o que supón o 74,7% do total, mentres que 837 son permisos de marisqueo a pé a homes. Por provincias, en Pontevedra o peso das mulleres é maior, acadando case o 82% dos permisos de marisqueo, este peso é do 66% en A Coruña e do 60% en Lugo.

Da perda dos 519 permisos de marisqueo en Galicia entre 2015 e 2024, case a totalidade corresponde a permisos de mulleres (510) dos que 308 son de Pontevedra, 197 de Pontevedra e 5 de Lugo. No caso dos permisos dos homes, neses anos pérdense 9 no total de Galicia, con caídas en Pontevedra e Lugo (27 e 7) pero cun aumento de 25 permisos na provincia de A Coruña.

7.5. Venda nas lonxas galegas

A primeira venda dos produtos da pesca e do marisqueo realízase nas instalacións das lonxas, e os titulares da concesión da lonxa, que poden ser as confrarías, cooperativas ou outras entidades, son os responsables do control do desembarque e da primeira venda (Xunta de Galicia, *PescadeRías*).

Un gran número de lonxas de Galicia é xestionado polas confrarías de pescadores, con algunhas excepcións pero que teñen un gran peso no volume total de venda de peixe, destacando a asociación de armadores de Burela, a Autoridade Portuaria de Vigo, en Coruña a *Lonja Coruña, S.A.*, Celeiro, Ribeira, entre outras.

Os principais datos relativos ás lonxas proceden do portal *Pescadegalicia*, da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, que no ano 2008 crea a marca "PescadeRías" como "selo de identidade para a promoción e defensa dos pescados e marisco procedente da flota artesanal" na que están asociadas as lonxas galegas, entre outros centros e empresas de distribución ou transformación.

A información dispoñible relativa á pesca capturada nos portos de Galicia preséntanse na táboa 7.15. Dende o ano 2021 non están publicados os datos dos portos de titularidade das Comunidades Autónomas, polo que a táboa presenta lagoas. Os últimos datos corresponden ao ano 2023.

Táboa 7.15. Pesca capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas

	Pesca total (toneladas)						TVA 2023/15 (%)
	2015	2019	2020	2021	2022	2023	
España: total portos	454.279	586.353	519.920	..	..	..	..
España: portos da Admón. do Estado	220.130	205.394	163.356	162.962	147.501	131.328	-6,25
España: portos das CCAA	234.149	380.959	356.564	..	..	..	..
Galicia: total portos	229.965	322.186	252.184	..	..	..	..
Galicia: portos da Admón. do Estado	123.666	117.599	72.167	67.872	65.465	61.466	-8,37
A Coruña	43.739	35.924	33.299	28.331	28.131	27.034	-5,84
Ferrol - San Cibrao	268	147	177	229	207	180	-4,85
Marín - Pontevedra	1.796	1.725	1.895	2.731	3.118	2.608	4,77
Vigo	77.863	79.803	36.796	36.581	34.009	31.644	-10,64
Portos da Comunidade Autónoma	106.299	204.587	180.017	..	..	..	..

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE con datos do anuario estatístico de Portos do Estado

Os datos do total de pesca capturada nos portos galegos indican a súa importancia, pois representa ao redor do 50% do total nacional, en 2023 o peso da pesca en Galicia nos portos da Administración do Estado acada o 46,8%, 2 puntos máis que en 2022.

Dende o ano 2015 a pesca total nos portos de titularidade estatal caeu a unha taxa media anual do 6,2%, sendo en Galicia este descenso do 8,4%, destacando a caída no porto de Vigo. No último ano para o que se dispón de datos (2023), a pesca capturada caeu en Galicia en 3.999 toneladas, das que 2.365 corresponden ao porto de Vigo, 1.097 ao de A Coruña, 510 ao porto de Marín e 27 ao porto de Ferrol-San Cibrao.

Do total de portos da Administración do Estado de Galicia, en 2023 o porto de Vigo representa o 51,4%, o porto de A Coruña representa o 44%. Os portos de Ferrol-San Cibrao e Marín-Pontevedra, teñen volumes moi inferiores, 0,3% e 4,4% respectivamente.

Na táboa 7.16 preséntanse os datos de cantidade e valor de produtos pesqueiros das lonxas, publicados pola Consellería do Mar. No ano 2024 a venda de produtos pesqueiros nas lonxas de Galicia acadou as 102.462 toneladas que xeraron un valor de case 383 millón de euros.

Táboa 7.16. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo lonxa. Cantidade (toneladas) e valor (miles de euros)

	Toneladas			TVA 2024/15 (%)	% s/ total 2024	Miles de euros			TVA 2024/15 (%)	% s/ total 2024
	2015	2023	2024			2015	2023	2024		
Total	180.464	117.534	102.462	-6,1	100,0	458.195	372.608	382.953	-2,0	100,0
Burela	24.791	12.948	11.600	-8,1	11,3	74.591	57.626	58.113	-2,7	15,2
Celeiro	15.940	12.769	11.146	-3,9	10,9	52.336	47.029	46.849	-1,2	12,2
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	39.650	24.448	21.238	-6,7	20,7	78.234	62.283	59.581	-3,0	15,6
Ribeira	27.708	28.830	19.642	-3,8	19,2	32.954	41.082	40.084	2,2	10,5
Vigo	32.138	22.896	19.908	-5,2	19,4	103.369	88.086	85.197	-2,1	22,2
Resto	40.236	15.644	18.928	-8,0	18,5	116.712	76.501	93.128	-2,5	24,3

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, procedentes da Consellaría do Mar. Anuario de Pesca. Nota: noméanse as lonxas con maior nivel de produción

No ano 2024, a Lonxa de A Coruña, con 21.238 toneladas, é a que representa unha cantidade maior cun 20,7% do total, pero un 15,6% do valor. A lonxa de Vigo é a que ten máis peso en termos monetarios, pois acadou o 22,2% do total galego, mentres que en cantidade representa o 19,4%. A lonxa de Ribeira ten un peso importante, cun 19,2% da cantidade, pero un 10,5% do valor. As lonxas de Burela e Celeiro teñen un peso menor en cantidades (11,3% e 10,9%) e algo maior en valor (15,2% e 12,2%). Con respecto ao ano anterior, destaca o descenso do peso da lonxa de Ribeira nas cantidades vendidas, ao pasar de representar o 24,5% ao 19,2% antes mencionado.

En 2024 segue a tendencia do ano anterior, pois cantidades vendidas continúan a diminuír, no total de Galicia nas lonxas de maior nivel de produción, de forma que en 2024 vendéronse 15.072 toneladas menos que o ano anterior, o que representa unha caída do 12,8%. Na lonxa de Ribeira caeron as vendas nun 31%, que supón 9.188 toneladas menos vendidas respecto ao ano 2023, aínda que hai que considerar nos tres anos anteriores a lonxa de Ribeira experimentara aumentos importantes.

As lonxas agrupadas no apartado “Resto” aumentaron as súas vendas, tanto en cantidade como en valor, con 3.284 toneladas máis e 16.627 miles de euros máis que o ano anterior, o que representa un crecemento do 21% en cantidades e do 21,7% en valores.

En relación aos valores das vendas para o total galego, no ano 2024 aumentan un 2,8%, o que supón 10.345 miles de euros máis que en 2023, aínda que, de entre as lonxas destacadas, só creceron en Burela, debéndose o incremento principalmente ao “Resto” de lonxas.

Na lonxa de Vigo caen as vendas en 2.988 toneladas (-13,1%) e o valor cae 2,9 millóns de euros (-3,3%). Na lonxa de Ribeira a caída das vendas foi de máis de 9 millóns de toneladas e de case mil euros. Na lonxa de A Coruña hai un descenso maior na cantidade que nos prezos, sendo de 3,2 miles de toneladas (-13,1%) y de 2,7 millóns de euros (-4,3%). Obsérvanse caídas na cantidade vendida na lonxa de Celeiro (1,6 millóns de toneladas) pero cun descenso menor nos importes (0,2 millóns de euros).

Con relación ao 2015, nestas lonxas diminúe a cantidade de peixe desembarcada a unha taxa de variación media anual do 6,1% e tamén o valor monetario da mesma (-2%). Estas

caídas prodúcense en todas as lonxas, tan só na lonxa de Ribeira atópase unha taxa positiva do 2,2% no valor.

Na táboa 7.17 preséntanse os datos das 48 lonxas xestionadas pola confrarías no ano 2024.

Considerando os datos da táboa 16 en relación á facturación total das lonxas galegas, o peso das lonxas xestionadas por confrarías é do 22,5%, con 86.330 miles de euros. Destaca pola súa facturación a lonxas de Carril, que con 7,6 millóns de euros representa o 8,9% do total, seguida das lonxas de Cedeira (8,8%) O Grove (7,6%) e Cambados (7,4%). O prezo medio por kilo non é comparable sen considerar que depende do tipo de especie comercializado en cada lonxa, así o prezo medio máis elevado é do de as lonxas de Corme (36,5€) e A Coruña (27,5€) e A Guarda (20,2€).

Táboa 7.17. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas titularidade das confrarías. 2024. Cantidad (toneladas), facturación (miles de euros) e prezo medio (euros)

Lonxa	Tm	Facturación (miles €)	Facturación (%)	medio €/kg
A Coruña (Confraría)	0,4	12	0,01	27,5
A Guarda	73,5	1.488	1,72	20,2
Aguiño	146,8	2.587	3,00	17,6
Aldán-Hío	89,5	941	1,09	10,5
Arcade	65,1	834	0,97	12,8
Baiona	204,7	2.877	3,33	14,1
Baldaio	1,3	10	0,01	7,8
Barallobre	92,5	985	1,14	10,7
Bueu	356,6	2.695	3,12	7,6
Cabo de Cruz	55,4	837	0,97	15,1
Camariñas	2.401,3	2.937	3,40	1,2
Cambados	1.029,1	6.386	7,40	6,2
Camelle	3,6	71	0,08	19,6
Campelo	130,1	2.013	2,33	15,5
Cangas	309,9	4.652	5,39	15,0
Carnota (Lira)	73,8	901	1,04	12,2
Carril	576,0	7.655	8,87	13,3
Cedeira	1.075,8	7.594	8,80	7,1
Corcubión	1.207,7	2.356	2,73	2,0
Corme	0,4	16	0,02	36,5
Esteiro	40,8	534	0,62	13,1
Ferrol	103,1	1.406	1,63	13,6
Fisterra	407,6	3.048	3,53	7,5
Laxe	489,2	1.407	1,63	2,9

Lonxa	Tm	Facturación (miles €)	Facturación (%)	medio €/kg
Malpica	737,7	2.943	3,41	4,0
Miño	21,0	127	0,15	6,0
Moaña	107,9	1.591	1,84	14,7
Mugardos	37,0	465	0,54	12,6
Muros	1.167,8	4.056	4,70	3,5
Muxía	9,0	131	0,15	14,5
Noia	517,5	4.468	5,18	8,6
O Barqueiro	39,6	85	0,10	2,1
O Grove	516,7	6.520	7,55	12,6
Panxón	14,4	128	0,15	8,9
Pobra do Caramiñal	36,6	556	0,64	15,2
Pontedeume	94,2	237	0,27	2,5
Porto do Son	1.390,6	1.812	2,10	1,3
Portonovo	732,6	1.698	1,97	2,3
Portosín	2.102,5	2.049	2,37	1,0
Redondela	94,8	1.088	1,26	11,5
Rianxo	129,2	736	0,85	5,7
Ribadeo	6,9	88	0,10	12,7
Sada	306,6	267	0,31	0,9
Vigo (Canido)	59,2	855	0,99	14,5
Vilaboa	80,1	902	1,04	11,3
Vilanova	61,6	650	0,75	10,6
Vilaxoán	37,4	636	0,74	17,0
SUMA	17.235	86.330	100,00	5,0

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Pescadegalicia, Consellaría do Mar, Xunta de Galicia.

Na táboa 7.18 recóllese a venda de produtos segundo a especie nos anos 2015, 2023 e 2024. En Galicia en 2024 vendéronse un total de 102.462 toneladas de produtos pesqueiros cun valor total de 382.953 mil euros. Entre 2023 e 2024, prodúcese una redución de produtos pesqueiros en Galicia de 23.331 toneladas (-18,5%) e 29.431 miles de euros (-7,1%), observándose estas reducións en todas as especies (salvo nas algas).

Das especies consideradas o peixe é a especie máis relevante xa que supón o 90% da venda en volume e o 74,2% en valor monetario, son 92.233 toneladas e 284.224 miles de euros vendidos en 2024. No último ano as vendas de peixe baixaron un 7,4% en cantidade (19.436 toneladas) e un 0,4% en valor (1.014 miles de euros). No ano 2024 vólvese á tendencia decrecente na cantidade de peixe vendido que se tiña dado dende 2020 e que fora rota no ano 2023 cando aumentara en 3 mil toneladas respecto a 2022. En conxunto, dende 2015 hai unha redución tanto en volume como no valor de venda, con taxas anuais negativas do 6,3% e 2,4% respectivamente (78 mil toneladas menos e 75 millóns menos).

O peso nas vendas totais do cefalópodos é do 3,9 % en cantidade e o 6,3% en valor, o que supón 4.024 toneladas vendidas e 24.049 miles de euros. Ademais, entre 2023 e 2024 redúcese as cantidades vendidas de cefalópodos nun 38,6% (2.525 toneladas menos), que en termos monetarios supón unha caída do 29 % (9.806 miles de euros menos). No ano anterior xa tiña baixado á metade a cantidade vendida e nun 26% o valor, rompendo a evolución positiva que se viña dando dende 2021.

As vendas de bivalvos son o 3,6% da cantidade dos produtos pesqueiros vendidos en Galicia, con 3.736 toneladas, e o 11,5% do valor (44.1778 miles de euros). No último ano caeron as venas tanto en cantidade como en valor, con 1.370 toneladas menos (o 26,8%) e 18.447 miles de euros menos (o 29,5%).

Do resto de especies de maior relevancia (crustáceos, equinodermos e algas) o seu peso en termos económicos, salvo as algas, é maior que o peso en volume, destacando os crustáceos que representan o 5,6% do valor total das vendas e o 1,1% do volume.

Táboa 7.18. Venda de produtos pesqueiros nas lonxas galegas segundo especie. Cantidade (toneladas) e valor (miles de euros)

	Toneladas			TVA 2024/15 (%)	% s/ total 2024	Miles de euros			TVA 2024/15 (%)	% s/ total 2024
	2015	2023	2024			2015	2023	2024		
Total	180.464	125.793	102.462	-6,1	100,0	458.195	412.384	382.953	-2,0	100,0
Algas	450	399	552	2,3	0,5	304	303	427	3,8	0,1
Bivalvos	7.777	5.106	3.736	-7,8	3,6	64.058	62.625	44.178	-4,0	11,5
Cefalópodos	5.067	6.549	4.024	-2,5	3,9	18.983	33.855	24.049	2,7	6,3
Crustáceos	980	1.129	1.094	1,2	1,1	16.371	21.074	21.423	3,0	5,6
Equinodermos	641	720	634	-0,1	0,6	2.505	7.880	7.117	12,3	1,9
Gasterópodos	3	0	1	-11,5	0,0	9	9	7	-2,8	0,0
Peixes	165.149	111.669	92.233	-6,3	90,0	354.791	285.238	284.224	-2,4	74,2
Poliquetos	5	4	4	-2,4	0,0	250	297	297	1,9	0,1
Resto de descargas	393	218	184	-8,1	0,2	923	1.101	1.230	3,2	0,3

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE, procedentes da Consellaría do Mar. Anuario de Pesca. Nota: noméanse as especies con maior nivel de produción.

7.6. Conclusións

En Galicia, hai 63 confrarías de pescadores, que representan o 31,8% do total das españolas (198), organizadas en 3 federacións e que conforman a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. En Lugo atopamos 6 confrarías, 35 en A Coruña e 22 en Pontevedra.

En relación coas afiliacións, no ano 2024 tiñamos 10.191 afiliacións ás confrarías de pescadores en Galicia, das cales 6.279 son traballadores e traballadoras (61,6%) e 3.912 corresponden a empresas.

Por federacións, A Coruña representa a maior porcentaxe de afiliacións (o 47,6%), seguida de Pontevedra (47,5 %) e Lugo (4,9%), manténdose esta representación tanto no caso de empresas como de traballadores/as, que supoñen preto do 62% das afiliacións galegas, é suben ao 77% en Lugo.

No ano 2024 detéctase unha nova caída no número de afiliacións nas confrarías de pescadores, 585 menos (-5,4% de variación) que se produciu pola caída nas afiliacións de persoas traballadoras (-488, o -7,2%) e empresas (97 menos, unha caída do 2,4%).

As afiliacións en 2024 caen en todas as provincias: -57 empresas e -301 traballadores na Coruña, -37 empresas e -182 traballadores en Pontevedra e -3 empresas e -5 traballadores en Lugo.

Por sexo, as mulleres traballadoras ascenden a 2.676. Son 163 menos con relación ao informe anterior pero a diminución é menor que no caso dos homes, polo que as traballadoras aumentan o seu peso ata o 42,6%.

As empresarias son 475, e non houbo variacións con relación ao informe anterior, mello-rando, tamén, a súa representación ata case o 13% das afiliacións das persoas empresarias.

Por sectores, a maior porcentaxe de afiliacións as atopamos no sector de marisqueo a pé (28,6%, 2.915) segundo a segunda actividade en importancia o marisqueo dende embarcación, 2.552 (25%) e a pesca de baixura, 2.259 (22%). En todos eles hai un descenso do número de afiliacións con relación ao 2023.

Na provincia de A Coruña, o sector onde exercen a súa actividade a maior porcentaxe de afiliados as confrarías é o de marisqueo desde embarcación, acadando o 29% das afiliacións totais. Na provincia de Pontevedra, a maior porcentaxe a atopamos no sector de marisqueo a pé (36,5%) e na federación de Lugo no de pesca de altura e grande altura, co 50% das afiliacións.

O número de permisos de marisqueo a pé en Galicia en 2024 é de 3.307, dos que 2.470 son de mulleres e 837 de homes. Dende o ano 2015 obsérvase unha caída continua no número de permisos, que no último ano foi de 222 permisos menos, resultado do descenso de 163 nas mulleres e 59 nos homes.

A distribución de permisos de marisqueo a pé, por xénero indica que as mulleres ocupan case o 78% dos permisos e supera o 82% para os tramos de idade de 51 a 60 anos e de máis de 60 anos. Os datos indican que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles estase a elevar a idade media.

A importancia da flota pesqueira galega en España é evidente, a nosa comunidade no ano 2024 representa o 49,4% do número de buques de España e o 43% do arqueo total, son 4.162 buques (36 menos que en 2023). A maior parte da flota galega, o 96%, opera nos caladoiros nacionais. A pesar do peso da flota galega, a antigüidade dos buques é superior á media nacional e os buques teñen unha eslora media menor. Segundo os datos do Rexistro de buques pesqueiros, en 2025, o 48,7% dos buques da flota galega son de A Coruña, o 48,3% de Pontevedra e o 3,1% de Lugo.

No ano 2024 a venda de produtos pesqueiros nas lonxas de Galicia acadou as 102.462 toneladas que xeraron un valor de case 383 millón de euros, son 15.072 toneladas menos que o ano anterior, o que representa unha caída do 12,8%. En relación ao valor das vendas, para o total galego, no ano 2024 aumentan un 2,8%, o que supón 10.345 miles de euros máis que en 2023. O peso das lonxas xestionadas por confrarías é do 22,5%, con 86.330 miles de euros. Destaca pola súa facturación a lonxa de Carril, que con 7,6 millóns de euros representa o 8,9% do total, seguida das lonxas de Cedeira (8,8%) O Grove (7,6%) e Cambados (7,4%).

8. AS SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN

8.1. Introducción

A mellora dos sistemas de comunicación e os cambios na forma de entender todo o proceso produtivo, están a favorecer unha crecente aposta polas actividades agrícolas, gandeiras e forestais a nivel nacional e, en Galicia en particular. A aplicación das novas tecnoloxías e especialmente a implantación dos instrumentos dixitais no sector primario favorecen o desenvolvemento destas actividades. Como xa foi indicado, isto posibilita tres obxectivos. En primeiro lugar, a revitalización do eido rural, o que favorece a repoboación demográfica para combater o importante problema da “España vaciada” (Vaquero & Losa, 2020; Vaquero, 2021). En segundo lugar, conseguir unha explotación responsable dos recursos locais no medio rural, algo recomendado polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas (NU). Finalmente, favorecer unha economía sostible e respectuosa seguindo as recomendacións do Pacto Verde Europeo (PVE) da Comisión Europea¹. (Vaquero, 2024).

Como indicamos en anteriores edicións deste Libro da Economía Social (ES) en Galicia, as Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) configúranse como un claro exemplo de entidade que promove un aproveitamento responsable no marco rural máis alo da tradicional perspectiva mercantilista baseada na maximización do beneficio. Asemade, fronte á tradicional atomización do sector primario, a posibilidade de concentrar entidades, por exemplo, por medio das SAT, permite unha maior implicación directa do produtor en toda a cadea produtiva. Ao mesmo tempo, grazas á maior profesionalización da actividade primaria, posibilitase unha maior transparencia na toma de decisións cara a transformación e comercialización dos outputs ofertados. Finalmente, grazas ao asociacionismo agrario se posibilita un mantemento da actividade económica ligada ao territorio, sendo unha clara aposta polo desenvolvemento endógeno, elemento clave para mellorar a vertebración e situación económica e social de todo o que rodea ao mundo rural.

¹ O PVE busca, entre outros obxectivos, acadar unha alimentación saudable e xusta en circuitos de proximidade, para alimentar a poboación sen destruír os recursos, tratando de evitar a produción irracional de alimentos e o despilfarro (PVE, 2019). Sen dúbida, o asociacionismo agrario en xeral e as SAT en particular, poden fomentar este tipo de comportamentos.

En consecuencia, as SAT permiten fornecer o sector agrario, posibilitando unha produción e unha organización máis eficiente para abordar con máis éxito as distintas etapas, dende a produción ata a comercialización dos bens agropecuarios (Román & Suárez, 2024). Asemade, as SAT poden xogar un papel moi importante na mellora das infraestruturas rurais, xa que as explotacións demandan de maiores e mellores servizos, potenciando, por exemplo, novas e modernas infraestruturas o cal redunda positivamente en toda a economía.

O anterior, cobra unha maior relevancia naquelas Comunidades Autónomas (CC. AA) onde se detecta unha forte presenza do medio rural, como sería o caso de Galicia. A nosa Comunidade Autónoma (CA) sempre tivo un peso moi importante en agricultura, gandeiría e explotacións forestais. As cifras reflicten claramente esta realidade, xa que o medio rural galego supón o 3,4 % do Valor Engadido Bruto (VAB) e o 3,8 % do emprego (6,9 % se sumamos o sector agroalimentario, López-Iglesias, 2019). Asemade, a súa importancia en termos sociais supera os resultados económicos. Acadar un sector primario con futuro permitiría mitigar notablemente o proceso de despoboamento da Galicia interior, limitaría a polarización económica en torno certos eixos e a fomentaría a conservación do medio natural, algo fundamental para o resto de sectores económicos e incluso para a nosa supervivencia (Informe ARDÁN, 2020, 2021, 2002, 2023, 2024).

Acadar o anterior non é, dende logo, unha tarefa sinxela. Porén, dende a Economía Social (ES) dispónse dalgúns opcións -como as SAT- que permiten significativos avances no campo da asociacionismo, poñendo en valor os importantes principios que recolle a ES. Actuando desta forma, se posibilita unha defensa da actividade produtiva do medio rural, obxectivo vital nun escenario económico globalizado (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, 2023).

O presente capítulo trata de reflectir a situación das SAT en Galicia. Para iso, tras esta introdución, o segundo apartado define e sinala as características desta forma de cooperación social. No terceiro apartado, realízase unha análise das SAT na nosa comunidade autónoma dende unha perspectiva económica. O cuarto epígrafe realiza un conxunto de recomendacións, a modo de exercicio propositivo, que cremos debe ser tidas en conta para mellorar o funcionamento e extensión das SAT no marco galego. Finalizamos coas conclusións.

8.2. Concepto e características

Cando se estuda os fenómeno asociativo do sector primario, son dúas as figuras habitualmente analizadas: as SAT e as cooperativas agrarias. As SAT son un tipo de entidade intermedia entre as sociedades civís e as cooperativas mercantís de capital, cun claro obxectivo económico-social enfocado cara a á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais. Grazas as SAT se posibilita a realización de actuacións tendentes a mellorar a contorna rural, a promoción e desenvolvemento agrario e, asemade, unha ampla listaxe de servizos relacionados con estas actividades. As SAT son quen de desenvolver un importante papel económico e social -coma sociedade civil e personalista- pero ao mesmo tempo con algúns elementos mercantís (Vidal et. al., 2001); en consecuencia, as SAT son sociedades “híbridas”.

Como se indicou, o asociacionismo agrario tamén pode decantarse pola creación de cooperativas agrarias. Ben é certo que entre estas e as SAT- ao compartir elementos- existe certa proximidade funcional, as diferenzas entre ambas resultan evidentes. As SAT permiten

unha maior grao de flexibilidade nos seus estatutos sociais que as cooperativas agrarias, o que sen dúbida facilita o proceso de xestión das primeiras. Así, as cooperativas agrarias basean o seu funcionamento na regra: 1 socio é 1 voto. Poren, as SAT permiten utilizar o voto proporcional en función da participación individual do capital social subscrito cando se tratan temas de natureza económica. En canto ao capital social mínimo, as SAT esixen unha menor dotación para a súa constitución e non precisan dotar reservas ou fondos específicos obrigatorios, algo que si resulta necesario para as cooperativas agrarias. Asemade, as SAT poden realizar operacións con terceiros non asociados, algo que non se contempla nas cooperativas agrarias (Juliá & Server, 2003). En resumo, a xestión resulta máis flexible nas SAT que nas cooperativas agrarias (Bel, 1995). O anterior posibilita a cohabitación de múltiples variantes dentro da figura da SAT (Mauleón & Genovart, 2018; Arroyo et al., 2018) fronte a unha maior rixidez das cooperativas agrarias.

Para entender o funcionamento e desenvolvemento das SAT é necesario analizar os seus orixes. A referencia seminal son os Grupos Sindicais de Colonización Agraria (GSCA), unha formula asociativa dos anos 40 do século XX, regulada pola Lei de Colonización de Interese Local, de 25 de novembro de 1940 (Román, 2008; Román, 2024 e Román & Suárez, 2024).² Os GSCA configurábanse como entes intermedios entre agricultores e o Estado, coma un tipo de entidade semipública e consorcial, destinada a mellorar a situación económica e social do medio rural, por medio do fomento da cooperación das actividades agrarias. Grazas a proliferación dunha serie de ordes e circulares, estas entidades ampliaron o seu alcance máis alo dos tradicionais grupos sindicais, o que posibilitou acadar un carácter máis empresarial e societario (Román & Suárez, 2024).

Posteriormente, en base ao Real Decreto-Lei 31/1977, de 2 de xuño, sobre extinción da sindicación obrigatoria, reforma de estruturas sindicais e reconversión do organismo autónomo “Administración Institucional de Servizos Socio-Profesionais” comeza a perfilarse as SAT, a través da modernización da estrutura dos antigos GSCA³ (Gómez, 2022). Esta adaptación supuxo a creación dun novo modelo de organización para acometer con maior seguridade dos retos nunha agricultura máis competitiva e globalizada.

A actual regulación das SAT basease nas seguintes normas: o Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, polo que se aproba o estatuto que regula as SAT, a Orde de 14 de setembro de 1982, que desenvolve e o Real Decreto 1773/1981, de 3 de agosto, polo que se aproba o Estatuto que regula as SAT⁴ e a Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, ademais da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social (que recoñece as SAT como entidades de ES).⁵ Asemade, aplicáranse as disposicións establecidas no Código Civil, posto que as SAT se tratan de sociedades civís.

2 Nesta lei establecíase o auxilio do Estado das entidades con fins agrarios. Poren, e xa que posibilitaban a aco- metida de obras e melloras no territorio con fondos públicos, as SAT non eran entidades asociativas agrarias en sentido estrito (Román, 2024; Román & Suárez, 2024).

3 A disposición adicional segunda, letra c) do Decreto-Lei 31/1977 posibilitou á conversión dos GSCA nas novas SAT, que finalmente foron reguladas polo Real Decreto 1776/1981.

4 En o Real Decreto 1776/1981 e a súa Orde correspondente configuran as SAT como sociedades civís no sector agropecuario con fins de natureza económica (producción, transformación e distribución de produtos agrícolas, gandeiros e forestais) e social (realización de melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrario e a prestacións de servizos comúns como os seguros agrarios).

5 Na Lei de Economía Social sinalase que as SAT son sociedades civís que teñen unha finalidade estritamente agraria para a produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais, a reali- zación de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrario e a prestación de servizos comúns que sirva a estas finalidades. Precisamente esta actividade agraria, posibilitou que estas entidades sexan recoñecidas como parte da ES, aínda que a súa estrutura non se axuste ao mutualismo das cooperativas agrarias (Román & Suárez, 2024).

Ademais da anterior normativa, de natureza estatal, tamén se contempla lexislación autonómica para as SAT. A primeira Comunidade Autónoma (CA) en legislar sobre as SAT foi o País Vasco, a través do Real Decreto 3177/1982, de 15 de outubro. En Galicia, só tres anos despois, aprobouse o Real Decreto 795/1985, de 30 de abril, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado cara a Galicia. Asemade, contamos cunha lei autonómica en ES, a Lei 6/2016, de 4 de maio de Economía Social de Galicia.

Coas SAT se conseguen varios obxectivos, entre outros, mellorar a produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais; potenciar a reagrupación de superficies e explotacións; modernización de explotacións agrarias e realización de melloras no medio rural; prestación de servizos á comunidade rural e a promoción e o desenvolvemento agrario. As SAT garanten tamén unha maior transparencia na toma de decisións sobre transformación e comercialización dos produtos, características presentes no ADN da ES.

Grazas as SAT se mellora a situación das zonas rurais, que dende fai varias décadas enfróntanse a importantes desafíos para garantir a súa supervivencia (Vaquero & Losa, 2020; Vaquero, 2021). Asemade, con estas entidades se potencian os recursos endóxeos da zona, mellorase a competitividade, acadase un mellor acceso e aproveitamento dos recursos rurais e faise unha aposta decidida pola formación no sector agrícola. Asemade, as SAT poden xogar un papel moi importante no obxectivo de acadar unha alimentación saudable e xusta en circuitos cortos, un dos obxectivos que recomenda o PVE. Compre indicar que a Comisión Europea⁶ sinala que o sector agroalimentario ten un impacto considerable no medio ambiente, xa que a terceira parte das emisións mundiais de gases de efecto invernadoiro son consecuencia do sistema alimentario. Precisamente, as SAT garanten unha utilización respectuosa dos recursos, sendo o vehículo ideal para garantir a liña de actuación “da granxa á mesa”, a redución do uso de plaguicidas e fertilizantes en agricultura, o menor emprego de antimicrobianos en gandeiría e acuicultura e para mellorar a utilización de terras agrícolas dedicadas a agricultura ecolóxica (PVE, 2019).

As SAT tense que inscribirse no Rexistro Xeneral de SAT do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) ou no Rexistro da SAT de cada CA, en función do ámbito de actuación da entidade. As SAT tamén poden asociarse, ou integrarse entre si, para garantir un desenvolvemento a maior escala, o que reforza a súa competitividade e eficiencia tanto dentro da mesma CA como a nivel nacional.

O número mínimo de socios das SAT é de tres socios, pero ningún deles pode ter máis dun terzo do capital social. Asemade, se posibilita que as persoas xurídicas tamén poidan ser titulares ata o metade do capital social. Para ser socio dunha SAT débese cumprir cunha serie de requisitos: ser titular dunha explotación agraria ou forestal; ser traballador autónomo -ben por conta allea ou propia do Réxime Especial Agrario da Seguridade Social-, ser titular dunha explotación gandeira e ser persoa xurídica con fins agrarios ou titular dunha explotación agraria.

Os socios das SAT formarán parte da Asemblea Xeral, órgano fundamental do seu funcionamento, participando na adopción de acordos. Asemade, deben colaborar nas actividades da SAT en función do aprobado nos estatutos sociais e satisfacer a cota de participación no capital social e do resto das obrigas de contido persoal ou económico recollidos nos seus estatutos. En caso de débedas, primeiro se responderán co patrimonio social e, en caso de ser necesario, os socios de forma mancomunada, salvo que nos estatutos sociais

6 En concreto, o PVE persigue cambiar a forma de producir e de consumir alimentos na UE reducindo a pegada medioambiental dos sistemas alimentarios, reforzar a súa resiliencia fronte as crises e seguir garantindo a dispoñibilidade de alimentos saudables e asequibles.

da SAT se estableza algún tipo de limitación pola responsabilidade patrimonial dos socios. Nas SAT é a Asemblea Xeral a que aproba con plena autonomía os seus estatutos. O seu funcionamento é personalista, polo que se antepón ao socio por riba da achega económica (Vargas, 2010, 2012).

As SAT deberá contar co Libro Rexistro de socios, o Libro de Actas Xeral, Xunta Reitora e do resto de órganos de goberno aprobados nos seus estatutos e os libros de contabilidade de natureza obrigatoria. Os estatutos sociais establecerán as condicións para o ingreso dos socios a as causas de baixa⁷ e os seus efectos. En caso de baixa, o socio recibirá a liquidación definitiva da súa participación no patrimonio social na cantidade correspondente. O socio que cause baixa será responsable fronte á SAT do cumprimento das obrigas ata a data de perda da súa condición.

As SAT carecen dun réxime fiscal propio, aínda que presentan algunhas especialidades tributarias. O tratamento fiscal das SAT atópase establecido na Disposición Adicional Primeira da Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas e no artigo 6 da Lei do Imposto sobre Sociedades (LIS), recollido no Real Decreto lexislativo 4/2004, de 5 de marzo. Así, establécese que para as SAT será de aplicación o réxime tributario xeneral, estando suxeitas á LIS. A súa tributación é algo diferente ás cooperativas, xa que esas últimas farano a un tipo reducido (20 %), salvo as cooperativas de crédito (25 %) que farano igual que as SAT (25%). O anterior, beneficia as cooperativas agrarias, fronte as SAT (Julia e Server, 2003). O réxime fiscal da SAT queda recollido na Lei de Réxime Fiscal de Cooperativas, cando non se trata dunha cooperativa. A nota máis destacable é que as operacións entre as SAT e os seus socios se valorarán a prezos de mercado -o prezo normal dos bens, servizos e prestacións que houberan acordados entre partes independentes- aínda que se recollen algunhas especialidades para o caso que se realicen prestacións para os socios.

Contémplanse dous importantes beneficios fiscais para as SAT (Server & Marín, 2004). En primeiro lugar, a exención total no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPeAXD) para os actos de constitución e ampliación de capital⁸. É por outra banda, unha bonificación do 95 % no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE). Asemade, se a SAT ten a consideración de explotación asociativa prioritaria, poderá beneficiarse da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias⁹. Para poder acollerse a este conxunto de beneficios fiscais, as SAT deben estar constituídas conforme ao Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, polo que se aproba o estatuto que

7 Entre outras, a transmisión total da súa participación, morte o incapacidade legal do socio, separación voluntaria e exclusión forzosa.

8 Na actualidade esta exención aplícase a todo tipo de entidades, polo que non é unha vantaxe fiscal para as SAT. Así, o Real Decreto-Lei 13/2010, de 3 de decembro, establece unha exención a todas as operacións societarias relativas á constitución de sociedades, o aumento de capital, as achegas que efectúen os socios que non supoñan aumento de capital e o traslado a España da sé de dirección efectiva ou do domicilio social dunha sociedade cando nin unha nin outro estivesen previamente situados nun estado membro da UE.

9 En concreto o artigo 6 da Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, establece que as explotacións asociativas prioritarias poderán adoptar a forma de SAT, posibilitando un trato preferente nos seguintes casos: "*adxudicación de superficies agrarias realizadas polas Administracións Públicas, nas contratacións de seguros agrarios subvencionados con fondos públicos, no acceso ás actividades formativas organizadas ou financiadas polas Administracións Públicas para mellorar a cualificación profesional dos agricultores, na concesión das axudas establecidas para a mellora das estruturas agrarias de produción, sen prexuízo do disposto pola normativa comunitaria. Para estes efectos poderanse establecer criterios de modulación en función da dedicación e a renda dos titulares, así como da localización das explotacións, nas axudas incluídas nos programas de ordenación de producións agrarias ou de ámbito territorial específico, sempre que iso sexa compatible coas finalidades dos devanditos programas e na asignación das cotas ou dereitos integrados nas reservas nacionais, constituídas en aplicación ou desenvolvemento da normativa reguladora das correspondentes organizacións comúns de mercado, sempre en concordancia coas condicións establecidas, para o efecto, nas devanditas normas*".

regula as sociedades agrarias de transformación e estar validamente inscritas no Rexistro do MAPA ou do rexistro correspondente da CA. O **Cadro 8.1** resume toda esta información.

Cadro 8.1. Características básicas das SAT

Definición	Sociedades civís de finalidade económico-social dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.
Capital social mínimo	O mínimo fixarano os socios quedando reflectido nos estatutos sociais, debendo estar desembolsado, polo menos, o 25 %. O resto do capital deberá desembolsarse nun prazo máximo de 6 anos. Nas SAT o capital social é variable, como consecuencia do principio de portas abertas que teñen os socios, como sucede coas cooperativas. Asemade, o artigo 6 do Real Decreto 1776/1981 establece a posibilidade da baixa voluntaria dos socios e o reembolso das aportacións dos socios, polo que a variación de capital é posible; en consecuencia, o capital social é variable. As aportacións dos socios poden ser en metálico ou en especie . O capital aportado por un único socio non pode ser superior a unha terceira parte do total establecido nos estatutos. En caso de socios con personalidade xurídica a aportación realizada non pode suuperar o 50 % do capital social.
Número de socios	O número de socios é variable, cun mínimo de tres persoas (físicas, xurídicas ou comunidades de bens). Nas SAT existe liberdade para saír e as limitacións á entrada, o mesmo que nas cooperativas. Poderán asociarse para promover unha SAT as persoas que sexan titulares dunha explotación agrario ou traballador agrícolas e as persoas xurídicas que persigan fins agrarios. Ningún socio poderá adquirir produtos elaborados por unha SAT para lucrase pola súa venda (artigo 5.4 do Real Decreto 1776/1981), algo similar o que se establece co principio mutualista das cooperativas. Os Estatutos poden establecer a proporcionalidade de votos respecto ás aportacións ao capital social nos acordos que supoñan obrigas económicas das persoas socias.
Tipo de socios	Poden existir tres tipos de socios: persoas físicas titulares dun negocio de explotación agraria, gandeira e forestal, persoas traballadoras dunha explotación agraria, gandeira e forestal ou persoas xurídicas que desenvolvan actividades agrarias.
Normativa aplicable	Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, polo que se aproba o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación, https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1981-18431 ; Orden de 14 de setembro de 1982, que desenvolve o Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto polo que aprobase o Estatuto que regula as Sociedades Agrarias de Transformación, https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1982-26295 ; Ley 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas, https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1990-30735 ; Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-5708 ; Lei 1/2016, de 4 de maio da economía social de Galicia, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2016-5943 e artigo 1665 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se publica o Código Civil en materia de sociedades civís, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1889-4763
Personalidade	Xurídica propia, independente da personalidade dos seus membros, que se adquire dende a súa inscrición no Rexistro.

Responsabilidade	Ilimitada, salvo que se limite polos Estatutos da SAT. Das débedas sociais responderá, en primeiro lugar, o patrimonio social e, de forma subsidiaria, os socios de forma mancomunada, salvo que nos estatutos se estableza a súa limitación. As obrigas dos socios non terminan coa simple aportación do capital subscrito, xa que os socios quedan suxeito a un status que comportan unha serie de obrigas e prestacións próximas as de unha cooperativa, máis que as de unha sociedade de capital (artigo 7º.2 d do Real Decreto 1776/1981).
Denominación social	Será libre, debendo incluír a denominación "Sociedade Agraria de Transformación", ou "SAT" e o número que lle corresponda no Rexistro Xeneral, con expresión da clase de responsabilidade da mesma fronte a terceiros, por exemplo SAT de responsabilidade limitada.
Constitución	Inscripción no Rexistro Xeneral de SAT do MAPA ou na Consellería Autonómica correspondente, en función do territorio en que se implante.
Rexistro mercantil	Non é obrigatoria.
Xestión	A xestión é democrática. En consecuencia, existe igualdade de dereitos en todos os socios para garantir a organización, xestión e control democrático. Nas SAT existe equiparación entre os seus membros en materia de dereitos políticos (1 socio, 1 voto recollido no apartado segundo do artigo 11 do Real Decreto 1776/1991). Porén, esta orientación romperse no momento de formular os dereitos económicos. Así, os beneficios serán distribuídos entre os socios en proporción a súa participación no capital (artigo 7º1d do Real Decreto 1776/1981). Asemade, a diferenza das cooperativas, non hai límite á retribución do capital aportado.
Ingresos/baixas dos socios	Os Estatutos Sociais establecerán as condicións para o ingreso dos socios a as causas de baixas e os seus efectos.
Contabilidade	As SAT deben levar una contabilidade conforme a lo establecido en la legislación aplicable, adaptada a las particularidades de este tipo de sociedades.
Realización de dotacións	Non están legalmente obrigadas a realizar dotacións a fondos de reserva, educación ou obras sociais, nin tampouco estarán limitadas para poder realizar operacións propias da súa actividade con terceiros.
Reparto de beneficios	En función a la aportación efectuadas polo socio ao capital social e non en función da súa contribución ao rendemento da sociedades.
Réxime fiscal	Lei do Imposto de Sociedades, réxime xeral (tipo impositivo do 25%) e no disposto na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas. As SAT gozan dos seguintes beneficios fiscais: ▪ Imposto sobre Transmisiones Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados: exención total para los actos de constitución y ampliación de capital. ▪ Imposto sobre Actividades Económicas: bonificación do 95 % da cota e recargas correspondentes as actividades realizadas. ▪ Imposto sobre Sociedades: as operacións entre as SAT e os seus socios computaranse polo seu valor de mercado, con algunhas especialidades naqueles casos en que se realicen servicios o suministros aos socios.

Órganos de administración	Asemblea xeral: órgano supremo de expresión da vontade dos socios, no que participarán todos os socios, con competencia exclusiva na elección dos membros da Xunta Reitora e da comisión de liquidación. Xunta Reitora: órgano de goberno, representación e administración ordinaria da SAT. A Asemblea Xeral poder asumir, se así se indica nos estatutos as funcións da Xunta Reitora cando a SAT teña menos de 10 socios. Presidencia: órgano unipersonal coas facultades estatutarias que se establezan, que incluírá necesariamente a representación da SAT, sen prexuízo das conferidas á Xunta Reitora. Asemade, nos estatutos pódese contemplar a existencia de outros órganos de xestión, asesoramento e control, debendo establecer o modo de elección dos seus membros, número e competencias.
---------------------------	---

Fonte: elaboración propia a partir da Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (Disposición adicional primeira); Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación e a Orde de 14 de setembro de 1982 que desenvolve o Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación

É posible sinalar un conxunto de vantaxes para as SAT en relación a outras formas asociativas similares, especialmente en relación as cooperativas agrarias. A maior parte trátase das mesmas que para unha sociedade civil.

- A responsabilidade patrimonial dos socios no ten que ser ilimitada, podendo limitarse á achega realizada se figura nos estatutos¹⁰.
- Permite mellorar a rendibilidade da explotación agraria, posibilitando a introdución de novos sistemas de produción con menores custos -grazas as economías de escala- e ao mesmo tempo con técnicas sostibles e compatibles co respecto ao medio ambiente.
- Garante un ambiente motivador para os partícipes, xa que eles son os donos da sociedade, posibilitando un grao de implicación e compromiso maior que se foran meros traballadores asalariados.
- Posibilita importantes facilidades para acceder a axudas e subvencións das diferentes Administracións Públicas (AA.PP), tanto estatais como autonómicas, tal e como establece, por exemplo, a Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.
- Debido a personalidade xurídica propia das SAT aumentan as posibilidades de mellorar a súa capacidade para obter financiamento fronte a la opción de exercer como persoa física, con menor capacidade para obter recursos.

Con todo, as SAT tamén presenta un conxunto de limitacións (Mauleón & Genovart, 2018) que pode condicionar o éxito destas iniciativas:

- Ao tratarse dunha sociedade de duración determinada, nalgún momento ten que abordarse a tarefa da disolución, xogando a comisión de liquidación un papel moi importante neste reparto da participación.
- Como o voto é ponderado en función de capital social aportado, pode ser complicado a toma de decisións, especialmente cando se trata de cuestións de natureza económica.
- Esixen un maior número de trámites e presentan maiores dificultades para o seu funcionamento que o resto de sociedades civís, o que pode provocar certo desinterese cara a súa creación.

¹⁰ De optar por esta vía deberán indicalo expresamente na súa denominación social.

- Comprobase unha ampla heteroxeneidade e casuística dos estatutos, o que pode complicar a súa xestión.

Asemade, compre indicar que os estudos e investigacións académicas sobre as SAT son escasas, a diferenza do que existe, por exemplo coas cooperativas, incluso das agrarias, que recollen unha maior profusión investigadora. Unha das causas que xustifican este resultado é o problema ao acceso á información. Ata 1992, os datos publicados polo MAPA eran moi abundantes, pero co comezo da transferencia de competencias das SAT cara as CC. AA redúcese a información dispoñible para os investigadores. De feito resulta moi complicado obter unha descrición pormenorizadas da súa distribución a nivel nacional (Román, 2008), mais alo duns indicadores básicos que son os que presentaremos para Galicia neste capítulo, por ser os únicos que se se facilitan de forma centralizada para todas as CC. AA.

O MAPA publica anualmente un breve informe con información estatística sobre as SAT a nivel estatal, pero con certa desagregación provincial. Esta información é moi básica xa que só inclúe o número total das SAT, considerando o número de socios e o total do capital social, considerando o desglose polo obxecto social da sociedade. Somos da opinión, como repetimos en anteriores informes, que a información publicada é netamente mellorable, xa que se debería contar con información relativa a facturación das SAT, coñecer a súa relevancia cuantitativa no sector agroalimentario e da ES, as principais características das SAT, algún tipo de clasificación ou o número de persoas empregados. Polo tanto, dende o MAPA (a nivel estatal), como dende a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, sería necesario e ampliar a información estatística de acceso público sas SAT. Non ter esta información pública - aínda que algunhas CC. AA a facilitan baixo demanda - limita o número e calidade das investigacións das SAT (Julia e Server, 2003). Dende 2020, o MAPA publica unha listaxe das SAT de ámbito nacional, que permite sinalar aquelas CC.AA con maior presenza de SAT que operan fora de cada territorio. Sobre esta nova información e as implicacións económicas que supón volveremos máis adiante.

As Sociedades de Transformación Agraria en Galicia

Galicia conta co seu propio rexistro autonómico das SAT (Xunta de Galicia, 2024; 2025). No seu ámbito de aplicación atópanse aquelas SAT, Federacións ou Asociacións cuxos socios, titulares de explotacións agrarias, teñan radicadas as mesmas no ámbito territorial na nosa CA.

A **Táboa 8.1** recolle, para o período 2016-2024, o número, socios e o capital social (en millóns de euros) das SAT. Pódese sinalar como diminúe o número de entidades durante estes anos, chegando a 11.892 a nivel nacional en 2024 (unha lixeira redución de 55 SAT respecto a 2023). O número de socios no último ano é de 302.605, cun aumento de 2.015 participantes respecto a 2023.

Asemade, dende 2016 ata 2024 comprobase unha redución de 587 entidades, un resultado que debese á concentración das SAT, como reflicte o importante aumento do capital social durante os anos analizados, que pasa dos 669 millóns de euros en 2016 aos 1.168 en 2024.¹¹ Esta redución do número de SAT pode deberse a un proceso de consolidación. Por outra parte o descenso do número de socios podería estar relacionado coa consolidación de empresas. Polo tanto, as entidades están mellor capitalizadas, o que pode entenderse

11 Ademais, e como se indica en Roman e Suárez (2024) resulta sorprendente o “salto” do importe do capital social entre 2016 e 2017. Segundo estes autores, os datos non parecen gardar ningunha coherencia coa serie temporal, polo que non existe unha explicación fiable deste incremento. A motivo apuntado por estes dous investigadores é unha reconfiguración na forma de xestionar a información por parte do MAPA.

como un incremento da súa eficiencia operativa e mellora do seu rendemento económico (Román & Suárez, 2024).

Táboa 8.1. SAT inscritas segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (2016-2024) (a 31 de decembro de cada ano)

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
SAT inscritas	12.479	12.438	13.379	12.317	12.221	12.145	12.092	11.947	11.892
Número de socios	312.115	301.240	300.209	306.989	304.839	302.411	303.200	304.620	302.605
Capital social (en millóns de euros)	669	1.211	1.054	1.034	1.031	1.207	1.024	1.024	1.168

Fonte: elaboración propia a partir do Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación, MAPA (varios anos) (<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/>)

A **Táboa 8.2** reflicte o número de entidades, socios e capital social das SAT por CC. AA. A **Táboa 8.3** recolle o mesmo exercicio pero con porcentaxes. Constátase a forte presenza deste tipo de entidades en varias CC. AA: Andalucía (1.895), Castela-A Mancha (1.638), Comunidade Valenciana (1.540), Castela e León (1.158), Cataluña (1.137) e Galicia (1.039), que ocupa o sexto posto neste ranking. Todas elas, salvo o caso de Cataluña -que pode responder a outras cuestións relativas á cultura organizativa propia desa CA- son rexións cunha forte presenza económica do sector primario: Andalucía (15,9 % de todas as SAT a nivel nacional), Castela-A Mancha (13,8 %) ou Comunidade Valenciana (12,9 %); en Galicia a porcentaxe é do 8,7 % ocupando a posición 8 de 17, debido ao elevado peso da agricultura e gandería na economía galega.

Polo que respecta ao número de socios, a maior parte concéntranse na Comunidade Valenciana (24,6 %) e Andalucía (21,8%), que recollen o 46,3 % dos socios das SAT. Galicia ten unha menor importancia relativa, co 3,3 % dos socios das SAT. Finalmente, polo que respecta ao grao de concentración do capital social das SAT, destaca Andalucía (19,3 % do total nacional), Extremadura (17,6 %) e Cataluña (14,1 %). Galicia (5,3 %) sitúase, novamente na posición 8 de 17.

Táboa 8.2. SAT inscritas por CC. AA. segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (a 31 de decembro de 2024)

	Número de SAT	Número de socios	Capital social (en millóns de euros)
Andalucía	1.895	65.841	196.543,0
Aragón	646	16.203	36.952,6
Asturias	144	1.814	8.551,9
Illas Baleares	148	1.315	5.862,2
Illas Canarias	431	6.496	10.564,3
Cantabria	208	1.410	3.670,9
Castela e León	1.158	16.160	59.071,7
Castela-A Mancha	1.638	33.717	105.380,0

	Número de SAT	Número de socios	Capital social (en millóns de euros)
Cataluña	1.137	32.967	144.597,7
Comunidade Valenciana	1.540	74.158	106.309,7
Estremadura	502	6.227	321.721,8
Galicia	1.039	10.028	54.506,4
Madrid	158	5.723	7.923,8
Murcia	504	20.663	68.444,5
Navarra	517	5.709	18.073,4
País Vasco	135	1.230	4.122,6
A Rioxa	92	2.944	16.418,9
Total	11.892	302.605	1.168.715

Fonte: elaboración propia a partir do Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación, MAPA (varios anos) (<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/>)

Táboa 8.3. SAT inscritas por CC. AA. segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico, en porcentaxe (a 31 de decembro de 2024)

	Número de SAT	Número de socios	Capital social
Andalucía	15,9%	21,8%	16,8%
Aragón	5,4%	5,4%	3,2%
Asturias	1,2%	0,6%	0,7%
Illas Baleares	1,2%	0,4%	0,5%
Illas Canarias	3,6%	2,1%	0,9%
Cantabria	1,7%	0,5%	0,3%
Castela e León	9,7%	5,3%	5,1%
Castela-A Mancha	13,8%	11,1%	9,0%
Cataluña	9,6%	10,9%	12,4%
Comunidade Valenciana	12,9%	24,5%	9,1%
Estremadura	4,2%	2,1%	27,5%
Galicia	8,7%	3,3%	4,7%
Madrid	1,3%	1,9%	0,7%
Murcia	4,2%	6,8%	5,9%
Navarra	4,3%	1,9%	1,5%
País Vasco	1,1%	0,4%	0,4%
A Rioxa	0,8%	1,0%	1,4%
Total	100%	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir do Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación, MAPA (varios anos) (<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/>)

A **Táboa 8.4** recolle o número medio de socios e o capital social medio por socio, garantindo unha comparanza moito máis homoxénea. En Galicia o número medio de socios por SAT é dos máis reducidos a nivel nacional (9,7) fronte a media nacional (25,4). Pola contra, a Comunidade Valenciana (48,2) é a que presenta unha ratio maior. Polo que respecta ao capital social por socio das SAT, en Galicia é de 5.435 euros, un resultado que contrasta cos 51.666 euros de Estremadura¹² ou os 1.385 da Comunidade de Madrid, debido ao maior ou menor peso económico do sector primario nestas CC. AA.

Táboa 8.4. Número medio de socios por SAT e capital social por socio por SAT (a 31 de decembro de 2024)

	Número medio de socios por SAT	Capital social por socio por SAT (en euros)
Andalucía	34,7	2.985
Aragón	25,1	2.281
Asturias	12,6	4.714
Illas Baleares	8,9	4.458
Illas Canarias	15,1	1.626
Cantabria	6,8	2.604
Castela e León	14,0	3.655
Castela-A Mancha	20,6	3.125
Cataluña	29,0	4.386
Comunidade Valenciana	48,2	1.434
Estremadura	12,4	51.666
Galicia	9,7	5.435
Madrid	36,2	1.385
Murcia	41,0	3.312
Navarra	11,0	3.166
País Vasco	9,1	3.352
A Ríoxa	32,0	5.577
Total	25,4	3.862

Fonte: elaboración propia a partir do Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2024) (<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/>)

A **Táboa 8.5** recolle, para as catro provincias galegas as SAT inscritas, o número de socios e o importe do capital social en millóns de euros en 2024. A **Táboa 8.6** establece as porcentaxes a nivel provincial respecto ao total autonómico. A Coruña (50,0 %) e Lugo (27,1 %) son as provincias que máis SAT rexistran (802 en total). A porcentaxe de socios é maior nas provincias de A Coruña (45,8 %) e Pontevedra (25,6 %) e os capitais sociais máis elevado dáse nas SAT das provincias de A Coruña (43,9 %) e Lugo (39,4 %), con 45,4 millóns de euros en total.

12 Este dato resulta moi alto en relación ao resto de valores das outras CC. AA

Táboa 8.5. SAT inscritas en Galicia segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico (a 31 de decembro de 2024)

	Número de SAT	Número de socios	Capital social (en millóns de euros)
A Coruña	520	4.593	23,9
Lugo	282	1.887	21,5
Ourense	106	958	2,3
Pontevedra	131	2.590	6,8
Galicia	1.039	10.028	54,5

Fonte: Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación. MAPA (2024) (<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/>)

Táboa 8.6. SAT inscritas en Galicia segundo domicilio social, incluídas as de ámbito supra autonómico, en porcentaxe (a 31 de decembro de 2024)

	Número de SAT	Número de socios	Capital social
A Coruña	50,0%	45,8%	43,9%
Lugo	27,1%	19,5%	39,4%
Ourense	10,2%	9,3%	4,3%
Pontevedra	12,6%	25,6%	12,5%
Galicia	100%	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir do Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación, MAPA (2024) (<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/>)

Unha cuestión que merece destacar, que xa foi indicado en Cancelo & Vaquero (2019, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024) son as axudas públicas para favorecer o asociacionismo agrario, e que debido aos elementos que configuran as SAT, permiten que este tipo de entidades sexan unhas das grandes beneficiarias deste programa de gasto. Anualmente o MAPA convoca un conxunto de subvencións para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de ámbito supraautonómico.¹³ Asemade, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, aproba anualmente axudas para o asociacionismo agrario. A última é a Resolución do 19 de decembro de 2024 pola que se resollen as solicitudes de subvención para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia financiadas co Instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR351A). Con estas axudas dende o goberno autonómico se pretende acadar un uso máis racional dos factores de produción e a introdución de novas tecnoloxías no medio rural.

¹³ A última convocatoria publicada no Boletín Oficial do Estado foi o Extracto de la Resolución de 25 de abril de 2025 do Fondo Español de Garantía Agraria O. A. (FEGA), pola que se convocan axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios, en o marco do Plan Estratégico da Política Agrícola Común (PAC), para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico, https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-B-2025-15817

Recomendacións

Algunhas das recomendacións que establecemos nesta nova edición do Libro da Economía Social de Galicia para mellorar as SAT van en liña co apuntado noutros anos. En primeiro lugar, non se entende como a pesares de que a agricultura e a gandería en Galicia representa o 3,8 % do emprego e o 3,4 % do Valor Engadido Bruto (Iglesias, 2019), a importancia económica e social do sector primario non se reflicte en investigacións que poñan en valor as SAT.

En segundo lugar, comprobouse como a información dispoñible das SAT é moi mellorable, xa que resulta moi escasa, o que limita o desenvolvemento destas entidades (Román et al., 2020; Cancelo & Vaquero, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024). A única fonte con datos homoxéneos é o Informe Anual de SAT do MAPA, un pequeno documento de catro páxinas de estatísticas con moi poucos datos. A modo de exemplo, non figura información sobre a facturación das SAT, nin da súa importancia cuantitativa dentro do sector agroalimentario ou mesmo en relación á ES; tampouco recollese información sobre as características das SAT ou o seu número de empregados. Polo tanto, a información para analizar as SAT resulta moi escasa, o que non posibilita ir máis alo dunha descrición moi básica desde tipo de entidades.

Asemade, e aínda que isto non o fagan todas as CC. AA, dende Galicia deberíase realizar un esforzo maior. A nosa Comunidade Autónoma a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) podería contar con estatísticas máis completas sobre as SAT, tal e como fai, por exemplo, o Instituto Canario de Estadística (ISTAC) ou a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de Canarias¹⁴. Entre ambas fontes, dispónse de moita máis información para realizar estudos das SAT, o que se podería servir como referencia para mellorar a información sobre as SAT en Galicia.¹⁵

Tamén apuntamos una nova recomendación en liña co indicado en Roman & Suárez (2024) a partires dun recente documento publicado polo MAPA en xuño de 2024. Este foi o primeiro ano que se publica a listaxe das SAT de ámbito nacional. Seguindo a valoración recollida neste artigo, estes datos poden ser de utilidade para coñecer a capacidade das SAT para estender a súa operatividade máis alo do seu territorio de orixe. O dito doutra forma, pode ser un indicador de dinamismo e eficiencia empresarial. Aceptando esta conclusión, Galicia ten unha materia pendente neste campo, xa que ningunha das SAT en Galicia realiza a súa actividades máis alo da nosa comunidade autónoma. O caso contrario pódese sinalar para a Comunidade Valenciana, con case 70 SAT operando fora do seu territorio, preto do 30% do total nacional (Román & Suárez, 2024). Polo tanto, é necesario estudar que razóns hai para non ter ningunha entidade galega operando fora de Galicia¹⁶ e, asemade, establecer actuacións públicas e privadas que favorezan este desenvolvemento.

Finalmente queremos sinalar a necesidade de realizar una actualización da normativa estatal da SAT, ao ser de principios da década dos 80. Sen dubida, resulta imprescindible

14 Dende esta Consellería ofrecese información sobre a distribución da actividade económica por illas ou en base a antigüidade das SAT.

15 A modo de exemplo, o ISTAC ofrece información sobre distribución da SAT a nivel de illa, incluído unha serie temporal co número de SAT ou número de socios, entre outros datos.

16 Entre outras poderíase apuntar que precisamente as SAT que operan a nivel nacional son aquelas que presentan unha mellor estrutura organizativa, un maior grao de tecnificación e competitividade do sector agrario ou maiores doses de dinamismo (Román & Suárez, 2024). Outras razóns que se apuntan na investigación citada poderían ser a maior especialización en produtos de alta demanda ou as menores dificultades para acceder a novos mercados para manter a súa rendibilidade. Todos estes factores parecen influír en gran medida nos resultados acadados para a implantación das SAT a nivel nacional. En consecuencia, sería necesario valorar a intensidade dos mesmos nas SAT galegas para mellora a súa posición económica e social máis alo do noso ámbito rexional.

facen cambios de calado, debido o desfase entre a actual normativa e a realidade económica tan cambiante no medio rural (Vargas, 2010, 2012).

8.3. Conclusións

Dentro del sector agrario español, a ES recolle o asociacionismo agrario, formado polas SAT e as cooperativas agrarias. As SAT son entidades entre cooperativas e sociedade laborais, configuradas como sociedades civís de finalidade económico-social para a produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais, a realización de melloras no medio rural e a promoción de desenvolvemento deste tipo de actividades.

Nun contexto onde as pequenas e medianas explotacións agrícolas enfróntanse a importantes retos nun mercado totalmente globalizado, as SAT garanten unha estrutura que facilita a modernización das actividades produtivas. Esta capacidade de intervención nas diferentes fases do proceso produtivo é un dos aspectos máis significativos destas entidades.

Do estudo das SAT pódese indicar que tratase de entidades que posibilitan a libre adhesión das persoas interesadas e, polo tanto contemplanse absoluta liberdade para a súa participación. A clave de bóveda do funcionamento das SAT é a democracia, defendendo por riba de todo, a primacía da persoa e do obxecto social, sobre outros elementos -como o capital- e a transparencia na xestión. Se ben a xestión das SAT basease no principio de 1 socio, 1 voto, é posible establecer unha proporcionalidade co capital social. Asemade, nas SAT aplícanse os excedentes ben para o seu obxecto social mediante o seu reinvestimento ou distribución, ben para a creación de emprego, de novas actividades ou de actividades solidarias. En consecuencia, as SAT son fórmulas asociativas sinxelas de constituír, posúen un réxime xurídico moi flexible, non teñen un capital mínimo obrigatorio e non precisan fondos de reserva necesarios. Todo isto posibilita contar cunha fórmula asociativa moi atractiva para o desenvolvemento da actividade agraria.

Como se indicou, as SAT contribúen ao beneficio do colectivo fronte ao individual, potenciando o desenvolvemento das persoas e o medio rural. Asemade, grazas as SAT se posibilita o asociacionismo como resposta do sector agrícola aos cambios económicos e sociais, xa que os socios retén o control dos procesos produtivos. Coas SAT perfílase un modelo de xestión colectiva máis dinámica, versátil e orientada cara o mercado en tódalas fases da actividade agraria.

As SAT utilízanse para conseguir a agrupación e defensa dos seus intereses, o que posibilita poñer en común a produción, a transformación, os servizos ou o proceso comercializador. Estas entidades poden asociarse o integrarse entre si, creando unha agrupación de SAT para mellorar o seu funcionamento. Como consecuencia do interese público e privado por contar con entidades máis concentradas no sector primario, as SAT estanse a converter nun referente en empresas produtivas de referencia no ámbito das explotacións agroalimentarias.

En Galicia, en 2024, había 1.039 SAT con 10.028 socios e un capital social de 54,5 millóns de euros. Unhas cifras que permiten situar a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma por número de SAT e a oitava por número de socios e capital social. O peso do sector primario sobre os indicadores económicos e laborais en Galicia permiten xustificar esta conclusión, de forma parecida ao que sucede co resto de CC. AA cun importante peso relativo do sector agrario, gandeiro e forestal, como sucede en Andalucía, Extremadura, Castela e León e Castela-A Mancha.

Aínda que dende 2016 prodúcese unha diminución do número das SAT tanto a nivel nacional, como para Galicia en particular, o número de socios mostra unha tendencia estable e o capital social aumentou. Isto parece reflectir a existencia dun proceso de concentración nas que as SAT se capitalizan cada vez máis, o que é un síntoma claro dun fornecemento estrutural.

Son as provincias de A Coruña (50%) e Lugo (27,1%) as que teñen un maior número de SAT, algo similar obtense a partir do estudo do número de socios e o importe de capital social. Asemade, da análise efectuada pódese comprobar como Galicia presenta, en 2024, un reducido número medio de socios por SAT (9,7) en relación ao indicador a nivel nacional (25), aínda que a dotación media por socio en Galicia (5.435 euros) é superior ao resultado obtido a nivel nacional (3.360 euros). Sen dúbida toda esta información debe permitir reflexionar sobre a achega das SAT para a transformación do sector agrario en Galicia, pero tamén para mellorar a situación demográfica, económica e social do medio rural.

Finalmente, queremos volver a indicar o escaso tratamento estatístico da SAT. Apenas existe información máis alo dos datos que proporcionan as AA.PP (central e autonómica) en cuestións relacionadas coa publicidade, rexistro e control. Os datos publicados nas diferentes páxinas webs son moi limitados, o que impide unha análise máis completa. Sen dúbida, é necesario mellorar -e moito- as estatísticas das SAT.

8.4. Bibliografía

- ARROYO, A., BARRIO, A., BERCOVITZ, R. & BERCOVITZ, A. (2018): Sociedades Agrarias de Transformación, en BERCOVITZ, A (Dir.), *Sociedades Mercantiles*, Aranzadi, 2ª edición, Navarra.
- BEL, P. (1995): "Similitudes y diferencias entre las sociedades cooperativas agrarias y las sociedades agrarias de transformación a la luz de los principios cooperativos tras el Congreso de Manchester", *Revesco-Revista de estudios cooperativos*, 61, pp. 107-126. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1148545>
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2019): As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018*, pp. 153-170, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_010128e-2fbde4a97822979233560832e.pdf
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2020): As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2019*, pp. 117-128, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_efd9eec-05f6f4f06a6f9acc3349cb475.pdf
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2021): As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2020*, pp. 135-150, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_c3785a77154648ec-be696e3095f50a0a.pdf
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2022): As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M. e BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2021*, pp. 131-146, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos,

- Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_d13d0619b-15c4e7db362c826a3603516.pdf
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2023): As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M^a. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2022*, pp. 139-156, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_a34118f7ccb-34be2bcada07f9b1fa922.pdf
- CANCELO, M. & VAQUERO, A. (2024): As sociedades agrarias de Transformación en CANCELO, M^a. T e BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2023*, pp. 133-150, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_28fb27def8a-44b16934434f4bc3756de.pdf
- COMISIÓN EUROPEA (2019): Pacto Verde Europeo, https://ec.europa.eu/info/strategy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es
- ESPAÑA. Real Decreto-Lei 31/1977, de 2 de xuño, sobre extinción da sindicación obrigatoria, reforma de estruturas sindicais e reconversión do organismo autónomo "Administración Institucional de Servizos Socio-Profesionais". <https://www.boe.es/buscar/pdf/1977/BOE-A-1977-13586-consolidado.pdf>
- ESPAÑA. Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1981/BOE-A-1981-18431-consolidado.pdf>
- ESPAÑA. Orde de 14 de setembro de 1982 que desenvolve o el Real Decreto 1776/1981, de 3 de agosto, que regula as Sociedades Agrarias de Transformación. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1982/BOE-A-1982-26295-consolidado.pdf>
- ESPAÑA. Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (Disposición adicional primeira). <https://www.boe.es/buscar/pdf/1990/BOE-A-1990-30735-consolidado.pdf>
- ESPAÑA. Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización de Explotacións Agrarias. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1995/BOE-A-1995-16257-consolidado.pdf>
- ESPAÑA. Real Decreto 1010/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrarios no marco do Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020 para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-12052-consolidado.pdf>
- ESPAÑA. Resolución do 25 de abril de 2025 do Fondo Español de Garantía Agraria O. A. (FEGA), pola que se convocan axudas a investimentos materiais o inmateriais en transformación, comercialización ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios, no marco do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-B-2025-15817
- GALICIA. Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5943-consolidado.pdf>
- GALICIA. Real Decreto 795/1985, de 30 de abril, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Sociedades Agrarias de Transformación. <https://www.boe.es/eli/es/rd/1985/04/30/795>
- GALICIA. Resolución do 19 de decembro de 2024 pola que se resolven as solicitudes de subvención para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo

- en Galicia financiadas co Instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR351A). https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250115/AnuncioG0426-231224-0003_es.html
- GOBERNO DE ESPAÑA. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Varios anos): *Informe Anual de Sociedades Agrarias de Transformación*, <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/industriaagroalimentaria/sociedades-agrarias-de-transformacion/>
- GÓMEZ, M. (2022): "Las sociedades agrarias de transformación como entidades de la economía social y vectores de desarrollo sostenible", *REVESCO: Revista de Estudios Cooperativos, Universidad Complutense de Madrid*, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales, Escuela de Estudios Cooperativos, 141, pp. 1-11. <https://revistas.ucm.es/index.php/REVE/article/view/82254>
- INFORME ARDÁN (2021): *Informe ARDÁN Galicia 2021*. ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- INFORME ARDÁN (2022): *Informe ARDÁN Galicia 2022*. ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- INFORME ARDÁN (2023): *Informe ARDÁN Galicia 2023*. ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- INFORME ARDÁN (2024): *Informe ARDÁN Galicia 2024*. ARDÁN Información Empresarial | CZFV
- JULIA, J.F. & SERVER, R.J. (2003): "Social Economy Companies in the Spanish Agricultural Sector: Delimitation and Situation in the Context of the European Union", *Annals of Public and Cooperative Economics*, 74 (3), pp. 465-488. <https://onlinelibrary.wiley.com/doi/abs/10.1111/1467-8292.00231>
- LÓPEZ, E. (2019): "El sector agrario y agroalimentario en Galicia; balance de las transformaciones desde la integración europea, 1986-2016, *Revista Galega de Economía*, 28(3), pp. 1-20. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7289607>
- MAULEÓN, E. (2015): "La sociedad agraria de transformación a la luz de los principios cooperativos de la ACI y de la Ley de Economía Social", *CIRIEC España- Revista Jurídica*, 27, pp. 459-494. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5383003>
- MAULEÓN, E. & GENOVART, J.I. (2018): "La inclusión de la sociedad agraria de transformación en la Ley de Economía Social. Pretensión del legislador o realidad en la praxis empresarial", *CIRIEC-España.Revista Jurídica*, 29, pp. 1-38. <http://ciriec-revistajuridica.es/wp-content/uploads/029-007.pdf>
- MUQUÍZ, J.I. (2003): "Las sociedades agrarias de transformación como entidades de Economía Social", *Encuentro Nacional e Institutos y Centros Universitarios de Investigación en Economía Social*, Universidad Politécnica de Valencia, 22 y 23 de maio de 2023.
- MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN (2024): Sociedades agrarias de transformación. <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias/> (data de consulta: 10 de maio de 2025).
- ROMÁN, C. (2008): "Las Sociedades Agrarias de Transformación en España: un análisis histórico", *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 63, pp. 65-87. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2921176>
- ROMÁN, C. (2024): Sociedades agrarias de transformación en ROMAN, C. & GALVÁN, I. (Dir.) *Libro blanco de la economía social de Canarias*, 195-206.
- ROMÁN, C. & SUÁREZ, J. (2024): La sociedades agrarias de transformación en España: un modelo eficiente de asociacionismo agrario, *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública*,

- Social y Cooperativa*, 112, pp. 103-134. <https://turia.uv.es/index.php/ciriecespana/article/view/29532/31303>
- ROMÁN, C., GUZMÁN, B., MENDOZA, J. & PÉREZ, M^a. V. (2020): "La sostenibilidad social de las SATs. Una propuesta de indicadores para su evaluación, *Revesco-Revista de Estudios Cooperativos*, 133, pp. 71-80. https://www.researchgate.net/publication/340889137_La_sostenibilidad_social_de_las_SATs_una_propuesta_de_indicadores_para_su_evaluacion
- SERVER IZQUIERDO, R.J. & MARÍN, M. (2004): "Fiscalidad de las empresas de economía social", *Mediterráneo Económico*, Editorial Cajamar Caja Rural de crédito, 6, pp. 223-237. <https://www.publicacionescajamar.es/publicacionescajamar/public/pdf/publicaciones-periodicas/mediterraneo-economico/6/6-77.pdf>
- VAQUERO, A. & LOSA, V. (2020): "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?" *Revista Gallega de Economía*, 29 (2), pp. 1-14. <https://revistas.usc.gal/index.php/rge/article/view/6723>
- VAQUERO, A. (2021): "Actuaciones presupuestarias y fiscales de las administraciones locales para evitar el desdoblamiento del medio rural: situación actual y líneas de mejora", *Presupuesto y gasto público*, 102, pp. 151-166. <https://www.ief.es/docs/des-tacados/publicaciones/revistas/pgp/102.pdf>
- VAQUERO, A. (2024): La vertiente económica del Pacto Verde Europeo en Movilla, L. (Directora) "El pacto verde europeo. Análisis y perspectivas, pp. 481-503. Madrid: Tirant lo Blanch.
- VARGAS, C. (2010): "Las sociedades agrarias de transformación. Aproximación crítica a su régimen legal", *Revista de derecho de sociedades*, 35, pp.159-180.
- VARGAS, C. (2012): *Las sociedades agrarias de transformación*. Editorial Dykinson.
- VIDAL, F., SEGURA, B. & RAYOS, J.A. (2001): "Situación económico-financiera de las Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) de comercialización hortofrutícola de la provincia de Alicante", *Investigación Agraria, Producción y Protección Vegetales*, 16(1), pp.71-86.
- XUNTA DE GALICIA (2025): Oficina virtual do Medio Rural. Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación. <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/tramites/sats>
- XUNTA DE GALICIA (2024): Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia. <https://pdr-mediatorural.xunta.gal/es/pdr/el-programa>

9. AS COMUNIDADES E MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

9.1. Introducción

As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común incorpóranse en Galicia coma entidades propias diferenciais no eido da Economía Social (ES). Ademais da normativa relativa a ES considérase a regulación específica en esta materia, tanto a nivel estatal coma autonómica para Galicia: a Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común e a Lei 13/1989¹ de 10 de outubro, de montes veciñais en man común (Bastida e Vaquero, 2019, 2020 ; Vaquero e Bastida, 2021, 2022, 2023, 2024).²

Neste capítulo, tras esta introdución, no segundo apartado descríbese a situación en Galicia destas entidades, comezando polos montes veciñais de man común (MVMC). No terceiro apartado se estudan as comunidades de montes veciñais de man común (CMVMC). O cuarto apartado sitúa a análise nas mancomunidades de montes veciñais de man común (MMVMC). Esta investigación remata cunha serie de recomendacións e conclusións a partir dos resultados expostos.

1 A Lei 13/1989, de 10 de outubro, sobre montes veciñais en man común en Galicia, foi pioneira no ámbito autonómico e sufriu varias modificacións. As revisións inclúen a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, e sucesivas leis de medidas fiscais e administrativas: a Lei 9/2017, de 26 de decembro, para o ano 2018, a Lei 3/2018, de 26 de decembro, para o ano 2019 e a Lei 4/2021, de 28 de xaneiro, para o ano 2022. Ademais, establécense regulacións específicas mediante o Decreto 260/1992, que aproba o regulamento de execución, e o Decreto 23/2016, de 25 de febreiro, que regula o reinvestimento dos ingresos dos montes. Tamén son relevantes a Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia e a Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

2 As principais normativas anteriores á regulación actual inclúen a Lei de Montes do 8 de xuño de 1957, que recoñecía montes de man común nas parroquias, e o seu desenvolvemento polo Real Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes, que outorgaba aos concellos a capacidade de regular o disfrute dos aproveitamentos forestais. Ademais, a Lei 52/1968, de 27 de xullo, sobre montes veciñais de man común e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 569/1970, de 26 de febreiro, buscaban garantir a protección e aproveitamento destes montes para os seus titulares.

9.2. Os montes veciñais en man común

Os montes veciñais en man común (MVMC) constitúen unha figura xurídica singular, propia de Galicia³, cun réxime de propiedade comunitaria e indivisible, xestionada democraticamente polas comunidades locais. A súa regulación específica —amparada pola Lei 13/1989 e a súa normativa de desenvolvemento— establece que se trata de bens privados de titularidade colectiva, con aproveitamento conxunto e sen asignación individual de cotas.

Esta fórmula de propiedade, que combina dereito privado con uso colectivo, permite orientar os recursos forestais cara ao ben común, garantindo a sustentabilidade ambiental e o aproveitamento local. Así, os MVMC poden contribuír á xeración de actividade económica e emprego no rural, non só a través da explotación forestal tradicional (madeira, biomasa, gando...), senón tamén mediante usos complementarios como a recollida de produtos do monte (castañas, cogomelos, plantas medicinais), a creación de espazos recreativos, ou a promoción do ecoturismo e da educación ambiental. En conxunto, estes usos permiten activar dinámicas endóxeas que axudan a frear o despoboamento e a revitalizar os núcleos rurais.

A administración galega mantén unha aposta continuada pola valorización destes montes mediante instrumentos de planificación obrigatoria (proxectos de ordenación ou documentos de xestión simplificados, segundo a superficie), así como mediante incentivos fiscais específicos. En 2024, seguen vixentes exencións como a do Imposto de Bens Inmóbiles (IBI), o tratamento favorable no Imposto sobre Sociedades (sempre que os beneficios se reinvestan en melloras do monte ou servizos de interese xeral) e a posibilidade de optar polo réxime especial da agricultura no IVE. Tamén se mantén a exención das cotas empresariais á Seguridade Social, o que reduce os custos laborais vinculados á súa explotación. Polo tanto en Galicia contamos cunha forma de propiedade singular do monte de natureza comunitaria moi diferente aos sistemas de propiedade pública e privada, cun conxunto de características que posibilitan o seu aproveitamento para favorecer o ben común e a colectividade⁴. Os MVMC posibilitan que a explotación do monte en Galicia vaia máis aló das especies de rápido crecemento propias dos procesos de explotación da madeira, ao permitir o desenvolvemento de iniciativas comunitarias, evitando a mera perspectiva mercantilista e sempre baixo o prisma da sustentabilidade (Copena, 2022).

O monte galego é un espazo óptimo para múltiples actividades, tanto directas como indirectas. Dentro das primeiras se podería mencionar, por exemplo, a mellora da explotación forestal, a través do xeración de madeira ou a utilización da biomasa coma combustible, o aproveitamento gandeiro e a produción de cogomelos, castañas, noces, resinas ou plantas aromáticas e medicinais. Entre as indirectas figura o deseño e promoción de zonas recreativas, rutas de sendeirismo, ou programas de educación ambiental para a conservación destes recursos, especialmente dirixido para as novas xeracións.

A explotación destas actividades permite fixar poboación no medio rural, freando a tendencia á perda poboacional que ameaza a supervivencia de núcleos rurais (Vaquero & Losa, 2020; Vaquero & Bastida, 2021; Vaquero, 2021; Vaquero & Santirso, 2023). Asemade o monte galego ten capacidade para introducir novas actividades, que se ben non sempre teñen unha grande rendibilidade económica, sí que poden exercer unha importante función

3 Aínda que as comunidades de montes teñen especial importancia en Galicia, existen montes veciñais en outras CC. AA como o Principado de Asturias e as provincias limítrofes con Galicia de Castela e León.

4 A principal referencia na literatura económica sobre o goberno dos bens comúns é Elinor Ostrom, premio Nobel de Economía en 2009.

social e medioambiental que é preciso recoñecer (Foro Económico de Galicia, 2019; Bastida et al., 2021) en unha tripla vertente: social, económica e ambiental.

Todas estas actividades comparten coma denominador común, a utilización sostible dos recursos locais e o fomento do crecemento endógeno e rexional. En consecuencia, o monte galego ten potencial para conformar un dos principais motores de emprego no medio rural, especialmente en aquelas zonas en perigo de despoboación, xa que poden evitar ou ao menos ralentizar este proceso. As comunidades e as mancomunidades de montes veciñais poden aproveitar estes recursos por riba da mera función extractiva, o que se traduce nun maior valor engadido. Asemade, este aproveitamento, polo xeral, é claramente respectuoso co medio ambiente, en liña co establecido no Pacto Verde Europeo (2019). Isto permite unha maior diversificación da actividade do monte, o que se traduce nunha mellora da súa rendibilidade económica e social (Copena, 2022).

Dende a administración pública apóstase por accións dirixidas a asegurar que os MVMC acaden unha rendibilidade adecuada. Neste contexto, utilízanse instrumentos de xestión e bonificacións fiscais como pancas de rendibilidade. Para os montes cunha superficie superior a 25 hectáreas, é obrigatorio contar cun proxecto de ordenación detallado. Pola outra banda, os montes de menor extensión deben dispor dun documento sinxelo de xestión forestal. Estas ferramentas de xestión están deseñadas para maximizar a eficiencia e a sustentabilidade na explotación dos recursos forestais.

Ademais, ofrécense bonificacións fiscais para incentivar unha xestión adecuada e eficiente destes montes. En concreto, os MVMC gozan de exención no pagamento do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), o que reduce a carga fiscal de forma significativa. Así, o artigo 62 da Lei Reguladora das Facendas Locais, recollida no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece a exención do IBI, indicando que estarán exentos os bens comunais e os montes veciñais de man común. Trátase dunha exención subxectiva e total, xa que se aplica ao monte veciñal con independencia da súa natureza rústica ou urbana. Algo parecido sucede co Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos (ITPeAXD), xa que no artigo 13 da Lei 13/1989, de MVMC de Galicia, establecece a exención deste imposto para a primeira inscrición do monte e as cancelacións que se produzan por esta causa en base ao artigo 13 da Lei 55/1980, de 11 de novembro, de MCMC.

No ámbito do Imposto sobre Sociedades (IS), aplícase un Réxime Especial para as comunidades de montes veciñais. O artigo 7 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades establece que as comunidades de montes veciñais de man común son contribuíntes neste tributo ao establecer que “as comunidades titulares de montes veciñais en man común reguladas pola Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común, o na lexislación autonómica correspondente” non estarán exentas. Poren, na práctica debido as reducións contempladas no artigo 112 da citada Lei 27/2014, que regula o réxime tributario das comunidades titulares de MVMC a maior parte das comunidades de montes en Galicia rexistran unha cota cero neste imposto. Isto é así porque o Imposto sobre Sociedades establece que a base imponible correspondente a estas comunidades se reducirá no importe dos beneficios do exercicio que se aplique a investimentos para a conservación, mellora, protección, acceso e servizos destinados ao uso social ao que o monte esta destinado, gastos de conservación e mantemento do monte e financiamento de obras de infraestruturas e servizos públicos, de interese social. Polo tanto, en caso de destinar os beneficios a estes fins no se pagara “de facto” este tributo.

Polo que respecta a imposición indirecta, no Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) os MVMC poderán optar por tributar polo Réxime Especial da Agricultura⁵, que simplifica as obrigas fiscais ou polo Réxime Xeral ou ben empregar este último.⁶ En consecuencia, tamén se contempla un tratamento fiscal algo diferente para o IVE.

Outra exención notable é a relativa ás cotas empresariais á Seguridade Social, o que representa un aforro considerable nos custos laborais asociados coa xestión e explotación destes montes. Así o artigo 2 da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común establece que non estarán suxeitos a cota empresarial da Seguridades Social, daccordo co artigo 2.1 da Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común, ao sinalar que“Os montes veciñais en man común son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables, no estarán suxeitos a contribución algunha de base territorial nin a cota empresarial da Seguridade Social Agraria”.

A superficie forestal en Galicia é, fundamentalmente, de titularidade privada (97 % da superficie total, preto de 2 millóns de hectáreas (ha)). En 2024, había 238 montes públicos, cunha superficie de 53.667 ha (**Táboa 9.1**). Case a metade (49,6%) son propiedade dos concellos e entidades locais menores. O resto divídese en montes de utilidade pública (35,7 %) e montes do Estado ou a Comunidade Autónoma (14,7 %). A distribución de superficie non segue a mesma orde. Así, o 41,6 % da superficie son montes de utilidade pública, mentres que o 39,5 % están en mans de concellos ou entidades locais menores, e o 18,9 % son do Estado ou Comunidade Autónoma.

Táboa 9.1. Número e superficie de montes públicos segundo propiedade e distrito (2024)

DISTRITO	Catálogo UP		Patrimonial (Estado ou CC.AA.)		Patrimonial (Concello ou E.L.M.)		Total	
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
Ferrol	13	4.199	12	2.435	8	2.305	33	8.940
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	15	1.543	5	249	14	1.176	34	2.968
Santiago - Meseta Interior	6	588	2	22	15	3.936	23	4.546
Barbanza	13	923	0	0	11	4.951	24	5.874
Fisterra	16	3.111	0	0	15	1.954	31	5.065
A Mariña Lucense	2	315	1	0	3	1.581	6	1.896
A Fonsagrada - Os Ancares	1	150	1	15	29	1.851	31	2.015
Terra de Lemos	0	0	1	30	9	2.474	10	2.504
Lugo - Sarria	0	0	2	1	1	24	3	25
Terra Chá	0	0	0	0	4	554	4	554

5 Aplicárase o IVE nas entregas de bens inmobles de investimento afectos á explotación, na importación de bens, na adquisición intracomunitaria de bens e no caso de inversión do suxeito pasivo.

6 Neste caso as obrigas fiscais adicionais pola aplicación do réxime xeral do IVE serían a repercusión do imposto sobre as entregas de produtos obtidos na explotación e nos servizos accesorios, presentar as declaración e liquidacións trimestral do IVE e a declaración anual e contar co libro rexistro de facturas emitidas e recibidas e o libro rexistro de bens de inversión.

DISTRITO	Catálogo UP		Patrimonial (Estado ou CC.AA.)		Patrimonial (Concello ou E.L.M.)		Total	
	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
O Ribeiro - Arenteiro	1	601	0	0	0	0	1	601
Miño - A Arnoia	0	0	1	0	2	105	3	105
Valdeorras - Trives	2	7.121	0	0	0	0	2	7.121
Verín - Viana	0	0	5	6.866	0	0	5	6.866
A Limia	5	924	1	10	4	102	10	1.036
Deza - Tabeirós	0	0	1	5	2	148	3	153
O Condado - A Paradanta	2	68	0	0	1	37	3	105
Vigo - Baixo Miño	7	2.430	0	0	0	0	7	2.430
Caldas - O Salnés	2	367	3	496	0	0	5	863
Galicia	85	22.340	35	10.129	118	21.198	238	53.667

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Coma en informes precedentes, a provincia de A Coruña lidera o número e superficie de montes de natureza pública en 2024 (60,9 % e 51,0 %, respectivamente), con independencia da tipoloxía de propiedade destes (Táboa 9.2). Noutro extremo, a provincia de Pontevedra destaca polo escaso número (7,6 %) e superficie de montes de utilidade pública (6,6 %). En canto aos MVMC, en 2024 Galicia ten un total de 3.388 montes que cobren unha superficie de 661.068 ha, o que reflicte a importancia dos montes na xestión da paisaxe e a economía rural galega (Táboa 9.3). Os distritos con maior superficie en montes son Verín - Viana (14,2 %, 93.669 ha) e Terra de Lemos (9,5 %, 62.487 ha), destacando tamén polo seu tamaño medio. Miño - A Arnoia é o distrito con maior número de montes (10,1%, 342 montes), pero cunha superficie media menor (88 ha), o que indica montes máis fragmentados. Outros distritos, como Caldas - O Salnés e A Fonsagrada - Os Ancares, teñen unha proporción notable tanto en número de montes como en superficie. A dimensión media conforma superficies con alto potencial de utilización, o que permitiría una maior desenvolvemento dos MVMC.

Táboa 9.2. Número e superficie de montes públicos segundo propiedade e provincia (2024)

DISTRITO	Catálogo UP		Patrimonial (Estado ou CC.AA.)		Patrimonial (Concello ou E.L.M.)		Total	
	NºMontes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie	Nº Montes	Superficie
A Coruña	74,1%	46,4%	54,3%	26,7%	53,4%	67,6%	60,9%	51,0%
Lugo	3,5%	2,1%	14,3%	0,5%	39,0%	30,6%	22,7%	13,0%
Ourense	9,4%	38,7%	20,0%	67,9%	5,1%	1,0%	8,8%	29,3%
Pontevedra	12,9%	12,8%	11,4%	4,9%	2,5%	0,9%	7,6%	6,6%
Galicia	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Táboa 9.3. Número e superficie dos montes veciñais en man común (MVMC) por distrito (2024)

DISTRITO	Total				
	Montes		Superficie		
	Nº	%	Total (ha.)	%	Media (ha.)
Ferrol	15	0,4%	4.949,33	0,7%	330
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	23	0,7%	3.145,99	0,5%	137
Santiago - Meseta Interior	15	0,4%	3.922,24	0,6%	261
Barbanza	168	5,0%	24.823,94	3,8%	148
Fisterra	78	2,3%	11.394,47	1,7%	146
A Mariña Lucense	56	1,7%	19.065,93	2,9%	340
A Fonsagrada - Os Ancares	272	8,0%	43.327,98	6,6%	159
Terra de Lemos	207	6,1%	62.487,66	9,5%	302
Lugo - Sarria	289	8,5%	44.753,51	6,8%	155
Terra Chã	96	2,8%	28.611,45	4,3%	298
O Ribeiro - Arenteiro	280	8,3%	29.634,28	4,5%	106
Miño - A Arnoia	342	10,1%	30.250,81	4,6%	88
Valdeorras - Trives	211	6,2%	67.932,38	10,3%	322
Verín - Viana	223	6,6%	93.669,41	14,2%	420
A Limia	256	7,6%	58.043,24	8,8%	227
Deza - Tabeirós	134	4,0%	16.424,25	2,5%	123
O Condado - A Paradanta	148	4,4%	30.478,60	4,6%	206
Vigo - Baixo Miño	206	6,1%	37.753,80	5,7%	183
Caldas - O Salnés	369	10,9%	50.398,81	7,6%	137
Galicia	3.388	100%	661.068	100%	195

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

A distribución provincial dos MVMC é moi desigual a nivel provincial (Táboa 9.4). Ourense destaca coa maior proporción de montes (38,7%) e superficie total (279.530 ha), concentrando o 42,3 % da superficie total de montes en Galicia.⁷ Lugo segue con un 27,2 % dos montes e unha superficie de 198.247 ha (30,0% da superficie total), mentres que Pontevedra e A Coruña teñen menos montes e superficie, coa primeira albergando o 25,3% dos montes e a segunda o 8,8%. Os montes en Lugo teñen a maior superficie media por monte (215 ha), mentres que os montes en A Coruña e Pontevedra son relativamente menores (Gráfico 9.1), con superficies medias de 161 e 158 hectáreas, respectivamente.


7 Segundo o IV Inventario Forestal Nacional elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, do total da superficie da provincia de Ourense (727.300 ha) o 80% é de monte (575.264 ha), a porcentaxe máis alta de toda Galicia.

Táboa 9.4. Número e superficie dos montes veciñais en man común (MVMC) por provincia (2024)

DISTRITO	Total				
	Montes		Superficie		
	Nº	%	Total (ha)	%	Media (ha)
A Coruña	299	8,8%	48.236	161	7,3%
Lugo	920	27,2%	198.247	215	30,0%
Ourense	1.312	38,7%	279.530	213	42,3%
Pontevedra	857	25,3%	135.055	158	20,4%
Galia	3.388	100%	661.068	195	100%

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Gráfico 9.1.Superficie media dos montes veciñais de man común (MVMC) por provincia (2024)




Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

9.3. Comunidades de montes veciñais en man común

As CMVMC son as entidades que xestionan os MVMC, estando a súa participación ligada ao lugar onde se localiza o monte veciñal. As CMVMC están constituídas por persoas, que adquiren a condición de comuneiros. Segundo se recolle na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, os comuneiros son as persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte. Asemade, os comuneiros deberán exercer algún tipo de uso, costume ou actividades relacionada con estes montes. Por definición, as CMVMC teñen carácter aberto e inclusivo, polo que os comuneiros poden variar no tempo.

En 2024 había 3.034 CMVMC. Ourense, con 1.169 agrupacións, é a provincia con maior presenza destas unidades (27,0 %), mentres que A Coruña presenta a menor achega ao total cun 12,1 % (Gráfico 9.2). En 2024 en Galicia había preto de 115.811 comuneiros. A meirande parte están na provincia de Pontevedra (43,4 %), seguida de Ourense (27,0 %). Pola contra, menos dun 30 % dos comuneiros se atopan nas provincias de A Coruña e Lugo.

Gráfico 9.2.Distribución de comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) e comuneiros por provincia (2024)



Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

A análise por distritos (**Táboa 9.5**) evidencia diferenzas tanto no número de CMVMC coma na participación dos seus membros.Os distritos de A Fonsagrada - Os Ancares, Lugo - Sarria, e Miño - A Arnoia presentan unha alta densidade de CMVMC, cada un con preto do 9 % do total de Galicia, reflectindo unha forte tradición comunitaria nestas áreas. Por outra banda, distritos como Ferrol, Bergantiños - Mariñas Coruñesas e Santiago - Meseta Interior mostran a menor presenza de CMVMC, con menos do 1% cada un. En canto aos comuneiros, os distritos de Caldas-O Salnés e Vigo-Baixo Miño destacan pola implicación comunitaria, achegando respectivamente o 19,1 % e o 15,7 % do total de comuneiros en Galicia. En contraste, distritos como A Fonsagrada - Os Ancares exhiben unha porcentaxe moito menor de comuneiros (1,4%), a pesar de ter unha alta cantidade de CMVMC, o que pode reflectir unha actividade comunitaria menos intensiva ou limitacións na mobilización e participación dos comuneiros. Na análise do número medio de comuneiros por provincia (**Gráfico 9.3**) destaca con claridade e provincia de Pontevedra (75), que case duplica o dato na comunidade galega (38). Pola contra, o número medio de comuneiros nas provincias de Ourense (27) e Lugo (22) é relativamente menor.


Táboa 9.5. Número de comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) e comuneiros por distrito (2024)

DISTRITO	CMVMC		Comuneiros		
	Nº	%	Total (nº)	%	Media (nº)
Ferrol	14	0,5%	1.065	0,9%	76
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22	0,7%	1.337	1,2%	61
Santiago - Meseta Interior	15	0,5%	570	0,5%	38
Barbanza	152	5,0%	7.822	6,8%	51
Fisterra	76	2,5%	3.249	2,8%	43
A Mariña Lucense	55	1,8%	3.007	2,6%	55
A Fonsagrada - Os Ancares	271	8,9%	1.653	1,4%	6

DISTRITO	CMVMC		Comuneiros		
	Nº	%	Total (nº)	%	Media (nº)
Terra de Lemos	204	6,7%	4.353	3,8%	21
Lugo - Sarria	288	9,5%	6.568	5,7%	23
Terra Chã	96	3,2%	4.648	4,0%	48
O Ribeiro - Arenteiro	253	8,3%	6.865	5,9%	27
Miño - A Arnoia	293	9,7%	7.884	6,8%	27
Valdeorras - Trives	200	6,6%	3.701	3,2%	19
Verín - Viana	204	6,7%	6.774	5,8%	33
A Limia	219	7,2%	6.035	5,2%	28
Deza - Tabeirós	128	4,2%	2.515	2,2%	20
O Condado - A Paradanta	118	3,9%	7.516	6,5%	64
Vigo - Baixo Miño	138	4,5%	18.167	15,7%	132
Caldas - O Salnés	288	9,5%	22.082	19,1%	77
Galicia	3.034	100%	115.811	100%	38

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)


Gráfico 9.3.Número medio de comuneiros por provincia (2024)



Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

A análise conxunta da porcentaxe de CMVMC e comuneiros por provincias (**Gráfico 9.4**) mostra unha correspondencia non directa entre ambos os parámetros. Pontevedra, por exemplo, destaca con a maior concentración de comuneiros, que constitúen o 43,4 % do total, mentres que só representa o 22,1 % dos CMVMC, o que indica que a fragmentación da propiedade pode ser máis acusada en comparación co resto das provincias. Por outro lado, a situación en A Coruña mostra un maior equilibrio, con un 9,2 % das CMVMC e 12,1 % dos comuneiros. Este dato pode suxerir unha distribución máis proporcional de responsabilidades e beneficios entre os membros da comunidade.

Gráfico 9.4.CMVMC e comuneiros. 2024 (%)



Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

As CMVMC deben cumprir unha serie de requirimentos de tipo administrativo, coma a declaración anual de investimentos obtidos e os reinvestimentos acometidos. Porén, non todas as entidades teñen o mesmo grao de cumprimento (**Táboa 9.6**). Segundo os datos rexistrados pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, en 2024 seguen detectándose fallas nos cumprimentos das obrigas, que varían por distrito e por provincia (**Táboa 9.7**). Pontevedra ten a maior taxa de cumprimento, con 60,1 % dos CMVMC que compren as ditas obrigas, mentres que Ourense presenta a menor taxa de cumprimento (29,8%). As porcentaxes de incumprimento relacionados coa falta de comunicación anual de reinvestimentos son relativamente similares entre os distritos, oscilando entre o 14,6% de Pontevedra e o 22,2% de Lugo. En relación con outras causas de incumprimento, destaca a provincia de Ourense (50,6 %), mentres que Pontevedra ten a menor porcentaxe neste ámbito, cun 25,3 %.

Táboa 9.6.Comunidades (%) de montes veciñais en man común (CMVMC) segundo a súa situación administrativa (2024)

DISTRITO	Obrigas administrativas		
	Cumplen	Non cumpren	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (*)	Outras causas**
Ferrol	42,9%	42,9%	14,3%
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	36,4%	13,6%	50,0%
Santiago - Meseta Interior	66,7%	---	33,3%
Barbanza	54,6%	22,4%	23,0%
Fisterra	43,4%	22,4%	34,2%
A Mariña Lucense	61,8%	14,6%	23,6%
A Fonsagrada - Os Ancares	39,1%	24,7%	36,2%
Terra de Lemos	55,9%	18,1%	26,0%

DISTRITO	Obrigas administrativas		
	Cumplen	Non cumpren	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (*)	Outras causas**
Lugo - Sarria	45,1%	26,0%	28,8%
Terra Chá	62,5%	16,7%	20,8%
O Ribeiro - Arenteiro	21,7%	24,5%	53,8%
Miño - A Arnoia	19,8%	18,8%	61,4%
Valdeorras - Trives	39,5%	11,5%	49,0%
Verín - Viana	47,1%	17,7%	35,3%
A Limia	27,4%	24,2%	48,4%
Deza - Tabeirós	61,7%	16,4%	21,9%
O Condado - A Paradanta	64,4%	8,5%	27,1%
Vigo - Baixo Miño	69,6%	7,3%	23,2%
Caldas - O Salnés	53,1%	19,8%	27,1%

Notas: (*) Falta de comunicación anual de investimento (art. 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia
(**) Outras causas: xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros...
Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Táboa 9.7. Comunidades (%) de montes veciñais en man común (CMVMC) segundo a súa situación administrativa por provincias (2024)

DISTRITO	Obrigas administrativas		
	Cumplen	Non cumpren	
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (*)	Outras causas**
Coruña, A	50,2%	21,5%	28,3%
Lugo	48,6%	22,2%	29,2%
Ourense	29,8%	19,6%	50,6%
Pontevedra	60,1%	14,6%	25,3%

Notas: *) Falta de comunicación anual de investimento (art. 125 da Lei 7/2012, de montes de Galicia
(**) Outras causas: xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros...
Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Unha das obrigas das CMVMC é a declaración dos ingresos obtidos (Táboa 9.8). Entre 2023 e 2024 (datos provisionais), A Coruña experimentou un importante aumento dos ingresos e investimentos (336,5% e 228,1%, respectivamente. Por outro lado, Lugo viu un descenso notable dos ingresos (-46,0%) e un lixeiro aumento dos investimentos (7,2%). Ourense rexistrou en ambos indicadores certo aumento (23,1% e 31,6%), mentres que Pontevedra reflicte un descenso do 41,7% nos ingresos e do 14,1% nos investimentos. Na

evolución conxunta para Galicia, os datos mostran un descenso do 15,5% nos ingresos e un aumento do 14,9% nos investimentos.⁸

Dende a Xunta de Galicia (Consellería de Medio Rural, 2025b) sinalase que os cambios socioeconómicos provocados no medio rural galego durante a segunda metade do século XX e o XXI supuxeron importantes problemas de abandono da xestión das CMVMC e dos MVMC. Isto provocou que unha porcentaxe próxima ao 10% das CMVMC non dispón de estatutos vixentes e un 34% carece dunha xunta reitora actualizada. Asemade, segundo a información recollida pola Consellería de Medio Rural, detéctanse problemas no mantemento actualizado do censo de comuneiros ou na comunicación en tempo dos reinvestimentos, de forma que cerca dun 40 % dos MVMC non están ao día nesas prácticas de xestión. O anterior resulta máis evidente nos distritos interiores e de montaña, que son precisamente os que soportan un maior envellecemento poboacional. Isto tradúcese nunha importante rémora á hora de mellorar a xestión e rendibilidade destes activos forestais.

Táboa 9.8. Ingresos e investimentos medios (€) das comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)(2017-2024)


	2017		2018		2019		2020	
	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento
A Coruña	25.980	16.207	27.397	13.660	27.535	18.460	24.792	13.735
Lugo	29.158	11.854	27.257	14.722	35.986	16.657	34.381	14.342
Ourense	27.604	16.799	36.495	26.582	35.379	26.221	34.380	21.976
Pontevedra	39.916	24.958	60.266	26.679	50.180	28.512	43.539	24.347
Galicia	31.957	18.256	40.538	21.836	39.205	23.423	36.123	19.732
	2021		2022		2023		2024	
	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento
A Coruña	28.219	17.843	38.678	16.563	12.002	6.594	52.381	21.633
Lugo	44.050	18.720	71.114	18.681	85.650	18.689	46.289	20.029
Ourense	36.614	25.058	35.986	23.936	28.793	20.334	35.453	26.759
Pontevedra	53.509	29.060	56.556	29.588	8.235	30.410	45.622	26.137
Galicia	43.275	23.720	52.000	23.339	50.899	20.608	43.022	23.677
	Evolución 2024-2017							
	Ingreso	Investimento						
A Coruña	101,6%	33,5%						
Lugo	58,8%	69,0%						
Ourense	28,4%	59,3%						
Pontevedra	14,3%	4,7%						
Galicia	34,6%	29,7%						

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2025, Xunta de Galicia (2025)

8 Os datos de 2024 son provisionais. O Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, que regula o reinvestimento dos ingresos dos montes veciñais de man común en melloras e protección forestal, especifica no seu artigo 13.1 que, durante o primeiro semestre de cada ano, as comunidades de montes deben informar á consellería competente sobre os ingresos xerados e os investimentos en melloras e protección forestal realizados no ano anterior, polo tanto, os valores recollidos non se poden considerar de forma literal.


O **Gráfico 9.5** presenta esta información permitindo detectar o comportamento crecente dos ingresos e investimentos medios das CMVMC. O **Gráfico 9.6** mide a rendibilidade aproximada a partir do cociente entre ingresos e investimentos medios dos últimos anos. As provincias de Lugo é Pontevedra son as que presenta unha mellor ratio.

Gráfico 9.5. Evolución dos ingresos e investimentos medios (€) das comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) (2017-2024)



Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Gráfico 9.6. Relación Ingresos/Investimentos medios (%) das comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) (2017-2024)



Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

9.4. Mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC).

A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia tamén inclúe no catálogo de entidades de aplicación as mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC). No ano 2024 había 37 entidades deste tipo rexistradas en Galicia (**Táboa 9.9**), sendo o municipio de Caldas- O Salnés que recolle un número maior (9). Máis da metade destas entidades (**Táboa 9.10**), está na provincia de Pontevedra (55,6 %), mentres que Ourense (8,3 %) achega a menor porcentaxe (**Gráfico 9.7**). Por outra banda, o 45 % das que se atopan na provincia pontevedresa están no distrito de Caldas-O Salnés, que en conxunto achega o 25 % das MMVMC de Galicia.

Táboa 9.9. Mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC) rexistradas por distrito (2024)

MMVMC		
Distrito	Nº	%
Barbanza	5	14%
Fisterra	1	3%
Fonsagrada - Os Ancares	4	11%
Terra de Lemos	2	5%
Terra Cha	1	3%
O Ribeiro - Arenteiro	1	3%
Verín - Viana	1	3%
A limia	1	3%
Deza - Tabeirós	1	3%
O Condado - A Paradanta	2	5%
Vigo - Baixo Miño	6	16%
Caldas - O Salnés	9	24%
Varios Pontevedra	3	8%
TOTAL	37	100%

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)


Táboa 9.10. Mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC) rexistradas por provincia (2024)

Mancomunidad	Provincia
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CARNOTA	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE ARDELEIROS E ZARAMAGOSO	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN TERRA CHÁ	Lugo
MANCOMUNIDADE VAL DE RAO	Lugo
MANCOMUNIDADE CARQUEIXA	Lugo
MANCOMUNIDADE SERRA DE RAÑADOIRO	Lugo
MANCOMUNIDADE SERRA DE PICATO	Lugo
MANCOMUNIDADE DE MMVMC DA COMARCA DE MONTERREI	Ourense

Mancomunidad	Provincia
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE FRAGAS	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MVMC A PARADANTA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO CONCELLO DE CERDEDO	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE COTOBADE	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE O COVELO-A CAÑIZA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE OIA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTEVEDRA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTECALDELAS	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE CARITEL	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE REDONDELA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VIGO	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO MORRAZO	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO NOROESTE DE PONTEVEDRA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PEDROSO	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE AVIÓN	Ourense
MANCOMUNIDADE DE SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra
MANCOMUNIDADE PASO DO CERVO	Lugo
MANCOMUNIDADE LUGO SUR	Lugo
MANCOMUNIDADE DE PRODUTORES DE BIOMASA FORESTAL PRIMARIA DO SUR DE GALICIA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DAS RÍAS DE AROUSA E NOIA-MUROS	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN BARBANZA SUR	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN LOUSAME NORTE	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE VILAGARCIA DE AROUSA	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MMVVMC DA SERRA DO XURÉS	Ourense
MANCOMUNIDADE BAIXO MIÑO	Pontevedra

Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

Gráfico 9.7. Distribución provincial das mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC) rexistradas por provincia (2024)



Fonte: elaboración propia a partir do Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2024, Xunta de Galicia (2025)

9.5. Recomendacións

As CMVMC son unha figura específica na ES de Galicia, onde a titularidade corresponde ás agrupacións veciñais e non permite a súa divisibilidade. Estas comunidades teñen un carácter aberto e inclusivo e ofrecen oportunidades para a explotación sostible dos recursos, que poden xerar emprego e axudar a combater o despoboamento rural en Galicia. Con todo, a análise dos datos revela problemas persistentes que limitan esta explotación, como as carencias de cualificación na xestión dos recursos, o baixo nivel de interese e compromiso dos comuneiros, e a excesiva centralidade da explotación forestal. Estas limitacións, que se retroalimentan, dificultan a boa xestión e a innovación. Ademais, a falta de compromiso aparente por parte dos membros das CMVMC afecta negativamente o seu papel no proceso decisorio. Un exemplo claro desta menor implicación é que só 34 entidades deste tipo están rexistradas no organismo correspondente, a pesar de que a Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia, recoñece a estas organizacións como parte integrante da ES na Comunidade Autónoma.

Nos últimos anos, iniciativas legais como a Lei 3/2018 buscaban potenciar os usos dos montes galegos para obter beneficios socioeconómicos e evitar o abandono das parcelas forestais.⁹ Ademais, a futura Lei de MVMC, anunciada en 2022, pretende actualizar a regulación dos montes veciñais para mellorar a gobernanza e a xestión forestal privada, sen penalizar aos comuneiros. Esta nova lei respondería á necesidade de un marco normativo que considere a diversidade de regulacións e a xurisprudencia existente, para facilitar a súa correcta interpretación. En liña cos informes anteriores, insistimos na necesidade de actualizar a lexislación actual con respecto aos montes veciñais. É vital contar cunha nova Lei

⁹ Desde a Xunta de Galicia aplicase unha protección especial ao MVMC. Así, se se declara en situación xurídica de inexistencia, extinción o desaparición, a Consellería de Medio Rural ofertará a xestión provisoria do mesmo ao concello onde estea o monte. En caso de renuncia, o monte será xestionado de forma preventiva pola Consellería de Medio Rural ata que se reconstituía á comunidade. En caso de que un MVMC sexa declarado en situación de grave abandono o degradación, a Consellería de Medio Rural remitirá a declaración ao Banco de Terras de Galicia, para que a entidade xestora ceda o seu uso e aproveitamento a algunha iniciativa privada. En caso de non ser posible, o monte será xestionado de forma provisoria pola Consellería de Medio Rural.

de montes veciñais de man común que supere a anterior, aprobada hai tres décadas, unha demanda sostida durante anos polas MVMC ante os significativos cambios na xestión dos montes. Esta actualización é básica para adaptarse mellor ás realidades actuais e futuras da xestión forestal en Galicia.

En abril de 2022, a Xunta de Galicia iniciou un proceso de consulta sobre o borrador do Libro branco para a reforma dos MVMC, que propón permitir a entrada de novos axentes económicos aos montes veciñais. Neste texto muda o concepto de comuneiro, de forma que se permite que entren como tales as persoas físicas ou xurídicas que teñan relación co monte veciñal. Esta proposta, que pode dinamizar a actividade económica do monte, non está exenta de problemas, posto que a xestión deses MVMC poden verse condicionado por intereses de empresas. Polo tanto, é necesario encaixar este tipo de explotación máis ligada a unha actividade mercantilista co tratamento xermánico dos MVMC.¹⁰ Tamén se aposta por certo grao de tutela efectiva por parte da Xunta de Galicia, argumentando a existencia dunha consolidada xurisprudencia constitucional que establece unha función social á propiedade privada en base á regulación duns intereses sociais.

Asemade, e tal e como indicamos en anteriores edicións deste Informe da Economía Social en Galicia, somos da opinión da necesidade de continuar e mellorar o catálogo de incentivos fiscais que fomenten o aproveitamento do monte e de continuar coa política de subvencións para favorecer a explotación sustentable dos nosos montes, por todos os beneficios –máis alo dos meramente económicos- que supón este tipo de actividades. Compre recordar que se mellora a explotación dos montes respectando o seu contorno, as ganancias son moi evidentes.

Se ben o monte veciñal debería configurarse como un dos principais motores do emprego local, é preciso que as comunidades de montes sexan capaces de transformar os recursos do bosque. Poren, o anterior non é sinxelo posto na nosa comunidade autónoma e especialmente as provincias de Ourense e Lugo, polas especial situación demográfica.

Precisamente, as CMVMC e MMVMC deben planificar produtivamente e avaliar o potencial dos seus recursos, garantindo un maior control e supervisión interna. É crucial recoñecer e aproveitar o potencial económico das zonas rurais de Galicia, que actualmente están infraexplotadas e sofren perdas económicas e demográficas significativas. Sen dúbida optar por esta vía garantirá a supervivencia das zonas rurais, incentivando a súa rendibilidade.

A xestión de recursos naturais require unha planificación previa que ordene o monte. Para iso é imprescindible unha análise exhaustiva das posibilidades actuais e futuras, e avaliar as capacidades do monte para planificar funcións, produtos e servizos que se podan obter do monte veciñal. A principal limitación é que non sempre se conta nas CMCMV e MMCMC coa suficiente preparación técnica para levar a cabo esta complexa tarefa; de aí a necesidade e conveniencia de contar con persoas profesionais para os diferentes usos do monte (forestal, silvopastoral, gandeiro, agrícola, caza, entretenimento e ocio, conservación de valores culturais e naturais e outros usos alternativos).

Isto no debe explicar unha sobreexplotación dos recursos, xa que debe acadarse o equilibrio entre un territorio produtor de bens e servizos e ao mesmo tempo o respecto natural e paisaxístico. Este aproveitamento racional pode realizarse directamente polos comuneiros (para o seu beneficio privado ou familiar) ou pola propia comunidade (para beneficio colectivo). Tamén é posible o aproveitamento indirecto, por medio dun consorcio, convenio ou contrato coa administración forestal ou con outras persoas que se encarguen da xestión do

¹⁰ Precisamente, a principal reclamación deste colectivo é preservar o orixe e fonda tradición xermánica desta figura, baseada na propiedade privada e colectiva.

monte. En calquera caso, sempre é necesario unha planificación previa que valore a capacidade e as limitacións de cada zona, para acadar un desenvolvemento sostible.

Asemade, somos da opinión da necesidade de facer cambios na explotación destes activos (Bastida et al., 2021). Detectase unha xestión non cualificada, un baixo nivel de interese e compromiso dos comuneiros e un excesivo foco na explotación forestal. Así, revélanse un conxunto de ineficacias que poden poñer en perigo as oportunidades forestais comúns para converterse nunha actividade económica sostible. Estas fallas poden limitar o seu potencial como verdadeiro motor de desenvolvemento e cohesión territorial. Creemos que a cuestión principal non é se as CMVMC fallaron debido a unha xestión concreta, senón en que medida poderían ter éxito se aplican outros instrumentos institucionais. A clave de bóveda é como poderían mellorar a xestión dos montes. Así, un dos fallos de moitos comuneiros que provocan a ineficiencia na xestión das CMVMC é que non teñen un sentido real da unidade de produción ou organización pertencente a economía social.

Esta falta de interese das CMVMC e MMVMC tamén debe considerarse na capacidade de influír na súa participación institucional, en particular no Consello da Economía Social de Galicia. Así, se ben a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia inclúe a estas organizacións comunais na lista de entidades que forman parte da economía social en Galicia, en 2019 só había 34 entidades deste tipo adheridas a esta institución. Dende a nosa opinión isto suxire un baixo interese nestas asociacións, o que pode limitar o desenvolvemento potencial das CMVMC, o cal é imprescindible para defender os seus intereses. En consecuencia, nos enfrontamos a un paradoxo: aínda que Galicia ten recursos cun enorme potencial económico, unha parte importante das zonas rurais está subexplotada e experimenta un intenso proceso de deterioro económico e demográfico. Isto suxire que as zonas rurais non son capaces de ofrecer á poboación unha opción económica atractiva, o cal debe considerarse un dos principais problemas a corrixir.

Asemade, non podemos obviar que a xestión comunitaria dos montes en Galicia garante a conservación da biodiversidade (Guadilla-Sáez et al. 2020). Así, o perigo do abandono dos usos tradicionais para a paisaxe rural tradúcese nunha perda da biodiversidade e non favorece a prevención de incendios. Este modelo resulta útil para o mantemento de ecosistemas diversos e de alto valor ecolóxico, ata o punto de que se demostrou que o abandono dos sistemas comunitarios tradicionais afecta negativamente a biodiversidade e aumenta o risco de incendios. De aí a necesidade de seguir defendendo o modelo comunitario dos MVMC e CMVMC como unha garantía para a sustentabilidade para os nosos montes.

9.6. Conclusións

Galicia contaba en 2024 con 3.388 montes veciñais de man común (MVMC) que ocupan unha superficie de preto de 661000 ha. (195 ha. de media), o que supón a cuarta parte do territorio galego e case a metade da superficie forestal con árbores. Este dato poñen en evidencia que esta figura, que tamén é unha sinal de identidade e da cultura galega, ten moita importancia económica e produtiva. En efecto, o monte veciñal ten un papel fundamental no ámbito social, económico e ambiental, polo tanto, resulta necesario unha aposta decidida pola administración pública galega para conseguir unha maior visibilidade e conciencia do gran potencial dos montes galegos.

Os MVMC concéntranse nas provincias de Ourense (38,7 %) e Lugo (27,2 %) -as máis rurais de Galicia- e, en menor medida en Pontevedra (25,3 %) e A Coruña (8,8 %). Os MVMC caracterízanse porque a propiedade dos seus recursos basease na costume, aloxando

doutro tipo de participacións baseadas na asignación de cotas aos residentes na zona. Trátase, polo tanto, dun sistema de propiedade colectivo, onde cada comuneiro ten o dereito de propiedade completo, aínda que limitado, xa que o restos dos propietarios ten un dereito igual sobre ese monte.

En Galicia existen 37 mancomunidades de montes veciñais de en man común (MMVMC) e 3.388 Comunidades de Montes veciñais de man común (CMVMC), con 115.811 comuneiros, cunha media de 38 comuneiros polas CMVMC. Comprobase unha distribución desigual entre territorios, xa que as maiores porcentaxes de comuneiros pertencen aos distritos de Caldas-O Salnés e Vigo-Baixo Miño, ao recoller unhas porcentaxes do 19,1 % e 15,7 % do total de Galicia. Do total de CMVMC un baixo porcentaxe cumpran coas súas obrigas administrativas, esta falta de incumprimentos débense a falta de comunicación en prazo dos reinvestimentos ou a renovación das xuntas reitoras ou os censos dos comuneiros.

A persistencia no tempo das CMVMC amosan que os sistemas de produción comunitarios poden desenvolver institucións autónomas, algo que resulta de gran interese na nosa Comunidade Autónoma polo importante peso económico do sector primario. As cifras expostas neste capítulo indican que os MVMC supoñen un recurso produtivo importante, pero que non sempre se utilizan adecuadamente. En consecuencia, hai que afondar en mellorar as actuacións xa sinaladas, para que este recurso exclusivo de Galicia, poda acadar o papel que lle corresponde no desenvolvemento económico-social da nosa Comunidade Autónoma dentro dunha contorna sostible, e tendo en conta o compromiso co cumprimento cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostibles (ODS). Sen dubida, faise necesario contar con novos instrumentos normativos para regular e potenciar o desenvolvemento do medio rural en base ao potencial do MVMC. Grazas a estas actuación poderíase reverter ou alo menos frear o abandono do medio rural. O anterior reviste unha especial importancia para Galicia e, asemade, actuando desta forma, tamén se favorecería a transición xeneracional nas MVMC.

A tenor dos datos expostos, aínda queda un importante traballo por realizar nos vindeiros anos se queremos que as CMVMC e MMVMC acaden o papel que lles corresponde na economía social de Galicia. Para iso é necesario un maior esforzo e profesionalización para mellorar a rendibilidade das explotacións forestais, o que terá non so beneficios económicos, senón tamén sociais e medioambientais. Sen dúbida, a nova Lei de MVMC de Galicia, que esperamos sexa aprobada nun corto espazo de tempo, marcará un antes e un despois no tratamento deste recurso.

9.7. Bibliografía

- ASOCIACIÓN GALLEGA DE COOPERATIVAS ALIMENTARIAS, AGACA (2025): <http://agaca.coop/>
- BASTIDA, M^a. & VAQUERO, A. (2019): As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos, 153-169, Santiago de Compostela. https://www.ccecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_010128e2fbde4a97822979233560832e.pdf
- BASTIDA, M^a. & VAQUERO, A. (2020): As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudos Cooperativos,

- 129-146, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_ef-d9eec05f6f4f06a6f9acc3349cb475.pdf
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & CANELO, M. (2019): La Ley de Economía Social de Galicia en FAJARDO, G. E CHAVEZ, R. (Eds.) *La economía social en la Comunidad Valenciana: regulación y políticas públicas*, 43-52, CIRIEC-España. <http://ciriec.es/wp-content/uploads/2019/11/libro-es-valenciana.pdf>
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & CANELO, M. (2020): "La contribución de la Ley de economía social al desarrollo territorial y a la mejora del empleo", *Revesco- Revista de estudios cooperativos*, 134, 1-20. <https://revistas.ucm.es/index.php/REVE/article/view/69174>
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & VÁZQUEZ, M.A. (2021): "A New Life for Forest Resources: The Commons as a Driver for Economic Sustainable Development—A Case Study from Galicia", *Land*, 10(2), 99. <https://www.mdpi.com/2073-445X/10/2/99>
- COMISIÓN EUROPEA (2019): *El pacto verde europeo*, Bruselas. Un Pacto Verde Europeo (europa.eu) https://commission.europa.eu/strategy-and-policy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es
- COPENA, D. (2022): "Pasado, presente e futuro dos Montes Veciñais de Man Común de Ponteareas", Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente, 87, 13-16. https://adega.gal/web/media/documentos/OCERNA_87-13-16.pdf
- FORO ECONÓMICO DE GALICIA (2019): Xornada sobre o sector forestal, Ribadavia, 30 de maio de 2019.
- GOBERNO DE ESPAÑA (2024): *Cuarto Inventario Forestal Nacional. Galicia*. https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/galicia_tcm30-531786.pdf
- GUADILLA-SÁEZ, S., PARDO-DE-SANTAYANA, M. & REYES GARCÍA, V. (2020): Forest commons, traditional community ownership and ecological consequences: insights from Spain, *Forest Policy and Economics*, 112, 102107. <https://www.sciencedirect.com/science/article/abs/pii/S1389934119300735>
- OSTROM, E. (2020). *El gobierno de los bienes comunes: La evolución de las instituciones de acción colectiva*. Ciudad de México. Fondo de Cultura Económica.
- VAQUERO, A. (2021): "Actuaciones presupuestarias y fiscales de las administraciones locales para evitar el despoblamiento del medio rural: situación actual y líneas de mejora", *Presupuesto y gasto público*, 102, pp. 151-166. <https://www.ief.es/docs/des-tacados/publicaciones/revistas/pgp/102.pdf>
- VAQUERO, A. & BASTIDA, M. (2021): As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2020*, 135-150, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_c3785a77154648ecbe696e3095f50a0a.pdf
- VAQUERO, A. & BASTIDA, M. (2022): As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2021*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, 147-164, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_d13d0619b15c4e7db362c826a3603516.pdf
- VAQUERO, A. & BASTIDA, M. (2023): As comunidades e mancomunidades de montes man común, en CANELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2022*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, 157-172, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_a34118f7ccb34be2bcada07f9b1fa922.pdf

- VAQUERO, A. & BASTIDA, M. (2021): "A Economía Social como modelo de desenvolvemento para Galicia", *Documento 32 do Foro Económico de Galicia*, <https://foroeconomicodegalicia.es/documentos.html>
- VAQUERO, A. & LOSA, V. (2020): "Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?", *Revista gallega de economía*, 29 (2), 1-14. <https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/564688>
- VAQUERO, A. & SANTIRSO, M. (2023): Actuaciones desde la óptica presupuestaria y tributaria para combatir la despoblación en municipios pequeños en Campos, C., Fernández Llera, R y Cadaval, M^a. (Editores) *V Informe Red Localis Retos y desafíos de los municipios de menor población*, 87-112, Editorial La Ley. <https://api.infogen.uvigo.es/uploads/REDLOCALIS/originals/29b65ca0-ae44-4aff-b9fa-3bb4f2aa16f0.pdf>
- XUNTA DE GALICIA (2023). Proposta de cuestións a incluír no LIBRO BLANCO SOBRE A REFORMA DA REGULACIÓN DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MVMC) DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. <https://www.campogalego.gal/wp-content/uploads/2023/08/LIBRO-BRANCO-SOBRE-A-REFORMA-DA-REGULACIÓN-DOS-MONTES-VECÍÑAIS-EN-MAN-COMÚN-MVMC-DA-COMUNIDADE-AUTÓNOMA-DE-GALICIA.pdf>
- XUNTA DE GALICIA (2025a): *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/.
- XUNTA DE GALICIA (2025b): *Os montes veciñais en man común e a súas mancomunidades*. <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/forestal/a-estructura-da-propiedade/montes-vecinhais-e-mancomunidades>

Normativa

- ESPAÑA. Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211231/AnuncioC3B0-271221-0002_es.html
- ESPAÑA. Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais de man común. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1980/BOE-A-1980-25463-consolidado.pdf>
- GALICIA. Decreto 260/1992, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común. https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/consulta-publica-previa/consultas-pechadas/-/cpp/0005/decreto-polo-que-modifica-decreto-2601992-4-setembro-polo-que-aproba-regulamento?langId=es_ES
- GALICIA. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140508/AnuncioG0165-250414-0003_es.html
- GALICIA. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160404/AnuncioG0426-290316-0002_es.html
- GALICIA. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1990/BOE-A-1990-3358-consolidado.pdf>
- GALICIA. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-14563-consolidado.pdf>

GALICIA. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2019/BOE-A-2019-3997-consolidado.pdf>

GALICIA. Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5943-consolidado.pdf>

GALICIA. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2012/BOE-A-2012-11414-consolidado.pdf>

GALICIA. Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210521/AnuncioC3B0-190521-0001_gl.html

GALICIA. Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211231/AnuncioC3B0-271221-0002_es.html

10. AS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL

10.1. Introducción

Entre os distintos tipos de entidades privadas que poden desenvolver a actividade aseguradora figuran as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social. As mutuas de seguros son sociedades mercantís sen ánimo de lucro, que teñen por obxecto a cobertura aos socios, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados mediante unha prima fixa pagadeira ao comezo do período do risco. O obxectivo da mutua é maximizar os beneficios que prestan aos seus mutualistas.

Pola súa parte, as mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema da Seguridade Social obrigatoria, mediante aportacións dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou de outras entidades ou persoas protectoras. Non obstante, algunhas mutualidades, xa recoñecidas, poderán seguir funcionando como alternativas á Seguridade Social.

Segundo o art. 44 da Lei 20/2015, no referido á previsión de riscos sobre as persoas, as mutualidades de previsión social poderán realizar as seguintes operacións de seguro: a) cobertura das contingencias de morte, viuvez, orfandade, xubilación e dependencia, en forma de capital ou renda, así como o outorgamento de prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción; b) cobertura das contingencias de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica, e asistencia; e c) prestar axudas familiares para subvenir as necesidades motivadas polos feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

En canto á previsión do risco sobre as cousas, poderán asegurarse danos sobre os seguintes bens: a) vivendas de protección oficial e outras de interese social sempre que estean habitadas polo propio mutualista e a súa familia; b) maquinaria, bens e instrumentos de traballo de mutualistas que sexan emprendedores e pequenos empresarios; e c) colleitas de fincas cultivadas persoalmente polo agricultor ou a súa familia, cando a súa cobertura non

este comprendida no plan anual de seguros agrarios combinados, así como os bosques, gandos, colmeas, viveiros piscícolas e granxas de cría de animais para consumo que estean integrados na unidade de explotación familiar.

As mutualidades de previsión social que cumpran determinados requisitos poderán tamén outorgar prestacións sociais vinculadas ás citadas operación de seguros.

Por outra banda, as mutualidades de previsión que obteñan a autorización administrativa correspondente poderán operar por ramos de seguro y non estarán suxeitas aos límites impostos no artigo 44.

A competencia sobre as Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia na Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma.

A regulación autonómica concrétase nas seguintes normas¹:

- Orde do 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social Non Integradas na Seguridade Social.
- Decreto 277/1999, do 14 de outubro, polo que se regula a cualificación de xubilación mutual protexida.

Dado o carácter en xeral básico da normativa estatal, rexen supletoriamente as seguintes disposicións

- Real Decreto 1430/2002, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social.
- Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ó cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras.
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras
- Real Decreto Lexislativo 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras

O réxime xurídico das mutualidades de previsión social é complexo como consecuencia da súa dobre natureza, como entidades aseguradoras e como entidades da economía social. Entre as características que permiten encadralas neste segundo grupo figuran (Montero, Reza e Pedrosa, 2016): a) os principios de participación democrática que rexen o seu goberno e xestión, de xeito que a distribución de beneficios e a participación na toma de decisións non están determinadas polas aportacións aos fondos da mutua; b) son entidades sen ánimo de lucro; c) a solidariedade que as caracteriza, de modo que, na meirande parte dos casos, as prestacións son as mesmas para todos os mutualistas independentemente da súa contribución; e d) a independencia dos poderes públicos.

10.2. Identificación do sector en Galicia

As mutuas de seguros poden ser de ámbito nacional, autonómico, provincial ou local. Segundo o rexistro público de entidades aseguradoras da Dirección General de Seguros², en

¹ <https://www.conselleriadeconomia.gal/areas-tematicas/politica-financiera-e-tesouro/supervision-e-inspeccion-de-entidades-e-distribuidores-de-seguros/normativa-de-mutualidades-de-prevision-social>

² <https://dgsfp.mineco.gob.es/es/Entidades/Paginas/rpp.aspx>

decembro de 2024 hai activas en España 26 mutuas de ámbito nacional. Delas, unha ten a súa sede en Galicia. Trátase da Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, mutua de seguros y reaseguros a prima fija (cadro 10.1).

Con respecto ás mutualidades de previsión social, hai 3 de ámbito territorial no rexistro de Mutualidades de Previsión da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia³ (cadro 10.1): Unión de Artesanos Mutualidad de Previsión Social a prima fija; Mutualidad de Previsión Social del Noroeste a prima fija y Mutualidad de Previsión Social a prima fija, Unión Protectora

Cadro 10.1. Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Ano 2024

Entidade	Tipo	Localidade
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARÍTIMOS DE VIGO, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	Mutua de seguros	Vigo (Pontevedra)
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	Mutualidade de previsión social	Santiago de Compostela (A Coruña)
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	Mutualidade de previsión social	Ferrol (A Coruña)
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	Mutualidade de previsión social	Santiago de Compostela (A Coruña)

Fonte: Rexistro de entidades aseguradoras e reaseguradoras da Dirección General de Seguros do Ministerio de Economía e Rexistro de mutualidades de previsión social da Xunta de Galicia.

Recollemos no cadro 10.2 o obxecto social das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia.

Cadro 10.2. Ámbito de cobertura das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Ano 2024

Entidade	Ámbito de cobertura
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARÍTIMOS DE VIGO, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	Vehículos marítimos, lacustres e fluviais; mercancías transportadas; responsabilidade civil vehículos marítimos, lacustres e fluviais; accidentes.
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	Prestar asistencia médico-cirúrxica aos mutualistas ou aos seus beneficiarios.
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	Ramo de vida. Previsión de riscos sobre as persoas, contra circunstancias ou acontecementos de carácter fortuito y previsible, cubrindo os riscos de morte, xubilación e a opción de rescatar o capital.
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	Cobertura do seguro de enfermidade na súa modalidade de prestación de servizos médico-hospitalarios.

Fonte: Rexistro da Dirección General de Seguros do Ministerio de Economía e Estatutos das mutualidades.

Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria.


³ <https://www.conselleriadefacenda.gal/es/servizos-e-tramites/listaxe-servizos/mediadores-de-seguros/registro-de-mutualidades>

Atendendo á información dispoñible nas *webs* e informes das entidades, a Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo nace como compañía aseguradora de buques de pesca en 1896; a Unión de Artesanos ten a súa orixe en 1926; a Mutualidad de Previsión Social del Noroeste foi constituída en 1987 e emana do Fondo de previsión social de astilleros e talleres del Noroeste, S.A. creada no 1962; e a Unión Protectora nace en 1892 en Santiago de Compostela.

Todas as mutualidades de previsión social galegas considéranse de reducida dimensión, dado que os seus ingresos brutos anuais por primas devengadas non exceden os 5 millóns de euros. En consecuencia, non figura ningunha nos Listados de Empresas máis relevantes da Economía Social de CEPES, polo seu volume de patrimonio.

En 2024, as entidades consideradas acollen a 7.115 mutualistas (gráfico 10.1), observándose así un incremento con respecto á do ano anterior. Agora ben, compre ter en conta que as cifras de asegurados son maiores dado que, ademais dos asinantes da póliza, deben incluírse outros beneficiarios das mesmas (cónxuxes, fillos menores...). Na Unión de Artesanos, o número de mutualistas a 31 de decembro era de 4.411, aos que hai que engadir outros 2.020 beneficiarios, o que fai un total de 6.431 asegurados. No caso da Unión Protectora, aos 1.420 mutualistas titulares súmanse outros 644 beneficiarios, acadando a cifra de 2.064 asegurados. Na Mutualidad de Previsión Social del Noroeste, aos 368 mutualistas engadíranse 30, sendo así 398 os asegurados. En suma, as mutualidades de previsión social cubrirían un total de 8.893 asegurados, aos que se engaden os 916 mutualistas da Sociedade de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, facendo un total de 9.809 asegurados.

Gráfico 10.1. Número de mutualistas¹ nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia



(1) Recóllese unicamente o número de mutualistas. O número de beneficiarios das pólizas e maior pois inclúe outros asegurados como cónxuxes e fillos menores.


Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) e información directa das empresas.

10.3. Datos sociais e económicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social de Galicia

10.3.1. Persoas empregadas nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social


En total, no 2024 había 15,5 persoas empregadas nas mutuas e mutualidades de previsión (gráfico 10.2). Delas, 9,5 son mulleres e 6 homes (gráfico 10.3). Obsérvase, polo tanto, un crecemento no número de mulleres empregadas desde 2021, cando eran 7, namentres o número de homes mantense estable. Agora ben, hai moitos outros profesionais vinculados ás mutuas. Segundo información aportada directamente polas mutualidades, na Mutualidade de Previsión Social do Noroeste son 6 os profesionais independentes que colaboran coa entidade e na Unión Protectora son ao redor de 180 os profesionais que perciben honorarios ou manteñen convenios coa entidade. Con respecto á Unión de Artesanos, o *número de profesionais* integrados no seu cadro médico, de xeito directo, ascende a 927 persoas; engadindo as de xeito indirecto superan as 1000.

Gráfico 10.2. Número de empregos directos nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia



Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) e información directa das empresas.

Gráfico 10.3. Empregos directos nas mutuas e mutualidades de previsión social con sede en Galicia, totais por sexo.




Fonte: Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) e información directa das empresas.

Os datos de persoas empregadas obtivéronse nalgúns casos dos Informes da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS, en diante) - publicados nas páxinas web das entidades - e da solicitude directa ás entidades noutros.

10.3.2. Ingresos por primas das mutuas e mutualidades de previsión social con sede en Galicia


En 2024, as primas imputadas, netas de reaseguro, das mutuas e mutualidades de previsión social en Galicia acadaron os 5.204 miles de euros (gráfico 10.4), dos cales 5.111 corresponderon ao ramo non vida (gráfico 10.5). Obsérvase, polo tanto, que continúa a liña ascendente desde 2021.

Gráfico 10.4. Primas imputadas, netas de reaseguro, das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia (miles de euros)



Fonte: Informes da acción Financeira e de Solvencia (ISFS) das entidades.

Gráfico 10.5. Primas imputadas, netas de reaseguro, nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión con sede en Galicia por ramo Vida/Non vida (miles de euros)



Fonte: Elaboración propia con datos obtidos do Informe da Situación Financeira e de Solvencia (ISFS) das entidades.

Na base de datos da *Memoria estadística anual de empresas aseguradoras* do ano 2023⁴, no evolutivo das entidades atendendo ao volume de negocio directo (primas devengadas por seguro directo⁵), a Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo ocupa o quinto lugar dun total de 23 empresas no ramo “transportes cascos” e o décimo segundo posto de 23 entidades no ramo “transportes mercancías”. Na citada Memoria non se inclúen as mutualidades de previsión social de ámbito autonómico.

10.4. Conclusións

Entre os diferentes tipos de entidades privadas que poden desenvolver a actividade aseguradora figuran as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social. O seu réxime xurídico é complexo debido á súa dobre natureza, como entidades aseguradoras e como entidades da economía social.

En 2024, teñen a súa sede en Galicia 1 mutua de seguros e 3 mutualidades de previsión social pertencentes á Economía social. Estas últimas son todas consideradas de dimensión reducida. Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria.

A 31 de decembro, contaban con 7.115 mutualistas (acadaban 9.809 asegurados, tendo en conta a todos os beneficiarios), xeraron 15,5 empregos directos e tiveron un volume de negocio (primas imputadas, netas de reaseguro) de 5.204 miles de euros, dos cales 5.111 son do ramo non vida.

Se atendemos á evolución desde o 2021, obsérvase en conxunto unha tendencia crecente tanto no volume de negocio, en termos nominais, como no número de persoas empregadas. Debe sinalarse o aumento que se sigue producindo no número de mulleres contratadas, mentres que a contratación de homes permanece estable.

⁴ Dispoñible na páxina web da Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones, <https://dgsfp.mineco.gob.es/es/Publicaciones/Paginas/default.aspx>

⁵ Ficheiro SH 02.8 Cuota de mercado

Compre lembrar que, ademais dos empregos directos aos que fixemos referencia, hai moitos outros profesionais que traballan vinculados ás mutuas, como é o caso dos cadros médicos. Hai máis de 1.200 profesionais que, aínda que non son empregados directos, perciben honorarios ou manteñen convenios coas tres mutualidades de previsión galegas; máis de 1.000 están vinculados á Unión de Artesanos.

10.5. Referencias bibliográficas

MONTERO VILAR, J.A., REZA CONDE, M.C. & PEDROSA LEIS, C. (2016): "Mutualidades de previsión social, economía social y mercado asegurador", *CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa*, 29, 47-79.

11. APROXIMACIÓN AO IMPACTO SOCIOECONÓMICO DAS COOPERATIVAS E DAS SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA

11.1. Introducción

As entidades da economía social representan iniciativas emprendedoras cunha serie de vantaxes relevantes para o desenvolvemento de actividades económicas no contexto actual, tendo acadado unha evolución positiva e unha presenza destacada no tecido económico galego. Á marxe das análises individualizadas das distintas tipoloxías abordadas nos capítulos anteriores, resulta igualmente necesario avanzar nun exercicio de cuantificación do seu impacto e da súa relevancia relativa dentro do conxunto da economía galega.

Este labor presenta certas dificultades, derivadas do feito de que moitas destas entidades non están obrigadas a facer públicos os seus estados financeiros, o que limita a dispoñibilidade de información sobre a súa actividade económica. Con todo, neste capítulo do Informe abordamos unha aproximación ao impacto socioeconómico de dúas tipoloxías concretas da economía social: as cooperativas e as sociedades laborais con domicilio social en Galicia. Para tal fin, contamos con datos económicos e financeiros procedentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a través do Modelo 200 do Imposto sobre Sociedades, así como coas contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil e recollidas na base de datos SABI (Sistema de Análisis de Balances Ibéricos).

As fontes empregadas abranguen distintos períodos temporais e contidos, polo que se utilizan de forma alternativa ou complementaria en función do enfoque específico de cada análise.

No caso das cooperativas, dada a súa exención da obriga de depósito de contas no Rexistro Mercantil, baseámonos principalmente na información facilitada pola AEAT para os exercicios comprendidos entre 2019 e 2022, complementada cos datos recollidos no SABI para aquelas cooperativas que si presentan as súas contas.

Pola súa banda, no relativo ás sociedades laborais, contamos coa información das contas anuais depositadas, xa que estas entidades están obrigadas a facelo. O nivel de

cumprimento desta obrigación é xeralmente elevado, aínda que con certa variabilidade ao longo dos exercicios.

Partindo da información dispoñible, e sendo conscientes das súas limitacións, neste capítulo continuamos a liña de traballo iniciada en edicións anteriores do Informe, co obxectivo de perfeccionar a estimación do impacto real e da relevancia relativa da economía social no conxunto da economía galega.

11.2. Cooperativas

No que atinxe ás cooperativas, o depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil non é obrigatorio, polo que a información dispoñible no SABI sobre este tipo de entidades resulta incompleta. Estas sociedades teñen, en cambio, a obriga de presentar as súas contas no Rexistro de Cooperativas de Galicia, segundo o disposto no artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia. Con todo, este rexistro non permite un acceso electrónico directo aos datos depositados, o que dificulta o seu tratamento sistemático e a súa análise estatística. Ademais, a pesar da obrigatoriedade legal e dos prazos establecidos, só arredor dun terzo das cooperativas galegas cumpre con esta obriga, o que limita notablemente o alcance da información rexistrada.

Non obstante, malia o seu menor nivel de detalle e diferente formato con respecto ás contas anuais, dispónese da información contida no Modelo 200 de declaración do Imposto sobre Sociedades (IS), que inclúe datos básicos sobre o balance e a conta de perdas e ganancias. Estes datos, facilitados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e dispoñibles para o período 2019-2022, ofrecen unha aproximación valiosa á realidade e relevancia económica destas entidades en Galicia, xa que todas as cooperativas están obrigadas a presentar esta declaración fiscal.

Nos apartados seguintes analízase a devandita información co obxectivo de avaliar o impacto socioeconómico das cooperativas en Galicia, así como a súa relevancia relativa no conxunto do cooperativismo español e no tecido empresarial galego.

11.3. Número de cooperativas con actividade económica en Galicia, peso relativo e distribución sectorial

Na táboa 11.1 recóllese o número de cooperativas que presentaron a declaración do Imposto sobre Sociedades nos anos considerados, segundo os datos facilitados pola AEAT, distinguindo entre entidades activas e inactivas. No exercicio 2022, presentaron declaración 1.608 cooperativas galegas, o que supón o 5,7% do total de 28.126 cooperativas que cumpriron con esta obrigación fiscal no conxunto do Estado -excluíndo aquelas que operan exclusivamente nos territorios forais do País Vasco e Navarra-.

Estas cooperativas galegas, sen incluír as cooperativas de crédito, representan o 1,6% do total das empresas non financeiras con domicilio social en Galicia que tamén presentaron o Imposto sobre Sociedades, segundo se recolle na táboa 11.2.

Táboa 11.1. Número de cooperativas en Galicia

	2019	2020	2021	2022
Activas	1.160	1.234	1.179	1.251
Inactivas	246	232	352	357
TOTAL	1.406	1.466	1.531	1.608

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

Táboa 11.2. Peso relativo das cooperativas galegas

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	1.406	1.466	1.531	1.608
Total Cooperativas España	27.966	27.970	28.138	28.126
% C.G. / C.E.	5,03%	5,24%	5,44%	5,72%
Total Empresas Galicia	95.810	96.017	97.060	97.591
% C.G. / E.G.	1,47%	1,53%	1,58%	1,65%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

Pola súa parte, a distribución sectorial das cooperativas galegas, que se recolle na táboa 11.3, mostra que unha de cada catro opera nos ámbitos do comercio, as reparacións e o transporte. Séguenlle en importancia as cooperativas do sector primario, que constitúen o 18,2% do total, e as da industria, cunha representación do 11,3%. Pola súa banda, as cooperativas dedicadas á construción e actividades inmobiliarias, aos servizos ás empresas, aos servizos sociais e ás restantes actividades de carácter persoal ou de lecer concentran, cada unha delas, arredor do 10% do conxunto das cooperativas en Galicia.

Táboa 11.3. Distribución das cooperativas galegas por sectores económicos. Ano 2022

	Número	%
AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	293	18,2%
INDUSTRIA	181	11,3%
CONSTRUCCIÓN E ACT. INMOBILIARIAS	189	11,8%
COMERCIO, REPARACIÓNS E TRANSPORTE	402	25,0%
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	39	2,4%
SERVICIOS ÁS EMPRESAS	171	10,6%
SERVICIOS SOCIAIS	169	10,5%
OUTROS SERVICIOS PERSOAIS E DE OCIO	160	10,0%
RESTO	4	0,2%
TOTAL	1.608	100,0%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

11.4. Principais magnitudes económicas e financeiras das cooperativas galegas

Unha vez delimitado o ámbito subxectivo das cooperativas con actividade económica en Galicia, así como o seu peso relativo e a súa distribución por sectores, neste apartado abordamos a análise das principais magnitudes económicas e financeiras destas entidades.

O valor total do activo das cooperativas galegas -é dicir, a suma dos bens e dereitos recollidos nos seus balances- alcanza os 1.872 millóns de euros. Esta cifra, posta en relación co conxunto de cooperativas do Estado e co total das empresas con domicilio en Galicia, evidencia que as cooperativas galegas operan cun volume medio de activos inferior ao que presentan tanto as cooperativas doutras comunidades autónomas como o resto de empresas radicadas en Galicia.

Táboa 11.4. Activo das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	1.653.092	1.721.054	1.773.958	1.872.085
Total Cooperativas España	45.678.380	45.969.514	45.915.993	46.608.310
% C.G. / C.E.	3,62%	3,74%	3,86%	4,02%
Total Empresas Galicia	189.149.486	194.034.490	203.051.829	214.892.251
% C.G. / E.G.	0,87%	0,89%	0,87%	0,87%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

O patrimonio neto das cooperativas galegas -constituído fundamentalmente polo capital social e as reservas- ascende a 523 millóns de euros. Esta cifra sitúase en consonancia co peso relativo medio dos seus activos en relación coas cooperativas do resto do Estado. Non obstante, a súa capitalización media resulta inferior á do conxunto das empresas galegas, o que implica que estas entidades presentan un nivel medio de endebedamento sensiblemente máis elevado. Esta realidade reflíctese na táboa 11.6, onde se constata que o volume de pasivos medios das cooperativas galegas supera amplamente o rexistrado polo resto do tecido empresarial da comunidade.

Táboa 11.5. Patrimonio Neto das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	491.617	494.061	498.185	523.355
Total Cooperativas España	13.057.478	13.072.556	13.230.815	14.297.452
% C.G. / C.E.	3,77%	3,78%	3,77%	3,66%
Total Empresas Galicia	116.530.000	120.449.950	126.399.886	133.494.004
% C.G. / E.G.	0,42%	0,41%	0,39%	0,39%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

Táboa 11.6. Pasivo das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	1.161.475	1.226.993	1.275.773	1.348.730
Total Cooperativas España	32.620.902	32.896.958	32.685.178	32.310.858
% C.G. / C.E.	3,56%	3,73%	3,90%	4,17%
Total Empresas Galicia	72.619.486	73.584.540	76.651.943	81.398.247
% C.G. / E.G.	1,60%	1,67%	1,66%	1,66%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

En canto á cifra de negocios, indicador clave da actividade económica xerada, as cooperativas galegas alcanzaron en 2022 un volume conxunto de 2.818 millóns de euros. Esta contía supón unha media inferior á das cooperativas do resto do Estado, pero superior á media das empresas galegas, xa que representa preto do 2% do total da cifra de negocios destas últimas, mentres que o peso relativo das cooperativas en número apenas chega ao 1,6%. Cómpre salientar, ademais, o comportamento máis favorable das cooperativas galegas durante o ano 2020, ao manteren o seu nivel de ingresos fronte á caída do 14% rexistrada polas empresas galegas no seu conxunto.

Táboa 11.7. Cifra de negocios das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	2.314.148	2.311.874	2.436.173	2.818.930
Total Cooperativas España	60.535.556	61.414.008	65.566.815	69.939.907
% C.G. / C.E.	3,82%	3,76%	3,72%	4,03%
Total Empresas Galicia	119.430.888	101.569.629	123.936.769	143.978.266
% C.G. / E.G.	1,94%	2,28%	1,97%	1,96%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

A distribución sectorial da cifra de negocios das cooperativas galegas presenta unha estrutura distinta á observada no número de entidades por sector, recollida previamente na táboa 11.3. O sector primario concentra o maior volume de facturación, cun 47,2% do total, fronte ao 18,2% que representa en número de cooperativas, o que evidencia un maior grao de consolidación e dimensión media das entidades deste ámbito. Séguenlle en importancia as cooperativas vinculadas ao comercio, reparacións e transportes, que achegan o 27,5% da cifra de negocios, e as da industria, cun 21,7%. Pola contra, as cooperativas do sector servizos, que supoñen aproximadamente o 30% do total de cooperativas galegas, apenas xeran o 2% da facturación conxunta, o que revela un menor peso económico medio neste segmento.

Táboa 11.8. Distribución da cifra de negocio das cooperativas galegas por sectores económicos. Ano 2022. Miles de euros

	Importe	%
AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	1.330.765	47,2%
INDUSTRIA	610.479	21,7%
CONSTRUCCIÓN E ACT. INMOBILIARIAS	48.495	1,7%
COMERCIO, REPARACIÓNS E TRANSPORTE	776.010	27,5%
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	2.963	0,1%
SERVICIOS ÁS EMPRESAS	13.346	0,5%
SERVICIOS SOCIAIS	17.172	0,6%
OUTROS SERVICIOS PERSOAIS E DE OCIO	18.459	0,7%
RESTO	1.241	0,0%
TOTAL	2.818.930	100,0%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

A cifra de negocios das cooperativas galegas, unha vez descontados os consumos intermedios, tradúcese nunha xeración de valor engadido próxima aos 298 millóns de euros. Esta magnitude sitúase en consonancia coas diferenzas medias observadas respecto ás cooperativas do conxunto do Estado, pero revela unha menor capacidade de xeración de valor engadido en relación á cifra de negocios cando se compara co resto das empresas galegas. Así, mentres as cooperativas representan arredor do 2% da facturación total das empresas con sede en Galicia, a súa achega ao valor engadido limítase ao 0,9%, o que pon de manifesto unha menor intensidade produtiva media.

Táboa 11.9. Valor engadido das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	281.831	261.868	274.594	298.137
Total Cooperativas España	8.074.661	7.986.955	8.136.497	8.561.978
% C.G. / C.E.	3,49%	3,28%	3,37%	3,48%
Total Empresas Galicia	36.056.231	26.178.286	28.965.244	31.164.896
% C.G. / E.G.	0,78%	1,00%	0,95%	0,96%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

Os gastos de persoal das cooperativas galegas ascenderon a 227,5 millóns de euros no exercicio 2022, representando un peso relativo inferior respecto da cifra de negocios en comparación co conxunto das empresas da comunidade.

Para estimar o volume de emprego xerado por estas entidades, partimos da información das cooperativas que teñen depositadas as súas contas anuais, extrapolando os resultados ao conxunto do sector e contrastándoos cos datos dispoñibles da AEAT, que reflicten o número medio de empregados sen distinguir entre tipos de xornada. No momento de peche deste Informe constaban depositadas as contas correspondentes a 206

cooperativas galegas para o exercicio 2022, que concentran o 70 % da cifra de negocios total declarada á AEAT nese ano. Estas entidades presentan un custo laboral medio por persoa empregada de 37.200 euros. Aplicando esta media ao volume total de gastos de persoal declarado, estímase que as cooperativas galegas deron emprego a unhas 6.101 persoas equivalentes a tempo completo en 2022.

Cómpre subliñar que esta estimación parte dos custos laborais das cooperativas de maior tamaño –as que con máis frecuencia depositan contas no Rexistro Mercantil–, e que adoitan ofrecer retribucións máis elevadas. É por iso que o resultado estimado parece, en todo caso, consistente cos datos declarados no modelo 200 do Imposto sobre Sociedades, que para o exercicio 2022 recollen cifras medias de 6.546 persoas con contrato fixo e 538 con contrato non fixo.

Resulta salientable que o custo laboral medio das cooperativas para as que se dispón de información supera significativamente a media galega: segundo a Enquisa Anual de Custe Laboral do INE, o custo laboral medio en Galicia situábase nos 30.800 euros, o que evidencia unhas condicións retributivas máis favorables no sector cooperativo.

Táboa 11.10. Gastos de persoal das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	230.013	205.752	216.136	227.546
Total Cooperativas España	6.324.896	6.202.434	6.288.257	6.611.568
% C.G. / C.E.	3,64%	3,32%	3,44%	3,44%
Total Empresas Galicia	15.628.303	14.500.809	16.384.239	17.921.977
% C.G. / E.G.	1,47%	1,42%	1,32%	1,27%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

Unha vez descontados do valor engadido os gastos de persoal, así como os asociados a amortizacións, provisións e o resultado de eventuais enaxenacións de inmovilizado, obtívose en 2022 un resultado de explotación de 40,8 millóns de euros. Esta cifra, posta en relación co total das empresas en Galicia, reflicte que nas cooperativas unha parte significativa do valor engadido se destina á remuneración do traballo, o que é coherente coa natureza destas entidades.

Cómpre ter en conta que este resultado de explotación, así como os que analizamos seguidamente, son cifras agregadas, polo que se produce unha compensación entre resultados positivos e negativos, sendo as cifras ofrecidas o resultado neto.

Táboa 11.11. Resultado de explotación das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	17.245	22.251	32.308	40.862
Total Cooperativas España	782.541	732.513	878.589	999.627
% C.G. / C.E.	2,20%	3,04%	3,68%	4,09%
Total Empresas Galicia	18.083.218	7.764.160	9.364.605	10.058.751
% C.G. / E.G.	0,10%	0,29%	0,34%	0,41%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

No ano 2022, o resultado financeiro agregado das cooperativas galegas -diferenza entre ingresos e gastos de natureza financeira- foi negativo, situándose nos 6,9 millóns de euros. Este indicador presenta unha elevada variabilidade en función das características específicas de cada cooperativa, polo que as cifras agregadas dificultan a extracción de conclusións representativas do comportamento financeiro individual das entidades.

Táboa 11.12. Resultado financeiro das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	-7.871	-7.773	-13.116	-6.972
Total Cooperativas España	-253.452	-634.286	-38.485	-110.795
% C.G. / C.E.	3,11%	1,23%	34,08%	6,29%
Total Empresas Galicia	5.992.208	-224.838	697.805	1.806.208
% C.G. / E.G.	-0,13%	3,46%	-1,88%	-0,39%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

O beneficio antes de impostos, como suma do resultado de explotación e do resultado financeiro, acadou os 33,8 millóns de euros en cifras agregadas, que inclúen a compensación dos resultados positivos cos negativos. Destaca de novo en relación con este resultado o mellor comportamento das cooperativas galegas nos anos 2020 e 2021 en relación co conxunto do sistema cooperativo en España.

Táboa 11.13. Resultado antes de impostos das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	9.374	14.478	19.192	33.890
Total Cooperativas España	529.089	98.227	840.104	888.832
% C.G. / C.E.	1,77%	14,74%	2,28%	3,81%
Total Empresas Galicia	24.075.426	7.539.322	10.062.409	11.864.959
% C.G. / E.G.	0,04%	0,19%	0,19%	0,29%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

O imposto sobre beneficios incluído como gasto ou ingreso na conta de perdas e ganancias das cooperativas galegas ascende a un agregado de 6,4 millóns de euros.

Táboa 11.14. Imposto sobre beneficios das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	1.827	2.373	3.245	6.466
Total Cooperativas España	106.544	82.424	130.721	120.304
% C.G. / C.E.	1,71%	2,88%	2,48%	5,37%
Total Empresas Galicia	1.186.941	625.220	1.243.999	1.520.986
% C.G. / E.G.	0,15%	0,38%	0,26%	0,43%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

Finalmente, o resultado despois de impostos agregado do conxunto das cooperativas galegas acadou os 27,4 millóns de euros, amosando unha tendencia crecente nos anos para os que se dispón de información.

Táboa 11.15. Resultado despois de impostos das cooperativas galegas. Miles de euros

	2019	2020	2021	2022
Cooperativas Galicia	7.546	12.105	15.947	27.424
Total Cooperativas España	422.542	15.788	709.343	768.532
% C.G. / C.E.	1,79%	76,67%	2,25%	3,57%
Total Empresas Galicia	22.885.572	6.911.224	8.823.186	10.247.558
% C.G. / E.G.	0,03%	0,18%	0,18%	0,27%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da AEAT

11.5. Sociedades Laborais

As sociedades laborais, tanto de responsabilidade limitada como anónimas, están obrigadas a depositar as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís correspondentes. Esta obrigatoriedade permite que a información recollida na base de datos SABI, que compila os datos económico-financeiros de todas as contas depositadas, proporcione unha imaxe bastante fiel da actividade económica xerada por estas entidades, así como do seu impacto e peso relativo no conxunto da economía galega.

Se ben existen sociedades laborais con actividade que incumpren a obriga de depósito das contas anuais, cómpre salientar que este incumprimento pode derivar en consecuencias significativas. Entre elas figuran sancións económicas que poden ir dos 1.200 aos 60.000 euros –e incluso acadar os 300.000 euros en casos especialmente graves–, xunto con outras penalizacións como o peche provisional da folia rexistral ou a posibilidade de que os administradores incorran en responsabilidades legais. Ademais, a ausencia de contas depositadas pode dificultar o acceso destas sociedades ao financiamento, xa que a información rexistrada no Rexistro Mercantil constitúe un criterio relevante para avaliar a solvencia empresarial. Por este motivo, as sociedades laborais cunha actividade económica regular e consolidada adoitan cumprir esta obriga formal, sendo a información derivada do Rexistro Mercantil unha base sólida para achegármonos á realidade económica destas entidades.

11.6. Ámbito analizado

No gráfico 11.1 recóllese a evolución, entre os anos 2010 e 2023, do número de sociedades laborais das que se dispón de información na base de datos SABI –à data de elaboración deste Informe, xullo de 2025– por teren depositadas as súas contas anuais no Rexistro Mercantil, así como do número total de sociedades laborais activas, é dicir, aquelas inscritas na Seguridade Social a 31 de decembro de cada exercicio. O prazo para o depósito das contas correspondentes ao exercicio 2023 remataba o 31 de xullo de 2024, polo que os datos actuais poden considerarse representativos das entidades que efectivamente cumpren con esta obriga formal. Non obstante, persiste certo atraso na publicación de


contas, motivado tanto polos tempos de tramitación nos Rexistros Mercantís como polos prazos de actualización do propio SABI, o que contribúe a explicar a diminución rexistrada nos últimos exercicios.

O número de sociedades laborais activas reduciuse de maneira significativa no período analizado, cunha caída acumulada do 56%, unha tendencia que se reproduce tamén no conxunto de entidades con información dispoñible no SABI. A porcentaxe de sociedades laborais activas que cumpren coa obriga de depósito de contas sitúase no 83%, mantendo unha estabilidade razoable ao longo do tempo e permitindo unha aproximación fiable ao seu comportamento económico.

A maior parte das sociedades laborais con contas depositadas corresponden á modalidade de sociedades limitadas, que en 2023 suman un total de 290 entidades, fronte ás 13 sociedades anónimas laborais existentes nese mesmo ano (ver gráfico 11.2). Estas últimas experimentaron unha redución moito máis pronunciada, xa que no ano 2010 chegaban a 43.


En todo caso, a porcentaxe de sociedades laborais con información contable dispoñible no SABI pode considerarse suficiente para realizar unha análise consistente da súa contribución efectiva á economía galega.

Gráfico 11.1. Sociedades Laborais activas e con información dispoñible no SABI



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social e SABI

Gráfico 11.2. Sociedades Laborais con información no SABI segundo tipo




Fonte: SABI

11.7. Principais magnitudes económicas e financeiras das sociedades laborais galegas

Co obxectivo de analizar a actividade económica das sociedades laborais, presentamos en primeiro lugar a evolución de dúas magnitudes representativas do seu *output*: os ingresos de explotación e o activo total. As cifras amosadas corresponden á agregación dos datos de todas aquelas sociedades laborais das que se dispón información en cada exercicio. Cómpre, por tanto, interpretar estes datos tendo en conta a importante redución no número de entidades existentes ao longo do período analizado, que supón unha diminución do 56 % respecto ao ano 2010.

No exercicio 2023, os ingresos de explotación acadaron os 154 millóns de euros, o que representa un incremento do 20,6 % en relación co ano 2010, malia o acusado descenso no número de sociedades activas. Este feito reflicte un notable aumento na cifra media de negocio das entidades que permanecen en funcionamento. No caso das sociedades limitadas laborais, os ingresos totais amosaron unha tendencia descendente nos primeiros anos da década, para logo experimentar un crecemento sostido dende 2013 ata 2019. No ano 2020, os efectos da crise económica derivada da pandemia provocaron unha caída significativa, pero a recuperación foi evidente a partir de 2021. Pola súa parte, os ingresos das sociedades anónimas laborais diminuíron de maneira continuada ao longo do período, en consonancia coa forte redución do número destas entidades, aínda que se aprecia un leve repunte no exercicio 2023.


Gráfico 11.3. Ingresos de explotación (miles de €)



Fonte: SABI

O total do activo das sociedades laborais, que ascende a 109 millóns de euros no ano 2023, amosa unha evolución relativamente semellante á dos ingresos de explotación, especialmente no caso das sociedades anónimas. En conxunto, rexístrase un incremento do 12 % respecto do ano 2010, malia que o número de entidades existentes é actualmente moi inferior. No caso das sociedades anónimas laborais, o volume de activo reduciuse á metade ao longo da década, aínda que cómpre salientar que estas só representaban un terzo do total de sociedades laborais no inicio do período analizado.


Gráfico 11.4. Total Activo (miles de €)



Fonte: SABI

No que atinxe á rendibilidade económica das sociedades laborais, o gráfico 11.5 recolle os resultados agregados segundo o tipo de entidade. A partir dun escenario inicial de resultados negativos nos primeiros anos da década de 2010, obsérvase unha entrada progresiva en beneficios a mediados do período, cun crecemento sostido ata acadar os 3,2 millóns de euros no exercicio 2019. No ano 2020 rexístrase unha caída significativa dos beneficios, derivada da crise económica, pero a partir de 2021 prodúcese unha recuperación notable que culmina cun resultado positivo de 4 millóns de euros no ano 2023. A evolución das contas de resultados foi máis favorable nas sociedades limitadas laborais, mentres que as sociedades anónimas presentan, agás nos exercicios 2015 e 2021, saldos negativos ou próximos ao equilibrio nas súas contas de explotación.

Gráfico 11.5. Resultados (miles de €)




Fonte: SABI

As sociedades laborais declaran nas súas contas anuais un total de 1.203 persoas empregadas, o que supón un 62 % do emprego que rexistraban no ano 2010. A evolución desta variable presenta unha tendencia maioritariamente descendente ao longo do período analizado. A caída foi especialmente pronunciada nos primeiros anos da década, seguida dun

período de estabilización e lixeiro incremento entre 2014 e 2017. No ano 2020 prodúcese unha nova diminución significativa, consecuencia da crise derivada da pandemia, tras a cal se observa unha recuperación parcial nos exercicios 2021 e 2022. Porén, no ano 2023, o número de persoas ocupadas volve experimentar unha caída.


Gráfico 11.6. Número de empregados



Fonte: SABI

A evolución conxunta dos ingresos de explotación e do número de persoas empregadas nas sociedades laborais tradúcese, como se amosa no gráfico 11.7, nun incremento progresivo dos ingresos por empregado a partir do ano 2013. Esta *ratio* acada os 132 mil euros no exercicio 2023, logo dunha caída notable no ano 2020. Cómpre salientar que os ingresos por empregado son significativamente máis elevados nas sociedades limitadas laborais en comparación coas sociedades anónimas.

Gráfico 11.7. Ingresos de explotación por empregado (miles de €)




Fonte: SABI

Finalmente, os gastos de persoal por empregado -indicador que permite valorar a calidade do emprego xerado por estas entidades en termos de remuneración- amosan, en cifras agregadas, unha evolución crecente ao longo do período analizado, agás no exercicio 2020, no que se produce unha lixeira caída. Esta *ratio* pasa dos 22,5 mil euros en 2010

aos 29 mil euros en 2023. Unha vez máis, son as sociedades limitadas laborais as que presentan un mellor comportamento nesta variable, con niveis de gasto por empregado superiores aos das sociedades anónimas.

Gráfico 11.8. Gastos de persoal por empregado (miles de €)




Fonte: SABI

11.8. Evolución da actividade económica das sociedades laborais nos últimos anos

Co obxectivo de analizar en profundidade a realidade e a evolución das sociedades laborais nos últimos anos, recóllense neste apartado as principais magnitudes económicas e financeiras das entidades que teñen depositadas as súas contas anuais de forma continuada nos cinco exercicios comprendidos entre os anos 2019 e 2023. No caso das sociedades limitadas, a mostra está composta por 216 entidades -das 277 que presentaron contas no exercicio 2023- para as cales tamén se dispón da información correspondente aos anos anteriores. No referente ás sociedades anónimas, só 12 entidades contan con datos completos para o período analizado. Aínda que esta selección exclúe as sociedades que non presentan información para algún dos exercicios, a mostra abrangue arredor do 95 % do total dos ingresos de explotación das entidades con contas depositadas, polo que resulta estatisticamente representativa. Este enfoque permite comparar a evolución das mesmas entidades ao longo do tempo, o que facilita unha análise máis precisa do impacto da crise económica do ano 2020 e da súa posterior recuperación.

A análise da evolución dos ingresos de explotación das sociedades laborais entre 2019 e 2023 evidencia o forte impacto que a crise derivada da pandemia da Covid-19 tivo sobre a súa actividade. No ano 2020, os ingresos agregados destas entidades diminuíron un 12,1 % respecto ao exercicio anterior. A partir de 2021 iniciouse unha recuperación destacada, especialmente nas sociedades limitadas laborais, que no ano 2023 xa rexistraban uns ingresos de explotación un 30 % superiores aos do ano 2019.


Gráfico 11.9. Ingresos de explotación (miles de €)



Fonte: SABI

Non obstante, malia a forte redución dos ingresos de explotación rexistrada no ano 2020, as sociedades laborais lograron reforzar os seus balances ao longo do período analizado, incrementando o valor do seu activo ata acadar os 100 millóns de euros no exercicio 2023, o que supón un aumento do 27,4 % respecto ao ano 2019.


Gráfico 11.10. Total Activo (miles de €)



Fonte: SABI

En liña coa evolución dos ingresos de explotación, os resultados dos exercicios amosan unha caída no ano 2020, máis acusada nas sociedades anónimas. No exercicio 2021 prodúcese unha recuperación significativa, especialmente neste tipo de sociedades, que alcanzan un beneficio de 1,2 millóns de euros. Nos anos posteriores, as sociedades limitadas manteñen resultados positivos de forma continuada.


Gráfico 11.11. Resultados (miles de €)



Fonte: SABI

O impacto da crise de 2020 nas contas das sociedades laborais tamén se reflectiu no emprego xerado por estas entidades. Nese ano, o número de traballadores reduciuse nun 4 %, situándose en 1.012 persoas, aínda que a cifra se recuperou nos exercicios posteriores, ata acadar no ano 2023 un nivel un 7,2 % superior ao de 2019. Con todo, a caída experimentada en 2020 foi significativamente inferior á redución dos ingresos de explotación, o que pon de manifesto a capacidade de resiliencia destas entidades en termos de mantemento do emprego.


Gráfico 11.12. Número de empregados



Fonte: SABI

Se analizamos os ingresos de explotación por empregado, se constata un incremento significativo durante o período analizado, so truncado parcialmente no ano 2020.


Gráfico 11.13. Ingresos de explotación por empregado (miles de €)



Fonte: SABI

Finalmente, parte dos axustes levados a cabo polas sociedades laborais en materia de gastos para facer fronte á crise do ano 2020 se centraron nos de persoal, en parte asociados ás políticas públicas artelladas para o mantemento do emprego, como foi o caso dos Expedientes Temporais de Regulación de Emprego (ERTES). Isto supuxo unha redución dos gastos de persoal por empregado dun 10% no ano 2020 respecto do 2019, para volver a incrementarse de forma significativa nos anos seguintes. Con todo, constátase unha diferencia importante entre os gastos de persoal por empregado das sociedades limitadas e das sociedades anónimas, sendo nestas últimas un 20% superiores os das primeiras.

Gráfico 11.14. Gastos de persoal por empregado (miles de €)



Fonte: SABI

11.9. Conclusións

A realización de actividades económicas no marco da economía social segue a amosar claras vantaxes tanto dende a perspectiva empresarial como social, derivadas das particularidades que caracterizan a estas entidades fronte a outros modelos societarios. A súa contribución á cohesión territorial, á estabilidade do emprego e á democratización da economía resulta particularmente valiosa no contexto actual.

Neste sentido, xustifícanse plenamente as políticas públicas diferenciadas que apoian á economía social, tanto no eido da promoción e acompañamento do emprendemento como a través de programas de financiamento específico. Estas medidas contribúen a consolidar o sector e a potenciar o seu impacto no conxunto do tecido produtivo.

Non obstante, persiste como tarefa pendente a mellora da cuantificación do impacto socioeconómico destas entidades. A menor esixencia legal de publicidade das súas contas, especialmente no caso das cooperativas, dificulta o acceso a información estandarizada e actualizada. Esta limitación supón un obstáculo á avaliación rigorosa do sector e á lexitimación das súas demandas perante os poderes públicos e a sociedade.

Cómpre avanzar, por tanto, nunha estratexia institucional que implique tanto ás organizacións representativas da economía social como ás Administracións competentes, co obxectivo de reforzar a transparencia e accesibilidade da información económico-financeira destas entidades. Só así será posible medir con precisión o seu peso relativo e a eficacia das políticas públicas destinadas ao sector.

A inclusión neste Informe de datos procedentes das declaracións do Imposto sobre Sociedades supón un avance significativo nesta dirección, ao permitir estimacións máis robustas e actualizadas sobre o impacto económico das cooperativas e sociedades laborais galegas. Esta liña de traballo, que complementa a análise baseada nas contas depositadas no Rexistro Mercantil, permite superar parcialmente as limitacións derivadas da escasa información dispoñible noutras fontes.

No caso das cooperativas galegas, a análise amosa a consolidación dun sector cunha cifra de negocios superior aos 2.800 millóns de euros e un impacto en termos de emprego equivalente a tempo completo estimado en máis de 6.100 persoas. A maiores, cómpre salientar que o custo laboral medio supera nun 20 % a media do conxunto do sistema produtivo galego, o que indica unhas condicións retributivas relativamente máis favorables.

Pola súa banda, as sociedades laborais, malia a tendencia decrecente no número de entidades, amosan unha capacidade significativa de adaptación e fortalecemento, cunha recuperación progresiva dos niveis de actividade económica tras a crise de 2020. No ano 2023, estas entidades acadaron os 154 millóns de euros en ingresos de explotación, reforzaron os seus balances ata superar os 100 millóns de euros en activos, e mantiveron un emprego equivalente a tempo completo superior ao de 2019. A evolución do gasto de persoal por empregado e dos ingresos medios por traballador revela tamén unha tendencia positiva, especialmente no caso das sociedades limitadas laborais.

12. POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL E ASOCIACIONISMO

12.1. Introducción

A Economía Social (ES) en Galicia representa fórmulas empresariais singulares, cunha identidade propia que as diferencian doutras formas de organización económica. As entidades que a conforman -cooperativas, sociedades laborais, mutualidades, confrarías de pescadores, centros especiais de emprego ou empresas de inserción, entre outras- comparten principios orientados ao ben común, á primacía das persoas e ao reinvestimento dos excedentes en funcións sociais. Así, ofrecen unha visión alternativa ao modelo mercantil clásico, baseada na sustentabilidade, a participación democrática e o compromiso co territorio.

Segundo datos da Xunta de Galicia, o sector da ES xera máis de 17.000 empregos directos e representa arredor do 7 % do PIB galego, cun impacto económico anual estimado en 850 millóns de euros. Esta realidade consolidada é reflexo dunha aposta pública continuada, onde Galicia foi pioneira en adaptar a lexislación estatal á súa realidade socioeconómica, promovendo iniciativas singulares como os montes veciñais en man común ou o cooperativismo xuvenil.

Durante o ano 2024, a vitalidade do sector ficou novamente acreditada: 600 novas persoas socias promotoras, das cales a metade foron mulleres; 800 novos empregos creados; e 230 novas entidades constituídas, maioritariamente cooperativas, sociedades laborais e empresas de inclusión social. A estes datos súmanse as máis de 3.000 persoas participantes en actividades formativas e divulgativas no marco da Estratexia Galega de Economía Social (EGAES), o que confirma o dinamismo do sector e a súa crecente inserción nas políticas públicas.

Este papel crecente da ES na economía galega subliña a importancia de avaliar de maneira sistemática as políticas públicas que a regulan e impulsan. Neste capítulo analízase a súa evolución recente, o seu grao de adaptación aos retos actuais e as marxes de mellora estratéxica. Para iso, seguirase unha estrutura en cinco apartados: tras esta introdución, o segundo bloque contextualiza as políticas públicas europeas en materia de ES; o terceiro

explora a situación a nivel estatal; o cuarto examina en detalle as actuacións desenvolvidas en Galicia; o quinto presenta recomendacións para reforzar o impacto das políticas; e o sexto pecha cunha reflexión final.

12.2. Marco Europeo

O Consello da Unión Europea ten recoñecido de forma reiterada a importancia da Economía Social (ES) como motor do desenvolvemento económico e social. Este modelo representa hoxe un ecosistema consolidado en Europa, salientando pola súa capacidade para xerar emprego de calidade, dinamizar o tecido produtivo e contribuír á cohesión social (Chaves et al., 2016), elementos centrais nas políticas europeas actuais.

Este recoñecemento institucional non é novo. Desde 2009 sucedéronse múltiples chamadas a reforzar o apoio á ES. Entre 2014 e 2020, investíronse preto de 2.500 millóns de euros a través de fondos estruturais. En 2021, a Comisión Europea deu un paso adiante co lanzamento do *Plan de Acción para a Economía Social*, afondando no seu compromiso cun modelo máis xusto, sostible e resiliente, en liña coas prioridades do Pacto Verde Europeo.

En 2024, a implantación deste Plan cobra especial relevancia nun contexto de transición ecolóxica, transformación dixital e reconfiguración do mercado de traballo. Este documento recolle as principais liñas de acción e recoñecemento institucional da ES na UE:

- Contribución decisiva á creación de emprego, á inclusión social e ao desenvolvemento sostible, así como á revitalización de zonas rurais.
- Papel clave durante a pandemia, ofrecendo respostas efectivas en ámbitos esenciais como a produción de alimentos, o apoio dixital e a atención comunitaria.
- Participación activa na transición verde e dixital, con solucións innovadoras que reducen a fenda tecnolóxica e ambiental.
- Potencial aínda infrautilizado debido á escasa visibilidade e comprensión do seu impacto real, o que motivou novas medidas por parte da Comisión Europea para fortalecer a integración da ES nas políticas nacionais e rexionais.
- Necesidade de adaptar os marcos xurídico-fiscais e de contratación pública ás características propias da ES, impulsando ecosistemas máis favorables ao seu desenvolvemento.

O Plan de Acción estrutúrase en tres eixes fundamentais: (1) crear condicións propicias para o desenvolvemento das iniciativas de ES; (2) mellorar as capacidades e oportunidades dispoñibles; e (3) aumentar o recoñecemento social e institucional da ES. A Comisión Europea reafirma así o seu compromiso cun modelo que impulsa un crecemento sostible e inclusivo e actúa como axente facilitador da transición ecolóxica.

Este enfoque integrador reflíctese tamén noutras políticas comunitarias, en particular no *Fondo Social Europeo Plus (FSE+) 2021–2027*, principal instrumento da UE para investir nas persoas. O FSE+ reforza o Pilar Europeo de Dereitos Sociais e contribúe a unha maior cohesión social e territorial, en consonancia co artigo 174 do TFUE e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. O novo marco unifica o Fondo Social Europeo tradicional, a Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo de Axuda Europea ás Persoas Máis Desfavorecidas, cunha orientación máis coherente e ambiciosa.

As prioridades estratéxicas do FSE+ abranguen o pleno emprego, a mellora da calidade e produtividade laboral, a inclusión social, e o reforzo dos sistemas educativos e de

formación. A súa execución realizarase mediante un proceso de partenariado en dúas fases —análise estratéxica e consulta pública—, con implicación directa das administracións e da sociedade civil. Ademais, a estratexia enfatiza o respecto aos principios horizontais de igualdade de xénero e non discriminación, e contempla un sistema de indicadores para avaliar a súa implantación e impacto.

O Cadro 12.1 resume os núcleos principais de acción do FSE+ e recolle, ademais, a contribución específica da ES ao desenvolvemento dunha economía circular máis inclusiva e sostible.

Cadro 12.1. Núcleos de acción do FSE+ 2021-2027

Ámbito de intervención	Contidos
Emprego e inclusión laboral	O FSE+ concentra os seus esforzos en mellorar o acceso ao emprego para toda a cidadanía, con especial atención á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración. Inclúe iniciativas dirixidas a combater o desemprego xuvenil, fomentar o emprendemento e a ES, e adaptar a forza laboral aos cambios do mercado de traballo. Así mesmo, promove a modernización das institucións e servizos de emprego para anticipar e responder ás novas necesidades de capacitación e competencias.
Educación, formación e aprendizaxe permanente	Preténdese mellorar a calidade, eficacia e adecuación dos sistemas educativos e formativos ás demandas do mercado laboral. Avógase por un sistema educativo inclusivo, de alta calidade, accesible e asumible para todas as persoas. Entre as prioridades destacan a redución do abandono escolar temperán e o impulso da formación profesional como vía de alta cualificación.
Inclusión social e loita contra a pobreza	O programa contempla a garantía da igualdade de oportunidades e o acceso a servizos sociais e sanitarios de calidade. Inclúe medidas para mellorar a empregabilidade e a integración socioeconómica de colectivos en situación de vulnerabilidade, como persoas con discapacidade, migrantes ou comunidades marxinadas.

Fonte: Comisión Europea (2021)

Durante 2024 continuouse o desenvolvemento e seguimento da *Recomendación do Consello sobre o desenvolvemento de condicións marco para a economía social*, aprobada o 9 de novembro de 2023 (ST 14.113 2023 INIT¹). Este documento supón un paso adiante na consolidación da ES como prioridade estratéxica da UE, destacando o seu papel para acadar unha inclusión social efectiva e unha maior igualdade no acceso ao mercado laboral.

Entre os elementos máis salientables desta Recomendación destacan:

- Recoñecemento explícito do impacto positivo da ES nos obxectivos europeos de emprego, formación e redución da pobreza para 2030, subliñando a súa capacidade para crear emprego de calidade e fomentar a cohesión social.
- A posta en valor do Plan de Acción para a Economía Social (9 de decembro de 2021), como instrumento clave para promover a innovación social, apoiar o desenvolvemento das entidades da ES e incrementar a súa visibilidade e recoñecemento.
- A identificación da ES como axente esencial na protección social, a revitalización das áreas rurais, o apoio ás políticas de cooperación internacional, e a inclusión laboral de

¹ <https://www.boe.es/doue/2023/1344/Z00001-00018.pdf>

colectivos vulnerables, contribuíndo a un modelo de desenvolvemento económico e industrial máis sostible.

- A proposta de medidas concretas para mellorar o contexto operativo da ES, como a creación de novas oportunidades económicas para grupos infrarrepresentados e a promoción da integración social e laboral mediante empresas sociais.
- O reforzo do compromiso da UE a través de instrumentos como o FSE+, facendo fincapé na necesidade de facilitar o acceso ao financiamento e ao asesoramento técnico para as entidades da ES.
- A necesidade de incrementar o recoñecemento institucional e social da ES, dado que moitas das súas entidades non chegan ao seu potencial por falta de comprensión pública e apoio político axeitado.

A Recomendación articula un conxunto de accións agrupadas en tres bloques estratéxicos:

- 4 **Fomento do acceso ao mercado laboral a través da ES.** Recoméndase ás autoridades públicas apoiar ás entidades da ES mediante políticas activas de emprego que favorezan a integración de mulleres, colectivos desfavorecidos e grupos infrarrepresentados. Para iso, resulta clave promover proxectos colaborativos entre servizos públicos de emprego, administracións locais, entidades da ES, provedores de formación e empresas convencionais, especialmente dirixidos á inserción de mozos sen emprego nin formación. Ademais, cómpre impulsar o emprendemento na ES a través de empresas emerxentes, apoiar o traballo por conta propia vinculado a retos sociais, e facilitar a transmisión de empresas ás persoas traballadoras mediante fórmulas cooperativas. Tamén se subliña a importancia de colaborar coas entidades da ES para integrar persoas con discapacidade en condicións laborais xustas, promovendo ao tempo a igualdade de xénero e recoñecendo as súas prácticas democráticas.
- 5 **Desenvolvemento de marcos facilitadores que melloren as condicións operativas da ES.** Co obxectivo de fortalecer os ecosistemas da ES, recoméndase que os Estados membros deseñen e apliquen estratexias globais específicas ou adapten as existentes en consonancia coas recomendacións da UE e outras orientacións internacionais. Estas estratexias deben recoñecer os principios, características e diversidade xurídica da ES segundo as distintas lexislacións e prácticas nacionais e locais. Para avanzar nesta dirección, salientan as seguintes liñas de acción:
 - *Gobernanza e diálogo institucional:* Establecer mecanismos de consulta estables coas organizacións representativas da ES, como consellos consultivos, grupos de alto nivel ou redes sectoriais.
 - *Formación e capacidades:* Investir na capacitación do persoal público e fomentar a aprendizaxe entre iguais mediante o intercambio de boas prácticas e experiencias entre territorios.
 - *Descentralización:* Reforzar a cooperación coas autoridades locais e rexionais no deseño e execución das políticas de apoio á ES.
 - *Cooperación internacional:* Potenciar o papel da ES nas políticas de cooperación e desenvolvemento internacional da UE.
 - *Financiación social:* Crear un entorno favorable para a mobilización de financiamento público e privado, a nivel nacional, rexional e local.

- *Contratación pública:* Promover a compra pública estratéxica con obxectivos sociais e ambientais, aproveitando ao máximo as ferramentas previstas na normativa europea.
- *Fiscalidade e axudas públicas:* Garantir marcos fiscais que non penalicen á ES, ofrecer incentivos adecuados e aplicar correctamente as normas sobre axudas de Estado.
- *Impacto social:* Apoiar a medición e xestión do impacto social en colaboración coas entidades da ES, promovendo modelos útiles e adaptados ao seu contexto.
- *Recoñecemento e visibilidade:* Fomentar campañas de sensibilización, recompilar datos cuantitativos e cualitativos de forma rendible, e impulsar a investigación aplicada sobre a contribución da ES aos obxectivos sociais e ambientais.

6 Impulso desde a UE para garantir a implantación efectiva destas medidas. A UE debe liderar o impulso das medidas recollidas no Plan de Acción para a Economía Social, asegurando a súa aplicación efectiva e avaliando o grao de cumprimento das recomendacións formuladas. Para iso, resulta esencial a elaboración dun informe de seguimento en colaboración cos grupos de expertos da Comisión en materia de Economía Social e empresas sociais, co obxectivo de garantir unha coordinación axeitada entre institucións e Estados membros.

As recomendacións para mellorar as condicións nas que opera a ES na UE estrutúranse arredor de tres piares fundamentais:

- Desenvolver unha contorna favorable, que inclúa condicións fiscais axeitadas, mecanismos de contratación pública socialmente responsable e réximes de axudas públicas que favorezan o crecemento da ES.
- Elaborar un documento marco común sobre as condicións necesarias para o desenvolvemento sustentable da ES nos distintos contextos nacionais e rexionais.
- Publicar orientacións específicas para os Estados membros, tanto sobre marcos tributarios adaptados como sobre a promoción da ES a través da contratación pública, con especial atención á súa proxección máis aló das fronteiras da UE.

Estas accións concretas configuran un compromiso decidido da Comisión Europea por crear un ecosistema máis propicio para que as entidades da ES poidan medrar e consolidarse, contribuíndo a unha Europa máis cohesionada, inclusiva e innovadora.

12.3. Marco estatal

O marco de axudas establecido a nivel estatal para o apoio e fomento da ES mantén a tipoloxía básica xa recollida en edicións anteriores deste informe, sintetizada no **Cadro 12.2**. En 2024, España consolidou a súa traxectoria de impulso á ES, recoñecendo o seu impacto positivo no desenvolvemento económico e social. As iniciativas desenvolvidas durante o ano centráronse na execución do PERTE da Economía Social e dos Coidados, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Entre as accións máis relevantes destacan as liñas de apoio do Plan Integral de Impulso á ES, enmarcadas no compoñente 23 “Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo”.

Este PERTE, coordinado polo Ministerio de Traballo e Economía Social con participación de outros dez ministerios, foi presentado como proxecto estratéxico para reforzar o tecido económico inclusivo e sostible. En febreiro de 2025, o Ministerio elevou un informe ao Consello de Ministros destacando que xa se executara o 92 % dos 2.503 millóns de euros mobilizados, beneficiando a preto de 4.500 entidades. Segundo ese informe, os fondos executados tiveron un elevado impacto social:

- 96 % dos recursos destinouse a grupos vulnerables ou en risco de exclusión.
- O 85 % do investimento tivo impacto local e o 65 % impacto de xénero.
- Por distribución territorial, destacan Andalucía (17,1 %), Madrid (14,7 %), Comunidade Valenciana (9,1 %) e Cataluña (8,5 %).

En 2025 convocouse a terceira edición das axudas do Plan Integral de Impulso á ES, cun orzamento de 39 millóns de euros, tamén vinculado ao compoñente 23 do PRTR. Nas dúas primeiras convocatorias asignáronse 71 millóns de euros, que permitiron financiar máis de 255 proxectos, entre os que se inclúen entidades de inserción laboral, cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e confrarías de pescadores.

Cadro 12.2. Clasificación de medidas de apoio á ES

Criterio	Tipoloxía
Atención prestada ao sector da ES	▪ Específicas => destinadas en exclusiva ao sector da ES. Por exemplo, o orzamento de “Desenvolvemento da ES” do Ministerio de Traballo e ES. ▪ Xerais=> aplicables a todos tipo de empresas. Por exemplo, as políticas de desenvolvemento rexional a través dos institutos rexionais de apoio ás empresas. ▪ Excluíntes => dirixidas ao sector privado, non incluíndo de determina forma ás empresas de ES. Por exemplo, non permitindo que as sociedades cooperativas sexan distribuidoras de enerxía eléctrica ou de carburantes.
Segundo o ámbito de aplicación.	▪ Transversais => dirixidas a todo o sector da ES. ▪ Sectoriais => dirixidas unicamente a certas actividades da ES. Por exemplo, aquelas destinadas ás institucións sen fins de lucro ou empresas de traballo asociado.
Segundo os instrumentos utilizados	▪ De oferta => dirixidas á estrutura das empresas da ES. Á súa vez, dife-réncianse en dous subgrupos: i) de difusión, promoción, formación e in-vestigación e ii) medidas financeiras (políticas orzamentarias) e políticas de apoio (información técnica, asesoramento, networking, etc.) ▪ De demanda => deseñadas para incidir no volume de actividade eco-nómica das empresas de ES promovendo a súa contratación. Por exemplo, facilitando o acceso ás empresas de ES á condición de pro-vedor do sector público2.

Criterio	Tipoloxía
Segundo a súa intensidade	- Políticas brandas ou soft (actuacións dirixidas a crear un ecosistema favorable ás empresas de ES para a súa creación, crecemento e desenvolvemento) => instrumentadas a través de medidas institucionais, como o recoñecemento á súa capacidade para xestionar empresas, ou medidas cognitivas. Por exemplo, actividades para difundir o coñecemento da ES. - Políticas duras ou hard (políticas económicas de fomento empresarial, para promover a creación de novas empresas da ES e o establecemento de sistemas de apoio para o desenvolvemento económico destas empresas) => instrumentadas por medio de actuacións sobre a oferta (dirixidas a mellorar a competitividade empresarial) e/ou demanda (dirixidas ao nivel de actividade económica).

Notas: (1) Lotarías e xogos de azar como réxime financeiro (o caso do ONCE en España), fondos de emprendemento (réxime de capitalización por desemprego en España), Plataformas de ES a escala nacional (Confederación empresarial Española de ES en España); (2) Contratos de subministracións ou reservados en España;(3) Programa operativo de ES, inclusión social e estratexia nacional en España; (4) Rede de investigación/mestrados universitarios en España sobre ES.

Fonte: Chaves (2007), Fajardo (2012), Comité Económico e Social (2018), Bastida, Vaquero e Olveira (2019, 2020) e Vaquero, Bastida e Olveira (2021, 2022, 2023, 2024).

A convocatoria das axudas do Plan Integral de Impulso á ES realizouse ao abeiro da Orde TES/869/2023², do 22 de xullo, que establece as bases reguladoras para a concesión destas subvencións. O seu obxectivo é contribuír ao obxectivo operativo 349 definido na Decisión de Execución do Consello sobre a avaliación do PRTR de España, orientado a impulsar proxectos de Economía Social. Posteriormente, a Orde TES/876/2024³, do 9 de agosto, modificou a composición da Comisión de Valoración dos proxectos.

As subvencións concédense en réxime de concorrència competitiva e están dirixidas a:

- Xerar e manter emprego en empresas viables mediante a conversión a fórmulas de ES.
- Crear e consolidar entidades de ES con carácter innovador.
- Apoiar a modernización tecnolóxica das empresas sociais, especialmente en zonas rurais.
- Promover redes de cooperativas e outras fórmulas de ES, con medidas de capacitación asociadas.
- Impulsar transicións sostíbeis e inclusivas para empresas sociais e colectivos en situación de vulnerabilidade.

Este compromiso intensificouse en 2024 coa aprobación da Addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), o 6 de xuño de 2023, que reforza a modernización da economía española e incorpora investimentos específicos para a ES. Estes esforzos inscríbense no marco máis amplo das políticas da UE, en coherencia coas directrices da Comisión e os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) financiado polo Next Generation EU.

² Orde TES/869/2023, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Plan Integral de Impulso á Economía Social para a Xeración dun Tecido Económico, Inclusivo e Sostíbeis, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

³ Orde TES/876/2024, de 9 de agosto, pola que se modifica a Orde TES/869/2023, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Plan Integral de Impulso á Economía Social para a Xeración dun Tecido Económico, Inclusivo e Sostíbeis, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En paralelo, cómpre lembrar que a Estratexia Española de Economía Social 2023–2027, publicada no BOE o 1 de xuño de 2023, segue a constituír o marco de planificación estatal a medio prazo para o sector. Estruturada en catro eixes estratéxicos, recolle liñas de actuación específicas para reforzar a visibilidade, competitividade, emprendemento e sustentabilidade da ES. O **cadro 12.3** resume os eixos estratéxicos, as liñas de actuación e as principais accións recollidas na Estratexia Española de ES 2023–2027.

Cadro 12.3. Eixos estratéxicos, liñas de actuación e accións principais da Estratexia Española de ES (2023–2027)

Eixo estratéxico	Liña de actuación	Accións Principais
Visibilidade e Participación Institucional da Economía Social	Reforzar a visibilización da ES a nivel institucional e no marco normativo	Incrementar a visibilidade da ES nas administracións públicas. Revisar e mellorar o marco xurídico existente.
		Aumentar a participación da ES nos consellos consultivos.
	Impulsar o recoñecemento da ES entre os axentes sociais e a sociedade en xeral	Mellorar a visibilidade da ES mediante campañas de comunicación e estratexias en redes sociais.
		Deseñar ferramentas visuais e prácticas para identificar os elementos específicos da ES.
	Consolidar a presenza da ES na axenda das institucións internacionais	Participar en foros internacionais e incorporar a ES na axenda internacional do Goberno de España.
		Promover marcos legais e ecosistemas favorables á ES a nivel global.
		Reforzar a cooperación con terceiros países.
	Promover a elaboración e difusión de estatísticas relativas á ES	Incorporar a perspectiva da ES nas estatísticas existentes. Deseñar operacións estatísticas específicas a nivel macroeconómico.
Mellora da Competitividade	Impulsar análises para a medición do impacto económico e social da ES	Promover estudos empíricos que analicen o impacto diferencial da ES.
	Elevar os niveis de internacionalización da ES	Analizar as necesidades específicas das empresas e entidades da ES en internacionalización.
		Incluír a ES nos plans e programas de internacionalización do Goberno.
		Crear programas específicos de internacionalización para empresas de ES.
		Promover a internacionalización das cooperativas agroalimentarias.
	Aumentar a innovación e a transformación dixital da ES	Investigar o nivel de transformación dixital das empresas e entidades da ES.
		Incluír a ES nos plans e programas de transformación dixital do Goberno.

Eixo estratéxico	Liña de actuación	Accións Principais
Emprendemento e Sectores Emerxentes	Impulsar o emprendemento social	Promover a creación de novas empresas de ES.
		Apoiar a consolidación de proxectos de emprendemento social.
	Facilitar o relevo xeracional	Apoiar a transmisión de empresas sen relevo xeracional a fórmulas empresariais da ES.
		Ofrecer formación e asesoramento para asegurar a continuidade das empresas de ES.
Sustentabilidade Social e Territorial	Fomentar o desenvolvemento rural e a fixación de poboación	Impulsar proxectos de ES que contribúan ao desenvolvemento das zonas rurais.
		Fomentar iniciativas que promovan a fixación de poboación no medio rural.
	Promover a cohesión social e a integración de colectivos vulnerables	Facilitar a inserción laboral de persoas con discapacidade e outros colectivos vulnerables.
		Apoiar proxectos de ES que contribúan á cohesión social.
	Impulsar a economía dos cidadados	Fomentar a creación e desenvolvemento de entidades de ES no sector dos cidadados.

Fonte: *Estratexia Española de Economía Social 2023-2027*.

A planificación recollida na Estratexia Española de Economía Social 2023–2027 mantense vixente durante 2024, tanto no seu sistema de gobernanza como no esquema financeiro baseado en fontes nacionais, autonómicas e fondos europeos. Como novidade destacada, en setembro de 2024 o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 954/2024, do 24 de setembro, que regula a concesión directa dunha subvención á Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES⁴) no marco do Plan Integral de Impulso á ES.

Esta medida crea un hub de innovación para a ES, con enfoque en transferencia de coñecemento, investigación aplicada, xeración de redes e promoción de proxectos innovadores. Este centro, presentado en abril de 2025 afincado en San Sebastián e co nome de ASETT – Arizmendiarieta Social Economy Think Tank⁵–, analizará especialmente o papel da ES na redución das desigualdades e na creación dun mercado laboral máis inclusivo. O proxecto conta cun orzamento de 1,5 millóns de euros, financiado polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en relación co investimento 6 do compoñente 23 do PRTR. O hub funcionará tamén como plataforma de conexión entre empresas, organizacións sociais, institucións e universidades, e albergará un laboratorio de innovación social orientado a impulsar a expansión da ES e o emprendemento colectivo.

Ademais, durante 2024 e 2025 está en proceso de elaboración un Proxecto de Lei Integral de Impulso á ES, que actualizará o marco normativo vixente mediante a modificación da Lei de Economía Social, a Lei de Cooperativas e a Lei de Empresas de Inserción. O obxectivo é adaptar a regulación á nova realidade económica e social, fortalecendo un sector en expansión que require instrumentos máis axeitados e flexibles⁶.

⁴ A entidade encargada de administrar este investimento será CEPES, ao ser a entidade que representa a maior parte das 43.000 entidades que comprende a ES en España.

⁵ <https://www.asett.org/>

⁶ Entre outras novidades búscase adaptar o funcionamento interno das cooperativas ás novas formas de comunicación e participación a partires do emprego de ferramentas tecnolóxicos; así aquelas cooperativas con 500 socios o máis deberán contar cunha páxina web que permita a accesibilidade e a transparencia na organización

12.4. Marco autonómico

Unha vez finalizado o período de vixencia da primeira Estratexia Galega de ES (2019–2022), que mobilizou máis de 89 millóns de euros, a Xunta de Galicia aprobou a nova Estratexia Galega de Economía Social H27 (EGAES H27): Economía Social para unha Galicia sostible, que abarca o período 2023–2027.

A principal novidade respecto da anterior etapa é a súa consideración como plan estratéxico de Goberno, implicando de xeito transversal a todas as consellerías, e non só á área con competencias directas en ES. A súa coordinación recae no Consello da Economía Social⁷, no marco da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

A EGAES H27 ten como eixes principais⁸:

- O fortalecemento das entidades actuais e a consolidación da súa presenza en sectores emerxentes.
- O impulso do emprego inclusivo e estable.
- A promoción da economía verde, azul e circular, desde unha perspectiva de sustentabilidade económica, social e ambiental.

A estratexia tamén reforza a Rede Eusumo como instrumento clave de información e asesoramento sobre programas de apoio, e promove a recompilación de datos precisos sobre o impacto da ES en Galicia.

En termos de inclusión, a EGAES H27 dá prioridade á incorporación de mulleres, persoas mozas, maiores de 55 anos, migrantes e emigrantes retornados, mediante accións específicas de promoción e difusión a través da Rede de Polos de Emprendemento⁹.

En liña coas recomendacións europeas e internacionais, a estratexia busca consolidar un ecosistema favorable á ES, articulado arredor de tres grandes obxectivos:

- Atraer talento mediante a mellora da capacitación das persoas.
- Aumentar a competitividade das entidades da ES.
- Fomentar a gobernanza a través do traballo en rede.

A EGAES H27 aposta tamén por axilizar os trámites administrativos e incrementar a presenza de mulleres e mocidade no sector.

O **Cadro 12.4** recolle os obxectivos estratéxicos. O **Cadro 12.5** sinala os obxectivos operativos. O **Cadro 12.6** establece os proxectos prioritarios.

7 O Consello de Economía Social analizará a viabilidade das medidas do EGAES H27, realizando un seguimento periódico do Desenvolvemento deste plan Estratéxico para realizar as achegas necesarias e planificar a mellora da normativa para que a ES en Galicia cumpra coa necesidades de acadar a sostibilidade económica, social e ambiental.

8 En concreto, a Xunta de Galicia sinala que a ES e o modelo de emprendemento colectivo que representa son elementos cruce para o impulso dun emprego de calidade e inclusivo, para o desenvolvemento económico e social sostible, para dar resposta aos novos retos empresariais e para contribuír de maneira activa á transición verde, dixital e cohesionada. Así mesmo, considérase unha vía eficaz para favorecer o asentamento de poboación no territorio, en especial no medio rural, reforzando a cohesión territorial e o equilibrio demográfico.

9 En febreiro de 2015, Galicia contaba con rede de Polos de Emprendemento de 15 oficinas, para potenciar as diferentes entidades da ES.

Cadro 12.4. Obxectivos estratéxicos EGAES H27

Obxectivos estratéxicos	Contido
Persoas	Retener e atraer talento para impulsar novo emprendemento en ES no sector emerxente e consolidar a sustentabilidade das entidades da ES a través da capacitación das persoas
Entidades	Mellorar a capacidade competitiva das entidades de ES para acadar a sustentabilidade social, económica e ambiental e a súa presenza en sectores emerxentes
Gobernanza	Impulsar unha estrutura de gobernanza para acadar sinerxías entre as entidades de ES en Galicia e afondar na coordinación e diálogo coas administracións públicas e os axentes económicos e sociais

Fonte: EGAES H27

Cadro 12.5. Obxectivos operativos EGAES H27

Obxectivos operativos	Contido
Persoas	Promoción e visualización do papel estratéxico da ES en Galicia e as oportunidades para acadar a sustentabilidade integral do sector e atraer talento.
	Impulsar o emprendemento, a formación especializada e as habilidades directivas para mellorar a competitividade e acceder a sectores emerxentes.
	Fomentar o acceso ao emprego, especialmente en mulleres, persoas mozas, migrantes, emigrantes retornados, maiores de 55 anos, persoas vulnerables e en zonas rurais.
Entidades	Consolidar a sustentabilidade das entidades de ES en Galicia e incrementar a súa presenza nos sectores emerxentes do Plan Europeo de ES.
	Informar e apoiar a través de accións específicas para acadar o posicionamento da ES na economía verde e azul, na economía circular, no sector agroalimentario e na economía dos coidados.
	Continuar desenvolvendo a modernización tecnolóxica e dixital, os procesos de innovación e a mellora da competitividade.
Gobernanza	Impulsar as colaboracións e sinerxías entre as entidades de ES e o resto do tecido económico e empresarial de Galicia, para fomentar o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
	Potenciar o Consello de ES para mellorar a coordinación entre as entidades da ES e os representantes das diversas consellerías implicadas na implantación e seguimento da EGAES H27.
	Revisión e mellora do marco normativo para lograr a sustentabilidade integral da ES en Galicia.

Fonte: EGAES H27

Cadro 12.6. Proxectos prioritarios EGAES H27

Obxectivos prioritarios	Contido
ES Factory	Rede de aceleradoras para impulsar o emprendemento colectivo en sectores emerxentes de Galicia e Norte de Portugal
ES Eurorexión	Intercooperación entre entidades transfronteirizas
CapacitES	Melloras de habilidades e formación das persoas da ES
Programa MentorES	Impulso de accións para o crecemento do sector
Programa ES verde e dixital	Impulso de sectores estratéxicos emerxentes
Programa MIDES-EUSUMO	Medición e comunicación dos datos representativos da ES
Programa de comunicación integral da ES	Espazos e encontros de promoción e difusión da ES
Feira da ES	Evento divulgativo para o impulso de boas prácticas na ES

Fonte: EGAES H27

A Estratexia Galega de Economía Social H27 conta cun orzamento global de aproximadamente 181 millóns de euros, algo máis de 90 asignados no bienio 2024 – 2025, e establece como metas a creación de 400 novas empresas (das que un 25 % se situarán en sectores emerxentes), a xeración de 4.000 novos empregos e a formación de 20.000 persoas ata 2027. Espérase que o 50 % das persoas participantes sexan mulleres e o 27 % promotoras mozas.

No primeiro ano de vixencia da Estratexia, os avances resultan significativos: ao longo de 2024 constituíronse 230 novas entidades de economía social —entre cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción—, o que se traduce en case 600 novas persoas socias promotoras e arredor de 800 novos postos de traballo. Así mesmo, máis de 3.000 persoas participaron nas accións formativas e actividades desenvolvidas, consolidando un ecosistema activo e comprometido cos obxectivos marcados para o período 2024–2027. Co fin de seguir o camiño marcado na AGAES H27, no ano 2025, prevese, entre outras accións, a creación de aceleradoras de entidades de ES nos Polos de Emprendemento, orientadas á captación de ideas e investimentos, á detección de oportunidades de negocio e á constitución dun campus formativo. Xunto con estes instrumentos innovadores, mantéñense tres liñas de apoio consolidadas pola administración autonómica: Arol-ES, Bono ES-Transforma e Bono Consolida.

Programa ArolES (Cadro 12.7). O programa Arol-ES, cun orzamento de 5.000.000 euros para o ano 2024, está deseñado para fomentar o emprendemento e a creación de emprego en cooperativas e sociedades laborais, a través de dúas liñas específicas¹⁰:

- Programa I: Centrado no fomento do emprego, con 2.800.000 euros asignados. As entidades beneficiarias deberán incorporar persoas socias traballadoras ou de traballo

10 Orde do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa ArolEconomía Social) e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR802G e TR802J).

en centros de Galicia, preferentemente desempregadas ou en situacións de vulnerabilidade laboral. A incorporación pode ser:

- Con carácter indefinido, para persoas desempregadas, traballadoras temporais ou procedentes da transformación dunha empresa.
- A proba, no caso de persoas menores de 30 anos (ou de 35 con discapacidade) desempregadas.

Os incentivos económicos ascenden a 6.000 euros por incorporación indefinida a xornada completa, incrementables nun 25 % en casos específicos (mulleres, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, emigrantes retornados, zonas rurais, etc.). As incorporacións a tempo parcial ou fixo-discontinuo reciben un 50 % da contía. No caso de incorporacións a proba, a axuda será de 600 euros/mes por un período de 6 a 12 meses. O importe máximo por entidade é de 67.500 euros.

- Programa II: Enfocado ao acceso á condición de persoa socia, cun orzamento de 2.200.000 euros. Destinado a persoas desempregadas, traballadoras temporais ou asalariadas en empresas que se transformen en cooperativas ou sociedades laborais, a contía xeral é de 6.000 euros. Se se pasa de tempo parcial a xornada completa, a axuda será de 3.000 euros. Tamén se aplican reducións do 50 % e posibles incrementos do 25 %.

Ambos programas requiren o cumprimento de requisitos específicos e xustificación detallada, para garantir a eficiencia no uso dos fondos públicos. Entre 2017 e 2024, a Xunta destinou preto de 34 millóns de euros a esta liña, beneficiando a máis de 6.200 persoas.

Bono ESTransforma (Cadro 12.8). O Bono ESTransforma¹¹, cunha dotación de 2.370.000 euros en 2025, está dirixido a facilitar a transformación de actividades económicas en entidades de ES. Pode aplicarse en casos de:

- Falta de relevo xeracional.
- Transformación de sociedades preexistentes.
- Adquisición do capital por parte do persoal.
- Reconversión de traballadores/as autónomos/as en cooperativas ou sociedades laborais.

Os gastos subvencionables inclúen asesoramento legal, imaxe corporativa, certificacións, márketing, protección de datos, melloras tecnolóxicas, equipamento, reformas e mobiliario. A axuda cobre o 80 % dos gastos, con límites de:

- Ata 4.000 euros para asesoramento legal.
- Ata 5.000 euros para os demais conceptos.
- 8.000 para o aluguer do centro de traballo.
- 500 € como máximo para os seguros.

11 Orde do 16 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802R).

- Límite máximo por entidade: 30.000 euros que se poderán ver incrementadas en 2.000 € máis si se trata dunha entidade asentada nun concello do rural, sexa unha entidade formada maioritariamente por mulleres, contrate a mulleres nos grupos ocupacionais se atopen subrepresentadas, que estea formada maioritariamente por menores de 30 anos, ou persoas migrantes retornadas, ou maiores de 45, ou por persoas con discapacidade ou por persoas trans ate un máximo de 16.000 € máis.

Esta liña, vixente desde 2021, está consolidada e presenta unha evolución crecente na súa implantación.

Bono Consolida (Táboa 12.1). O Bono Consolida¹² ten como finalidade fortalecer as entidades de ES existentes e mellorar a súa competitividade. A convocatoria correspondente ao período 2024–2025 conta cun orzamento de 2.730.000 €, o que supón unha diminución respecto aos 3.700.000 € asignados no ano 2024 e aos 3.000.000 € de 2023, aínda que se mantén por riba da dotación de 1,5 millóns de euros consignada en 2022. Esta evolución orzamentaria apunta a unha contención dos recursos destinados a esta liña, malia a súa consolidación como instrumento de apoio clave para o tecido da economía social galega. Poden acollerse cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego. Os conceptos subvencionables inclúen:

- Desenvolvemento tecnolóxico e melloras operativas.
- Márketing, imaxe e certificacións.
- Adquisición de equipamento e mobiliario.
- Formación para socios dados de alta no RETA.

A subvención cobre o 80 % dos gastos, con máximos de:

- 5.000 euros para márketing e comunicación.
- 600 euros por actividade formativa e socio participante.
- 30.000 euros por entidade beneficiaria.

Este apoio contribúe de forma directa á consolidación do sector da ES, garantindo a súa sustentabilidade e presenza activa no tecido económico galego.

No seu conxunto, As principais liñas de apoio consolidadas pola Xunta de Galicia no marco da Estratexia H27 (Aprol-ES, Bono ES-Transforma e Bono Consolida) responden a unha estratexia pública coherente orientada a dinamizar o tecido da economía social a través de instrumentos de incentivo directo. A análise económica destas liñas permite identificar patróns comúns e valorar o seu potencial impacto no emprego, a produtividade e a cohesión territorial.

- 1 Lóxica de intervención: subvencións como mecanismo de estímulo. Estas axudas operan sobre a base dunha transferencia directa de recursos públicos a entidades e persoas beneficiarias, actuando como catalizadores de procesos de inserción laboral, transformación empresarial ou mellora da competitividade. O enfoque combina criterios sociais (colectivos vulnerables, xuventude, ámbito rural) cunha

¹² Orden de 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e procédese a súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802L).

visión empresarial baseada na creación ou consolidación de proxectos viables a medio prazo.

2 Segmentación funcional das actuacións. A intervención pública estrutúrase en tres eixes diferenciados:

- Aprot-ES: apoio á creación de emprego e acceso á condición de persoa socia, tanto con carácter indefinido como a proba. Funciona como un incentivo á demanda de traballo dentro do modelo cooperativo, reducindo o custo de contratación inicial.
- Bono ES-Transforma: estímulo á transformación de negocios preexistentes en entidades da economía social, en especial nos casos sen relevo xeracional. Incide sobre a estrutura de propiedade e fomenta modelos colectivos de xestión.
- Bono Consolida: apoio á modernización e fortalecemento operativo das entidades existentes, a través de investimentos en tecnoloxía, mellora enerxética, marketing e formación. Favorece a capitalización produtiva e organizativa do sector.

3. Público obxectivo: confluencia de criterios sociais e económicos. As axudas diríxense a persoas desempregadas, traballadoras temporais ou en transición, así como a entidades de economía social en fase de constitución ou consolidación. O deseño incorpora elementos correctores (incrementos por ser muller, persoa con discapacidade, rural, etc.) que introducen criterios de equidade e inclusión no acceso aos fondos.

4. Intensidade e cobertura financeira. As contías subvencionadas son significativas: ata 6.000 euros por incorporación indefinida, 600 euros/mes para contratos a proba, e coberturas do 80- % en investimentos produtivos, con máximos de ata 67.500 euros (Aprot-ES) ou 30.000 euros (Transforma). Isto permite reducir barreiras de entrada e risco económico, especialmente en fases iniciais ou de reconversión.

5. Efectos esperados sobre o sistema económico.

- Emprego directo: creación e estabilización de postos de traballo en entidades da economía social.
- Relevo e continuidade empresarial: fomento de solucións colectivas ante a falta de sucesión en negocios tradicionais.
- Incremento de produtividade: mediante modernización tecnolóxica, mellora organizativa e formación.
- Impacto territorial: apoio especial a proxectos en zonas con despoboamento ou menor densidade empresarial.

6. Elementos comúns e coordinación interprograma. As tres liñas están artelladas arredor dun modelo de ES inclusivo, con énfase na inserción, a propiedade compartida e o fortalecemento das estruturas democráticas. Operan de forma complementaria, cubrindo o ciclo completo: creación, transformación e consolidación. A súa coordinación permite aproveitar sinerxías e reducir solapamentos.

Cadro 12.7. Accións principais en Galicia para a ES. Aprol- ES. 2025

Actuación	Contido	Contía (en euros)	Beneficiarios
Aprol- ES	Dirixido a apoiar a xeración de emprego en cooperativas e sociedades laborais. Inclúe dous programas de axudas específicos: ▪ Programa I, que se centra no fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais ▪ Programa II, que se enfoca no fomento do acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como ao fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas.	Programa I: 2.800.000; Programa II: 2.200.000	Programa I: Dirixido a cooperativas e sociedades laborais que desexen incorporar como persoas socias traballadoras ou de traballo con carácter indefinido a: persoas que no momento da incorporación sexan desempregadas rexistradas como demandantes de emprego; persoas que no momento da súa incorporación estean vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de traballo temporal; persoas que no momento da súa incorporación sexan socias a proba da cooperativa a que se incorporan, a condición de que estivesen desempregadas e rexistradas como demandantes de emprego no momento de incorporarse como tales persoas socias a proba e persoas que no momento da súa incorporación sexan persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada. Programa II: Persoas que accedan á condición de persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral con carácter indefinido, que no momento da súa incorporación cumpran algunha das condicións seguintes: ser persoas desempregadas rexistradas como demandantes de emprego; ser persoas socias a proba da cooperativa á cal se incorporan; ser persoas asalariadas da cooperativa ou sociedade laboral á cal se incorporan; ser persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada e ser persoas socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral a tempo parcial que accedan á mesma condición a tempo completo. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas que, sendo desempregadas e rexistradas como demandantes de emprego, emprendan unha actividade por conta propia e incorpórense nunha cooperativa como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica..

Fonte: ORDE do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa AprolEconomía Social) e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR802G e TR802J)e Vaquero, Bastida e Oliveira (2021, 2022, 2023, 2024).

Cadro 12.8. Acción

Actuación	Contido	Contía (en euros)	Beneficiarios
ES -Transforma	Apoio á transformación en coope- rativas ou sociedades laborais dos negocios sen substitución xeracional, de todo tipo de sociedades e das per- soas traballadoras autónomas, que xa estiveran exercendo unha actividade económica. Inclúe asesoramento legal, creación de imaxe corporativa, obtención de certificacións de calidade, marketing, protección de datos, equipamento informático, software, mellora na eficiencia enerxética, adquisición de equipamento, reformas, mobiliario, e elementos de transporte.	2.370.000	Sociedades laborais ou coo- perativas que xurdan dunha constitución por ausencia de substitución xeracional, constitución por persoas autónomas, ou constitución por transformación de so- ciedades existentes. Inclúe tamén aquelas sociedades adquiridas polos seus traba- lladores para transformalas en cooperativas ou socieda- des laborais.

Fonte: Orde do 16 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802R) e Vaquero, Bastida e Olveira (2021, 2022, 2023, 2024)

Táboa 12.1. Evolución do programa ES Transforma (2021-2024)

Ano	Orzamento(€)	Axuda concedida(€)	Número de entidades beneficiarias
2021-2022	2.500.000	51.591,91	1
2022	1.500.000	181.606,88	12
2023	2.370.000	1.989.985,84	56
2024	2.370.000	*	*

Fonte: EGAES H27

*Non existen datos publicados da execución do exercicio 2024, porén o 7 de outubro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia unha resolución na que se facía público o esgotamento de crédito de dito programa o que presume unha execución total do crédito e, polo tanto, un maior número de entidades beneficiarias que no exercicio 2023.

Cadro 12.9. Accións principais en Galicia para a ES. Bono consolida ES. 2025

Actuación	Contido	Contía (en euros)	Beneficiarios
Bono consolida ES	Apoiar a consolidación das entidades da ES, así como reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia	2.730.000	Sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego previstas no artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da ES de Galicia.
	O programa ten unha atención especial para programas destinados a transformación dixital e na mellora da eficiencia enerxética, contribuíndo ao impulso da súa actividade económica, incrementando a súa competitividade e, en definitiva, mantendo empregos de calidade.		

Fonte: Orde de 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e procédese a súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802L) Je Vaquero, Bastida e Olveira (2021, 2022, 2023,2024).

12.5. Medidas complementarias de apoio á economía social en Galicia no marco da EGAES H27 (2024)

Ademais das liñas consolidadas de apoio ao emprendemento e consolidación das entidades de ES (Aprol-ES, Bono Transforma e Bono Consolida), durante o ano 2024 desenvolvéronse en Galicia un conxunto de actuacións complementarias dirixidas a reforzar o ecosistema da ES desde distintos ámbitos: apoio institucional, impulso ao emprendemento, promoción do cooperativismo, inserción sociolaboral e formación adaptada. A seguir analízanse estas medidas, agrupadas segundo o seu obxectivo principal e a lóxica de intervención que as sustenta.

1. Apoio ao funcionamento das entidades representativas

As axudas ao funcionamento das entidades asociativas da ES galega contaron cun orzamento de 350.000 euros, canalizado a través de dúas liñas:

- Liña 1, para cubrir gastos de funcionamento das entidades representativas.
- Liña 2, para a contratación dunha persoa que realice funcións de apoio e asesoramento ás persoas autónomas integradas nas entidades.

Estas axudas teñen como obxectivo reforzar a capacidade institucional e operativa do tecido asociativo da ES, facilitando a súa acción representativa e de apoio ás bases cooperativas, laborais ou asociativas.

2. Impulso ao emprendemento e consolidación de novas iniciativas

O Programa Emprendemento Plus (Emprendemento+) está deseñado para fortalecer iniciativas económicas con menos de 42 meses de antigüidade, combinando investimento produtivo e creación de emprego. Estrutúrase en dúas fases:

- Programa I: Investimentos, subvencionando adquisición de activos, reformas, equipamento, etc., cunha intensidade entre o 45% e o 60%, segundo o volume investido.
- Programa II: Emprego, cun incentivo de 6.000 euros por contratación indefinida ou fixa-descontinua (mínimo 9 meses a xornada completa).

A súa lóxica de intervención reside na redución do risco económico nas fases iniciais, combinando apoio ao capital físico e ao capital humano.

3. Dinamización territorial a través da Rede Eusumo

As subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para as anualidades 2024 e 2025 permitiron financiar actividades de promoción, formación, asesoramento e investigación aplicadas á ES, cunha dotación de até 120.000 euros por entidade (incrementables até 190.000). Os destinatarios foron diversos: asociacións, universidades, cámaras de comercio, entidades locais, entre outras.

Na convocatoria do ano 2024 concedéronse un total de 654.988,87 € que se executaran nas dúas anualidades, o que supón un incremento do 26 % respecto á execución do exercicio anterior. Este aumento responde á introdución de novos criterios no baremo de adxudicación en 2023, que alteraron de maneira significativa a tendencia na distribución dos fondos. A análise dos datos amosa unha repartición máis equilibrada entre as distintas tipoloxías de entidade (ver **Táboa 12.2**): o asociacionismo da economía social mantén a súa posición predominante, consolidándose como actor clave na difusión e promoción da ES; pola súa parte, a Administración Local experimenta unha recuperación notable, duplicando os fondos recibidos en 2023. Así mesmo, outras entidades —como universidades, cámaras, asociacións ou membros da Rede Eusumo— tamén incrementan a súa asignación respecto ao ano anterior.

Este cambio evidencia unha aposta pola diversificación e capilaridade do apoio institucional, achegando a economía social ao territorio e reforzando as capacidades locais para impulsar proxectos sustentables e colaborativos. A través destas subvencións, a Xunta de Galicia busca consolidar unha estrutura máis plural e resiliente da economía social galega, ampliando a súa contribución ao benestar social e económico da comunidade.


Táboa 12.2. Convocatoria e resolución das subvencións de entidades colaboradoras da Rede Eusumo (2020- 2024)

Ano	Entidades asociativas da ES	Admon. Local	Outras entidades	Totais
2020	261.760,60 €	44.338,00 €	206.914,76 €	513.013,36 €
2021	319.055,91 €	57.587,45 €	319.870,10 €	696.513,46 €
2022	232.740,80 €	59.390,80 €	377.835,13 €	669.966,73 €
2023	339.792,50 €	41.320,00 €	138.340,81 €	519.453,31 €
2024	372.193,91 €	87.754,16 €	195.040,80 €	654.988,87 €


Fonte: Elaboración propia a partir das diferentes resolucións publicadas no Diario Oficial de Galicia

A evolución histórica das cantidades asignadas entre 2014 e 2024 permite contextualizar con maior precisión os recentes cambios observados. Tal como se aprecia no **Gráfico 12.1**, o asociacionismo da economía social concentrou historicamente a maior parte dos recursos, especialmente no período 2015–2018, no que superou amplamente os 600.000 € anuais. Porén, a partir de 2019 detéctase unha caída progresiva nas contías destinadas a este tipo de entidades, que semella estabilizarse nos últimos anos cunha lixeira recuperación en 2023 e 2024 desde a introdución dos cambios de criterios para a adxudicación.

Gráfico 12.1 Evolución das cantidades asignadas por tipoloxía de entidade (2014-2024)



Evolución do % de subvención para cada segmento



Fonte: Elaboración propia a partir das diferentes resolucións publicadas no Diario Oficial de Galicia

En contraste, o financiamento dirixido á Administración Local experimentou unha forte contracción trala súa primeira etapa (2014), na que acadara valores próximos aos 500.000 €, quedando reducido a contías moito máis modestas no período 2015–2023. Este comportamento enmárcase na desaparición das oficinas locais de fomento do cooperativismo e a economía social. A recuperación observada en 2024 —duplicando a asignación respecto ao ano anterior— podería interpretarse como un intento de reactivar o papel das administracións locais na dinamización da economía social nos seus respectivos territorios.

Cómpre salientar tamén o comportamento das outras entidades, que reflicte unha tendencia ascendente a partir de 2019, con especial intensidade en 2021 e 2022, cando acadou incluso cifras superiores ás do asociacionismo da ES. Este ascenso coincide cunha maior incorporación de axentes diversos —como universidades, cámaras ou entidades técnicas— ao ecosistema da economía social, o que pode interpretarse como un sinal de madurez e diversificación institucional.

A converxencia das curvas en 2024 suxire unha distribución máis equilibrada dos fondos, en liña cun enfoque de maior diversificación institucional. Non obstante, cómpre salientar que os axentes sobre os que continúa pivotando a difusión e promoción da economía social son, maioritariamente, as entidades asociativas do propio sector. Esta centralidade do asociacionismo da ES constitúe un indicador positivo, pois garante unha transmisión coherente dos valores e principios do modelo, ao tempo que fortalece o papel das organizacións representativas como mediadoras e catalizadoras do ecosistema. A articulación doutros axentes —como administracións locais ou entidades colaboradoras— complementase con esta base sólida, favorecendo unha estrutura de apoio plural, descentralizada e con capacidade de adaptación territorial.

4. Apoio ao investimento empresarial e consolidación do tecido produtivo

As axudas para apoiar iniciativas de emprendemento, cun orzamento de 6.500.000 euros en 2024, permitiron subvencionar investimentos en tecnoloxía, eficiencia enerxética, equipamento e melloras en instalacións, con porcentaxes variables segundo a contía investida (do 60% ao 30%).

Están destinadas a autónomos, pemes e entidades de ES. A súa contribución fundamental é a mellora da produtividade e da base material das actividades económicas sostibles, especialmente en zonas con menor dinamismo económico.

5. Inserción sociolaboral de colectivos vulnerables

As axudas ás empresas de inserción (EI), con 1.500.000 euros de dotación, estrutúranse en dúas liñas:

- Programa I, de apoio aos custos salariais de persoas en exclusión (1.355.000 €).
- Programa II, de compensación por custos adicionais de inserción (145.000 €).

Estas axudas permiten combinar o apoio económico directo cun modelo de inserción baseado en itinerarios personalizados, convenios de inserción e seguimento sociolaboral, garantindo a sostibilidade do emprego inclusivo.

6. Fomento da contratación de persoas mozas

As axudas á contratación de menores de 30 anos teñen como obxectivo reter talento xuvenil en Galicia, mediante incentivos á contratación en prácticas ou formación en alternancia. A duración mínima é de 12 meses, cunha contía máxima segundo grupo de cotización (ata 16.625 €) e incentivos complementarios por formación en competencias brandas (presencial ou online).

Este programa responde a unha lóxica de activación xuvenil e mellora da empregabilidade, promovendo transicións efectivas da educación ao emprego.

7. Apoio específico a centros especiais de emprego (CEE)

Con 25.750.000 euros en 2024, as axudas aos CEE distribúense en tres programas:

- Programa I: apoio a unidades de apoio á actividade profesional (1.287.500 €).
- Programa II: creación e adaptación de postos de traballo (1.158.750 €).
- Programa III: mantemento de custos salariais (23.303.750 €).

A maiores, existe un programa plurianual (2023–2026), con 6 millóns de euros, para formación profesional dual de persoas con discapacidade intelectual en CEE sen ánimo de lucro.

Estas medidas buscan asegurar a empregabilidade e integración sostible de persoas con discapacidade, tanto a través do emprego como da formación cualificado.

8. Formación dual para persoas con discapacidade intelectual

Este programa, dotado con 6 millóns de euros, ten como obxectivo facilitar itinerarios formativos adaptados que combinen aprendizaxe práctica con emprego remunerado, favorecendo a obtención de certificados de profesionalidade e a futura integración laboral. A convocatoria está dirixida a centros especiais de emprego sen ánimo de lucro que cumpran tres requisitos:

- Ter unha plantilla mínima de 10 persoas, cun mínimo do 30% con discapacidade intelectual.
- Dispoñer dunha actividade formativa activa en formación profesional dual.
- Contratar persoas con discapacidade intelectual mediante contrato de formación en alternancia.

A filosofía do programa é promover unha formación inclusiva e contextualizada, nun entorno laboral real, asegurando que as persoas beneficiarias desenvolven competencias técnicas e sociais que melloren a súa empregabilidade, a través dun acompañamento profesionalizado e sostible.

Do estudo despréndese un cambio de rumbo nas políticas públicas de apoio á Economía Social en Galicia (Bastida, Vaquero e Cancelo, 2019, 2020), xa sinalado en edicións anteriores deste Informe da Economía Social. Nunha primeira etapa, estas políticas puxeron o foco no deseño e fortalecemento do ecosistema institucional, impulsando a implantación da Lei Galega de Economía Social (2016) e a creación de órganos como o Consello Galego de Economía Social (políticas “brandas” institucionais). A isto sumouse un catálogo amplo de accións formativas e divulgativas, orientadas á mellora do coñecemento e da visibilidade da ES na sociedade galega (políticas “brandas” cognitivas), así como medidas de asesoramento e acompañamento na fase inicial das entidades, dentro das chamadas políticas “duras” pero sen incidir directamente na súa actividade empresarial (Vaquero, Bastida e Oliveira, 2021, 2022, 2023, 2024).

As medidas actualmente vixentes, e en particular as accións complementarias da EGAES H27, revelan unha actitude máis proactiva por parte da administración galega, cun enfoque que supera a fase de sensibilización e apoio inicial, e avanza cara a un apoio directo á actividade económica, ao emprego e ao investimento das entidades de ES.

Estas medidas configuran un ecosistema de apoio integral e multifuncional, cunha lóxica que combina:

- Reforzo institucional, a través das entidades representativas e da Rede Eusumo;
- Impulso á innovación emprendedora, con instrumentos específicos de apoio a investimentos e contratacións;
- Inclusión socio-laboral efectiva, mediante programas adaptados a colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego;
- Activación xuvenil e aposta pola formación, con contratos vinculados a itinerarios formativos e apoio a colectivos específicos;
- Especialización en colectivos vulnerables, como mostra o programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego.


En conxunto, estas actuacións mobilizan máis de 41 millóns de euros, ampliando o radio de acción da Estratexia Galega de Economía Social e incrementando a súa capilaridade territorial, sectorial e social. A súa diversidade permite alinxar obxectivos de equidade, produtividade e cohesión, mediante unha estrutura modular e coordinada, adaptada aos diferentes perfís de actores da ES, con especial atención aos que presentan maiores barreiras de acceso. O **Gráfico 12.2** resume visualmente esta evolución no enfoque das políticas públicas cara á ES en Galicia, evidenciando a transición desde unha etapa centrada nas políticas “brandas” (orientadas ao coñecemento, sensibilización e deseño institucional) cara a unha fase na que gañan protagonismo as políticas “duras”, baseadas en instrumentos económicos directos e vinculados ao desenvolvemento efectivo da actividade empresarial.

Na zona inferior esquerda do gráfico sitúanse programas como ES-PRÓXIMA, representativos do apoio institucional e cognitivo previo, centrado no coñecemento e promoción das entidades. En cambio, as medidas como APROL, CONSOLIDA ou ES-FACTORY ocupan a parte superior dereita, asociadas a intervencións máis intensivas e con impacto directo sobre as entidades, xa sexa na creación de emprego, na consolidación operativa ou no impulso ao emprendemento colectivo en sectores emerxentes.

A medida TRANSFORMA aparece como elemento de ponte entre ambas lóxicas, pois actúa sobre o deseño e planificación de novas entidades, mantendo certo compoñente brando (formación, acompañamento) pero con implicacións estruturais ao modificar a natureza das organizacións receptoras.

En conxunto, o gráfico ilustra a maduración do sistema de apoio público á ES, cunha orientación máis decidida cara á sustentabilidade empresarial, o crecemento e a consolidación dun sector con capacidade tractora no modelo económico galego.

Gráfico 12.2. Medidas de apoio á ES en Galicia. 2024



Fonte: elaboración propia

12.6. Recomendacións

Como exercicio propositivo, e a partir da análise realizada ao longo deste capítulo, fórmulanse un conxunto de recomendacións orientadas a mellorar a eficacia, o impacto e a sustentabilidade das políticas públicas dirixidas á ES. A súa organización en bloques temáticos permite identificar con maior claridade os ámbitos de mellora e facilitar a toma de decisións estratéxicas por parte das administracións públicas.

1. Financiamento e fiscalidade adaptados á natureza da economía social

- 1.1. Garantir recursos públicos suficientes e sostibles. É preciso consolidar a aposta da Xunta de Galicia por actuacións públicas no campo da ES, e asegurar tamén o compromiso do Goberno de España na súa integración coa Estratexia Española 2023–2027 e os instrumentos europeos como o FSE+.
- 1.2. Mellorar o tratamento fiscal das entidades de ES. Cómpre avanzar cara a un réxime fiscal máis favorable para cooperativas e outras entidades da ES, mediante

medidas específicas que alivien as cargas tributarias e promovan o crecemento sostible. Desde o ámbito estatal, resulta necesaria a actualización da normativa fiscal, especialmente no caso das cooperativas, aínda reguladas pola Lei 20/1990.

- 1.3. Ampliar e adaptar o acceso ao financiamento. Débese facilitar o acceso a financiamento público e privado adaptado ás características da ES, promovendo tamén a participación de investidores minoristas mediante garantías públicas e criterios máis flexibles.

2. Fortalecemento institucional e cooperación sectorial

- 2.1. Apoiar a creación de cooperativas de segundo grao. A intercooperación segue sendo unha materia pendente no cooperativismo galego. A creación de cooperativas de segundo grao melloraría a súa competitividade e internacionalización, como demostran casos como COREN ou CLUN.
- 2.2. Reforzar o papel dos órganos de representación sectorial. O Consello Galego de Cooperativas e o Consello Galego de ES deben converterse en espazos activos de participación e co-creación de políticas públicas, máis alá do seu papel consultivo.
- 2.3. **Fomentar a intercooperación estratéxica.** É necesario impulsar proxectos colaborativos entre entidades de ES e con outras empresas, para reforzar a súa posición no tecido produtivo galego e mellorar o seu acceso a cadeas de valor e innovación.

3. Formación, coñecemento e cultura da economía social

- 3.1. Integrar a ES no sistema educativo e universitario. Debe promoverse a formación específica en ES en todas as etapas educativas, especialmente no Sistema Universitario de Galicia, a través de cursos, másteres e programas de investigación.
- 3.2. Desenvolver indicadores propios e multidimensionais. A medición do impacto da ES debe reflectir o seu valor diferencial, incorporando indicadores sociais, territoriais e ambientais, e non só económicos.

4. Visibilización e recoñecemento institucional.

- 4.1. Recoñecer institucionalmente ás entidades de ES. Inspirándose en modelos como o francés (agrément ESUS¹³), poderíase implantar un sistema de certificación que mellore a visibilidade do sector e facilite o acceso a apoios diferenciados.

13 Isto implicaría considerar un modelo no que se outorgan certificacións oficiais ás entidades de ES que cumpran certos criterios de calidade, sostibilidade e responsabilidade social, entre outros. Este sistema en Francia é coñecido por axudar ás entidades certificadas a gañar visibilidade, credibilidade e acceso a oportunidades específicas, como subvencións ou condicións preferentes en contratacións públicas. Adoptar un sistema similar en Galicia podería beneficiar á ES de varias maneiras (a) As entidades de ES certificadas poderían recibir un trato preferente ou acceso a programas de apoio específicos que recoñezan o seu cumprimento de certos estándares; (b) A certificación pode servir como un selo de calidade que aumente a confianza nas entidades de ES tanto de consumidores como de investidores e outras partes interesadas.

- 4.2. Divulgar boas prácticas e casos de éxito. É fundamental poñer en valor os logros das entidades de ES, a súa innovación social e o seu compromiso co desenvolvemento sostible, mediante campañas de comunicación e eventos de difusión.

5. Gobernanza, diálogo social e avaliación de políticas

- 5.1. Avaliar sistematicamente o impacto das políticas públicas. A falta de avaliación limita a aprendizaxe institucional. Cómpre incorporar sistemas de seguimento e análise que permitan valorar os resultados reais e orientar mellor os recursos públicos.
- 5.2. Incorporar a ES no diálogo social e na contratación pública. Facilitar a participación do sector na gobernanza das políticas laborais e promover a compra pública responsable como ferramenta estratéxica de apoio á ES.

6. Fortalecemento estrutural das entidades

- 6.1. Incentivar a incorporación de persoas socias traballadoras. É importante favorecer modelos participativos e robustos de gobernanza interna que eviten a fragmentación da propiedade e reforcen a sustentabilidade económica e social das entidades.

12.7. Avaliación funcional das liñas tradicionais de apoio á economía social en Galicia

As principais liñas de apoio mantidas pola Xunta de Galicia —Aprol-ES, ES-Transforma e Bono Consolida— conforman o eixo estruturador das políticas públicas de impulso á ES desde a aprobación da Lei 6/2016. A súa consolidación ao longo dos anos mostra unha aposta sostida pola creación de emprego, a formalización empresarial e a mellora da capacidade competitiva das entidades.

Desde unha perspectiva económica, estas medidas cumpren unha función estabilizadora e de dinamización, apoiando distintas fases do ciclo vital das entidades: creación e emprego (Aprol-ES), transformación e reconversión (ES-Transforma) e consolidación organizativa e técnica (Bono Consolida). Este deseño permite unha cobertura funcional ampla, especialmente relevante para entidades de pequena dimensión ou de novo impulso.

No entanto, a análise revela algúns aspectos mellorables:

- Enfoque reactivo e pouca orientación a resultados: as liñas actúan maioritariamente como instrumentos de subvención directa, sen mecanismos sistemáticos de avaliación ex ante nin indicadores de impacto. Isto dificulta a identificación de retornos económicos e sociais concretos e limita a posibilidade de seleccionar proxectos con maior tracción ou valor engadido.
- Baixa integración con cadeas de valor e sectores tractores: malia a súa eficacia en contornos vulnerables, estas medidas presentan unha escasa vinculación con ecosistemas industriais, tecnolóxicos ou de innovación social que poderían amplificar o seu impacto estrutural. A ES segue estando, en moitos casos, allea ás dinámicas produtivas principais do territorio.

- Posibilidade de certo risco de dependencia institucional: a continuidade de modelos de financiamento a fondo perdido, sen fórmulas de cofinanciamento condicionado a resultados naqueles programas que non implican cofinanciamento pode contribuír a perpetuar dinámicas de dependencia por parte dalgunhas entidades, dificultando a súa autosuficiencia e profesionalización a longo prazo. Porén, o anterior non só se observa en algunha liña de axuda pública na ES senón que resulta común en outras actuacións en materia de emprendemento.

Cómpre destacar, non obstante, que estas liñas tamén amosan fortalezas importantes:

- Teñen boa acollida por parte do sector, especialmente en ámbitos rurais e en colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral.
- Son medidas coñecidas, accesibles e cun grao elevado de execución orzamentaria, o que garante a mobilización de recursos e a previsibilidade para os axentes implicados.
- A súa adaptación parcial a colectivos específicos (como mozos, mulleres ou retornados) reforza a súa función de equidade.

En definitiva, as liñas Aprol-ES, ES-Transforma e Bono Consolida teñen demostrado ser ferramentas útiles e consistentes, pero o novo contexto require unha evolución no seu deseño, orientada á avaliación de impacto, á conexión con sectores estratéxicos e á xeración de resultados sostíbeis. A experiencia acumulada coa posta en marcha de medidas complementarias da EGAES H27 ofrece modelos de interese para unha actualización destas políticas cara a unha lóxica máis modular, orientada a resultados e integradora de valor.

12.8. Conclusións

As conclusións desta edición do Informe da Economía Social en Galicia reflicten unha continuidade no compromiso institucional, mais tamén a emerxencia de novas problemáticas que requiren un cambio de enfoque nas políticas públicas. Galicia conta cun ecosistema de apoio dinámico, sustentado en instrumentos adaptativos que teñen demostrado utilidade, especialmente en contornos vulnerables. Porén, as análises realizadas neste capítulo amosan que é necesario dar un paso adiante.

A ES está chamada a xogar un papel estratéxico na transformación do modelo produtivo, combinando eficiencia económica con inclusión social e sustentabilidade territorial. Para iso, cómpre reforzar a súa capacidade tractora, mellorar a súa conexión co tecido produtivo galego e avanzar cara a unha medición rigorosa dos seus impactos. Neste contexto, a futura Lei de Cooperativas de Galicia debería servir como panca normativa para facilitar a creación e consolidación de entidades, impulsar o Rexistro autonómico e adaptar o marco legal ás novas realidades da ES.

Finalmente, o incremento do orzamento previsto pola Xunta de Galicia en 2025 (+2,8%), que situaría os recursos achegados ao sector nun total de arredor de 90 millóns de euros no bienio 2024–2025, representa unha aposta firme e sostida. Este esforzo debe orientarse a políticas máis transformadoras, con enfoque estratéxico, avaliación por resultados e maior capilaridade social e territorial.

12.9. Bibliografía.

- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & CANCELO, M. (2019): La Ley de Economía Social de Galicia. En: FAJARDO, G. E CHAVEZ, R. (Eds.) *La economía social en la Comunidad Valenciana: regulación y políticas públicas*, 43-52, CIRIEC-España. <http://ciriec.es/wp-content/uploads/2019/11/libro-es-valenciana.pdf>
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & CANCELO, M. (2020): "La contribución de la Ley de Economía Social al desarrollo territorial y a la mejora del empleo", *Revesco- Revista de estudios cooperativos*, 134, 1-20. <https://revistas.ucm.es/index.php/REVE/article/view/69174>
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & OLVEIRA, A. (2019): Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Libro Branco da Economía Social en Galicia 2018*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecocoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_010128e2fbde4a97822979233560832e.pdf
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. & OLVEIRA, A. (2020): Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2019*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecocoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_efd9eec05f6f4f06a6f9acc3349cb475.pdf
- CHAVES, R. (2007): *La economía social en las políticas públicas en España*. CIRIEC España. https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/NoticiasDoc/NoticiasPortada/ES_politicas_publicas_2007.pdf
- CHAVES, R. & MONZÓN, J.L. (2018): "La economía social ante los paradigmas económicos emergentes: innovación social, economía colaborativa, economía circular, responsabilidad social empresarial, economía del bien común, empresa social y economía solidaria". *CIRIEC- España, Revista de economía pública y cooperativa*, 93, 5-50. <https://ojs.uv.es/index.php/ciriecespana/article/view/12901/0>
- CHAVES, R., & SAVALL, T. (2013): "La insuficiencia de las actuales políticas de fomento de cooperativas y sociedades laborales frente a la crisis en España", *REVECO Revista de Estudios Cooperativos*, 113, 61-91. <https://www.redalyc.org/pdf/367/36729543003.pdf>
- COMISIÓN EUROPEA (2019): *Pacto Verde Europeo*. https://commission.europa.eu/strategy-and-policy/priorities-2019-2024/european-green-deal_es
- COMISIÓN EUROPEA (2021): Plan de acción para la Economía Social. <https://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=1537&langId=es>
- COMITÉ ECONÓMICO e SOCIAL (2017): *Evolución reciente de la Economía Social en Europa*. CIRIEC-International – Centre international de recherches et d'information sur l'économie publique, sociale et coopérative. <https://www.eesc.europa.eu/sites/default/files/files/qe-04-17-875-es-n.pdf>
- COMITÉ ECONÓMICO e SOCIAL (2018): *Buenas prácticas en las políticas públicas relativas a la economía social europea tras la crisis económica. Síntesis*, CIRIEC internacional. <http://ciriec.es/novedades-bibliograficas/buenas-practicas-de-politicas-publicas-relativas-a-la-economia-social-europea-sintesis/>
- EUROPEAN ECONOMIC AND SOCIAL COMMITTEE (2017): *Recent evolutions of the Social Economy in the European Union Study*, Ciriec International. <https://www.eesc.europa.eu/sites/default/files/files/qe-04-17-875-en-n.pdf>

- EUROPEAN PARLIAMENT (2015): *Resolution on social entrepreneurship and social innovation in combating unemployment*. EUROPEAN PARLIAMENT (2015). https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/TA-8-2015-0320_EN.html
- FAJARDO, G. (2012): "El fomento de la Economía Social en la legislación española", *REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, 107, 58-97. https://ciriec-revistaeconomia.es/wp-content/uploads/CIRIEC_Ext2018_17_Fajardo.pdf
- MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL (2020): *Estrategia Fondo Europeo plus 2021-2027*, Madrid. https://www.mites.gob.es/uafse/ficheros/fse_2021_2027/documento_estrategia_FSE_2021-2027.pdf
- MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL (2025). *Nota de prensa do 7 de abril de 2025*. <https://prensa.mites.gob.es/webPrensa/listado-noticia/noticia/4431>
- VAQUERO, A., BASTIDA, M. & OLVEIRA, A. (2021): Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2020*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_c3785a77154648ecbe696e3095f50a0a.pdf
- VAQUERO, A., BASTIDA, M. & OLVEIRA, A. (2022): Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2021*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_d13d0619b15c4e7db362c826a3603516.pdf
- VAQUERO, A., BASTIDA, M. & OLVEIRA, A. (2023): Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2022*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_a34118f7ccb34be2bcada07f9b1fa922.pdf
- VAQUERO, A., BASTIDA, M. & OLVEIRA, A. (2024): Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo, en CANCELO, M. & BOTANA, M.J. (Dir.) *Informe da Economía Social en Galicia 2023*, Universidade de Santiago de Compostela-Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela. https://www.cecoop.eu/_files/ugd/6c2ea3_28fb27def8a44b16934434f4bc3756de.pdf
- XUNTA DE GALICIA (2023): Axudas Rede Eusumo. Convocatoria 2023. <https://www.eusumo.gal/sites/default/files/AXUDAS%20REDE%20EUSUMO%202023.pdf>
- XUNTA DE GALICIA (2025): Nota de prensa da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, 15 de xaneiro. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/008897/xunta-reafirma-impulso-economia-social-como-motor-socioeconomico-destacando-las>

Normativa

- ESPAÑA. Resolución do 17 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 11 de abril de 2023, polo que se aproba a Estratexia Española de Economía Social 2023-2027. <https://boe.es/boe/dias/2023/06/01/pdfs/BOE-A-2023-13033.pdf>
- ESPAÑA. Real Decreto 954/2024, de 24 de setembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES) dentro do Plan Integral de Impulso á Economía Social para a xeración

- dun tecido económico, inclusivo e sostible. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2024-19169
- GALICIA. Orde TES/869/2023, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Plan Integral de Impulso á Economía Social para a Xeración dun Tecido Económico, Inclusivo e Sostible, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-17240
- GALICIA. Orde do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240205/AnuncioG0656-160124-0003_gl.html
- GALICIA. Orde de 5 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2024. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240214/AnuncioG0656-050224-0001_gl.html
- GALICIA. Orde do 13 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240215/AnuncioG0656-080224-0006_es.html
- GALICIA. Orde do 6 de maio de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para promover a primeira experiencia profesional das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240522/AnuncioG0767-070524-0006_gl.html
- GALICIA. Orde do 16 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802R) https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250610/AnuncioG0767-270525-0001_gl.html
- GALICIA. Orde TES/876/2024, de 9 de agosto, pola que se modifica a Orde TES/869/2023, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Plan Integral de Impulso á Economía Social para a Xeración dun Tecido Económico, Inclusivo e Sostible, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-17240
- GALICIA. Orde de 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e procédese a súa convocatoria para a anualidade 2025 (código de procedemento TR802L). https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250211/AnuncioG0767-150125-0003_gl.html
- GALICIA. ORDE do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod Economía Social) e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR802G e TR802J). https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250205/AnuncioG0767-140125-0007_gl.html

13. RESUMO EXECUTIVO

A Economía Social está adquirindo unha presenza cada vez máis consolidada no panorama económico e político europeo, español e galego. A recente aprobación, por parte do goberno da Xunta de Galicia, da “2ª Estratexía da Economía Social: Horizonte 2027” cun investimento de 170 millóns de euros é unha boa proba do recoñecemento público do sector. Pero, máis aló das cifras ou conclusións que imos a resumir, son, as súas características as que permiten priorizar ás persoas sobre o capital, crear empregos de calidade, con fórmulas de goberno democráticas, e todos os demais principios que se recollen, tanto na Lei galega como a española, e que fan que sexan entidades de interese para toda a sociedade, xa que conforman un modelo de desenvolvemento económico e empresarial máis sostible e máis igualitario.

Táboa 13.1. Magnitudes da Economía Social das entidades produtoras de mercado en Galicia. 2024.

Clase de entidade	Nº entidades	Empregos	Socios/afiliacións/ comuneiros	Ingresos (euros)
Cooperativas	1.144	10.595	n.d.	2.723.019.300
Sociedades Laborais	344	1.743	n.d.	238.804.272
SAT	1.039	n.d.	10.028	n.d.
Confraría de pescadores	63	6.279	10.191	382.953.000
Centros Especiais de Emprego	132	2.316	n.d.	164.470.000
Empresas de Inserción	16	1.452	n.d.	9.451.723

Clase de entidade	Nº entidades	Empregos	Socios/afiliacións/ comuneiros	Ingresos (euros)
Mutualidades de previsión social	4	16	7.115	5.204.000
CMMVMC	3.034	n.d.	115.811	142.144.688
TOTAL	5.776	22.401	143.145	3.666.046.983

Fonte: elaboración propia a partir dos datos presentados nos distintos apartados deste informe e dos recollidos en CIRIECSTAT

Nota: Os datos de cooperativas non coinciden cos recollidos no capítulo correspondente (cuxas conclusións específicas aparecen abaixo) xa que, para esta táboa e a páxina de inicio do portal estatístico da Economía Social en Galicia (<https://galestat.com>) estimáronse o número de cooperativas activas a partir da proxección recollida en CIRIECSTAT dos datos proporcionados por la AEAT. Os datos de emprego son as proxeccións de CIRIECSTAT e o Importe Neto da Cifra de Negocios (INCEN, Ingresos) unha estimación propia da proxección que fai CIRIECSTAT. Con relación as Sociedades Laborais, recóllese unha estimación propia a partir da que fai CIRIECSTAT para o conxunto do Estado no 2024. Os datos do INCN dos CEE e das EI correspóndense ao ano 2023.

Como principal resumo: as entidades produtoras en Galicia ascenden a 5.776 das cales 3.034 son Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común , 1.144 Cooperativas, 1.039 Sociedades Agrarias de Transformación, 344 Sociedades Laborais, 132 Centros Especiais de Emprego, 63 confrarías de pescadores, 16 Empresas de Inserción e 4 Mutualidades de previsión social.

Con relación ao emprego xerado, das entidades das que temos información, directa ou indirecta, falan de 22.401 persoas traballadoras neste ámbito: 10.595 en cooperativas, 6.279 en confrarías de pescadores, 2.316 en Centros Especiais de Emprego, 1.743 en Sociedades Laborais, 1.452 en Empresas de Inserción e 16 empregos directos nas mutualidades de previsión social.

Os ingresos estimados son de máis de 3.666 millóns de euros, sendo as cooperativas con máis de 2.700 millóns as entidades que máis aportan a este sector.

Unha recomendación xenérica, pero especialmente relevante para o caso das Sociedades Cooperativas e Laborais (e posiblemente nas SAT) e a posibilidade de establecer mecanismos que obriguen as entidades a darse de baixa nos rexistros, co fin de ter unha imaxe máis fiel das que realmente se atopen en situación de empresas activas. No caso das cooperativas, ademais, son necesarios procedementos que faciliten os procesos de liquidación, no caso das entidades que non teñen actividade.

Nesta sección, preséntanse as principais conclusións obtidas, polos autores de cada capítulo deste informe, referido a evolución no ano 2024 dos indicadores dispoñibles sobre as distintas familias que compoñen a Economía Social en Galicia, pero tamén na da explotación de datos dispoñibles a partir dos datos da liquidación do imposto de sociedades para as cooperativas e as Sociedade Laborais, das políticas públicas en materia de Economía Social e das recomendacións xurídicas a partir da análise das novidades lexislativas en España e as súas comunidades autónomas.

13.1. Cooperativas

- A 31 de decembro de 2024 hai inscritas en Galicia 1.542 cooperativas en Galicia que conta con actividade.
- En 2024 constitúense 192 novas cooperativas en Galicia, o que supón un incremento do 39,13 % respecto ao ano anterior e marca un novo máximo da serie histórica recente. Este crecemento rompe coa ralentización detectada en 2023, e parece reactivar a tendencia expansiva iniciada a partir de 2017, malia que será necesario observar a súa consolidación nos próximos exercicios.
- A distribución territorial das novas cooperativas en 2024 mantén o patrón de concentración nas provincias atlánticas, onde se localizan máis do 76 % das novas entidades. Esta realidade confirma a persistencia dunha asimetría territorial no emprendemento cooperativo, que reproduce os eixos de polarización económica da comunidade galega.
 - cooperativismo de traballo asociado segue a ser a fórmula predominante, representando o 84 % das novas cooperativas constituídas. Se se agregan outras modalidades vinculadas ao autoemprego (xuvénis e explotación comunitaria da terra), a porcentaxe supera o 91 %, o que consolida o traballo asociado como principal vía de acceso ao cooperativismo en Galicia, reforzando a súa función como instrumento de emprendemento colectivo e inserción laboral na economía social. Mantéñense a necesidade de mellora na constitución e consolidación de cooperativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega, como as cooperativas do mar, agrarias e de explotación en común da terra. Igualmente, detéctase unha baixa incidencia dos procesos de consolidación de cooperativas, en concreto, de creación de cooperativas de segundo grao.
- En 2024, as novas cooperativas galegas incrementan lixeiramente o número total de persoas socias fundadoras respecto a 2023, mais non se reverte plenamente a tendencia de perda de dimensión organizativa observada desde 2022.
- Desde o punto de vista sectorial, as novas cooperativas en 2024 concentráronse de novo maioritariamente no sector servizos, mais rexístrase tamén incremento en practicamente todos os sectores produtivos, incluídos o primario, a construción e as actividades artísticas. A única excepción corresponde ao sector secundario (industria), que non experimentou crecemento, confirmando a súa posición marxinal no ecosistema cooperativo galego recente.
- En canto ás cooperativas activas, Coruña e Pontevedra seguen a ser as provincias con maior densidade, sendo Pontevedra a que concentra, por primeira vez, o maior número de cooperativas activas en Galicia, o que consolida unha dinámica de liderado territorial observada xa nos datos de constitución de novas entidades.
- A distribución espacial amosa un peso crecente do cooperativismo en contornos rurais, onde se localiza a maioría das entidades, aínda que as diferenzas entre zonas urbanas e rurais tenden a diminuír.
- Sería de interese establecer mecanismos que faciliten e/ou fomenten os procesos de liquidación de cooperativas, co fin de instar a aquelas entidades que non teñan actividade a cursar a súa baixa no Rexistro.

- Cómpre establecer unha periodicidade de depuración da base de datos (por exemplo cada 2 anos) ao tempo que sería de interese poder comparar os datos existentes con outras bases de datos como as das empresas que levan a cabo as obrigas tributarias para así ser capaces de establecer cunha maior exactitude o número de entidades existentes en Galicia.
- Segundo os datos de seguridade social, o cooperativismo galego ocupa 9.128 persoas traballadoras, representando un 2,72 % do emprego cooperativo estatal, unha proporción inferior ao peso económico e demográfico da comunidade. Esta diferenza parece explicarse pola menor dimensión media das cooperativas galegas, altamente centradas no autoemprego colectivo e en sectores de baixa escala produtiva.
- Galicia presenta unha elevada participación do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) no emprego cooperativo (20,5 %), destacando o protagonismo das mulleres neste réxime, que supoñen o 55,1 % dos afiliados. Esta configuración revela o papel do cooperativismo como vía de inserción laboral non asalariada para colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo formal.
- Por último, a estrutura do emprego por sexo presenta unha distribución relativamente equilibrada, mais esta paridade contrasta coa media estatal (57,4 % mulleres), o que suxire márxenes de mellora na incorporación de mulleres ao cooperativismo en Galicia.

13.2. Sociedades Laborais

- As Sociedades Laborais son unha fórmula de auto emprego que xurdiron para dar saída a empresas que estaban en situación e crise, aínda que se constata que moitas das constituídas son de nova creación. Son sociedades mercantís nas que a maioría do capital social é propiedade dos traballadores que prestan servizos de forma retribuída, persoal e directa cunha relación laboral por tempo indefinido.
- A evolución destas sociedades, en Galicia e España, segundo os datos publicados polo ministerio, é decrecente no tempo. No último ano, 2024, había 344 sociedades galegas inscritas na Seguridade Social, sendo 512 menos que as que había no ano 2009, cunha caída media anual do -5,5% moi similar á media española. Con relación ao ano 2023 a variación foi do -1,4% no caso galego, sendo moi inferior á caída da media estatal (-4,3%).
- Por CC.AA. Galicia é a novena segundo o seu peso nas Sociedades Laborais en España, representando o 5,5% do total, o que supón unha porcentaxe lixeiramente superior ao seu peso no PIB (5,2%). En cambio, se analizamos os datos de emprego, Galicia representa o 3,4% do total, o que indica que as nosas empresas están menos dimensionadas.
- No número de traballadores a situación é dunha maior caída no caso galego, que perde 2.339 empregos no conxunto do período, cunha variación media anual do -5,2% fronte ao -3,3% da media estatal. Con todo, no último ano en Galicia perdéronse 77 empregos, o que supón unha caída do -4,2%.
- A presenza das mulleres na estrutura destas sociedades en Galicia acadou o 37% do conxunto do emprego, aumentando lixeiramente o seu peso con relación ao ano anterior. Non hai diferenzas significativas con relación ao dato do conxunto do Estado nin en función da fórmula societaria, SAL ou SLL.
- No ano 2024 constituíronse 77 novas sociedades laborais (21 máis que no ano anterior), 65 no sector servizos, 7 na construción, 3 na industria e 2 na agricultura. No conxunto do Estado foron 278 polo que Galicia representou o 27,7% das novas

sociedades, sendo a segunda CC.AA. que liderou a creación destas empresas, despois de Madrid.

- Por provincias, e Pontevedra a que lidera a creación destas sociedades (54), seguida de A Coruña (13). En Lugo e Ourense constituíronse 10 novas empresas.

13.3. Empresas de Inserción

- As empresas de inserción teñen como obxecto a mellora da empregabilidade e a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social. Con tal fin, deséñase un itinerario de inserción individualizado, dun máximo de tres anos de duración, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada.
- En decembro de 2024, había 16 empresas de inserción rexistradas en Galicia. Delas, 12 clasifícanse no sector servizos, 3 no sector primario e 1 na construción. Por provincias, a maioría, 8, teñen a sede na provincia de A Coruña, 6 na de Pontevedra e 2 en Lugo. Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada.
- Polo que se refire ao número de persoas empregadas e ao importe neto da cifra de vendas por traballador, os datos dispoñibles na base SABI no momento de pechar este traballo só chegan ao ano 2023. Neles se observa o crecemento continuado do número de persoas empregadas en empresas de inserción en Galicia (empregados medios), que chegan a 132 no 2023. En canto á facturación por traballador, no 2022 acadou os 33.725, o que supón continuar o crecemento tras a baixada experimentada no 2020, ano este marcado polo confinamento derivado da pandemia da COVID-19.
- Por outra banda, se atendemos ás cifras proporcionadas por AEIGA, nas 9 empresas da asociación no 2024 había empregadas 183 persoas das que o 102 (56%) estaban na modalidade de inserción. Desde o 2021 son maioría as mulleres contratadas en inserción (53% en 2024). Diminúe o número de persoas contratadas en inserción no 2024 con respecto a o ano anterior.
- En canto ás subvencións dirixidas en Galicia especificamente ás EI, a Xunta de Galicia incrementounas considerablemente nos últimos anos. Tendo en conta o orzamento executado, as axudas creceron desde os 518.796 euros do ano 2019 ata o 1.615.696 do 2024.
- En síntese, a actividade económica das EI galegas experimentou un forte crecemento nos últimos anos que levou asociado un incremento tamén notable na contratación de persoal, especialmente mulleres en inserción. Toda esta evolución veu acompañada dun aumento das axudas outorgadas desde a Xunta de Galicia.
- Compre subliñar que as axudas que reciben as EI vense compensadas polo retorno económico que estas empresas xeran para as Administracións públicas, especialmente vía impostos, e pola súa importante contribución á cohesión social.

13.4. Centros Especiais de Emprego

- Os Centros Especiais de Emprego, partícipes da Economía Social, son xeradores de oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade. En función da súa finalidade, temos CEE da Economía Social que buscan ter un impacto social, e os CEE

da Economía Capitalista que perseguen un beneficio para os seus propietarios e accionistas.

- Segundo os datos do Rexistro de CEE da Xunta de Galicia correspondentes ao ano 2024 existían un total de 132 CEE, dos cales 59 Centros teñen como obxectivo a obtención dun impacto social. Retómase a traxectoria ascendente que estaba estancada por mor da crise da Covid-19, crescendo un 3,1% con relación ao ano anterior.
- Case a metade dos CEE centran as súas actividades no sector servizos (46,2%), levando a cabo na súa maioría actividades administrativas e servizos auxiliares e concretamente de limpeza xeral de edificios e de xardinería.
- O 8% da forza de traballo de 16 a 64 anos está representada polo colectivo de persoas con discapacidade en Galicia no ano 2023.
- A menor presenza no mercado laboral reflexa unha taxa de actividade tan só dun 31,2 %, o que supón 46,8 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. A taxa de emprego foi do 26,4%, a 44 puntos de distancia do grupo de persoas sen discapacidade. Por outra banda, o 15,4% da poboación activa con discapacidade atópase en situación de desemprego, fronte a 9,6% para poboación sen discapacidade. En relación ao ano 2022 a evolución foi positiva posto que todas as taxas experimentaron un crecemento, sumado ao descenso da do paro.
- Mais da metade da poboación activa das PCD tiña un grao de discapacidade de entre o 33% e o 44%. As discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego.
- As PCD teñen estudos, na súa maioría secundarios (66,5%), aínda que o 18,4% alcanzaron estudos de nivel superior (cifra que ascende ao 22,4% no caso das mulleres).
- No ano 2024 máis da metade das persoas empregadas (56,9%) realizan o seu traballo en Centros cuxo obxectivo é obter un impacto social. Case o 90% do persoal presenta algún tipo de discapacidade, cunha maior presenza do colectivo masculino.
- Do total de persoas con discapacidade, o 57,1% faíno en Centros da Economía Social. A discapacidade física é a que ten unha maior presenza no mercado laboral, seguida da psíquica e da sensorial.
- A Economía Social lidera a contratación nos CEE galegos cun 57% do total, predominando os de carácter indefinido (59,4% ES; 59,0% EC). Seguindo a filosofía dos CEE as persoas beneficiadas son na súa inmensa maioría con discapacidade, porcentaxes que alcanzan case o 91%. Ademais son os Centros cun impacto social os que lideran a contratación indefinida ao colectivo con discapacidade 90,5% fronte ao 89,7% da EC.
- A nivel provincial, máis da metade do total de traballadores dos CEE están na provincia da Coruña.
- O sector servizos co 39,2% e a industria nun 33,9% son os que aglutinan aos traballadores con discapacidade dos CEE da Economía Social.
- Segundo os datos do SEPE, dende o ano 2013 para Galicia e o 2008 para España, máis da metade dos contratos específicos a Persoas Con Discapacidade realizáronse en CEE. No caso galego de cada 9 contratos a PCD, 6 realizáronse nun CEE no ano 2024. Tan só 1 de cada 5 contratos nos CEE son de carácter indefinido tanto en Galicia como en España no ano 2024.
- En Galicia no ano 2023, o 78,5% do total das axudas de apoio á creación de emprego foron destinadas á integración laboral das persoas con discapacidade. As provincias máis beneficiadas foron A Coruña con máis da metade (52,03%), seguida de Pontevedra (36,7%). Os CEE recibiron o 77,4% das axudas, destinadas principalmente

ao mantemento de postos de traballo (89,9%). As axudas totais víronse reducidas considerablemente en relación ao ano anterior (2022).

- A partir dos datos contables dispoñibles para 2023 dos CEE (46 CEE de economía social e 51 de economía capitalista), obsérvase un peso importante dos fondos propios na estrutura financeira dos CEE, que no caso dos CEE de economía social sitúase no 56,1%, e nos de economía capitalista no 48,1%. Pola súa parte, o peso do pasivo é similar entre as dúas tipoloxías, mentres que as subvencións, doazóns e legados representan unha maior porcentaxe nos CEE da economía social.
- A orixe dos ingresos, no ano 2023, foi derivada nun 81,6% das vendas no caso dos CEE de economía social e nun 93,5% no caso dos centros da economía capitalista. O peso doutros ingresos de explotación é claramente superior nos CEE da economía social (18,5% no último ano) que nos CEE da economía capitalista (6,3%).

13.5. Confrarías de pescadores

- En Galicia, hai 63 confrarías de pescadores, que representan o 31,8% do total das es- pañolas (198), organizadas en 3 federacións e que conforman a Federación Galega de Confrarías de Pescadores. En Lugo atopamos 6 confrarías, 35 en A Coruña e 22 en Pontevedra.
- En relación coas afiliacións, no ano 2024 tiñamos 10.191 afiliacións ás confrarías de pescadores en Galicia, das cales 6.279 son traballadores e traballadoras (61,6%) e 3.912 corresponden a empresas.
- Por federacións, A Coruña representa a maior porcentaxe de afiliacións (o 47,6%), seguida de Pontevedra (47,5 %) e Lugo (4,9%), manténdose esta representación tanto no caso de empresas como de traballadores/as, que supoñen preto do 62% das afiliacións galegas, é suben ao 77% en Lugo.
- No ano 2024 detéctase unha nova caída no número de afiliacións nas confrarías de pescadores, 585 menos (-5,4% de variación) que se produciu pola caída nas afiliacións de persoas traballadoras (-488, o -7,2%) e empresas (97 menos, unha caída do 2,4%).
- As afiliacións en 2024 caen en todas as provincias: -57 empresas e -301 traballadores na Coruña, -37 empresas e -182 traballadores en Pontevedra e -3 empresas e -5 traballadores en Lugo.
- Por sexo, as mulleres traballadoras ascenden a 2.676. Son 163 menos con relación ao informe anterior pero a diminución é menor que no caso dos homes, polo que as traballadoras aumentan o seu peso ata o 42,6%.
- As empresarias son 475, e non houbo variacións con relación ao informe anterior, mellorando, tamén, a súa representación ata case o 13% das afiliacións das persoas empresarias.
- Por sectores, a maior porcentaxe de afiliacións as atopamos no sector de marisqueo a pé (28,6%, 2.915) segundo a segunda actividade en importancia o marisqueo dende embarcación, 2.552 (25%) e a pesca de baixura, 2.259 (22%). En todos eles hai un descenso do número de afiliacións con relación ao 2023.
- Na provincia de A Coruña, o sector onde exercen a súa actividade a maior porcentaxe de afiliados as confrarías é o de marisqueo desde embarcación, acadando o 29% das afiliacións totais. Na provincia de Pontevedra, a maior porcentaxe a atopamos no sector de marisqueo a pé (36,5%) e na federación de Lugo no de pesca de altura e grande altura, co 50% das afiliacións.

- O número de permisos de marisqueo a pé en Galicia en 2024 é de 3.307, dos que 2.470 son de mulleres e 837 de homes. Dende o ano 2015 obsérvase unha caída continua no número de permisos, que no último ano foi de 222 permisos menos, resultado do descenso de 163 nas mulleres e 59 nos homes.
- A distribución de permisos de marisqueo a pé, por xénero indica que as mulleres ocupan case o 78% dos permisos e supera o 82% para os tramos de idade de 51 a 60 anos e de máis de 60 anos. Os datos indican que as mulleres mariscadoras teñen unha idade media máis elevada ca dos homes, aínda que para eles estase a elevar a idade media.
- A importancia da flota pesqueira galega en España é evidente, a nosa comunidade no ano 2024 representa o 49,4% do número de buques de España e o 43% do arqueo total, son 4.162 buques (36 menos que en 2023). A maior parte da flota galega, o 96%, opera nos caladoiros nacionais. A pesar do peso da flota galega, a antigüidade dos buques é superior á media nacional e os buques teñen unha eslora media menor. Segundo os datos do Rexistro de buques pesqueiros, en 2025, o 48,7% dos buques da flota galega son de A Coruña, o 48,3% de Pontevedra e o 3,1% de Lugo
- No ano 2024 a venda de produtos pesqueiros nas lonxas de Galicia acadou as 102.462 toneladas que xeraron un valor de case 383 millón de euros, son 15.072 toneladas menos que o ano anterior, o que representa unha caída do 12,8%. En relación ao valor das vendas, para o total galego, no ano 2024 aumentan un 2,8%, o que supón 10.345 miles de euros máis que en 2023. O peso das lonxas xestionadas por confrarías é do 22,5%, con 86.330 miles de euros. Destaca pola súa facturación a lonxa de Carril, que con 7,6 millóns de euros representa o 8,9% do total, seguida das lonxas de Cedeira (8,8%) O Grove (7,6%) e Cambados (7,4%).

13.6. As Sociedades Agrarias de transformación

- En Galicia, en 2024, había 1.039 SAT con 10.028 socios e un capital social de 54,5 millóns de euros. Unhas cifras que permiten situar a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma por número de SAT e a oitava por número de socios e capital social. O peso do sector primario sobre os indicadores económicos e laborais en Galicia permiten xustificar esta conclusión, de forma parecida ao que sucede co resto de CC. AA cun importante peso relativo do sector agrario, gandeiro e forestal, como sucede en Andalucía, Estremadura, Castela e León e Castela-A Mancha.
- Aínda que dende 2016 prodúcese unha diminución do número das SAT tanto a nivel nacional, como para Galicia en particular, o número de socios mostra unha tendencia estable e o capital social aumentou. Isto parece reflectir a existencia dun proceso de concentración nas que as SAT se capitalizan cada vez máis, o que é un síntoma claro dun fornecemento estrutural.
- Son as provincias de A Coruña (50%) e Lugo (27,1%) as que teñen un maior número de SAT, algo similar obtense a partir do estudo do número de socios e o importe de capital social. Asemade, da análise efectuada pódese comprobar como Galicia presenta, en 2024, un reducido número medio de socios por SAT (9,7) en relación ao indicador a nivel nacional (25), aínda que a dotación media por socio en Galicia (5.435 euros) é superior ao resultado obtido a nivel nacional (3.360 euros). Sen dúbida toda esta información debe permitir reflexionar sobre a achega das SAT para a transformación

do sector agrario en Galicia, pero tamén para mellorar a situación demográfica, económica e social do medio rural.

- Finalmente, queremos volver a indicar o escaso tratamento estatístico da SAT. Apenas existe información máis aló dos datos que proporcionan as AA.PP (central e autonómica) en cuestións relacionadas coa publicidade, rexistro e control. Os datos publicados nas diferentes páxinas webs son moi limitados, o que impide unha análise máis completa. Sen dubida, é necesario mellorar -e moito- as estatísticas das SAT.

13.7. As Comunidades e Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común

- Galicia contaba en 2024 con 3.388 montes veciñais de man común (MVMC) que ocupan unha superficie de preto de 661000 ha. (195 ha. de media), o que supón a cuarta parte do territorio galego e case a metade da superficie forestal con árbores. Este dato poñen en evidencia que esta figura, que tamén é unha sinal de identidade e da cultura galega, ten moita importancia económica e produtiva. En efecto, o monte veciñal ten un papel fundamental no ámbito social, económico e ambiental, polo tanto, resulta necesario unha aposta decidida pola administración pública galega para conseguir unha maior visibilidade e conciencia do gran potencial dos montes galegos.
- Os MVMC concéntranse nas provincias de Ourense (38,7 %) e Lugo (27,2 %) -as máis rurais de Galicia- e, en menor medida en Pontevedra (25,3 %) e A Coruña (8,8 %). Os MVMC caracterízanse porque a propiedade dos seus recursos basease na costume, aloxando doutro tipo de participacións baseadas na asignación de cotas aos residentes na zona. Trátase, polo tanto, dun sistema de propiedade colectiva, onde cada comuneiro ten o dereito de propiedade completo, aínda que limitado, xa que o resto dos propietarios ten un dereito igual sobre ese monte.
- En Galicia existen 37 mancomunidades de montes veciñais de man común (MMVMC) e 3.388 Comunidades de Montes veciñais de man común (CMVMC), con 115.811 comuneiros, cunha media de 38 comuneiros polas CMVMC. Comprobase unha distribución desigual entre territorios, xa que as maiores porcentaxes de comuneiros pertencen aos distritos de Caldas-O Salnés e Vigo-Baixo Miño, ao recoller unhas porcentaxes do 19,1 % e 15,7 % do total de Galicia. Do total de CMVMC un baixo porcentaje cumpran coas súas obrigas administrativas, esta falta de incumprimentos débense a falta de comunicación en prazo dos reinvestimentos ou a renovación das xuntas reitoras ou os censos dos comuneiros.
- A persistencia no tempo das CMVMC amosan que os sistemas de produción comunitarios poden desenvolver institucións autónomas, algo que resulta de gran interese na nosa Comunidade Autónoma polo importante peso económico do sector primario. As cifras expostas neste capítulo indican que os MVMC supoñen un recurso produtivo importante, pero que non sempre se utilizan adecuadamente. En consecuencia, hai que aprofundar en mellorar as actuacións xa sinaladas, para que este recurso exclusivo de Galicia, poda acadar o papel que lle corresponde no desenvolvemento económico-social da nosa Comunidade Autónoma dentro dunha contorna sostible, e tendo en conta o compromiso co cumprimento cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostibles (ODS). Sen dubida, faise necesario contar con novos instrumentos normativos para regular e potenciar o desenvolvemento do medio rural en base ao potencial do MVMC. Grazas a estas actuacións poderíase reverter ou ao menos frear o abandono do medio

rural. O anterior reviste unha especial importancia para Galicia e, asemade, actuando desta forma, tamén se favorecería a transición xeneracional nas MVMC.

- A tenor dos datos expostos, aínda queda un importante traballo por realizar nos vindeiros anos se queremos que as CMVMC e MMVMC acaden o papel que lles corresponde na economía social de Galicia. Para iso é necesario un maior esforzo e profesionalización para mellorar a rendibilidade das explotacións forestais, o que terá non so beneficios económicos, senón tamén sociais e medioambientais. Sen dúbida, a nova Lei de MVMC de Galicia, que esperamos sexa aprobada nun corto espazo de tempo, marcará un antes e un despois no tratamento deste recurso.

13.8. As Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social

- En 2024, teñen a súa sede en Galicia 1 mutua de seguros e 3 mutualidades de previsión social pertencentes á Economía social. Estas últimas son todas consideradas de dimensión reducida. Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria.
- A 31 de decembro, contaban con 7.115 mutualistas (acadaban 9.809 asegurados, tendo en conta a todos os beneficiarios), xeraron 15,5 empregos directos e tiveron un volume de negocio (primas imputadas, netas de reaseguro) de 5.204 miles de euros, dos cales 5.111 son do ramo non vida.
- Se atendemos á evolución desde o 2021, obsérvase en conxunto unha tendencia crecente tanto no volume de negocio, en termos nominais, como no número de persoas empregadas. Debe sinalarse o aumento que se sigue producindo no número de mulleres contratadas, mentres que a contratación de homes permanece estable.
- Compre lembrar que, ademais dos empregos directos aos que fixemos referencia, hai moitos outros profesionais que traballan vinculados ás mutuas, como é o caso dos cadros médicos. Hai máis de 1.200 profesionais que, aínda que non son empregados directos, perciben honorarios ou manteñen convenios coas tres mutualidades de previsión galegas; máis de 1.000 están vinculados á Unión de Artesanos.

13.9. Aproximación ao impacto socioeconómico das Sociedades Laborais e Cooperativas en Galicia

- A realización de actividades económicas no marco da economía social segue a amosar claras vantaxes tanto dende a perspectiva empresarial como social, derivadas das particularidades que caracterizan a estas entidades fronte a outros modelos societarios. A súa contribución á cohesión territorial, á estabilidade do emprego e á democratización da economía resulta particularmente valiosa no contexto actual.
- Neste sentido, xustifícanse plenamente as políticas públicas diferenciadas que apoian á economía social, tanto no eido da promoción e acompañamento do emprendemento como a través de programas de financiamento específico. Estas medidas contribúen a consolidar o sector e a potenciar o seu impacto no conxunto do tecido produtivo.
- Non obstante, persiste como tarefa pendente a mellora da cuantificación do impacto socioeconómico destas entidades. A menor esixencia legal de publicidade das súas contas, especialmente no caso das cooperativas, dificulta o acceso a información

estandarizada e actualizada. Esta limitación supón un obstáculo á avaliación rigorosa do sector e á lexitimación das súas demandas perante os poderes públicos e a sociedade.

- Cómpre avanzar, por tanto, nunha estratexia institucional que implique tanto ás organizacións representativas da economía social como ás Administracións competentes, co obxectivo de reforzar a transparencia e accesibilidade da información económico-financeira destas entidades. Só así será posible medir con precisión o seu peso relativo e a eficacia das políticas públicas destinadas ao sector.
- A inclusión neste Informe de datos procedentes das declaracións do Imposto sobre Sociedades supón un avance significativo nesta dirección, ao permitir estimacións máis robustas e actualizadas sobre o impacto económico das cooperativas e sociedades laborais galegas. Esta liña de traballo, que complementa a análise baseada nas contas depositadas no Rexistro Mercantil, permite superar parcialmente as limitacións derivadas da escasa información dispoñible noutras fontes.
- No caso das cooperativas galegas, a análise amosa a consolidación dun sector cunha cifra de negocios superior aos 2.800 millóns de euros e un impacto en termos de emprego equivalente a tempo completo estimado en máis de 6.100 persoas. A maiores, cómpre salientar que o custo laboral medio supera nun 20 % a media do conxunto do sistema produtivo galego, o que indica unhas condicións retributivas relativamente máis favorables.
- Pola súa banda, as sociedades laborais, malia a tendencia decrecente no número de entidades, amosan unha capacidade significativa de adaptación e fortalecemento, cunha recuperación progresiva dos niveis de actividade económica tras a crise de 2020. No ano 2023, estas entidades acadaron os 154 millóns de euros en ingresos de explotación, reforzaron os seus balances ata superar os 100 millóns de euros en activos, e mantiveron un emprego equivalente a tempo completo superior ao de 2019. A evolución do gasto de persoal por empregado e dos ingresos medios por traballador revela tamén unha tendencia positiva, especialmente no caso das sociedades limitadas laborais.

13.10. Políticas públicas para o desenvolvemento da Economía Social e o asociacionismo

- As conclusións desta edición do Informe da Economía Social en Galicia reflicten unha continuidade no compromiso institucional, mais tamén a emerxencia de novas problemáticas que requiren un cambio de enfoque nas políticas públicas. Galicia conta cun ecosistema de apoio dinámico, sustentado en instrumentos adaptativos que teñen demostrado utilidade, especialmente en contornos vulnerables. Porén, as análises realizadas neste capítulo amosan que é necesario dar un paso adiante.
- A ES está chamada a xogar un papel estratéxico na transformación do modelo produtivo, combinando eficiencia económica con inclusión social e sustentabilidade territorial. Para iso, cómpre reforzar a súa capacidade tractora, mellorar a súa conexión co tecido produtivo galego e avanzar cara a unha medición rigorosa dos seus impactos. Neste contexto, a futura Lei de Cooperativas de Galicia debería servir como panca normativa para facilitar a creación e consolidación de entidades, impulsar o Rexistro autonómico e adaptar o marco legal ás novas realidades da ES.
- Finalmente, o incremento do orzamento previsto pola Xunta de Galicia en 2025 (+2,8%), que situaría os recursos achegados ao sector nun total de arredor de 90

millóns de euros no bienio 2024–2025, representa unha aposta firme e sostida. Este esforzo debe orientarse a políticas máis transformadoras, con enfoque estratéxico, avaliación por resultados e maior capilaridade social e territorial.

13.11. Recomendacións xurídicas

- A actividade lexislativa do pasado ano constitúe unha paréntese no proceso de reforma das entidades pertencentes á economía social que media entre a intensa actividade lexislativa autonómica precedente e a non nata Lei Integral da Economía Social. Ata a publicación do texto definitivo da mesma, xunto coa previsible actualización dalgunha normativa autonómica en materia de cooperativas, conséntase unha tendencia á introdución de órganos consultivos susceptibles de outorgar soporte técnico ás políticas públicas autonómicas en materia de economía social e, por outra parte, á promoción das entidades vencelladas á inserción laboral das persoas discapacitadas
- A regulación do Consello da Economía Social e solidaria da Ríoxa e, en materia de asociacionismo, a regulación da composición do Consello do Asociacionismo e o Voluntariado de Cataluña, dan fe da firme aposta pola creación de órganos consultivos de asesoramento técnico susceptibles de guiar aos gobernos autonómicos no deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas públicas destinadas ao fomento da economía social. Destacan, en concreto, as súas atribucións en materia de fomento e difusión dos principios e valores da economía social, na elaboración de estudos informes e ditames e, en especial, a súa competencia para prestar apoio á administración para mellorar a súa eficiencia na tramitación dos procedementos e, eventualmente, canalizar procesos participativos e mesmo identificar prácticas abusivas.
- Outra das prioridades dos lexisladores autonómicos durante o ano 2022 foi potenciar a autonomía e a independencia individual das persoas con discapacidade. Posto que a devandita autonomía persoal depende, en boa medida, da obtención dos medios económicos preciosos para subsistir e de formación para desenvólvela na súa plenitude, non debe sorprender que se tentase acadar mediante a introdución de reformas orientadas a propiciar a inserción laboral das persoas con discapacidade apoiando o acceso, promoción e conservación dun emprego de calidade. Nesa senda se encamiña o Acordo do 21 de febreiro de 2024, do Consello de Goberno, polo que se aproba a formulación do II Plan de Emprego de Persoas con Discapacidade na Comunidade Autónoma de Andalucía 2024-2028, do cal merece a pena salientar a súa atención á discriminación interseccional padecida polas mulleres con discapacidade, susceptible de xerar un prexuízo específico. Idéntico propósito guiou ao lexislador castelán leonés que, en virtude da Lei 1/2024, do 8 de febreiro, de apoio ao proxecto de vida das persoas con discapacidade en Castela e León, avoga pola superación definitiva do modelo médico-asistencial de atención ás persoas con discapacidade, dispensándolles un tratamento integral de apoio para a activación do seu proxecto de vida que abrangue asistencia persoal, familiar, o apoio á capacidade xurídica e, en particular, atende á necesidade de garantir un axeitado tránsito entre a etapa educativa e a etapa profesional, subliñando, de novo, a relevancia da súa inserción socio-laboral, aspecto no cal desempeñan un papel esencial as entidades pertencentes á economía social. Afondando no papel desempeñado polas entidades pertencentes á economía social nesta materia, en Aragón acórdase a optimización e a sustentabilidade das entidades sociais e das súas actividades a través dos centros asistenciais e dos centros especiais

de emprego para o desenvolvemento de accións en materia de asuntos que afectan á discapacidade, de forma transversal e multidisciplinar.

- Cómpre engadir a defensa das entidades pertencentes á economía social como actores clave da transición ecolóxica en curso. Do seu papel como motores dunha transición a un modelo de economía circular máis sostible da testemuña a Lei 1/2024, do 17 de abril, de Economía Circular da Comunidade de Madrid, pola cal se se impulsa unha transición intelixente e paulatina cara a un modelo de desenvolvemento de ciclo pechado, máis sostible, eficiente, competitivo, racional e respectuoso coa capacidade para innovar e actualizar os sectores produtivos tradicionais, proceso no cal se involucra ás entidades da economía social.

14. ÍNDICE DE CADROS, GRÁFICOS E TÁBOAS

Cadros

CADRO 2.1. ESCENARIOS XURÍDICOS DAS EMPRESAS E ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL. 20

CADRO 3.1. TIPOS DE COOPERATIVAS EN GALICIA. 36

CADRO 5.1. EI EN GALICIA 2024. ANO DE CUALIFICACIÓN E FORMA XURÍDICA 81

GRÁFICO 5.2. EI EN GALICIA 2024. NÚMERO DE EI POR PROVINCIAS. 82

CADRO 5.2. EI EN GALICIA 2024. ACTIVIDADE E CÓDIGO CNAE-2009..... 82

CADRO 6.1. TIPOLOXÍA DOS CEE EN FUNCIÓN DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS..... 90

CADRO 8.1. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DAS SAT 140

CADRO 10.1. MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL CON SEDE EN GALICIA. ANO 2024 179

CADRO 10.2. ÁMBITO DE COBERTURA DAS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL CON SEDE EN GALICIA. ANO 2024 179

CADRO 12.1. NÚCLEOS DE ACCIÓN DO FSE+ 2021-2027 205

CADRO 12.2. CLASIFICACIÓN DE MEDIDAS DE APOIO Á ES 208

CADRO 12.3. EIXOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRINCIPAIS DA ESTRATEXIA ESPAÑOLA DE ES (2023-2027) 210

CADRO 12.4. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS EGAES H27 213

CADRO 12.5. OBXECTIVOS OPERATIVOS EGAES H27 213

CADRO 12.6. PROXECTOS PRIORITARIOS EGAES H27 214

CADRO 12.7. ACCIÓNS PRINCIPAIS EN GALICIA PARA A ES. APROL- ES. 2025 218

CADRO 12.8. [Acción](#) 219

CADRO 12.9. ACCIÓNS PRINCIPAIS EN GALICIA PARA A ES. BONO CONSOLIDA ES.

2025	220
------------	-----

Gráficos

GRÁFICO 3.1. COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS EN GALICIA (1990-2024)	39
GRÁFICO 3.2. VARIACIÓN NO NÚMERO DE SOCIEDADES CONSTITUÍDAS GALICIA- ESPAÑA (2008-2024)	40
GRÁFICO 3.3. DISTRIBUCIÓN DAS NOVAS COOPERATIVAS POR PROVINCIAS (2024) ..	41
GRÁFICO 3.4. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DAS NOVAS COOPERATIVAS GALEGAS. MEDIO URBANO E RURAL (2024)	42
GRÁFICO 3.5. DISTRIBUCIÓN DAS NOVAS COOPERATIVAS POR TIPO DE COOPERATIVA (2024)	42
GRÁFICO 3.6. PARTICIPACIÓN DE PERSOAS SOCIAS DAS NOVAS COOPERATIVAS GALEGAS POR TIPO DE COOPERATIVA (2024)	46
GRÁFICO 3.7. COOPERATIVAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE (2024)	49
GRÁFICO 3.8. CREACIÓN DE COOPERATIVAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE (2009- 2024)	49
GRÁFICO 3.9. EVOLUCIÓN DE COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS EN CCAA (2014 - 2024)	51
GRÁFICO 3.10. DISTRIBUCIÓN DAS COOPERATIVAS ACTIVAS POR PROVINCIAS (2024)	54
GRÁFICO 3.11. CENTROS DE COTIZACIÓN DE SOCIEDADES COOPERATIVAS POR PROVINCIA E SECTOR (2024)	56
GRÁFICO 3.12. CENTROS DE COTIZACIÓN DE SOCIEDADES COOPERATIVAS POR PROVINCIA E SECTOR (2024)	57
GRÁFICO 4.1. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE SOCIEDADES LABORAIS. GALICIA Y ESPAÑA 2009-2024	63
GRÁFICO 4.2. EVOLUCIÓN NÚMERO DE TRABALLADORES NAS SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA E ESPAÑA 2009-2024	64
GRÁFICO 4.3. NÚMERO DE SOCIEDADES LABORAIS INSCRITAS NA SEGURIDADE SOCIAL POR CC.AA. 2024	64
GRÁFICO 4.4. NÚMERO EMPREGOS NAS SOCIEDADES LABORAIS INSCRITAS NA SEGURIDADE SOCIAL POR CC.AA. 2024	65
GRÁFICO 4.5. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS NO ANO 2024 NAS CC.AA.	69
GRÁFICO 4.6. SOCIOS INICIAIS NAS SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS NO ANO 2024 POR CC.AA.	69
GRÁFICO 4.7. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS NAS PROVINCIAS GALEGAS: ACUMULADO 2016-24	75
GRÁFICO 5.1. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EI EN GALICIA (2019-2024)	81
GRÁFICO 5.3. EI EN GALICIA 2024. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES	82
GRÁFICO 5.4. PERSOAS CONTRATADAS EN INSERCIÓN NAS EI DE AEIGA POR SEXO, 2019-2024.	85

GRÁFICO 5.5. CONTÍA DAS SUBVENCÍONS DA XUNTA DE GALICIA ESPECÍFICAS PARA AS EI, 2019-2024 (ORZAMENTO EXECUTADO, EUROS)	85
GRÁFICO 6.5 . CONTRATOS ESPECÍFICOS A PCD, GALICIA, 2006-2024 (MILES).	101
GRÁFICO 6.6. CONTRATOS ESPECÍFICOS A PCD EN CEE, GALICIA E ESPAÑA (% DO TOTAL), 2006-2024	102
GRÁFICO 7.1. NÚMERO DE CONFRARÍAS POR CC.AA.....	112
GRÁFICO 7.2. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DO TOTAL DE AFILIADOS/AS NAS CONFRARÍAS GALEGAS. 2024	113
GRÁFICO 7.3. PESO DOS TRABALLADORES/AS AFILIADOS NAS CONFRARÍAS GALEGAS. 2024.....	114
GRÁFICO 7.4. PESO DAS EMPRESAS AFILIADAS NAS CONFRARÍAS GALEGAS SEGUNDO AS SÚA FORMA XURÍDICA. 2024.....	115
GRÁFICO 7.5. PESO DAS PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS AFILIADAS NAS CONFRARÍAS GALEGAS POR PROVINCIAS NO ANO 2024	115
GRÁFICO 7.7. PESO DAS CONFRARÍAS GALEGAS POR SECTORES DE PRODUCCIÓN NO ANO 2024.	117
GRÁFICO 9.1.SUPERFICIE MEDIA DOS MONTES VECIÑAIS DE MAN COMÚN (MVMC) POR PROVINCIA (2024)	161
GRÁFICO 9.2.DISTRIBUCIÓN DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC) E COMUNEIROS POR PROVINCIA (2024).....	162
GRÁFICO 9.3.NÚMERO MEDIO DE COMUNEIROS POR PROVINCIA (2024).....	163
GRÁFICO 9.4.CMVMC E COMUNEIROS. 2024 (%)	164
GRÁFICO 9.5.EVOLUCIÓN DOS INGRESOS E INVESTIMENTOS MEDIOS (€) DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)(2017-2024)167	
GRÁFICO 9.6. RELACIÓN INGRESOS/INVESTIMENTOS MEDIOS (%) DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)(2017-2024)167	
GRÁFICO 9.7. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DAS MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MMVMC) REXISTRADAS POR PROVINCIA (2024) .	170
GRÁFICO 10.1. NÚMERO DE MUTUALISTAS¹ NAS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL CON SEDE EN GALICIA.....	180
GRÁFICO 10.2. NÚMERO DE EMPREGOS DIRECTOS NAS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL CON SEDE EN GALICIA	181
GRÁFICO 10.3. EMPREGOS DIRECTOS NAS MUTUAS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL CON SEDE EN GALICIA, TOTAIS POR SEXO.	182
GRÁFICO 10.4. PRIMAS IMPUTADAS, NETAS DE REASEGURO, DAS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL CON SEDE EN GALICIA (MILES DE EUROS).....	182
GRÁFICO 10.5. PRIMAS IMPUTADAS, NETAS DE REASEGURO, NAS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN CON SEDE EN GALICIA POR RAMO VIDA/NON VIDA (MILES DE EUROS)	183

**GRÁFICO 11.1. SOCIEDADES LABORAIS ACTIVAS E CON INFORMACIÓN
DISPONÍBLE NO SABI 194**

**GRÁFICO 11.2. SOCIEDADES LABORAIS CON INFORMACIÓN NO SABI SEGUNDO
TIPO 194**

GRÁFICO 11.3. INGRESOS DE EXPLOTACIÓN (MILES DE €) 195

GRÁFICO 11.4. TOTAL ACTIVO (MILES DE €)..... 196

GRÁFICO 11.5. RESULTADOS (MILES DE €)..... 196

GRÁFICO 11.6. NÚMERO DE EMPREGADOS..... 197

GRÁFICO 11.7. INGRESOS DE EXPLOTACIÓN POR EMPREGADO (MILES DE €)..... 197

GRÁFICO 11.8. GASTOS DE PERSOAL POR EMPREGADO (MILES DE €)..... 198

GRÁFICO 11.9. INGRESOS DE EXPLOTACIÓN (MILES DE €) 199

GRÁFICO 11.10. TOTAL ACTIVO (MILES DE €) 199

GRÁFICO 11.11. RESULTADOS (MILES DE €) 200

GRÁFICO 11.12. NÚMERO DE EMPREGADOS 200

GRÁFICO 11.13. INGRESOS DE EXPLOTACIÓN POR EMPREGADO (MILES DE €) 201

GRÁFICO 11.14. GASTOS DE PERSOAL POR EMPREGADO (MILES DE €) 201

**GRÁFICO 12.1 EVOLUCIÓN DAS CANTIDADES ASIGNADAS POR TIPOLOXÍA DE
ENTIDADE (2014-2024) 222**

GRÁFICO 12.2. MEDIDAS DE APOIO Á ES EN GALICIA. 2024 226

Táboas

TÁBOA 3.1. COOPERATIVAS CREADAS POR TIPO DE COOPERATIVA (2008-2024).....	43
TÁBOA 3.2. NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS FUNDADORAS POR TIPO DE COOPERATIVA (2024)	45
TÁBOA 3.3. NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS FUNDADORAS POR TIPO DE COOPERATIVA E SEXO (2024).....	46
TÁBOA 3.4. CAPITAL SOCIAL MEDIO POR TIPO DE COOPERATIVA (2020-2024)	47
TÁBOA 3.5. COOPERATIVAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE (2022 – 2024).....	48
TÁBOA 3.6 COOPERATIVAS CREADAS EN ESPAÑA EN 2024	50
TÁBOA 3.7. VARIACIÓN DAS COOPERATIVAS ACTIVAS ATENDENDO A BASE DEPURADA (2022 – 2024).....	52
TÁBOA 3.8. SOCIEDADES COOPERATIVAS ACTIVAS EN GALICIA (DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL, 31.12.2024).....	54
TÁBOA 3.9. SOCIEDADES COOPERATIVAS SEGUNDO RÉXIME DE COTIZACIÓN.....	55
TÁBOA 3.10. PERSOAS TRABALLADORAS DE SOCIEDADES COOPERATIVAS POR RÉXIME DE COTIZACIÓN E PROVINCIA (2024).....	57
TÁBOA 4.1. SOCIEDADES LABORAIS INSCRITAS NA SEGURIDADE SOCIAL EN 2024 POR CC.AA.: PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE ESPAÑA NO NÚMERO DE SOCIEDADES E EMPREGOS E MEDIA DO EMPREGO.....	65
TÁBOA 4.2. SOCIEDADES LABORAIS REXISTRADAS NA SEGURIDADE SOCIAL NOS ANOS 2023 E 2024 SEGUNDO FORMA XURÍDICA: GALICIA E ESPAÑA	66
TÁBOA 4.3. EMPREGO POR SEXO NAS SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA E ESPAÑA 2023 E 2024.....	67
TÁBOA 4.4. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL POR CENTROS DE COTIZACIÓN EN GALICIA E ESPAÑA. 2024.....	67
TÁBOA 4.5. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS ANUALMENTE E SOCIOS INICIAIS EN GALICIA E ESPAÑA. 2009-2024	68
TÁBOA 4.6. SOCIEDADES LABORAIS REXISTRADAS E SOCIOS INICIAIS EN GALICIA E ESPAÑA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. 2009-2024.	70
TÁBOA 4.7. TIPOLOXÍA DOS SOCIOS E SOCIAS INICIAIS EN GALICIA E ESPAÑA 2023 E 2024.....	71
TÁBOA 4.8. CREACIÓN NETA DE SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA E ESPAÑA. 2009-2024	72
TÁBOA 4.9. NÚMERO DE SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA E PROVINCIAS INSCRITAS NA SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO A SÚA FORMA XURÍDICA. 2024	73
TÁBOA 4.10. CENTROS DE COTIZACIÓN DAS SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA E PROVINCIAS POR GRANDES SECTORES. 2024.....	73
TÁBOA 14.11. EMPREGO NOS CENTROS DE COTIZACIÓN DAS SOCIEDADES LABORAIS EN GALICIA E AS SÚAS PROVINCIAS POR GRANDES SECTORES. 2024	74

TÁBOA 4.12. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS EN GALICIA E AS SÚAS PROVINCIAS NO PERÍODO 2016-2024	75
TÁBOA 4.13. SOCIEDADES LABORAIS CONSTITUÍDAS EN GALICIA NO PERÍODO 2016-2024, SEGUNDO FORMA XURÍDICA, MEDIA DE SOCIOS E DE CAPITAL SOCIAL	76
TÁBOA 5.1. IMPORTE NETO CIFRA DE VENTAS DAS EI* EN GALICIA, 2019-2023.....	83
TÁBOA 5.2. NÚMERO DE EMPREGADOS (MEDIOS) E IMPORTE NETO CIFRA DE VENTAS POR TRABALLADOR (EUROS) NAS EI* EN GALICIA, 2019-2023	84
TÁBOA 5.3. PERSOAS EMPREGADAS NAS EI DE AEIGA TOTAL E POR SEXO, 2019-2024	84
TÁBOA 6.1. CEE POR TIPOLOXÍA DE CENTRO.....	91
TÁBOA 6.2. NÚMERO E PORCENTAXES DE CEE (ES, EC) SEGUNDO A SÚA FORMA XURÍDICA. GALICIA, 2024.	91
TÁBOA 6.3. NÚMERO E DISTRIBUCIÓN DE CEE A NIVEL PROVINCIAL. ANO 2024	92
TÁBOA 6.4. CEE POR TIPOLOXÍA E SECTOR DE ACTIVIDADE. GALICIA, ANO 2023-24 ..	92
TÁBOA 6.5. ACTIVIDADES DOS CEE NO SECTOR SERVIZOS, GALICIA, 2023-24.....	93
TÁBOA 6.6. O EMPREGO (MILES) DAS PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE, GALICIA E ESPAÑA. 2023	94
GRÁFICO 6.1. PERSOAS CON DISCAPACIDADE SEGUNDO ACTIVIDADE E SEXO. GALICIA. 2023 (%).....	95
TÁBOA 6.7. TAXAS DE ACTIVIDADE, EMPREGO E PARO DA POBOACIÓN CON E SEN DISCAPACIDADE, E SEXO. GALICIA E ESPAÑA. ANO 2023 (%).....	95
TÁBOA 6.8. PORCENTAXE DE POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS E SEXO.....	96
GRÁFICO 6.2 DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE TRABALLADORES NOS CEE, GALICIA, 2024	97
GRÁFICO 6.3. PORCENTAXE DE TRABALLADORES NOS CEE POR TIPOS DE DISCAPACIDADE, GALICIA, 2024	98
GRÁFICO 6.4 DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE TRABALLADORES NOS CEE ASEGUNDO NATUREZA DO CONTRATO, GALICIA, 2024	98
TÁBOA 6.9. PORCENTAXE DE TRABALLADORES NOS CEE A NIVEL PROVINCIAL, GALICIA, 2024.....	99
TÁBOA 6.10. NÚMERO DE TRABALLADORES E PORCENTAXE NOS CEE POR SECTORES DE ACTIVIDADE, GALICIA, 2024	99
TÁBOA 6.11. CONTRATOS ESPECÍFICOS REALIZADOS A PCD EN GALICIA E ESPAÑA EN FUNCIÓN DO TIPO DE CONTRATO (%), 2006-2024	102
TÁBOA 6.12. SALARIO BASE, EN EUROS, EN FUNCIÓN DOS CONVENIOS COLECTIVOS DOS CEE.	104
TÁBOA 6.13 AXUDAS PARA A INTEGRACIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. GALICIA E ESPAÑA. 2023. EUROS	105
TÁBOA 6.14. ESTRUCTURA FINANCEIRA DOS CEE 2023 (MILES DE EUROS)	106

TÁBOA 6.15. ESTRUCTURA FINANCIERA CEE DE GALICIA POR TIPOLOXÍA DE CENTRO (%) 2023.....	107
GRÁFICO 6.7. ESTRUCTURA DE INGRESOS DOS CEE DE GALICIA POR TIPOLOXÍA DE CENTRO 2023(%).....	108
TÁBOA 7.1. AFILIADOS NAS CONFRARÍAS DE GALICIA POR PROVINCIA.	113
TÁBOA 7.2. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS AFILIADAS NAS CONFRARÍAS GALEGAS SEGUNDO A SÚA FORMA XURÍDICA.	114
GRÁFICO 7.6. AFILIACIÓNS POR SEXO EN GALICIA NO ANO 2024.....	116
TÁBOA 7.3. DISTRIBUCIÓN POR SEXO DOS EMPRESARIOS/AS E DOS TRABALLADORES/AS.....	116
TÁBOA 7.4. DATOS DE AFILIACIÓN NAS CONFRARÍAS GALEGAS POR FEDERACIÓNS SEGUNDO SECTOR DE PRODUCCIÓN NO ANO 2024 E PESO NA PROVINCIA	118
TÁBOA 7.5. PESO DAS AFILIACIÓNS PROVINCIAIS POR SECTOR DE PRODUCCIÓN NO CONXUNTO GALEGO. 2024.....	119
TÁBOA 7.6. NÚMERO DE BUQUES PESQUEIROS, ARQUEO (GT), ANTIGÜIDADE E ESLORA MEDIA DA FLOTA POR C. A. DO PORTO BASE. 2024.....	120
TÁBOA 7.7. REXISTRO DE FLOTA PESQUEIRA GALEGA, 2025.	120
TÁBOA 7.8. BUQUES PESQUEIROS DE GALICIA: 2015-2024	121
TÁBOA 7.9. PERMISOS DE MARISQUEO A PÉ EN GALICIA 2015-2024	122
TÁBOA 7.10. PERMISOS DE MARISQUEO SEGUNDO IDADE E SEXO, 2015 E 2024	123
TÁBOA 7.11. VARIACIÓN DOS PERMISOS DE MARISQUEO 2015-2024 POR TRAMOS DE IDADE E SEXO	124
TÁBOA 7.12. DISTRIBUCIÓN DOS PERMISOS DE MARISQUEO ENTRE HOMES E MULLERES, 2015 E 2024 (%).....	124
TÁBOA 7.13. PERMISOS DE MARISQUEO A PÉ POR CONFRARÍAS OU AGRUPACIÓNS DE MARISCADORES (NÚMERO) 2015 E 2024	125
TÁBOA 7.14. VARIACIÓN NOS PERMISOS DE MARISQUEO 2015-24, PESO DAS CONFRARÍAS E OUTRAS ORGANIZACIÓNS, E PESO DA MULLER.	126
TÁBOA 7.15. PESCA CAPTURADA NOS PORTOS DE TITULARIDADE ESTATAL E DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS.....	129
TÁBOA 7.16. VENDA DE PRODUTOS PESQUEIROS NAS LONXAS GALEGAS SEGUNDO LONXA. CANTIDADE (TONELADAS) E VALOR (MILES DE EUROS).....	130
TÁBOA 7.17. VENDA DE PRODUTOS PESQUEIROS NAS LONXAS GALEGAS TITULARIDADE DAS CONFRARÍAS. 2024. CANTIDADE (TONELADAS), FACTURACIÓN (MILES DE EUROS) E PREZO MEDIO (EUROS).....	131
TÁBOA 7.18. VENDA DE PRODUTOS PESQUEIROS NAS LONXAS GALEGAS SEGUNDO ESPECIE. CANTIDADE (TONELADAS) E VALOR (MILES DE EUROS)....	133
TÁBOA 8.1. SAT INSCRITAS SEGUNDO DOMICILIO SOCIAL, INCLUÍDAS AS DE ÁMBITO SUPRA AUTONÓMICO (2016-2024) (A 31 DE DECEMBRO DE CADA ANO) 144	

TÁBOA 8.2. SAT INSCRITAS POR CC. AA. SEGUNDO DOMICILIO SOCIAL, INCLUÍDAS AS DE ÁMBITO SUPRA AUTONÓMICO (A 31 DE DECEMBRO DE 2024)	144
TÁBOA 8.3. SAT INSCRITAS POR CC. AA. SEGUNDO DOMICILIO SOCIAL, INCLUÍDAS AS DE ÁMBITO SUPRA AUTONÓMICO, EN PORCENTAXE (A 31 DE DECEMBRO DE 2024).....	145
TÁBOA 8.4. NÚMERO MEDIO DE SOCIOS POR SAT E CAPITAL SOCIAL POR SOCIO POR SAT (A 31 DE DECEMBRO DE 2024)	146
TÁBOA 8.5. SAT INSCRITAS EN GALICIA SEGUNDO DOMICILIO SOCIAL, INCLUÍDAS AS DE ÁMBITO SUPRA AUTONÓMICO (A 31 DE DECEMBRO DE 2024)	147
TÁBOA 8.6. SAT INSCRITAS EN GALICIA SEGUNDO DOMICILIO SOCIAL, INCLUÍDAS AS DE ÁMBITO SUPRA AUTONÓMICO, EN PORCENTAXE (A 31 DE DECEMBRO DE 2024)	147
TÁBOA 9.1. NÚMERO E SUPERFICIE DE MONTES PÚBLICOS SEGUNDO PROPIEDAD E DISTRITO (2024).....	158
TÁBOA 9.2. NÚMERO E SUPERFICIE DE MONTES PÚBLICOS SEGUNDO PROPIEDAD E PROVINCIA (2024)	159
TÁBOA 9.3. NÚMERO E SUPERFICIE DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MVMC) POR DISTRITO (2024).....	160
TÁBOA 9.4. NÚMERO E SUPERFICIE DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MVMC) POR PROVINCIA (2024)	161
TÁBOA 9.5. NÚMERO DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC) E COMUNEIROS POR DISTRITO (2024)	162
TÁBOA 9.6. COMUNIDADES (%) DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC) SEGUNDO A SÚA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA (2024)	164
TÁBOA 9.7. COMUNIDADES (%) DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC) SEGUNDO A SÚA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA POR PROVINCIAS (2024).....	165
TÁBOA 9.8. INGRESOS E INVESTIMENTOS MEDIOS (€) DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (CMVMC)(2017-2024)	166
TÁBOA 9.9. MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MMVMC) REXISTRADAS POR DISTRITO (2024)	168
TÁBOA 9.10. MANCOMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (MMVMC) REXISTRADAS POR PROVINCIA (2024).....	168
TÁBOA 11.1. NÚMERO DE COOPERATIVAS EN GALICIA.....	187
TÁBOA 11.2. PESO RELATIVO DAS COOPERATIVAS GALEGAS	187
TÁBOA 11.3. DISTRIBUCIÓN DAS COOPERATIVAS GALEGAS POR SECTORES ECONÓMICOS. AÑO 2022.....	187
TÁBOA 11.4. ACTIVO DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	188
TÁBOA 11.5. PATRIMONIO NETO DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	188
TÁBOA 11.6. PASIVO DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	189
TÁBOA 11.7. CIFRA DE NEGOCIOS DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i> . 189	

TÁBOA 11.8. DISTRIBUCIÓN DA CIFRA DE NEGOCIO DAS COOPERATIVAS GALEGAS POR SECTORES ECONÓMICOS. ANO 2022. <i>MILES DE EUROS</i>	190
TÁBOA 11.9. VALOR ENGADIDO DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	190
TÁBOA 11.10. GASTOS DE PERSOAL DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	191
TÁBOA 11.11. RESULTADO DE EXPLOTACIÓN DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	191
TÁBOA 11.12. RESULTADO FINANCEIRO DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	192
TÁBOA 11.13. RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	192
TÁBOA 11.14. IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	192
TÁBOA 11.15. RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS DAS COOPERATIVAS GALEGAS. <i>MILES DE EUROS</i>	193
TÁBOA 12.1. EVOLUCIÓN DO PROGRAMA ES TRANSFORMA (2021-2024)	219
TÁBOA 12.2. CONVOCATORIA E RESOLUCIÓN DAS SUBVENCÍONS DE ENTIDADES COLABORADORAS DA REDE EUSUMO (2020- 2024).....	222
TÁBOA 13.1. MAGNITUDES DA ECONOMÍA SOCIAL DAS ENTIDADES PRODUTORAS DE MERCADO EN GALICIA. 2024.....	233

